



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Serie Pleno
Número 68

Sesión plenaria
8 de febreiro de 2022

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA

Punto 1. Comparecencias

1.1 29446 (11/CPP-000074)

Da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición propia, para informar sobre as políticas da Xunta na loita fronte ao cambio climático

Publicación da iniciativa, BOPG nº 270, do 03.02.2022

Acumúlase na anterior a seguinte:

1.2 29283 (11/CPP-000072)

Da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición das 19 deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para informar e dar explicacións polo acontecido o mércores 26 de xaneiro na xuntanza do Consello Galego do Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible na que se interrompeu de xeito abrupto a xuntanza para impedir a votación dunha proposta sobre o desenvolvemento do sector eólico en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 270, do 03.02.2022

Punto 2. Mocións

2.1 29365 (11/MOC-000079)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís

Sobre a política do Goberno galego en relación coa licitación do contrato da planta de incineración de Sogama en Cerceda (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 21993, publicada no BOPG núm. 202, do 22 de setembro de 2021, e debatida na sesión plenaria do 25 de xaneiro)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 270, do 03.02.2022

2.2 29380 (11/MOC-000080)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Fernández Alfonso, Ramón

Sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa crise industrial que asola Galicia (Moción consecuencia da Interpelación doc. núm. 11407, publicada no BOPG núm. 101, do 24 de febreiro de 2021, e debatida na sesión plenaria do 25 de xaneiro)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 270, do 03.02.2022

2.3 29385 (11/MOC-000081)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Arangüena Fernández, Pablo

Sobre a política do Goberno galego respecto da publicidade de datos estatísticos (Moción consecuencia da Interpelación doc. num. 26939, publicada no BOPG núm. 255, do 12 de xaneiro de 2022, e debatida na sesión plenaria do 25 de xaneiro)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 270, do 03.02.2022



Punto 3. Proposicións non de lei

3.1 6444 (11/PNP-001736)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Por un sistema público galego de servizos de atención ás persoas

Publicación da iniciativa e dos acordos, BOPG nº 80, 158 e 162, do 21 de xaneiro, e 23 e 29.06.2021

3.2 11710 (11/PNP-001147)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e dous deputados/as máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia para elaborar un plan estratéxico de actuación dirixido a atraer parte dos fondos Next Generation para a reactivación e o impulso da cultura galega

Publicación da iniciativa, BOPG nº 105, do 03.03.2021

3.3 12938 (11/PNP-001274)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Nóvoa Iglesias, Marta e seis deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa industria electrointensiva

Publicación da iniciativa, BOPG nº 115, do 24.03.2021

3.4 27972 (11/PNP-002466)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e catro deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que as corporacións locais sexan beneficiarias do Programa de primeira experiencia profesional

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 26.01.2022

3.5 28238 (11/PNP-002481)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para incrementar o orzamento do programa para impulsar a innovación nas pequenas e medianas industrias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 26.01.2022

3.6 28529 (11/PNP-002497)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Feijóo, Alberto e corenta e un deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dar prioridade ao proceso de deseño da primeira fábrica de fibras téxtiles en España e reiterar ao Goberno de España a necesidade de establecer liñas de apoio no marco dos fondos europeos Next Generation

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 264, do 26.01.2022



Punto 4. Interpelacións

4.1 27317 (11/INT-001404)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Otero Rodríguez, Patricia e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións do Goberno galego en relación coa implantación da fábrica de fibras téxtiles da multinacional lusa Altri na comarca da Mariña lucense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 259, do 19.01.2022

4.2 28362 (11/INT-001429)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego respecto da execución dos fondos de achega estatal do IV Plan de rescate

Publicación da iniciativa, BOPG nº 265, do 27.01.2022

4.3 28627 (11/INT-001436)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis

Sobre a política eólica da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 265, do 27.01.2022

Punto 5. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

5.1 29456 (11/POPX-000055)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as liñas estratéxicas do Goberno galego para facer efectivo o acceso á vivenda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 270, do 03.02.2022

5.2 29458 (11/POPX-000056)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para que a mocidade galega deixe de estar á cola en emancipación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 270, do 03.02.2022

Punto 6. Preguntas ao Goberno

6.1 27419 (11/POP-003979)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña

Sobre os prazos previstos pola Xunta de Galicia para sacar a licitación pública e de libre concorrencia o contrato de xestión da estación de esquí de Manzaneda

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 20.01.2022



6.2 29457 (11/PUP-000233)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Otero Rodríguez, Patricia e Francisco Rivera, Juan Carlos**

Sobre o funcionamento do transporte interurbano de viaxeiros por estrada na comarca do Eume

Publicación da iniciativa, BOPG nº 270, do 03.02.2022

6.3 29412 (11/PUP-000231)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Verea Fraiz, Borja e nove deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das consecuencias de que as desgravacións fiscais aos patrocinadores do Xacobeo non se estendan ata o 31 de decembro de 2023

Publicación da iniciativa, BOPG nº 270, do 03.02.2022

6.4 26306 (11/POP-003657)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis**

Sobre a recuperación para o público do convento de Santa Clara, en Pontevedra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 250, do 03.01.2022

6.5 26642 (11/POP-003748)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e seis deputados/as máis**

Sobre a situación en que se encontra a elaboración dos novos currículos derivados da aplicación da Lei orgánica pola que se modifica a Lei orgánica de educación para a súa aplicación en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022

6.6 26923 (11/POP-003855)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e seis deputados/as máis**

Sobre a situación actual do procedemento para as oposicións no ensino galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022

6.7 28740 (11/POP-004273)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezoito deputados/as máis**

Sobre a valoración da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural respecto da Sentenza 14/2020 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 265, do 27.01.2022

6.8 29439 (11/PUP-000232)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e dous deputados/as máis**

Sobre a necesidade de ofrecer bacharelato de artes no concello de Redondela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 270, do 03.02.2022



6.9 27413 (11/POP-003978)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e tres deputados/as máis**

Sobre a actuación do Goberno galego para repoñer a totalidade dos profesionais de atención primaria que teñen asignados o centro de saúde e o PAC de Vilalba

Publicación da iniciativa, BOPG nº 260, do 20.01.2022

6.10 28746 (11/POP-004274)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana e dezaioito deputados/as máis**

Sobre a consideración do Goberno galego respecto da sanción imposta a unha profesional do Servizo de Urgencias do Centro Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa polo procedemento de urxencia, BOPG nº 265, do 27.01.2022

6.11 26787 (11/POP-003803)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e seis deputados/as máis**

Sobre as accións postas en marcha para iniciar o desenvolvemento do Plan da cultura marítima de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 255, do 12.01.2022



SUMARIO

Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor presidente comunica a inasistencia da deputada dona Noa Susana Díaz Varela (S) e a súa delegación de voto para esta sesión plenaria no deputado don Luis Manuel Álvarez Martínez (S). (Páx. 12.)

Alteración da orde do día

O señor presidente comunica a acumulación das seguintes comparecencias para o seu debate conxunto. (Páx. 12.)

Comparecencia da Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición propia, para informar sobre as políticas da Xunta na loita fronte ao cambio climático. (Punto primeiro da orde do día.)

Comparecencia da Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición das dezanove deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para informar e dar explicacións polo acontecido o mércores 26 de xaneiro na xuntanza do Consello Galego do Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible na que se interrompeu de xeito abrupto a xuntanza para impedir a votación dunha proposta sobre o desenvolvemento do sector eólico en Galicia. (Punto primeiro da orde do día.)

Intervención do Goberno: Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto). (Páx. 12.)

Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Arangüena Fernández (S) (Páx. 19.), Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 23.) e Sra. Díaz Moureira (P). (Páx. 26.)

Réplica do Goberno: Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto). (Páx. 30.)

O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno. (Páx. 34.) Nesta rolda interveñen o señor Arangüena Fernández (S) (Páx. 34.), o señor Bará Torres (BNG) (Páx. 36.), a señora Díaz Moureira (P) (Páx. 38.) e a señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (Vázquez Mejuto). (Páx. 40.)

O señor presidente pídelles ao señor Arangüena Fernández (S) que retire unha expresión que el utilizou. O señor Arangüena Fernández (S) acepta retirala. (Páx. 43.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a política do Goberno galego en relación coa licitación do contrato da planta de incineración de Sogama en Cerceda. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: Sr. Bará Torres (BNG). (Páx. 44.)



Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Castro Rei (S)* (Páx. 47.) e *Sra. Díaz Mouteira (P)*. (Páx. 49.)

Nova intervención do señor Bará Torres (BNG). (Páx. 53.)

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonso, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa crise industrial que asola Galicia. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Fernández Alfonso (BNG)*. (Páx. 55.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Seco García (S)* (Páx. 58.) e *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 62.)

Nova intervención do señor Fernández Alfonso (BNG). (Páx. 65.)

O señor Álvarez Martínez (S), ao abeiro do artigo 76.3 do Regulamento, pide a palabra, que lle é concedida pola presidenta, a señora Prado Cores, para solicitarlle ao señor Tellado Filgueira (P) retire unha expresión do seu discurso. O señor Tellado Filgueira (P) intervén para puntualizar que non a retira, senón que rectifica as súas palabras. (Páx. 67.)

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández, sobre a política do Goberno galego respecto da publicidade de datos estatísticos. (Punto segundo da orde do día.)

Intervención do grupo autor da moción: *Sr. Arangüena Fernández (S)*. (Páx. 68.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)* (Páx. 71.) e *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 73.)

Nova intervención do señor Arangüena Fernández (S). (Páx. 77.)

Votación das mocións

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a política do Goberno galego en relación coa licitación do contrato da planta de incineración de Sogama en Cerceda: *rexeitada por 33 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 79.)

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonso, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa crise industrial que asola Galicia: *rexeitada por 19 votos a favor, 42 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 79.)

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández, sobre a política do Goberno galego respecto da publicidade de datos estatísticos: *rexeitada por 33 votos a favor, 42 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 80.)

Suspéndese a sesión ás dúas e oito minutos da tarde e retómase ás catro.



Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego por un sistema público galego de servizos de atención ás persoas. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 80.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Ortega Otero (S)* (Páx. 83.) e *Sr. Pazos Couñago (P)*. (Páx. 87.)

Nova intervención da señora Rodil Fernández (BNG). (Páx. 90.)

A señora López Sánchez (P) solicita a palabra co fin de que a señora Rodil Fernández (BNG) retire unha expresión do seu discurso. (Páx. 93.) *A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para explicar o sentido das súas palabras.* (Páx. 94.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, sobre a demanda á Xunta de Galicia para elaborar un plan estratéxico de actuación dirixido a atraer parte dos fondos Next Generation para a reactivación e o impulso da cultura galega. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 94.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Queixas Zas (BNG)*. (Páx. 95.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Otero Lago (S)*. (Páx. 98.) e *Sra. Egerique Mosquera (P)*. (Páx. 101.)

Nova intervención da señora Queixas Zas (BNG). (Páx. 104.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa industria electrointensiva. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 107.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Tellado Filgueira (P)*. (Páx. 110.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Seco García (S)* (Páx. 113.) e *Sr. Fernández Alfonso (BNG)*. (Páx. 116.)

Nova intervención do señor Tellado Filgueira (P). (Páx. 119.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que as corporacións locais sexan beneficiarias do Programa de primeira experiencia profesional. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 121.)



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodríguez Dacosta (S)*. (Páx. 124.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Tabarés Pérez-Piñeiro (BNG)*. (Páx. 125.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Pardo López (P)*. (Páx. 127.)

A señora Rodríguez Dacosta (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 131.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para incrementar o orzamento do programa para impulsar a innovación nas pequenas e medianas industrias. (Punto terceiro da orde do día.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Gallego Sanromán (S)*. (Páx. 134.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 137.) e *Sra. Vázquez Domínguez (P)*. (Páx. 140.)

Nova intervención da señora Gallego Sanromán (S). (Páx. 142.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Alberto Núñez Feijóo e corenta e un deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dar prioridade ao proceso de deseño da primeira fábrica de fibras téxtiles en España e reiterar ao Goberno de España a necesidade de establecer liñas de apoio no marco dos fondos europeos Next Generation. (Punto terceiro da orde do día.)

O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 144.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Candia López (P)*. (Páx. 145.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Otero Rodríguez (S)* (Páx. 148.) e *Sr. Castro García (BNG)*. (Páx. 151.)

A señora Candia López (P) intervén para posicionarse sobre as emendas. (Páx. 154.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego por un sistema público galego de servizos de atención ás persoas: *rexeitada por 19 votos a favor, 38 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 157.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, sobre a demanda á Xunta de Galicia para elaborar un plan estratéxico de actuación dirixido a atraer parte dos fondos Next Generation para a reactivación e o impulso da cultura galega: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 157.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno



galego ao Goberno central en relación coa industria electrointensiva: *aprobada por 57 votos a favor, ningún en contra e 14 abstencións.* (Páx. 158.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que as corporacións locais sexan beneficiarias do Programa de primeira experiencia profesional: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 158.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para incrementar o orzamento do programa para impulsar a innovación nas pequenas e medianas industrias: *rexeitada por 33 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 159.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Alberto Núñez Feijóo e corenta e un deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dar prioridade ao proceso de deseño da primeira fábrica de fibras téxtiles en España e reiterar ao Goberno de España a necesidade de establecer liñas de apoio no marco dos fondos europeos Next Generation: *aprobada por 70 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 159.)

Suspéndese a sesión ás oito e doce minutos do serán.



Ábrese a sesión ás dez e tres minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bo día. Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificou a inasistencia a este pleno a deputada dona Noa Susana Díaz Varela, conforme o disposto no artigo 84.7 do Regulamento da Cámara. Delega o seu voto no portavoz do Grupo Parlamentario Socialista, don Luis Manuel Álvarez Martínez.

E, sen máis, entramos na orde do día, co punto primeiro, comparecencias.

Alteración da orde do día

O señor PRESIDENTE: Acumúlanse as seguintes comparecencias:

Comparecencia da Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición propia, para informar sobre as políticas da Xunta na loita fronte ao cambio climático

Comparecencia da Sra. conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, por petición das dezanove deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, para informar e dar explicacións polo acontecido o mércores 26 de xaneiro na xuntanza do Consello Galego do Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible na que se interrompeu de xeito abrupto a xuntanza para impedir a votación dunha proposta sobre o desenvolvemento do sector eólico en Galicia

O señor PRESIDENTE: Para formular esta comparecencia, polo tanto, ten a palabra a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, dona Ángeles Vázquez Mejuto.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Moi bo día, señoras deputadas e deputados.

Comparezo hoxe ante a Cámara, a petición propia, para informar sobre as políticas que vén desenvolvendo a Xunta de Galicia na loita contra o cambio climático —e despois o BNG pois fará as súas explicacións, porque non acabo de entender moi ben a comparecencia que pediron; entón, explicarano eles, no turno que teñen—, así como os pasos que continuaremos dando ao longo do ano 2022, nos vindeiros anos. Trátase de planificación.

Por iso, na miña intervención vou detallar o traballo levado a cabo polo Goberno galego para responder aos desafíos, un desafío que é o cambio climático, o clima e o medio ambiente, o que sen dúbida constitúe unha tarefa definitoria desta xeración e para as vindeiras xeracións. Un conxunto de medidas coas que buscamos protexer, conservar o que define a nosa Galicia como a capital verde, a capital sostible. E fágoo xusto cando se cumpren tres meses do cumio



en Glasgow, a COP26, no que tiven a oportunidade de participar representando os intereses de Galicia.

No seo deste cumio asinamos o memorando de entendemento Under2, co que Galicia se comprometeu unha vez máis a traballar para reducir as súas emisións de gases de efecto invernadoiro; todo co obxectivo de contribuír a manter o aumento da temperatura media global por debaixo do grao e medio. Comprometemos así, por escrito, o noso apoio aos obxectivos marcadas a nivel mundial en materia de cambio climático.

Para tal fin, a Xunta asumiu que continuará traballando no marco das súas competencias de forma coordinada co resto das partes asinantes deste memorando, en distintos eidos: o primeiro, redución das emisións de gases de efecto invernadoiro polo menos un 55 % en 2030, ao ser parte tamén da Unión Europea; promoción da adaptación e resiliencia ao clima; e implementación das súas propias estratexias para acadar os obxectivos que nos marcamos. E continuaremos avanzando en temas de interese para a cooperación, como a promoción e integración de fontes renovables, a redución das emisións do sector industrial, o apoio ao crecemento e á creación de emprego verde, a mobilidade sostible e a tecnoloxía para a redución de residuos, así como a investigación e a divulgación pública sobre o cambio climático.

E nós afinamos estes compromisos porque sabemos que podemos facelo e porque Galicia está totalmente preparada para ser unha parte importante da Unión Europea, dunha Europa sostible e respectuosa co contorno, e porque Galicia non só ten experiencia senón tamén destreza na loita contra o cambio climático.

E isto é así grazas a que a Xunta de Galicia leva máis de doce anos loitando contra o cambio climático e ten sido pioneira en distintas iniciativas. A máis importante, sen dúbida, foi no ano 2019, a Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, para blindarnos ante unha Galicia verde; unha estratexia pioneira xa que fomos unha das primeiras rexións en establecer por escrito o compromiso de acadar a neutralidade climática o antes posible. De feito, xa recolle o compromiso da neutralidade climática para antes do ano 2050, polo que, pese a adiantarse moito no tempo, fíxoo en perfecto aliñamento cos acordos tanto de París como tamén do Pacto verde europeo e na mesma liña que a Lei europea do clima.

Esta estratexia leva aparellado un primeiro plan operativo dende o ano 2019 ata o ano 2023 e recolle un total de 171 medidas. Está dotado cun orzamento de 1.280 millóns de euros. E os últimos datos dispoñibles reflicten que estes esforzos feitos por Galicia demostran que a Comunidade está a contribuír por riba da media nacional ao cumprimento dos obxectivos de España ante a Unión Europea en materia de clima e tamén en materia de enerxía. Esa é a senda pola que xa avanza Galicia, que logrou reducir as súas emisións un 23,8 % dende o ano 1990. Vai polo bo camiño, ese camiño que nos marcamos: ano 2030, redución do 55 %.

Con esa redución de -23,8 % a Comunidade galega está a baixar actualmente as emisións 32 puntos por enriba da media nacional, xa que o conxunto do Estado emitiu positivamente 8,5 % dende 1990. Así mesmo, estamos moi preto de alcanzar os datos da Unión Europea, que diminuíu un 28,1 %. Nesta mesma liña a ratio de Galicia respecto do total de emisións



en España continua a diminuír; foi dun 10,1 % en 1990, pasou a un 8,3 % en 2005 e xa está nun 7,1 %.

De feito, na nosa Comunidade, unha das tres que máis reduciu as súas emisións, xunto con Asturias e Castela-León, e na comparativa cos Estados membros da Unión Europea, a cifra é mellor que a de países como Croacia, Bélxica, Francia ou Italia, e está lixeiramente por debaixo de Finlandia ou Suecia.

Outros datos significativos que poñen de manifesto a situación de Galicia son que a nosa Comunidade é unha das dúas, xunto con Castela-León, con máis produción de enerxía eléctrica de fontes renovables. De feito, actualmente o 76 % da xeración eléctrica de Galicia é de orixe renovable, por enriba de España, que está nun 44 %, e por enriba da media da Unión Europea, que está nun 28,5 %. E a penetración da enerxía renovable no consumo final de enerxía é do 37,8 %, tamén superando a España, que está nun 18,4 %, e a Unión Europea, que está nun 18,9 %.

Tendo en conta todas estas cifras, a nosa Comunidade está, polo tanto, na media da Unión Europea e aliñada coa folla de ruta climática marcada por Bruxelas, e a estratexia e o plan operativo están demostrando ser instrumentos áxiles para avanzar no proceso de descarbonización para converxer nesta materia coa Unión Europea.

Estes son os últimos datos dispoñibles á espera dos seguintes, que sairán no mes de abril e que sen dúbida aínda van ser mellores, van ser máis alentadores, mes de abril que computa os datos ata o 2020. Mentres tanto, dende a Xunta seguimos avanzando e constituímos no ano 2021 a Comisión Interdepartamental da Estratexia de Cambio Climático, un órgano no que están representados todos os departamentos da Xunta de Galicia. Esta comisión nace cun ambicioso obxectivo: que a Xunta sexa unha administración neutra en carbono no 2040, reducindo as emisións en todos os seus ámbitos e dando exemplo así ao resto dos organismos e das administracións.

Para iso, estamos traballando en determinar cal é a pegada de carbono da Administración, é dicir, saber cales son as emisións de gases de efecto invernadoiro dos distintos departamentos da Xunta de Galicia, unha análise que se realiza edificio a edificio para identificar as súas dinámicas.

Ademais, a Estratexia de cambio climático e do seu completo plan operativo nos últimos anos foi avanzando e dotouse de múltiples ferramentas.

Aprobamos, por un lado, a Estratexia de economía circular 2030, na cal se recollen todas as propostas para alongar a vida útil aos produtos mediante a súa reciclaxe ao final da súa vida útil, para reintroducilos de novo na cadea de produción. Onte mesmo facía dúas visitas: unha, a Outeiro de Rei, un dos sete espazos que foron financiados pola Xunta de Galicia, con máis de 173.000 euros, para ter espazos para a reutilización e a reparación, todo un exemplo; outra, ás Nogais, un punto limpo móbil; 53 xa temos en toda Galicia financiados pola Xunta de Galicia e que abarcan ata 100 concellos.



Estamos traballando no cumprimento dos 17 obxectivos de desenvolvemento sostibles (os ODS) fixados pola ONU a través da Axenda 2030. Para isto puxemos en marcha esa comisión interdepartamental da cal lles falaba, na que están representados todos os departamentos da Xunta e que se encarga de realizar a diagnose deste cumprimento de xeito periódico.

E demos importantes pasos tamén na loita contra o cambio climático, dando o noso apoio ao municipalismo; aquilo de que temos un problema global pero temos que atallalo de xeito local, peza clave neste ámbito. Nesta liña de traballo merece mención especial o papel que xoga Galicia como coordinadora do Pacto de alcaldías polo clima e a enerxía, sendo recoñecida no cumio celebrado en Valencia polos distintos membros da Unión Europea, ao que están adheridos, a este pacto, un total de 278 concellos; deses 278 concellos, 239 xa teñen o seu plan de acción aprobado. E para iso a Xunta fixo un esforzo, fixo un investimento, 1,6 millóns de euros, para apoiar os concellos na adhesión e tamén na elaboración dos seus plans de acción.

Dende xullo do ano 2021, o pacto establece que os obxectivos de redución de emisións teñen que ir na liña do disposto por Europa, é dicir, redución do 55 % das emisións para o ano 2030, e para iso debemos de traballar todos xuntos. E Galicia, como non pode ser doutro xeito, xa está dando os pasos, sendo Vilamarín o primeiro concello en asumir este compromiso de redución de emisións, ao que actualmente xa se uniron outros municipios (Vilar de Santos, Porqueira e Maceda), que están en proceso de adaptar os seus obxectivos a través dos seus plans.

Por último —e non menos importante—, unha acción respectuosa polo medio ambiente, que aposte polo desenvolvemento sostible e pola economía circular. Débese manter inescusablemente unha política activa e responsable cos residuos. En Galicia así o vimos facendo. Nos últimos anos temos dado pasos importantes: o impulso da aprobación da Lei de residuos e solos contaminados, adiantándonos un ano antes da estatal e sendo bastante máis ambiciosos, apostando por un tratamento moderno e eficaz; e neste eido destaca o modelo Sogama, que xa sei que a algúns non lles gusta pero que é referente europeo e tamén mundial. O impulso á xestión dos biorresiduos por parte da Xunta de Galicia, coa construción de 4 plantas de compostaxe en Galicia e a mellora de 13 plantas de transferencia, todas elas ou adxudicadas ou en licitación, para que estean plenamente operativas no ano 2022 e tamén a principios do ano 2023. E a redacción dos novos plans de residuos, tanto os urbanos como os industriais, que este ano rematan a súa vixencia e nos que xa estamos empezando a traballar.

Seguindo os compromisos asinados en Glasgow hai tres meses, dende a Xunta de Galicia continuamos avanzando en promover a adaptación e resiliencia, poñendo en marcha as mellores prácticas de modelización e avaliación para comprometer os impactos climáticos previstos, especialmente a nivel rexional pero tamén a nivel local, xerando estudos, métricas e indicadores que axuden a facer un seguimento de progreso na redución do risco de cambio climático para as persoas, para os sistemas naturais, para as infraestruturas e tamén para as empresas. E, para iso, contamos cos mellores técnicos dispoñibles, os que traballan tanto en Meteogalicia como no Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia.

Quero aproveitar para lembrar que Meteogalicia é dende o ano 2000 un referente climático pero tamén científico, tanto a nivel nacional como europeo. A día de hoxe só hai tres



comunidades que contén un servizo como conta Galicia; é o caso de Cataluña, é o caso do País Vasco e é o noso propio caso.

Meteogalicia conta cunha rede de observación meteorolóxica galega en terra que dispón na actualidade de 157 estacións de rexistro, cun total de 1.104 sensores, o cal propicia que teñamos cada dez minutos actualizados os datos, eses datos que despois calquera cidadán, calquera industria, incluso a universidade, pode dispoñer deles de xeito gratuíto a través da páxina web correspondente.

Meteogalicia, sen dúbida, é unha peza fundamental na loita contra o cambio climático, cun grande equipo de profesionais e coas infraestruturas máis punteiras. De feito, nas próximas semanas melloraremos o modelo, no que levamos traballando xa un total de dous anos, que vai redundar nunha maior calidade das previsións, que se farán con máis detalle. A previsión do tempo, as precipitacións e a temperatura, así como as inundacións ou as secas, vanse mellorar ao pasar dun modelo de 3-4 quilómetros de resolución a só 1 quilómetro de resolución. Os extraordinarios profesionais de Meteogalicia analizan miles de datos, miles de parámetros, que dan como resultado predicións fiables e conclusións certeiras. Agora mesmo, que estamos falando dun mes de xaneiro moi seco, cunha redución dun 64 % de choivas en relación cos últimos trinta anos, os datos fannos ver que este proceso tamén se repetiu no ano 2017, tamén se repetiu no ano 2012, e motivado polo fenómeno La Niña, instalado no Pacífico.

Non me quero esquecer tampouco do Laboratorio de Medio Ambiente de Galicia e dos seus profesionais, que son un referente nacional e internacional no eido da investigación, pero tamén da vixilancia, dos parámetros ambientais que rodean a nosa sociedade. Refírome á calidade do aire pero tamén me refiro ás augas naturais e sobre todo ao estudo dos efectos de cambio climático, facendo as distintas análises. Esta relevancia é posible grazas, en boa medida, aos investimentos realizados tamén pola Xunta de Galicia nos últimos anos, máis de 3 millóns de euros, para converter este laboratorio nunha institución de referencia, aos que sumaremos medio millón de euros que se van investir máis ao longo destes dous anos, 2022 e 2023, para a mellora da eficiencia enerxética no edificio do laboratorio.

Grazas a todo este capital humano, grazas a esta experiencia, en 2021 puxemos á disposición dos concellos unha nova ferramenta, unha ferramenta tecnolóxica pioneira en Galicia para facer proxeccións climáticas a nivel local; unha información sen dúbida clave no estudo dos riscos derivados do cambio climático e, polo tanto, para axudarlles a elaborar e a deseñar os plans de adaptación municipal, así como os distintos proxectos a desenvolver. Este é un instrumento clave para dispoñer a medio e a longo prazo das proxeccións meteorolóxicas, poñéndonos dende o momento máis difícil ata o que poida ser unha situación de normalidade, e así que por parte das institucións locais se poidan plantexar plans de adaptación aos posibles fenómenos adversos do cambio climático; deste xeito, os concellos poden visualizar as posibles variacións do clima nos últimos cincuenta anos, pero tamén poden facer a súa prospección cara aos vindeiros cincuenta anos.

E completamos este traballo para a adaptación e resiliencia ante o cambio climático colaborando con outras entidades pero tamén con outros organismos, con outras comunidades au-



tónomas. Nesta liña asinamos en decembro de 2021 —recentemente— un convenio coas tres universidades galegas co obxectivo de avanzar no coñecemento, predición e mesmo nalgún caso anticipación aos fenómenos adversos do futuro da nosa costa, as nosas rías e as nosas praias. Con ese estudo completaremos unha potente ferramenta de avaliación de riscos medioambientais e socioeconómicos, que son importantes, que nos permitirán planificar axeitadamente as medidas de mitigación e adaptación do noso territorio aos cambios no futuro. Grazas a este informe —que estará listo neste ano, no ano 2022—, Galicia terá capacidade e instrumentos para determinar cales son os riscos de cambio climático nas súas praias e nos seus estuarios, tendo en conta as especiais características da nosa costa.

Saben vostedes que estamos metidos dentro do que é o clima mediterráneo e que Galicia pouco ou nada ten que ver con ese clima. Por iso era necesario ter este estudo formalizado coas nosas universidades. Así, identificar este posible risco é un xeito de adiantarse, un xeito de planificar, de tomar decisións co fin de aumentar a resiliencia da costa fronte ao cambio climático.

Quero pasar agora a detallar as políticas climáticas que marcarán o ano 2022 en Galicia, e isto é continuado, non é un punto á parte, senón que é un punto e seguido, un punto e seguido do que viñemos facendo, do que desenvolvemos, e un punto e seguido do que imos poñer enriba da mesa.

Así, este xoves elevaremos ao Consello da Xunta un informe sobre o conxunto de medidas a adoptar fronte á emerxencia climática. E farémolo co obxectivo primordial de continuar comprometendo todas as políticas da Xunta de Galicia para facer fronte á situación do clima, para o que impulsaremos, entre outras, as seguintes medidas: continuar o desenvolvemento de accións transversais que permitan seguir avanzando na redución das emisións de gases de efecto invernadoiro; seguir implicándonos activamente no Pacto verde europeo e no seu desenvolvemento; revisar a Estratexia de cambio climático e enerxía 2050 para adaptala aos novos obxectivos das emisións marcados por Europa e aos retos que tamén nos impuxo a covid; traer a esta cámara a Lei do clima de Galicia; e impulsar a alianza galega do clima, implicando toda a sociedade na acción, pero tamén na toma de decisións.

De feito, a vindeira semana iniciaremos a tramitación da Lei do clima de Galicia, un documento que nace co reto de completar o marco normativo galego para contribuír á consecución da neutralidade climática no ano 2050, asumindo ademais as actuacións que impulsen xa en 2030 a redución do 55 % das emisións da Unión Europea con respecto aos anos 90.

A Lei do clima de Galicia pretende establecer unha nova orde xeral de prioridades na política, na economía e na industria, pero tamén na vida cotiá, en liña co nivel de preocupación internacional polo cambio climático. Entre outras cuestións, esta lei recoñecerá o clima de Galicia como suxeito de dereitos e plasmará nun texto normativo a declaración de principios éticos en relación co cambio climático da Unesco 2017. Estará enmarcada nos obxectivos da Axenda 2030 e terá en conta a innovación verde, que ten que estar intimamente relacionada coa equidade pero tamén coa xustiza social. Incluirá a preocupación da sostibilidade do sistema social galego moi a longo prazo e que se responsabilice de cara a xeracións futuras.



Terá como base a Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050 e buscará acelerar o camiño para garantir a preservación dos recursos naturais e a recuperación e fortalecemento da economía galega. Apostará por un sector industrial e tecnolóxico sostible, o despregamento de enerxías renovables, a consecución da eficiencia enerxética, o desenvolvemento dunha mobilidade sostible e o reequilibrio e valoración dos servizos ecosistémicos do contorno rural.

En definitiva, unha lei que garanta unha boa vida dende o respecto aos límites ecolóxicos, promovendo un crecemento sosegado no que se aposte por unha transición ordenada, pero tamén por unha transición xusta. De feito, na miña participación na Conferencia de Nacións Unidas sobre o cambio climático en Glasgow, aproveitei para reunirme con representantes de distintas rexións que forman parte da Coalición Under2, co obxectivo de enriquecer esta norma con achegas e tamén con experiencia.

Por último, tendo en conta que a loita contra o cambio climático e os seus efectos é unha cuestión na que todos debemos implicarnos, neste 2022 impulsaremos cos axentes sociais e económicos a creación da Alianza Galega polo Clima, como unha rede de organizacións implicadas na loita contra o cambio climático, a mellora do medio ambiente e o impulso dunha economía circular e sostible, e coa que agardamos dar resposta conxunta aos desafíos do cambio climático e aspiramos a protexer, a manter, a mellorar, a que sexamos esa capital natural chamada Galicia, así como a protexer a saúde, que é fundamental, e o benestar dos cidadáns fronte aos riscos e efectos medioambientais.

Nesta alianza invítarase empresas, asociacións profesionais, organizacións sindicais que queiran aproveitar a oportunidade que o compromiso co medio ambiente nos está dicindo e nos está lanzando un berro de que debemos de estar todos xuntos, para a diferenciación de novos produtos e novos servizos, cun fin, o medio ambiente, e, polo tanto, a saúde, dando a coñecer a súa forma de producir máis sostible, contribuindo así a desvincular o crecemento económico mundial coa degradación ambiental. A alianza tamén vai estar aberta ás ONG ambientais que queiran aportar a súa experiencia en prácticas de compromiso co medio ambiente, coa produción sostible e cunha mellor xestión dos recursos naturais. E, por último, terán cabida as organizacións científicas e académicas que aporten os seus coñecementos na mellora das técnicas medioambientais e as administracións públicas implicadas.

Entre os obxectivos desta alianza destacan avogar polo compromiso medioambiental das diferentes organizacións e empresas que as integren; visualizar o compromiso das organizacións galegas co medio ambiente; definir a priorización das estratexias e iniciativas comúns que permitan resolver as principais cuestións medioambientais; impulsar iniciativas de mellora nas actuacións medioambientais das organizacións e compartir esas boas prácticas coa sociedade; realizar recoñecementos públicos de implicación na mellora do medio ambiente; identificar os factores, brechas de coñecemento e de xestión que obstaculizan que as organizacións ou as entidades asuman e poidan desenvolver ese compromiso medioambiental; e ofrecer ferramentas ás pequenas e medianas empresas e entidades locais para que poidan incorporarse de xeito activo á alianza e a unha mellora medioambiental de todos os seus procesos.



A previsión é poñer en marcha a Alianza Galega polo Clima ao longo do ano 2022. O primeiro paso será a elaboración do documento de compromiso de adhesión, que estará listo no primeiro trimestre. Entre outras cuestións, esta alianza incluírá a creación dunha oficina técnica que canalice e asesore o traballo e a creación dun premio ás mellores prácticas medioambientais.

Para rematar, fago fincapé en que dende a Xunta estamos a traballar con determinación para consolidar Galicia como un referente de conciencia e respecto polo medio ambiente. Así o puxen de manifesto en Glasgow: Galicia pode e quere ser parte da solución ao problema do cambio climático e ser un actor destacado a nivel nacional e mundial. De feito, situámonos a día de hoxe entre as comunidades máis proactivas e avanzadas de España no que respecta ao deseño e á aprobación da nosa propia folla de ruta en materia de cambio climático.

E nesa liña é na liña na que imos estar traballando no ano 2022, un ano que estará marcado por dous fitos fundamentais. Eses serán a primeira Lei do clima de Galicia, que completará o marco normativo nesta materia, e a posta en marcha da Alianza Galega polo Clima, na que queremos implicar todos os galegos e as galegas e, por suposto, tamén os distintos grupos políticos, porque estamos convencidos de que conseguilo será conseguir tamén unha sociedade plenamente sostible, que é a única garantía de futuro, que é o mellor legado que lles podemos deixar aos mozos e ás mozas deste país.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda dos grupos parlamentarios.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

Señora conselleira de propaganda verde, comparece vostede, en primeiro lugar, para falarnos das políticas da Xunta na loita fronte ao cambio climático e, en segundo lugar —por moito que vostede pospuxese a súa apreciación sobre ese tema—, da súa espantada da última reunión do Consello Galego de Medio Ambiente, no que se ía falar do tema eólico; e vostede levantouse dese consello que preside e escapou directamente.

En primeiro lugar, respecto do tema da política galega en materia de cambio climático, o problema é que vén vostede falarnos de algo que non existe, porque non existe unha política galega de loita contra o cambio climático máis alá da propaganda; non existe; esa é a realidade. A única política de loita contra o cambio climático da Xunta consiste en atribuírse o mérito do descenso das emisións ocasionado único e exclusivamente polo peche das centrais térmicas das Pontes e Meirama.



Atribúense vostedes —si, señora conselleira— como éxito a redución das emisións derivadas do peche das centrais térmicas galegas ao mesmo tempo que critican o peche desas centrais e culpan o Goberno do Estado sinaladamente do peche da das Pontes, por certo, cando saben que o Goberno non fixo absolutamente nada para que pechara a central das Pontes e que foi exclusivamente unha decisión de mercado da empresa Endesa.

Pero o caso é que, ao mesmo tempo que culpan o Goberno do peche da central das Pontes, sacan peito pola redución de emisións derivada do peche das Pontes e de Meirama, como se vostedes tivesen algún mérito nesa redución de emisións. De feito, segundo as súas propias declaracións públicas, se fose por vostedes, as centrais non terían pechado e, por tanto, en Galicia non habería a día de hoxe ningunha redución de emisións con respecto ao ano 1990. E xa sei que a central das Pontes reabriu temporalmente.

Pero eu preguntolle: ¿como é posible que critiquen vostedes o peche da central das Pontes e que digan que hai que seguir queimando carbón en Galicia, como fixeron reiteradamente, pero ao mesmo tempo saquen peito desa redución de emisións no ano 2019 coincidindo co peche das térmicas? Porque As Pontes producía, queimando carbón, arredor do 15 % da enerxía total de Galicia. Meirama producía, queimando carbón, algo máis do 5 % desa enerxía. En total, producían o 20 % da enerxía que consumía Galicia, un 24 % das emisións. E a das Pontes, por certo, era unha das vinte centrais máis contaminantes de Europa.

Non fai falla explicar que, cando se pechan esas dúas centrais, que queimaban carbón por un tubo, as emisións de Galicia melloren de golpe; concretamente no ano 2019, que é o ano que toman como referencia, unha barbaridade, un 24 %, que é exactamente a baixada de emisións da que presumen vostedes, pero que non ten absolutamente nada que ver coa política da Xunta, a non ser que digan que foron vostedes os que pecharon as térmicas.

E a redución de emisións do 2019 non ten nada que ver coa súa política, porque a Xunta defendía precisamente que non pechasen as térmicas e, por tanto, a Xunta estaba a favor de seguir queimando carbón en Galicia.

Por iso falar da loita contra o cambio climático por parte da Xunta é un chiste, falar de loita contra o cambio climático por parte da Xunta é unha broma e falar de loita contra o cambio climático por parte da Xunta é unha burla á cidadanía. Dígolle máis: non hai nin unha soa medida minimamente eficaz e significativa posta en marcha polo Goberno do señor Feijóo para loitar contra o cambio climático. Se non é certo o que digo, ánimoa a que me diga unha soa medida significativa posta en marcha pola Xunta e me diga como e en que proporción contribuíu esa medida a loitar contra o cambio climático, non o que vén vostede de facer —infinitivos como «continuar», «seguir», «impulsar», «revisar» e xeneralidades como as que acaba aquí de transmitirnos—, senón algo concreto, medible, real e significativo.

O feito é que na Estratexia galega de cambio climático, publicada xustamente en 2019, fixaban vostedes un obxectivo de redución para o 2030 do 24,6 %, concretamente na súa páxina 34, xustamente porque contaban vostedes con que arredor de 2030 pecharían as térmicas galegas. Pero resulta que o mesmo ano que fixan vostedes ese obxectivo, 2019, pechan xustamente as térmicas, e o peche das térmicas implica a redución nun só ano dese 24 % que



fixaran vostedes como obxectivo para 2030. Entón, vai vostede á Conferencia sobre o clima de Glasgow contarlle á prensa que a Xunta incrementa o obxectivo do 55 % para o ano 2030. Como quedara desvirtuado o obxectivo anterior, pois incrementan o obxectivo.

E tamén a verdade é que non ten vostede nin a máis remota idea de canto van baixar as emisións de aquí ao ano 2030 en Galicia, pero di vostede o 55 %, non soamente porque o 24 % quedou desfasado, senón tamén porque a directora da Oficina Española de Cambio Climático anuncia nesa mesma conferencia que España elevará o seu propio obxectivo ao 55 %. Entón, Galicia di: pois nós o mesmo.

Ese é o rigor da Xunta. Como o Goberno do Estado fixa unha porcentaxe, aumenta a súa porcentaxe, vostedes elevan a súa porcentaxe para empatar. Aínda que logo din que son máis ambiciosos —non sabemos por que—, o caso é dicir que son vostedes máis ambiciosos, ademais de líderes e vangardistas e non sei cantas cousas. E non din que son máis guapos por motivos evidentes e porque cantarían moito. (*Murmurios.*)

O certo é que foi vostede á COP26... Porque cantarían moito, digo que cantarían moito. Evidentemente non digo que non sexan vostedes moi guapos. Son vostedes moi guapos, pero cantarían moito que dixesen que son os máis guapos, que é o que lles pide o corpo. (*Murmurios.*) E non... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) A todos vostedes... Estou dicindo que non se atreven a dicir vostedes que son os máis guapos porque cantarían moito. (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: En fin, o certo é que foi vostede á COP26 de Glasgow perder o tempo e malgastar os cartos públicos, porque trátase dunha conferencia intergobernamental a nivel estatal na que pinta pouco unha comunidade autónoma. E foi vostede a Glasgow sacar unha foto como observadora muda dunha das moitas reunións que houbo alí. O cal lles serviu para emitir unha nota de prensa dicindo que Galicia entra no liderado do clima a nivel mundial e se compromete a reducir as emisións para manter a temperatura global por debaixo dos 1,5 graos. ¡Vaia titular! Galicia entra no liderado do clima a nivel mundial.

Mire, señora conselleira, o último informe do IPCC di que limitar a subida das temperaturas a 1,5 graos requiriría cambios sen precedentes a nivel social e global, e considera moi difícil, pero non imposible, manterse dentro dos 1,5 graos. Incluso hai parte da comunidade científica que considera xa imposible manterse por debaixo dos 1,5 graos. Pero unha Xunta de negacionistas climáticos encubertos e propagandistas verdes di que nos vai manter por debaixo de 1,5 graos. Supoño que é recorrendo á intercesión divina do arcebispo de Santiago. Igual é por iso que ao señor Feijóo lle parece mal a comisión de investigación sobre os abusos sexuais da Igrexa, porque pensa botar man desa Igrexa na loita contra o cambio climático.

En canto ao tema da súa espantada da reunión do Consello Galego de Medio Ambiente (*Murmurios.*) que ía falar do tema eólico, no prazo de menos de ano e medio houbo tres sentenzas do TSXG, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que anulaban autorizacións de parques eólicos, meténdolles a vostedes grandes revolcóns, enormes revolcóns, nesas autorizacións.



Unha, de hai menos dun mes, di que a redución á metade do prazo para a consulta pública do impacto ambiental dun parque en Corme que acordaron vostedes é claramente contrario ao dereito español e europeo. Unha segunda di que unha autorización ambiental que deron vostedes no ano 2005 caducara cando se retomou máis dunha década despois e, por tanto, anula a autorización que deran vostedes no último goberno do señor Fraga. Unha terceira sentenza di que a autorización que deron vostedes para un parque en Mondoñedo é nula porque ampara unha fragmentación irregular de dous parques que en realidade son un só e ademais porque non se valorou o impacto sobre o patrimonio cultural nin o impacto paisaxístico e acústico, nin o impacto sobre importantes recursos hídricos.

Esas tres sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza son exemplos da conflitividade xurídica, que están vostedes a agravar coa súa inacción e incompetencia, que se suma á conflitividade social, ata o punto de estar vostedes paralizano o proceso de desenvolvemento eólico en Galicia, con manifestacións e protestas en moitos concellos, que vostedes só agravan coa súa chapuza permanente no tema eólico, incluíndo nove modificacións da Lei eólica de Galicia, do ano 2009, practicamente unha por ano.

A situación chegou a tal punto que en decembro do ano pasado un informe elaborado polo Consello da Cultura Galega lles meteu un gran tirón de orellas, porque basicamente di que son vostedes os responsables de preservar o medio ambiente e o patrimonio cultural e que non o están facendo.

¿Que fai vostede como presidenta do Consello Galego de Medio Ambiente cando se presenta por parte dos seus membros unha moción en tema eólico? Marchar, evitar o debate, a evasión e o escapismo, unido á chapuza e á inseguridade xurídica lexislativa, como única resposta da Xunta ante un tema tan importante como o eólico.

Para rematar, houbo un acordo desta cámara en base a unha PNL do Grupo Socialista para declarar a emerxencia climática en Galicia no pleno do 21 de novembro de 2021. Pasaron tres meses e non sabemos nada do cumprimento dese acordo e da Declaración de emerxencia climática que si fixeron o Estado e a maioría das comunidades autónomas.

Incumpren reiteradamente os acordos desta cámara. ¿Como van ser capaces de cumprir ese novo obxectivo de redución do 55 % para o ano 2030? ¿Que credibilidade ten unha Xunta de negacionistas climáticos encubertos e propagandistas verdes para prometer esa redución? ¿Que credibilidade ten vostede, señora conselleira, de ecopostureo cando a súa política contra o cambio climático consiste única e exclusivamente en atribuírse o mérito da redución das emisións motivadas polo peche das térmicas ao mesmo tempo que critican e se opoñen ao peche desas mesmas térmicas?

Nada máis e seguiremos. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Moi bo día.

Señora conselleira de Medio Ambiente, ou de pouco ambiente, ou de nada de ambiente, hoxe realmente parece máis ben vostede a conselleira de innovación, porque veu aquí innovar. Resulta que na orde do día figuran dúas comparecencias, dous asuntos de comparecencia súa: unha esta de propaganda que nos fixo aquí, de autobombo, e outra, unha petición de comparecencia do BNG para que dea vostede explicacións desa *espantá*, dese peche abrupto da reunión do Consello Galego de Medio Ambiente, feita por vostede. E resulta que vostede, innovando, pide que compareza o BNG, pide que dea información e dea explicacións o BNG. Isto é algo inaudito, ¿non? (*Aplausos.*)

¿Ten que dar explicacións o BNG do que aconteceu, do que vostede provocou nesa reunión do Consello Galego de Medio Ambiente? Mire, isto é unha burla, isto é unha tomadura de pelo e unha falta de respecto a este parlamento. É vostede quen ten que dar explicacións, señora conselleira, non o grupo que lle está pedindo a súa comparecencia.

En todo caso, voulle ler o que din as asociacións que sufriron ese veto ao debate e á votación dunha proposta ou de dúas propostas que había ese día, o 26 de xaneiro, para votación no Consello Galego do Medio Ambiente. É concretamente un asunto que estaba incluído na orde do día, para votar como se debían tramitar os proxectos eólicos, a necesidade de facer unha avaliación ambiental estratéxica do Plan sectorial eólico, como se estaban aprobando troceados, con fragmentacións os proxectos, e tamén informar e elaborar propostas sobre cuestións de sustentabilidade, e solicitan a votación da elaboración por parte do Consello Galego do Medio Ambiente dun informe sobre o encaixe actual do modelo enerxético na sustentabilidade e resiliencia do territorio galego. E vostede persoalmente levantou a reunión neste punto, impedindo a votación destes dous asuntos e mesmo que se tratara o último punto da orde do día, que era o punto que tiña que ver con rogos e preguntas. Foi literalmente así, señora conselleira. Vostede levantou a reunión antes de que rematase para vetar o debate desta cuestión. (*Aplausos.*)

Vostede só falou aquí da súa propaganda verde, da súa viaxe a Glasgow, tres meses despois, onde fixo alí unha sesión fotográfica, porque pouco máis vimos na prensa; nin sequera vostedes informaron pouco máis; poñíanse alí ao lado duns paneis, facían unhas reunións, vostede asistiu alí a unha conferencia no público e fixeron unhas fotos e quedan tan guais de que estiveron alí... En fin, realmente, vindo aquí tres meses despois contarnos o que nos contou hoxe, realmente veu aquí vostede dar unha rolda de prensa facendo uns anuncios, porque non ten ningún balance, nada que explicar e dar conta aquí do que fixeron. Vostedes o único que fan non é loitar contra o cambio climático, a Xunta é realmente unha gran fábrica do cambio climático e da emerxencia ambiental.

E presumen vostedes, efectivamente, da redución de emisións do 23,8 %, que é unha redución que se produce no ano 2019, unha caída abrupta, polo peche das térmicas, señora conselleira. Non veña aquí contar milongas. Isto non ten que ver coas políticas levadas a cabo pola Xunta, ten que ver coa desertización industrial do país e co peche das térmicas. E vos-



tedes, efectivamente, critican o peche das térmicas e presumen da redución de emisións. (*Aplausos.*) Non pode ser dar para os dous lados, señora conselleira, pero non nada pola propia acción de goberno, senón polo peche desas grandes emisoras de CO₂.

E a ver se se aclaran. Unha cousa son as políticas de mitigación, que son políticas internacionais, acordos internacionais que no caso de Galiza son da Unión Europea, que obrigan ao cumprimento por parte de Galiza e do Estado español; por iso vostedes teñen que cambiar a Estratexia do cambio climático, porque quedou absolutamente desfasada, á parte de que é un documento totalmente baleiro —téño aquí (*O señor Bará Torres mostra un documento.*)—.

Vostede deu aquí unha cifra de investimentos desta estratexia —mil non sei cantos millóns—. ¿Sabe cal é a principal partida que aparece nesta páxina que teño aquí de investimentos da Estratexia contra o cambio climático?, ¿sabe cal é a principal? 250 millóns, extinción de incendios (*Aplausos.*), señora conselleira. Esta é a súa principal política contra o cambio climático: apagar lumes, porque teñen o monte galego convertido nunha gran extensión de combustible para arder. Esta é a súa principal política, está aquí nos documentos oficiais, 250 millóns. Entón, ¿que nos veñen contar?

E despois, fronte á mitigación, están as políticas de adaptación, que son as políticas sectoriais que hai que facer para adaptarse ao cambio climático. Pero para iso o principal é ter bos estudos e bos informes da evolución da situación, cousa que vostedes non teñen. ¿Sabe por que? Porque se miramos a páxina da consellería, a páxina Gaia, de información ambiental, os últimos informes son do ano 2015. E aquí fíxose un grande estudo no ano 2008, o proxecto Cligal, que quedou totalmente aparcado. Desde aquela non temos eses datos de información e seguimento feitos por un equipo das universidades galegas para ter toda esa información e seguimento da realidade.

E agora vén aquí vostede con anuncios, doce anos despois de que dismantelaran ese proxecto. Esa é a realidade. Hai que ter datos, hai que ter información e hai que ter estudos, e hai que actuar en distintos ámbitos, cousa que vostedes non están facendo, senón que vostedes fan todo o contrario. Porque vostedes son os axentes do cambio climático, son os axentes, os delegados, os representantes, a sucursal das grandes empresas, que tamén presumen de que son moi verdes, de que son capital verde, de que son capitalismo verde, e o que veñen a Galiza é a rapinar e a facer negocio, nada máis, señora conselleira, e vostedes ábrenlles as portas, pónenlles alfombra, vostedes cámbianlles as leis á súa medida para facilitar ese espolio, esa depredación eólica. Iso é o que fan vostedes, iso é o que fan vostedes.

Ben, e iso non o dicimos nós, porque poderíámolo dicir nós, con toda a razón, e temos datos e argumentos. Mire, isto dío o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, con tres sentenzas, a última do parque de Corme; vostedes vulneraron directivas comunitarias e a Lei de avaliación ambiental. ¿Que máis teñen que dicirle, señora conselleira? (*Aplausos.*) Están vulnerando a lei para facilitar a tramitación dos parques eólicos e o Tribunal Superior de Xustiza anulou ese parque eólico, onde, ademais, vostedes —e teño aquí tamén o informe, a declaración de avaliación de impacto ambiental (*O señor Bará Torres mostra un documento.*)— cometeron a tropelía de destruír unha lagoa estacional, un espazo prioritario para a Unión Europea, onde chantaron, literalmente —estiven alí a semana pasada—, literalmente enriba, un muíño (*O*



señor Bará Torres mostra unha fotografía.), nesta lagoa, señora conselleira, literalmente enriba; a escavación e a explanación está literalmente enriba da lagoa. ¿E vostede sabe o que fixeron na declaración de impacto ambiental? Pedir medidas de control e de seguimento do impacto. Pero é que fixeron isto ao lado da lagoa, señora conselleira. Mire, mire, (O señor Bará Torres mostra unha fotografía.) unha escavación de 3,5 metros e 400 metros cadrados para facer a cimentación dun muíño eólico enriba dunha lagoa.

Se vostedes tratan así o medio, ¿como queren loitar contra o cambio climático? Porque os humidais, as lagoas, as turbeiras son esenciais para previr o cambio climático (Aplausos.). Vostedes estano —literalmente— degradando, destruindo, arrasando.

Porque vostedes o que fixeron tamén é paralizar a ampliación da Rede Natura. O patrimonio natural, a biodiversidade é fundamental para previr o cambio climático. E en 2012 había unha previsión de ampliación da Rede Natura ao 15%, que nós consideramos insuficiente, que pedimos o 20 %, como din todas as directivas internacionais, e vostedes paralizárona.

E aí están moitos espazos que agora están sendo destruídos por proxectos eólicos (Aplausos.): a lagoa de Alcaían, en Coristanco; as brañas do Deo, en Aranga. Mire, nas brañas do Deo só, hai máis de corenta humidais, que debían estar protexidos, todas as brañas debían estar protexidas, e vostedes paralizaron esa ampliación. ¿Por que? Porque hai grandes intereses económicos dos que vostedes son representantes do capitalismo verde (Aplausos.) para arrasar, para arramplar cos nosos montes, cos nosos vales, señora conselleira. E non vale iso.

E claro, vostede vén aquí falando de ser a capital verde. Desde logo —xa llo dixen moitas veces—, en publicidade e propaganda son un *crack*, para querer pasar polo que non son. Vostedes o que son son os axentes non do capital verde, senón do capitalismo verde depredador (Aplausos.) que está arrasando o noso territorio, porque vostedes non o protexen, porque era fácil protexer ese 15 %, 18 %, 20 % e deixalo libre desa voracidade, desa voraxine, desa rapina eólica e forestal, enerxética, mineira. E vostedes non o fixeron, cando, ademais, naquel momento aprobaron unha disposición adicional na Lei do sector eólico que dicía literalmente que neses espazos de ampliación da Rede Natural non se podían facer parques eólicos, e o que fixeron foi paralizar, non os parques eólicos, senón paralizar a ampliación da Rede Natura. Esa é a realidade.

Polo tanto, señora conselleira, menos bluf, menos lavado en verde, menos pintado en verde das dúas políticas. Agora vénnos co anuncio dunha lei contra o cambio climático, pero chegan tarde vostedes, xa hai tres comunidades no Estado que teñen unha lei do cambio climático, xa hai sete que aprobaron proxectos e anteprojectos. Non veñan aquí co de que son os pioneiros, que son os máis avanzados, que son os líderes mundiais. (Aplausos.) ¡Galiza vai a Glasgow! E vostedes teñen o atrevemento de dicir que están na lideranza mundial, porque entraron nunha organización que se chama «Por debaixo de dous graos». Non hai por que dicilo en inglés; «Por debaixo de dous», é así de fácil, pódese dicir en galego. Pero ben, isto de poñelo en inglés soa mellor, xa sei, en fin; para vostedes, para nós non.

Entón, non vale con ir alí asinar, ir alí facer unhas fotos, hai que facer políticas reais. Vostedes son o Goberno das toneladas de propaganda para intentar maquillar a realidade.



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Vostedes, ademais, son os gobernos das portas xiratorias, de Greenalia, de Ecoener, onde colocan os seus representantes para facilitar despois a aprobación e tramitación dos proxectos. Recórdolle a compañeira que se sentaba ao seu lado no Consello da Xunta, que está facendo agora cando aprobou moitos dos proxectos dos que se está beneficiando a súa empresa; portas xiratorias; igual que Ecoener. *(Aplausos.)*

Vostedes son o Goberno ao servizo dos grandes poderes económicos, de Iberdrola, de Naturgy, de Ence, de Abanca, e contra a maioría social...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...que se está rebelando contra vostedes, por todas as partes do país, con acordos plenarios dos concellos, tamén dos concellos do Partido Popular. Vostedes son un Goberno *terminator*, son unha ameaza para o territorio, para o medio, para... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —é en inglés, si—...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: ...para a biodiversidade e para o clima, señora conselleira.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor BARÁ TORRES: *Terminator*, ou, se o prefire, *exterminator*. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

(Pronúncianse palabras que non se perciben.)

O señor PRESIDENTE: Pero acumuladas, o tempo é o mesmo para as dúas, xa sabe. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, teñen outro turno despois.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señora Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Antes de nada, pedirlle desculpas, señor Arangüena, se a miña presenza non é do seu agrado, pero eu creo que o seu comentario, feito por calquera outro, está fóra de todo lugar. *(Aplausos.)* E, sobre todo, dicirlle, señor Arangüena, que desde que pasou para a defensa, en



vez de estar na dianteira, nótaselle un pouco máis nervioso e un pouco máis agresivo; intente controlarse polo respecto aos membros desta cámara. (*Aplausos.*)

En todo caso, se me pedisen unha conclusión, xa ao fío desta comparecencia da conselleira, sobre a crise que desatou o coronavirus, unha das moitísimas, claro está, creo que faría énfase sobre todo nas consecuencias da globalización e na necesidade de estar preparados, como temos que estar, para afrontar estas pandemias coas que vivimos. Porque a globalización, por moito que non queiramos, vai afectar ata o último recuncho do planeta e da nosa Terra. E o cambio climático é un feito contrastado do que no podemos fuxir nin illarnos, porque a acción do ser humano terá a súa pegada ao noso carón. Pero por iso, dende o Goberno, non imos estar ou non se vai estar de brazos cruzados, todo o contrario. Maior esforzo hai que facer para que esa pegada sexa o máis feble posible en Galicia. Pero non só en Galicia, para que dende en Galicia axudemos a que sexa menor resto do Estado, no continente e incluso no mundo.

Por iso, en primeiro lugar, quérolle agradecer dende o Grupo Parlamentario Popular que hoxe compareza ante este plenario a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, sobre todo —repito e remarco— a petición propia. A petición propia porque vén falar e dar a cara, señor Arangüena e señor Bará, porque sempre están vostedes co mesmo discurso, que esa é a cuestión, que non se escoitan vostedes, porque se fan referencia ao discurso que se falou desta materia en decembro de 2020, o mesmo; en novembro de 2021, o mesmo; vaian e remítanse a eles, os mesmos parágrafos, ata na mesma orde.

Pero a conselleira hoxe vén falar de políticas que desenvolve o seu departamento contra o cambio climático e as medidas para frear as súas consecuencias. E por iso vou remarcalo, porque vimos de escoitar o que veñen de verter os grupos da oposición, que sempre van por outras corredoiras, por onde a vostedes lles interesa, evidentemente, pero expoñen, unha e outra vez —insisto—, o seu mesmo discurso estático, inmovilista e catastrófico, mal que lles pese oído. E remítoles a que se escoiten vostedes mesmos, e, se non, teño eu as intervencións por escrito e moi amablemente llelas pasarei, que din sempre o mesmo.

¿Que vimos de escoitar? Que estamos ancorados no pasado; por parte do señor Arangüena —ben, xa nin que dicir ten—, que non se trae nin unha soa medida —vaia vostede ao seu discurso—. Por parte do señor Bará, *nada nuevo en su discurso* máis que o guión que lle pasa ao seu grupo para que o aplaudan, incluso cos momentos dos aplausos, porque é o único que se vén demostrar. Así é.

Desafío, señorías, desafío é do que vén falar e do que falou hoxe a conselleira neste pleno. A conselleira díxoo moi clariño: a loita contra o cambio climático e, polo tanto, a conservación do noso medio é un dos maiores desafíos aos que nos enfrontamos. E digo maiores, porque xa o dixen ao principio da intervención, que a saúde é o máis grande que temos, e de nada nos vale se non temos un planeta onde vivir.

Desafío dixo a conselleira, pero tamén falou de xeracións, porque non é un labor nin para un mandato nin para catro, senón que é un traballo que ten que ocupar as moitas xeracións que nos sigan. Por iso a nosa obriga é protexer e conservar o medio ambiente. A Galicia sos-



tible e verde, si, verde, nin de propaganda nin nada, é a Galicia real da que desfrutamos os galegos e as galegas. Aínda que os grupos da oposición non o levan ben, o Goberno galego leva doce anos traballando en primeira liña de traballo e sendo pioneira, como sempre, mal que lles pese, en moitas iniciativas, como nos recordou a conselleira.

Así, o exemplo da Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, que converteu Galicia, hai xa tres anos, na primeira rexión en deixar por escrito o seu compromiso para avanzar na neutralidade climática; 171 medidas, 1.300 millóns e un plan operativo 2019-2023.

Señoría, son anos de traballo, claro que si. Polo contrario, sería imposible que en tres décadas Galicia contase cunha redución en preto do 24 % da emisión de gases de efecto invernadoiro, que esteamos por riba da media nacional, que camiñemos cara a obxectivos internacionais, como a intención da Unión Europea de conseguir que as emisións diminúan un 55 % en 2030 ou que máis do 56 % de xeración eléctrica en Galicia proceda de fontes de enerxía renovables, moi por riba de España e mesmo de Europa.

Menos emisión de gases, fontes renovables e, sobre todo —algo que ao señor Bará non lle gusta nada—, que é a rigorosa política na xestión dos residuos, na que teremos oportunidade de falar tamén no día de hoxe. E —¡como non!— ese modelo Sogama que tanto lle proe, que é referencia europea e referencia internacional.

Pero a Xunta de Galicia non queda aí, senón que tamén se adianta para dotar os galegos e as galegas dunha Lei de residuos e solos contaminados; impulsa a xestión dos biorresiduos, con catro plantas novas de compostaxe, e xa ten licitados eses plans de residuos urbanos e industriais, cuxa vixencia remata este ano.

¿De que falamos, señorías? De facer facendo, tamén escoitando, tamén compartindo experiencias e, sobre todo, comprometéndose.

Por iso, quero aproveitar para felicitar publicamente dende este atril a conselleira Ánxeles Vázquez, pola súa participación, hai tres meses, si —pero é que aínda non tivemos a oportunidade de poder felicitala dende este plenario—, nesa XXVI Conferencia das Nacións Unidas sobre o cambio climático, celebrada en Glasgow. E alí estivo Galicia, señorías, e ben orgullosos que tiñamos que estar porque alí estivo Galicia, pero non como mera observadora. En Escocia, e diante da comunidade internacional, o Goberno galego comprometeuse a seguir traballando para seguir reducindo as emisións de gases de efecto invernadoiro —lembramos: un 55 % menos en 2030— para evitar que a temperatura media do planeta aumente por encima do grao e medio. Un planeta onde a temperatura non suba máis aló dese grao e medio como o único escenario habitable para a humanidade, que está a xogar a última oportunidade para mudar o rumbo das cousas; e así o dixo o secretario xeral das Nacións Unidas, António Guterres.

Un escenario, o do crecemento global, que tamén se vai evitar dende Galicia con outras accións impulsadas pola Consellería de Medio Ambiente, como a promoción da adaptación e resiliencia ao clima, a mobilidade sostible, o uso das tecnoloxías, a investigación ou a concienciación da sociedade. Porque esta non só é unha tarefa de goberno, aquí todos xogamos



un papel decisivo: as administracións públicas, implantando todo tipo de proxectos e actuacións; os cidadáns, tomando conciencia da gravidade do problema e actuando en consecuencia para frear o cambio climático; e os parlamentos —coma o noso—, lexislando para dotar as administracións e os cidadáns de normas claras e concisas para preservar o noso medio.

Pois aquí no Parlamento estará a conselleira nos vindeiros meses para presentar a esta cámara a Lei do clima de Galicia, cuxo anteproxecto esperamos debater a finais de ano ou a principios do próximo; a primeira norma destas características coas que contará Galicia, unha norma —quero remarcar utilizando as palabras da propia conselleira— que terá como desafío complementar ou completar o marco normativo galego para contribuír á consecución da neutralidade climática no 2050.

A loita contra o cambio climático precisa duns cambios de prioridades, no ámbito político, no económico, no social e no particular, e ese cambio de prioridades é o que persegue o Goberno de Galicia coa Lei do clima. Por certo, quedo con outra cuestión comentada por vostede, señora conselleira, cando recordou que en Glasgow tivo a oportunidade de reunirse con representantes das rexións da Coalición Under2 —porque somos plurilingües, señor Bará— para enriquecer esta norma coas súas achegas e experiencias.

A Lei do clima será un dos éxitos desa actuación desa consellería para este ano 2022. Pero este ano 2022 xa escoitamos que vai ser decisivo en moitas cuestións relativas ao cambio climático e ao medio ambiente, como levar ao Consello da Xunta desta semana ese conxunto de medidas, que espero que poida detallarlles para que lles quede clariño a estes grupos da oposición. Manter esa implicación activa no Pacto verde europeo, porque o clima está a mudar e non se pode seguir sempre a mesma liña de traballo. Tamén hai que revisar esa Estratexia galega de cambio climático e enerxía, para adaptala aos nosos obxectivos de emisión marcados por Europa. E, claro está —repito—, implicar sobre todo, implicarnos impulsando esa Alianza Galega polo Clima.

Nin que dicir ten, conselleira, que dende este Grupo Parlamentario Popular terá todo o noso apoio para o mellor desenvolvemento das liñas estratéxicas que hoxe propón con marcados obxectivos xa para este ano 2022 nun ámbito básico para garantir a vida.

O cambio climático é un problema ambiental de gran magnitude, que está tendo e terá un considerable impacto global en numerosos aspectos da actividade humana: na agricultura, no turismo, na enerxía, nas zonas costeiras e incluso na propia saúde. Despois de escoitala, conselleira, este grupo parlamentario ten claro que o ano 2022 será un ano decisivo, un ano clave, no que a políticas de cambio climático se refire. En Galicia, señorías, este Grupo Parlamentario Popular apostamos por ser parte da solución e invitámoslos a que vostedes tamén formen parte dela.

Máis nada polo de agora e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Mouteira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Réplica, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto):
Moitas grazas, señor presidente.

Señor Arangüena, pódese imaxinar que os seus insultos para min, para nós, para as mulleres, son auténticos eloxios. E a min educáronme para ser educada, e agardo poder facer iso ante quen representa a Galicia, que son os tres grupos que aquí estamos presentes, e agardo que iso tamén o sigan os meus fillos. (*Aplausos.*)

Seriedade e respecto pero tamén traballo polos galegos e polas galegas. Falamos de cambio climático, falamos de estratexias, falamos de máis de cen persoas que están no día a día con datos de carácter científico que van marcando a pauta; a pauta que despois por parte dos políticos decidimos dun xeito ou doutro, pero sempre cunha base, que para vostede parece que non son ninguén. Todos os meus respectos e todo o meu apoio para as máis de cen persoas que traballan en Meteogalicia, no Laboratorio de Medio Ambiente e na dirección xeral correspondente, que son os que marcan as pautas, e, polo tanto, grazas a eles temos Estratexia de cambio climático e Estratexia de economía circular, e grazas a eles tamén imos ter a Lei do clima.

Dito isto, habería moitas cousas nas cales eu debería responderlle, e agardemos podelas facer todas.

O primeiro é que en abril deste ano sairán os datos do ano 2019 e 2020 —porque imos con dous de atraso— e, polo tanto, o cómputo do peche de Meirama e As Pontes sairá en abril, neste abril. Non vén nestes datos, non é no 23,8 % de redución, a ver se vostede se entera; iso en primeiro lugar.

En segundo, que vostede di que non sabemos por onde andamos. Falamos sempre de transición ecolóxica xusta, transición xusta; é dicir, eliminemos o carbón cando teñamos outra alternativa. ¿E sabe vostede o que fixo a ministra de Transición Ecolóxica? Primeiro, pechamos todas As Pontes e despois recorreron á Consellería de Medio Ambiente para que os técnicos da dirección correspondente volveran habilitar de novo para poder volver queimar carbón en Galicia. Iso fíxoo a súa ministra, non o fixo o Goberno galego. Polo tanto, sentidiño e sensatez era o que pediamos dende un primeiro momento.

E seguimos, podemos seguir falando. E dime vostede que fun de paseo a Glasgow. Mire, de paseo vai o señor Sánchez esta mesma semana a unha planta xeotérmica en Almería, ¿e sabe que utiliza? O Falcon; o Falcon, que contamina moitísimo máis... (*Murmurios.*) que ir en calquera outro medio, incluído calquera avión. Pero non só iso o señor Sánchez. É que, por exemplo, noutra das viaxes que fixo recentemente, a Gijón —tamén vén a Galicia—, hai actos nos cales hai ata 590 coches oficiais de diésel. Iso é o que fai o Goberno neste momento. Entón, máis vale que vostede sexa prudente.

Señor Bará, non vai cambiar vostede nunca, sempre o mesmo mantra, sempre o *terminator*; e, se non é *terminator*, son as portas xiratorias; e, se non, abrimos a porta a aquelas empresas



que están defenestrando todo. Pero mire, ¿sabe quen autorizou os eólicos en Rede Natura? Os eólicos en Rede Natura autorizounos o Bipartito. (*Murmurios.*) Si, si, señores do BNG. O que pasa é que lles doe moito e non queren recoñecelo, pero aí están os expedientes. Este goberno non autorizou ningún eólico en Rede Natura.

Por outro lado, din que a ver se preservamos o territorio. ¿É que non sabe vostede que o 77 % do territorio está blindado aos eólicos en Galicia? E que está blindado grazas a ese plan sectorial que ten en marcha Galicia, que é a única comunidade que o ten. Pero podemos seguir afondando.

Afondamos. ¿E que lles parece se lles digo —porque é bo que toda Galicia saiba cal é o seu comportamento— que o BNG e o PSOE votan leis depredadoras de renovables? ¡Que mal lles vai sentar!, ¿verdade? Pois ¿saben que aprobaron vostedes, xunto co PSOE? —porque non votaron en contra, señor Bará; o que pasa é que aquí din unha cousa e en Madrid din outra, cando hai unha algarada unha cousa e noutro lado a contraria—. Aprobación: norma estatal, Real decreto 23/2020, do 23 de xuño, polo que se aproban medidas en materia de enerxía e noutros ámbitos para a reactivación económica relativas á caducidade dos permisos de acceso, e que regula medidas para ordenar unha cantidade elevada de solicitudes de acceso á rede eléctrica de instalacións de enerxías renovables para obter a DIA antes do 25-12-2021. ¿Sabe quen votou iso, señor Bará? Vostedes. ¿E por que non o din? ¡Non me poña cara de sorpresa! Iso foi o que votaron vostedes. (*Aplausos.*) ¿E saben o que pediu o Partido Popular? Planificación, porque vostedes tamén votaron moratoria, porque non dixeron «non» a esa moratoria. É dicir, que en toda a amalgama de eólicos que entran para Galicia vostedes foron da man co PSOE, e non diga que non. É que ao final teremos que difundilo e encima non saben entón do que estou falando; vólvollelo repetir: Real decreto lei 23/2020, do 23 de xuño; aí están os votos do BNG, aí están os votos tamén do PSOE.

Nós pedimos moratoria, e non só moratoria; pedimos planificación sosegada, esa planificación que ha de ter Galicia, porque os macroeólicos dos que falan vostedes, que nos está tramitando e que nos traslada, non é o Goberno galego, que ten plan sectorial, senón que é o Goberno, que neste caso é o PSOE da man do BNG e cun ministerio que é o de Transición Ecolóxica.

E podíalle seguir falando. Mire, preservar o territorio é sancionar, é sancionar as eléctricas, é sancionar a Confederación. E vostedes tamén están moi caladiños, tanto o PSOE como o BNG. Deulles igual que abran as comportas, que baleiraran todos os embalses nun momento, no verán, no que encima a luz estaba máis cara. E a Confederación dixo que non era a súa responsabilidade, está por lei. E o BNG pedía aquí responsabilidades. A onde tiñan que ir vostedes era ao Congreso, pero non se atreven, e non se atreven porque queren seguir sendo socios dos distintos gobernos. E, fronte a iso, a Xunta de Galicia sancionou a Confederación, pero tamén sancionou as hidroeléctricas. Así é como actúa a Xunta de Galicia, así é como actúa esta consellería.

Pero podemos seguir avanzando, e dentro dese avance dicirlles que cando falan de espantada eu non me vou a ningún lado. Pero é que vostedes me están convidando a que eu cometa unha irregularidade. En primeiro lugar, o que vou facer é darlle a orde do día do Cogamad á



Presidencia. Por certo, en tres anos que levo na consellería, eu reunín o Cogamad nove veces; desas nove veces aprobáronse seis plans reitores de usos e xestión dos distintos parques naturais e do Parque Nacional de Galicia; que vostedes o reuniron seis veces e aínda por enriba foi de pacotilla, e aquí foi de traballo. E grazas a esas xuntanzas e grazas ao traballo de todos os que conforman o Cogamad —que lles debo todos os meus respectos e ademais fan un gran traballo, pero moitas veces non coincidimos, e aquí non hai coincidencia, porque non pode habela—, grazas a iso, temos plan reitor de usos e xestión nas Illas Atlánticas, no monte Aloia, na Enciña da Lastra, no Invernadoiro, en Corrubedo e o último no Xurés, e agora estamos traballando para as fragas do Eume.

Pero imos ao asunto da comparecencia, que, segundo vostedes, eu quería irme, marchar e que non dou a cara. ¡Vállame Deus! Asunto: convocatoria da sesión ordinaria do Pleno do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Primeiro punto: aprobación, se procede, da acta da sesión anterior; segundo punto: proxecto de decreto 2021 polo que se modifica o decreto e, polo tanto, se vai proceder no Consello da Xunta a aprobar o Plan reitor de xestión do parque natural Baixa Limia-serra do Xurés; terceiro punto: enerxía eólica, trámite ambiental. E aí foise o persoal da consellería; á fronte, o xefe de servizo, que tanto está cun goberno como está con outro, un señor... —que encima eu vexo que alguén lle dá á cabeza— ...que é o que ten maior coñecemento en Galicia de tramitación medioambiental. Pero é que non había nada que votar, jeh!, é que aquí non hai ningún punto para votar. É que eu non me fun en espantada, é que se acabou a reunión dende o momento en que dixeran se había preguntas de carácter técnico, que parece ser que non había ningunha. Pero ¿como cren que se fan os informes para instalar os eólicos máis que de carácter técnico? ¿Ou é que acaso con vostedes cando gobernaban eran os políticos os que facían eses informes? No noso caso, non. *(Aplausos.)*

Non había ningunha dúbida de carácter técnico e entón dixeran se había dúbidas de carácter político. As dúbidas de carácter político créame que as respondín. E eu non son a competente, nin o Goberno galego, da planificación da enerxía, nin tampouco da instalación dos eólicos. E, se non, aí está ese real decreto que votaron vostedes, para esa rapidez inminente, para que no ano 2021 teñamos esas vías onde está todo o mundo saturado, pero tamén no ano 2022. A planificación é do Goberno central e eu comprometinme, cos membros do Cogamad, a que sería trasladado ao Ministerio de Transición Ecolóxica. E así o vou facer.

Polo tanto, para que non caiba ningunha dúbida, eu trasládolle a orde do día á Presidencia. *(Aplausos.) (A señora conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda entrégalle un documento ao señor presidente.)*

Dito isto, continúo, e continúo falando do que hoxe nos trae aquí. E hoxe tráenos aquí estar unidos en algo primordial. Por parte do señor Arangüena xa hai un negacionismo de que non se pode facer nada. Pódese facer, e moito. E así lles estamos exixindo ás distintas industrias as melloras técnicas dispoñibles, e para iso temos unha serie de inspectores, un total de 25. E créanme: a industria galega está cumprindo e, cando non cumpre esa industria galega, é sancionada.

Pero tamén para traballar para ter unha lei. Díciame o señor Bará que iamos a destempo. Pois eu voulle dicir: iremos moi a destempo, pero Cataluña ten a lei, non ten estratexia. Hai que empezar polo principio, porque hai ter unha base. ¿E que ocorreu coa lei? Pois que lla



recorreu o Estado e entón agora nin para diante nin para atrás. ¿E sabe por que? Porque primeiro é a estratexia e dende que un ten a estratexia despois está a lei.

Polo tanto, estamos a tempo, imos a tempo e continuaremos traballando nesta liña. Imos continuar traballando nesta liña con transparencia. Transparencia é ter 20 pantallas en toda Galicia. Por certo, os cidadáns da Coruña non teñen a información no centro da Coruña porque por parte do concello non nos ceden o terreo necesario para que teñan a información de qué respiran no día a día. Pero queremos ser transparentes. De aí que teñamos 20 pantallas instaladas onde todo o mundo sabe a calidade do aire.

Pero non só iso, senón que temos outras 34 nas industrias e cada dez minutos sábese o que emiten esas industrias e a calidade do aire desas industrias.

E imos máis alá. É que temos 15 estacións meteorolóxicas, 15 estancas e 1 máis móbil. Esa é a realidade.

E así, con esa transparencia e con ese traballo continuado, lograremos eses obxectivos que queremos acadar e que podemos acadar. E podemos acadalo porque hai que seguir avanzando. E avanzar é estar ao lado do futuro e tamén é estar ao lado da tecnoloxía.

Por suposto, seguiremos falando co Consello Galego de Medio Ambiente; xa só faltaría. Seguirémolo convocando e con esas convocatorias que ao final dan os seus froitos. E o seguinte froito ten que ser a aprobación do Plan reitor de usos e xestión do único que nos falta, que son as fragas do Eume.

Máis son os asuntos dos cales poderíamos falar. E, dentro deses asuntos, dicirlles que hai reivindicacións, por suposto. Que a reivindicación que fai a Consellería de Medio Ambiente, a reivindicación que fai a Xunta de Galicia é unha planificación, unha planificación por parte do Goberno central; esa planificación que fai que non se caia en erros.

Porque aquí é certo que se falou de sentenzas, pero as sentenzas podemos valoralas, ¿verdade? O 99,9 % das sentenzas danlle a razón á Xunta de Galicia. E poida que haxa algunha que non dá a razón, que, por certo, é recorrible e hai que recorrela.

Pero tamén lle direi, señor Arangüena, don Perfecto, e a perfección fíxese onde o está levando, moi preto da porta para saír rapidamente. (*Aplausos.*) Esa é a súa perfección. Cando hai erros, tamén se aprende deses erros. E, polo tanto, se houberse algún, sería acatado. Aquí non fuximos, aquí dicímoslle a verdade á cidadanía, porque é o xeito de ter unha Galicia máis xusta, e ao lado da Xustiza tamén está esa Galicia máis verde.

E non hai propaganda, señor Bará, aquí hai feitos. E os feitos demostráanse con datos. Datos como, por exemplo, que fíxese que eu na última vez que estiven aquí dicíase que a estratexia de biorresiduos que outra vez. Pero ¿que mantra?, pero ¿de que se trata?

Pois fíxese. Rede galega de valorización en materia orgánica, 3 plantas de biorresiduos: Vilanova, 15 millóns de euros, adxudicada; Cervo, 6,3 millóns de euros, adxudicada; Verín, 6,6 millóns de euros, adxudicada.



6 novas plantas de transferencia, señor Bará, porque, claro, hai que tratar os residuos. A Lama, 1,1 millóns de euros, adxudicada; Curtis, 1,1, UTE... —íalle dicir cal era a UTE; se quere, dígollo, porque como tamén sempre hai escuro nas adxudicacións das empresas; ATE Cartago; a ver se vostede a coñece; a anterior era Copcisa—, adxudicada; Cee, 1,4 millóns de euros, adxudicada; Ponteceso, 1,1 millón de euros, adxudicada; Arbo, en licitación; Riotorto, en redacción o proxecto.

E pódolle seguir dicindo: 7 plantas de transferencia. Adaptación, señor Bará, para cumprir coas directrices europeas, para cumprir coa Lei de residuos de Galicia, ano 2023. Implantación do contedor marrón, Lugo e Narón, 452.000 euros, en licitación; Silleda e San Cibrao das Viñas, 359.000 euros, en licitación; Vigo, 366.000 euros, en licitación; O Porriño, 798.000 euros, en licitación; A Rúa, 732.000 euros, en licitación. O total, 39,8 millóns de euros.

Este é o traballo que fai a Xunta de Galicia, este é o traballo que fai a consellería. Esta é a seriedade e o respecto que lles temos a todos: ás asociacións ecoloxistas e ás ambientalistas, pero, sobre todo, aos galegos e ás galegas.

Nada máis polo de agora e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Rolda especial de aclaracións.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Señor presidente, grazas.

Eu agradeceríalle á señora conselleira que retirase iso de que eu dixen aquí ou proferín aquí ou emitín aquí algún tipo de insulto, porque eu non insultei a ninguén, nin hoxe nin ningún outro día. E, por tanto, se non retira iso, pois terei que dicir que vostede está mentindo, mentindo descaradamente.

Eu o que dixen é que igual, a diferenza de cualificarse vostedes de vangardistas, líderes, pioneiros e non sei cantas cousas, non se atreven a cualificarse como os máis guapos, porque cantaría. Simplemente iso, iso foi o que dixen. Logo a partir de aí a interpretación que faga vostede pois será persoal e intransferible, pero eu non insultei a ninguén, moito menos a vostede.

Fala vostede —dixo na súa primeira intervención— de que Galicia é a capital verde e emitiron vostedes unha nota de prensa, cando foi vostede dar ese paseo a Glasgow, de que entra Galicia no liderado do clima a nivel mundial. Ben, vostedes o que están practicando é esa técnica goebbelsiana, aquilo que dicía Goebbels de que entre unha mentira pequena e unha mentira grande hai que escoller a grande, porque tende a creerse máis. Por tanto, vostedes non din mentiras pequenas, vostedes practican a doutrina goebbelsiana da gran mentira.



Vostede foi a Glasgow pois a dar un paseo. Eu insisto: foi a Glasgow facer unha foto, na sétima fila dunha reunión, (*O señor Arangüena Fernández mostra unha fotografía.*) e, por tanto, foi vostede partícipe muda dunha reunión, fíxose alí unha foto, emitiu ese titular —insisto en que forma parte dos anais da gran mentira— dicindo que *Galicia entra en el liderazgo del clima a nivel mundial y se compromete a reducir las emisiones para mantener la subida de la temperatura global por debajo de los 1,5 grados*. Iso é unha enorme mentira e vólvolle insistir en que en Galicia a única redución de emisións que se produciu dende o ano 1990 foi asociada ao peche das térmicas.

Falou tamén vostede do Falcon. Non sei que ten que ver aquí o Falcon e non sei se insinúa vostede que foi a Glasgow en bicicleta ou en submarino ou andando... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) En Falcon non. Ben, pero podemos falar tamén do cochazo de Feijóo que mercou, que adquiriu recentemente, por importe de 60.000 euros como mínimo, porque iso... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Esa é a gama básica, pero a partir de aí suma e segue. E, por tanto, o cochazo de Feijóo, unido ao parque móbil da Xunta, pois ben... Se a vostede non lle gusta o Falcon do presidente do Goberno, coñécese que Rajoy tamén ía en bicicleta aos sitios. (*Murmurios.*)

Eu pedinlle que me dixera unha soa —e vólvollo pedir—, unha soa medida concreta —non infinitivos—, unha medida concreta, eficaz, cuantificable, significativa, que adoptaran vostedes na loita contra o cambio climático; non infinitivos como «manter», «impulsar», «seguir» e cousas desas que tanto lle gusta a vostede dicir. Porque foi vostede, polo de agora, incapaz de dicirme unha soa medida. A ver se na segunda rolda ou na última rolda, na terceira rolda, é capaz vostede de dicirme unha soa medida en materia de loita contra o cambio climático.

E logo dixó tamén aquí unha cuestión que é para nota: que o 99,9 % das sentenzas dan a razón á Xunta. Eu linlle tres sentenzas. Dígame vostede unha que lle dera a razón á Xunta. Eu díxenlle tres sentenzas —e, se quere, podemos comentalas— no último ano e medio do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Entón, iso que me di vostede do 99,9 % oscila entre o disparate e a mentira.

Dime que non me entero coa cuestión do 24 %. Un informe de Ecoloxistas en Acción publicado a finais do ano pasado di, literalmente, o seguinte: «O declive do carbón baixou as emisións de gases de efecto invernadoiro en Galicia un 24 % entre 1990 e 2019. A baixada só foi posible polo recorte das emisións no sector enerxético motivada pola caída da produción eléctrica con carbón. A falta de ambición da Estratexia de cambio climático e enerxía da Xunta é enorme. O obxectivo de redución das emisións para 2030 é tan só do 24,6 %, polo que xa foi practicamente logrado a pesar do propio Goberno galego, defensor das centrais de carbón». Por tanto, nin me entero eu nin se entera tampouco Ecoloxistas en Acción.

Señora conselleira, case dous terzos dos centos de científicos que colaboran co panel intergubernamental de expertos en cambio climático consideran que non se van cumprir os compromisos globais de redución de emisións e que as temperaturas van aumentar como mínimo 3 graos neste século. Por tanto, os científicos do IPCC son pesimistas respecto do cumprimento de acordos internacionais. E iso que non a coñecen a vostede nin ao señor Feijóo, porque entón xa non sei se serían pesimistas, máis pesimistas ou directamente [se suicidarían.] (*Expresión retirada do Diario de Sesións polo señor Arangüena, por solicitude do señor presidente, ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento.*)



Porque o cambio climático coñécese desde os anos 60 e en 1981, cando comezou a Autonomía de Galicia, o cambio climático xa era unha realidade. A Cumbre de Río foi en 1992 e nela xa se acordou estabilizar as emisións de CO₂. Pasaron trinta anos desde entón, dos cales gobernaron vostedes vinte e seis, e a única redución de emisións que conseguiron foi a derivada do peche das centrais térmicas, que tanto critica, e, por tanto, se fose por vostedes, non se tería producido e non habería redución de emisións en Galicia.

E tamén agradecería que me diga se van tomar nota dos revolcóns que lles está metendo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia en materia eólica, e se van vostedes facer algo para rematar coa inseguridade xurídica que hai en Galicia nesta materia, e se van tamén clarificar as leis e non facer sucesivas modificacións anuais da Lei eólica de Galicia, que o que están facendo é confundir a todo o mundo, a cidadanía pero tamén o sector eólico, que está que fuma en pipa con vostedes.

Nada máis e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: E a ver se me resposta: unha soa medida, dígame unha soa medida. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Señora conselleira, mire, teño aquí a reportaxe da súa visita a Glasgow e realmente vostedes foron alí facer unha sesión fotográfica. *(O señor Bará Torres mostra unhas fotografías.)* Aquí está vostede mais a directora xeral sinalando co dedo un panel, aquí está vostede asistindo a unha conferencia. En fin, non deu moito máis de si que unhas cantas fotos para propaganda... *(Murmurios.)* Si, si, están todas aquí, todas iguais. *(Aplausos.)* Mire, *(O señor Bará Torres mostra unhas fotografías.)* aquí está vostede na mesma sesión, asistindo a unha reunión, pero pouco deu de si a cousa, foi para a propaganda, para facer anuncios, para dicir auténticas hipérbolos e disparates como que vostedes están liderando no mundo a loita contra o cambio climático. Pero *bromas, las justas.*

Mire, volve ler: Galiza está na lideranza mundial na loita contra o cambio climático das rexións. ¡Ah, das rexións! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non é Comité de Rexións, é unha organización mundial que se fundou en California no ano 2015 á que se van sumando organizacións, tamén Estados, comunidades, de todo o mundo, efectivamente. E vostedes poñen alí a sinatura e xa parece que son os campións mundiais da loita contra o cambio climático, e non vale, señora conselleira. Porque os datos, a realidade, as políticas van no sentido contrario, non avalan esas declaracións que fan vostedes.

E mire, o que non lle podemos permitir xa é que veñan aquí mentir — así, con todas as letras — e con tanto descaro. ¿Como pode dicir vostede que foi o BNG no Goberno quen am-



pliou, quen aprobou os parques eólicos en Rede Natura? Pero ¿non ten vergoña, señora conselleira? Ou está mal informada ou ten moi mala fe, porque isto non é certo. *(Aplausos.)* E teño aquí o informe do Consello da Cultura Galega *(O señor Bará Torres mostra un documento.)*, que fala de que hai máis de 100.000 hectáreas de Rede Natura que están en áreas de desenvolvemento eólico do Plan sectorial eólico aprobado polo Partido Popular, señora conselleira. *(Murmurios.)* Si, é así, é así, 107.000 hectáreas de Rede Natura e hai case 1.200 megavatios en Rede Natura que foron aprobados e desenvolvidos por gobernos do Partido Popular do señor Fraga. E quen paralizou a utilización da Rede Natura para parques eólicos foi o Goberno do Bipartito, o Goberno do BNG, a Consellería de Industria, no ano 2008, co decreto do concurso eólico. *(Aplausos.)* É a primeira vez que se establece o veto da utilización da Rede Natura. Despois vostedes puxérono na Lei do 2009. Pero, a seguir, ¿que fixeron? Paralizaron a ampliación da Rede Natura e agora resulta que hai tres parques, 187 aeroxeradores, ameazando a ampliación da Rede Natura *(Aplausos.)*, en tramitación, señora conselleira.

Por iso, as organizacións ecoloxistas e sociais do medio rural querían que se tratase este punto no Consello Galego de Medio Ambiente. ¿Que problema ten con que se trate isto? Que se debata, que se vote unha proposta, dúas propostas que levaron alí, que vostede vetou, porque vostedes teñen no fondo tics moi antidemocráticos. A vostedes gústalles máis o voto demoscópico, o voto do xurado, e aí quen estaba intentando manifestarse é o voto da xente *(Aplausos.)*, igual que se está manifestando o voto da xente, o voto popular, nos acordos plenarios, de todas as cores políticas, que están cuestionando o seu modelo eólico.

Teño que citarlle... *(O señor Bará Torres diríxese á Presidencia.)* ¿Pode chamarlle a atención alí á señora Nóvoa, que me está molestando con ese rum rum *(Murmurios.)*? Xa sei que non lle gustan estas cousas, cousa que me alegra, pero non interrompa, señora Nóvoa. *(Aplausos.)* Teño que citarlle aquí todos os acordos plenarios de gobernos e alcaldías do Partido Popular que o están cuestionando.

Porque, claro, vostedes atribúennos ao BNG unha especie de omnipotencia, unha especie de omnipresencia, que organizamos plataformas, concentracións, mobilizacións, alegacións, acordos plenarios, pero son tamén os seus concellos (Lalín, A Estrada, Cerdedo, Cotobade, Oia —en fin, unha longa restrá—) que están cuestionando este modelo eólico, igual que o Tribunal Superior de Xustiza de Galiza fixo recentemente con Corme.

Por certo, acaban de ter vostedes outra sentenza contraria á anulación do concurso eólico do Bipartito, que era perfectamente legal. *(Aplausos.)* E non lle vou facer a conta, que lla fará mañá a miña compañeira Noa Presas, señor Conde, do que levamos investido aí, en fin, pagado de fondos públicos polas súas falcatruadas.

En fin, que o BNG, desde logo, tamén trae aquí propostas. Pensamos que hai que ter unha estratexia ambiental de país, que pasa por cambiar o modelo enerxético, unha empresa pública cunha tarifa eléctrica galega, primando o abastecemento, primando as comunidades enerxéticas fronte a estes modelos centralizados e distribuídos con outro modelo de mobilidade, dos espazos públicos urbanos, cunha senda urbana para o país, defendendo e ampliando a protección da Rede Natura e da biodiversidade. Tamén cunha nova política para o



sector primario, con criterios de sustentabilidade, de multifuncionalidade, de protección dos solos, que están perdendo a grande escala a súa riqueza biolóxica, e tamén no ciclo da auga.

Pero, claro, ¿como vén vostede presumir aquí de que lle puxeron unha multa de 200.000 euros polo baleirado dos encoros cando vostedes pouco tempo antes acababan de modificar a Lei dos ríos galegos, de pesca continental, rebaixando as sancións? Polo cal, *(Aplausos.)* realmente esas sancións tiñan que ser de máis de 4 millóns de euros e quedaron en 200.000 euros, porque vostedes cambiaron a lei para favorecer Iberdrola e as grandes hidroeléctricas. É así, señora conselleira.

Hai que traballar noutra política de residuos, da que falaremos despois, que temos unha moción específica para tratar este importante asunto.

Hai que falar, señora conselleira —non a escoitei—, de fiscalidade ambiental. Hai que falar de goberno e de gobernanza, con realmente un organismo na Xunta que leve no propio nome, na consellería, «acción para o clima» e que teña capacidade real de influír e de dirixir as políticas da Xunta e de concertalas con outras administracións. Hai que traballar nunha boa planificación e nunha boa lexislación, e sobre todos estes temas centraremos o debate nos próximos meses tamén cunha proposta de lei que traeremos a este Parlamento e na que formularemos as nosas alternativas.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Popular, señora Díaz Mouteira.

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas de novo, presidente.

Señorías da oposición, creo que, despois de escoitalos nesta segunda intervención, o único que se lles pide por parte deste grupo parlamentario é sentidiño e sensatez, que non o demostran no seu discurso.

Na miña primeira intervención daba as grazas á conselleira e remarcábaa por esa comparecencia que vén celebrar no día de hoxe, a petición propia, para poñer en valor un traballo, un traballo no que se reflicte a responsabilidade, a responsabilidade en facilitar medios e sobre todo —creo que o máis importante— implicar a sociedade, polo que aí está o convite aos grupos da oposición, para loitar xuntos contra o cambio climático.

Pero a vostedes iso non lles importa moito, porque críticas, todas as do mundo, pero achegas tampouco lles escoito ningunha. Nin unha soa achega, polo menos no día de hoxe, señorías, porque quizais ao mellor o Partido Socialista contribúe magnificamente ás políticas de loita contra o cambio climático coa súa política de peche industrial do noso país; ao mellor é unha forma que teñen eles de contribuír ao cambio climático; ou utilizando esa contía de coches oficiais.



Con sancións, señor Bará. Sabe vostede moi ben e coñece que a Lei de patrimonio natural pode chegar ata 2 millóns de euros. *(Murmurios.)* Si, señor Bará, si, que ás veces miran para outro lado e non é así.

E ¿como contribúen? Pois mirando para outro lado. Métese vostede co traballo da conselleira coas fotos que fai; se fai as fotos, porque fai propaganda; se non as fai, porque non estivo alí; entón, a ver o que queren vostedes.

A verdade é que, mire, sinceramente, cando vostede fala de voto, debería pensalo, porque aquí o único voto que lle interesa a este Grupo Parlamentario Popular e ao Goberno galego é o voto das urnas, e creo que, vendo este pleno, está ben claro onde vai o voto nas urnas. *(Aplausos.)*

Así que queremos escoitar e queremos que reflectan o seu interese na loita contra o cambio climático, algo no que en todo o mundo avogan por sumar esforzos, e aquí nesta cámara xa ven vostedes que cada un vai ao seu.

Especialmente me vou dirixir neste caso ao señor Bará cando puña en entredito o desenvolvemento ou a reunión do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible. Creo que despois a Presidencia lle vai a dar a orde do día. Sábeo moi ben vostede; salta as leis e os procedementos; hai que respectar as ordes do día. E que mellor que a conselleira para explicalo, porque é ela a que o preside, porque vostede non estaba alí, e como nós non estabamos alí témonos que fiar do que diga por suposto a conselleira, pero sobre todo non o que diga a conselleira, do que diga ou o que se estableza na orde do día, e así se establece en calquera reunión á que vostede poida asistir.

O BNG necesita conflito, é o que necesita o BNG, é o único que lle gusta: o lío, o follón. Mira a ver onde pode habelo, alí estamos nós, facendo bandeira da defensa, a ver o que lle contan, e así lles vai. A verdade é que o que lle contaron a vostede seguramente non ten nada que ver co que lle vén de contar a conselleira. Estou segura. Oxalá mudaran de estratexia e conseguiríamos puntos de encontro nun tema tan crucial.

Pero, como sabemos dende o Grupo Popular que non será así, si queremos manifestar e garantir o noso apoio e implicación para facilitar os plans do Goberno galego nesta materia. E fíxense que falo de Goberno galego, porque aínda que a Consellería de Medio Ambiente é a que leva o maior esforzo e o maior peso, aquí temos que falar de transversalidade das actuacións, que é unha das características fundamentais deste traballo. Porque cómpre comprender e ter presente que calquera actividade que realicemos vai ter a nosa pegada no clima.

De aí a importancia de que a Xunta de Galicia puxera en marcha a Comisión Interdepartamental da Estratexia do Cambio Climático. Ten a obriga de adoptar todo tipo de medidas, si, para protexer o planeta do crecemento, e aspira a ser unha administración neutra no 2040. ¡É que é tan importante que se estude cada edificio administrativo para logo frear as súas consecuencias! Iso é traballo, señorías, esas son medidas, señor Arangüena, cumprir cos 17 obxectivos do desenvolvemento sostible, aprobar unha Estratexia de economía circular para dar vida útil aos produtos mediante a reciclaxe, e ninguén pode ter dúbida da interrelación



destas actividades cos efectos do clima. Quizais esteamos ante a razón máis poderosa para garantir a transversalidade das accións dos gobernos.

¿E que dicir da cooperación e da participación, señor Bará?, de implicar na loita contra o cambio climático a alguén tan importante como son os concellos, porque o territorio máis pequeno pode ser fundamental para a loita contra o cambio climático. Aí está o Pacto das alcaldías polo clima e a enerxía, con eses concellos aos que se referiu a conselleira. Pero hai que dicir que necesitaremos máis investimentos e, seguramente, así se seguirá traballando dende o pacto.

Polo que a min respecta —e falo como representante da provincia de Ourense—, é unha honra ver como o Concello de Vilamarín foi a primeira administración local en asumir o compromiso de redución de emisións de gases, como outros tres concellos ourensáns (Vilar de Santos, Porqueira e Maceda), destacando o papel imprescindible, básico e indispensable dos concellos nesta folla de ruta para unha Galicia máis verde, sostible e máis limpa. Un orgullo como ourensá, un orgullo como galega, porque lembremos aquí que na loita contra o cambio climático non hai gañadores nin vencidos. Cando falamos de políticas para loitar fronte ao cambio climático, ou gañamos todos ou perdemos todos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Díaz Mouteira.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Peche da comparecencia, conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA (Vázquez Mejuto): Grazas, presidente.

Señora Díaz, agradecerlle o traballo que ao longo de todo este tempo está realizando cun fin, e ese fin é chegar a consenso co resto dos grupos políticos, polo ben de Galicia e dos galegos. E agradecer tamén as aportacións que poidan facer de cara á futura Lei do clima ao BNG e ao PSOE.

Dito isto, os humanos temos erros e, polo tanto, eses erros máis vale poñerse unha vez colorada que tres veces morados. Pero o BNG ten un mantra e é non recoñecer eses erros, e non pasa nada, señor Bará; agora pode dicir vostede que está en contra da implantación dos eólicos en Rede Natura, e aceptámosllo; nós tamén. O que non pode dicir, señor Bará, é que non o permitiran vostedes. ¿Doulle o nome? ¿Quere que lle dea o nome? O próximo día tráio-lle os expedientes. Nome: Alave Montemayor norte, 1; Couto San Sebastián, 2; Farelo, 3; Mondoñedo, 4; Rioboo, 5; 177,3 megavatios, 2 % da Rede Natura afectada. Esa é a realidade. O próximo día traio os expedientes e tamén llos dou á Presidencia para telos aí. Que non pasa nada, señor Bará, que con poñerse colorado unha vez non ocorre nada, ao final todos cambiamos a estratexia.



Pois fíxese que o Goberno central —ao que vostedes tamén apoian— non prohibe; todo o contrario, mándanos toda esa amalgama de eólicos para que os informemos en Rede Natura. E vostedes estiveron aí, non votaron en contra do Real decreto 23/2020. ¿Sabe cantos expedientes?, ¿sabe cantos eólicos? 165. Iso ¿que supuxo? Un incremento do 838 % do que viñamos informando. Esa é a realidade do BNG, non é outra.

Nós estaremos ao carón das industrias, para que sigan implementando as mellores técnicas dispoñibles. Estaremos ao carón dos propietarios dos montes, para que sigan sendo os grandes reservorios de carbono. Seguiremos estando ao lado dos propietarios das vivendas, para que se poidan executar os fondos europeos e, polo tanto, haxa menos emisións á atmosfera. Estaremos facendo campañas de concienciación —e agradecerlle aquí a todo o profesorado, aos colexios, tamén aos institutos, tamén á universidade—. Pero tamén cambiaremos o parque móbil da Xunta de Galicia; é que hai que cambiar o parque móbil da Xunta de Galicia; e eu estouno cambiando para os axentes —é que xa só faltaría—, porque hai que contaminar menos. E seguiremos dando axudas para que o resto da cidadanía tamén poida cambiar o seu parque móbil, señor Bará.

Dito isto, a min gustaríame saber cal é o modelo de futuro do BNG e do PSOE; aínda non o teño claro. Oxalá que nalgún momento nos poidamos sentar, e sacaremos cousas boas duns e doutros, pero descoñezoo totalmente.

Señorías, conclusión: Galicia está preparada para loitar contra o cambio climático e implementar as medidas que sexan necesarias para frear as súas consecuencias. Galicia non quere ser un problema. Galicia quere ser unha solución. Galicia quere liderar como rexión a nivel mundial e frear, na medida das súas posibilidades, o cambio climático. Xa sei que a vostedes parece non importarlles moito.

E, sobre todo, ¡mire que lles dou xogo e que pouco tiveron que traballar coas fotos de Glasgow! Puido seguir sacando fotos, señor Bará, porque aí pois vería que estaba con outras rexións. Ben, por certo, o presidente de Cataluña apareceu cunha cantidade de xornalistas que non pode nin imaxinar; non estivo en ningún dos encontros bilaterais nin fixo ningunha aportación. Galicia si, pero, se quere, tamén llo paso. Estivo con rexións de Brasil, estivo con Suíza, estivo con rexións de Alemaña, estiven con rexións francesas. Iso si, non controlaba eu francés nin alemán, había intérpretes, estaba perfectamente organizado. Pero aí estaba tamén Navarra, e é bo —pódense poñer en contacto con eles—, e tamén estaba o País Vasco. É dicir, ¿como se pode vir con dúas fotografías dicir que un vai de paseo? De paseo vai o señor Sánchez no Falcon, e vostedes estallo permitindo e non están dicindo absolutamente nada.

Puiden comprobar en Glasgow, na conferencia, que non só compartimos o mesmo nivel de preocupación as distintas rexións, senón tamén as mesmas maneiras de querer impulsar e traballar por un obxectivo mundial, que é a loita contra o cambio climático. Lamentablemente, tamén compartimos as mesmas barreiras, principalmente cos Estados membros, os Estados que non lles dan a importancia que deben de ter as rexións, e, polo tanto, esa falta de recoñecemento que tamén ve Europa nas rexións para cumprir as expectativas que nos temos marcado. Dende Galicia cremos que sería de xustiza recoñecer as actuacións que se



fan dende o local, porque son esas actuacións do local as que van propiciar que freemos ese problema mundial, ese problema global.

O Goberno central, ademais, debería facer un recoñecemento explícito ao traballo de Galicia, e debería de facelo por distintos feitos. Eses feitos de diminuír as emisións de CO₂, pero tamén de ter en marcha xa a Estratexia de cambio climático, a Estratexia de economía circular, por liderar o Pacto de alcaldías polo clima e enerxía e por ter xa traballado e impulsado de cara á vindeira semana o comezo do que vai ser a Lei do clima de Galicia.

É innegable o traballo realizado na última década en Galicia en materia de cambio climático, pero cando digo en Galicia non digo só do Goberno da Xunta de Galicia. É innegable o traballo que fixeron os concellos, o traballo que fixeron certas deputacións —hai que dicir que unhas máis que outras—, o traballo das universidades, o traballo das distintas organizacións.

A Xunta non só é consciente do papel que xoga na procura da ambición climática global actuando dende o local, senón que ten analizado o camiño e a velocidade que temos, que é imprimir as medidas para conseguir acadar os obxectivos no tempo pactado a nivel internacional. Por iso sentamos as bases e deseñamos un completo e ambicioso marco normativo en materia medioambiental, no que destacan fitos. E eses fitos é a Lei de residuos e solos contaminados, aprobada no ano 2021; a loita contra o plástico dun só uso; a loita contra o desperdicio alimentario; a marxe realista para implantar o quinto contedor; a Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, aprobada no 2019, sendo unha das poucas rexións europeas que teñen a súa propia folla de ruta fronte ao quecemento global, un instrumento efectivo para acadar unha transición enerxética progresiva, segura, sostible e que conta ademais co primeiro Plan rexional integrado enerxía e clima 2019–2023, que desenvolve esta estratexia, cun total de 170 medidas, e 1.200 millóns de euros neste período. E, efectivamente, tamén hai orzamento para combater o cambio climático e para combater os incendios.

E promovemos e coordinamos a adhesión dos concellos galegos ao Pacto das alcaldías polo clima e enerxía. O que antes dixen, 278 municipios, pero no día de onte sumouse outro máis, son 279 municipios. Grazas a este traballo previo, Galicia está conseguindo reducir esas emisións. Así o demostran os últimos datos dispoñibles. Avanzarémollos cando teñamos os datos que sairán publicados en principio no mes de abril, e aí veremos a redución do peche íntegro de Meirama e tamén das Pontes. Agora mesmo a redución está nun 23,8 %, e Galicia é a terceira comunidade autónoma que máis diminuíu as emisións neste período, ademais de estar 32 puntos porcentuais por debaixo do nivel das emisións do conxunto do Estado, que as está incrementando. A previsión é que eses datos sexan moi alentadores no ano 2020.

En definitiva, Galicia leva anos asumindo un papel de liderado en España e en Europa no que respecta á loita contra o cambio climático, incorporando políticas transversais; unhas políticas ás cales lles digo: súmense, señores do BNG; súmense, señores do PSOE; serán benvidos. Non se trata só de criticar, trátase de poñer solucións enriba da mesa, e estou segura de que tamén terán certas solucións.

En definitiva, continuaremos traballando e traeremos á Cámara a que será a primeira Lei do clima de Galicia, que comezaremos a tramitar a vindeira semana. E impulsaremos a Alianza



Galega polo Clima, creando esa rede de entidades implicadas na loita contra o cambio climático, a mellora do medio ambiente e o impulso dunha economía sostible. Seguiremos aplicando as medidas dispostas na Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050 e continuaremos impulsando a implicación de Galicia no Pacto verde europeo, e monitorizando o cumprimento dos obxectivos da Axenda 2030.

Seguiremos colaborando cos concellos —eles son peza clave— e axudándoos a elaborar os seus plans de accións contra o cambio climático. Achegaremos un pacto de alcaldías que abranca os 313 concellos. Dotaremos Galicia de estudos e ferramentas que nos axuden a prever as consecuencias do cambio climático e así permitir anticiparnos. E conseguiremos que a Xunta sexa unha administración neutra en carbono, servindo así de exemplo ao resto das organizacións.

Galicia non vai quedar atrás, senón todo o contrario; queremos encabezar esas rexións que queren impulsar o freo do cambio climático. E, por suposto, o que temos clarísimo é que Galicia non vai ser un problema senón que, pola contra, aportará solucións.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Agora que rematou o debate, eu quería facer un comentario. E quería dirixirme ao señor Arangüena, se podía retirar unha expresión que el utilizou metaforicamente pero que, no que é a nosa actividade parlamentaria, eu sempre o fixen desde que fun presidente, hai agora seis anos. Hai determinadas expresións que pido, por favor, que non se utilicen. En concreto, refírome á expresión «se suicidarían»; non me parece que sexa unha expresión adecuada, aínda que sexa utilizada metaforicamente, sobre todo no contexto no que estamos. Eu pediríalle se pode vostede retirar esa expresión.

(*O señor Arangüena Fernández pide a palabra.*)

Si, déanlle a palabra ao señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Si, señor presidente. Non teño, obviamente, ningún problema en retirala.

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Pois queda retirada esa expresión da orde do día.

E continuamos co punto 2, que se corresponde co de mocións.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a política do Goberno galego en relación coa licitación do contrato da planta de incineración de Sogama en Cerceda

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.



Para formular a moción ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Non lle interesa falar de modelo de residuos, escoitar as propostas que teñen os grupos. Pero como a Xunta e o Partido Popular queren falar de modelo, imos falar de modelo.

O noso modelo con respecto á Rede Natura é protexer, cando menos, o 20 %; ese é o noso modelo. Sexan valentes e dean ese paso e non permitan a degradación e destrución da Rede Natura.

O noso modelo en política contra o cambio climático tamén é facer cidades máis habitables, e estámolo facendo cun modelo que é referencia internacional: o de Pontevedra. (*Aplausos.*) O alcalde de Pontevedra estivo onte en París debatendo con líderes, (*Aplausos.*) debatendo de ti a ti, e non facéndose fotos, con líderes europeos sobre esta cuestión.

E o noso modelo tamén é para os residuos o que se está facendo na provincia de Pontevedra con Revitaliza. Unha política que organizacións europeas puxeron como exemplo da súper política europea en materia do Pacto verde. Ese é o modelo do BNG. E ofrecémosllo ademais de maneira gratis, para que vostedes o poidan tamén ter en conta e implantar alí onde o consideren oportuno.

Pero imos ir ao debate sobre a política de residuos, ou a unha parte da política de residuos, porque non nos permite hoxe o tempo falar da política de residuos industriais —isto merece unha peza separada, queda para outro debate—. Imos falar dos residuos municipais, especialmente da fracción maioritaria dos residuos municipais, que é a máis problemática e a máis complexa, que son os chamados biorresiduos. Son aproximadamente —contando os restos de poda— o 50 % dos residuos municipais.

Para falar desta cuestión temos que partir da realidade dos datos. E os datos, a fotografía do ano 2020, os últimos datos que temos, son moi claros. Din que Galiza non cumpre. Galiza está no 18 % de reciclaxe cando deberíamos estar no 50 %. Fíxense na diferenza. E vostedes aínda veñen aquí a presumir de que son os campións mundiais da liga rexional —segundo dixo a conselleira— na loita contra o cambio climático. ¿Como pode ser isto, se os datos son concluíntes? Son os datos da propia Sogama, son os datos tamén do Estado, do Miteco, que din que Galiza está entre as catro últimas rexións pola cola en canto a datos de reciclaxe de residuos municipais.

E, claro, a conselleira tamén se permite presumir de que estamos na lideranza mundial, rexional, galega ou internacional, ou non sei que, sobre o tratamento dos residuos cando é falso. O 85 % dos residuos que van a Sogama van para queimar —a maioría, o 60 %— ou directamente ao vertedoiro. Esa é a realidade. Estamos moi lonxe de cumprir, señoras e señores do Partido Popular. Polo tanto, ao que hai que ir é a un cambio de sistema, a un xiro de 180 graos na política de residuos que se fai en Galiza. E nós pensamos que ese cambio hai que facelo con realismo e tamén con ambición, mirando ao futuro, marcándose grandes obxectivos, grandes metas, e tendo en conta o contexto, o contexto que é o do cambio climático, o contexto que é o da nova lexislación que se aprobou nos últimos anos en Europa —tamén



no Estado e en Galiza— a respecto da política de residuos e que obriga a facer grandes mudanzas. Vostedes parece que queren ir pola vella e non ter en conta esta realidade.

Miren, temos a directiva europea de 2018, temos a lei galega de 2021, temos a nova lei estatal que está a punto de ser aprobada no Senado e posteriormente no Congreso —se é que hai cambios—. E hai que desenvolver esa lexislación, hai que facer regulamentos, hai que facer ordenanzas e hai que facer planificación. E nós vimos aquí, señoras e señores do Partido Popular, a ofrecerlles acordos, acordos de país sobre a política de residuos, acordos non cos nosos máximos senón un acordo de mínimos, un acordo baseado en dúas ideas principais, na complementariedade e na cooperación, asumindo que no país —polo menos de maneira transitoria, mentres se van aplicando estas directivas, estas normas— ten que haber unha transición e ten que haber unha convivencia entre distintos sistemas.

Non se poden borrar do mapa nin Sogama nin Lousame nin Nostián, nin as outras experiencias que está habendo en Galiza, non se pode facer. É algo que asumimos e temos que ir cara a un cambio gradual, pero o punto de partida ten que ser a convivencia, a complementariedade e a cooperación; polo tanto, non ir dende o Goberno da Xunta a pór outros sistemas alternativos.

A segunda proposta que traemos aquí —proposta de país— é que se cree un grupo de traballo coa Fegamp e coas demais administracións que promoven sistemas de xestión dos residuos para o desenvolvemento normativo das leis, para o desenvolvemento das ordenanzas, para organizar todo o traballo de xestión municipal, de inspección, de escoller os mellores modelos de xestión, e tamén de traballar nunha cuestión que é necesario traballar, que é a da fiscalidade en materia de residuos. No marco deste grupo de traballo é onde facemos unha proposta —que xa lle trasladamos á Consellería— para facer unha visita de estudo, de análise e tamén de debate, unha visita ás instalacións de Sogama con transparencia e con luz e taquígrafos, na que teñen que estar tamén todos eses organismos e entidades deste grupo de traballo que propoñemos.

O terceiro punto, a terceira proposta que traemos aquí, é negociar e acordar a chamada Estratexia galega de biorresiduos. Xa lles advertimos de que estaba sendo tramitada de maneira irregular, de maneira ilegal, pola porta de atrás, como unha modificación encuberta do Plan de xestión de residuos urbanos de Galiza do ano 2010, que está prorrogado ata o ano 2022 —remata este ano—. Estase facendo pola porta de atrás e estase facendo sen as garantías de información, participación pública e avaliación ambiental. E o Goberno galego ten que dar exemplo, non pode facer as cousas así. Non lle pode exixir a unha pequena granxa un informe de impacto ambiental, unha avaliación de impacto ambiental, e facer a Xunta tres grandes infraestruturas de compostaxe, 14 infraestruturas de plantas de transferencia para trasladar os biorresiduos e, coma se nada, sen sometelo á tramitación que marca a lei e que hai que cumprir. Non é algo voluntario, hai que dar exemplo. *(Aplausos.)*

E o que non se pode facer tampouco é unha estratexia de biorresiduos que ignore a realidade de que hai outros sistemas, outras experiencias, ademais moi avanzadas, como é o caso de Revitaliza. Porque vostedes na Estratexia de biorresiduos fan unha planificación para a provincia de Pontevedra coma se non existise Revitaliza. Isto non pode ser. Pode gustarlles máis



ou menos, pero teñen que asumir a realidade de que a Deputación está traballando nesta materia. E tampouco inclúen nada a respecto de experiencias avanzadas en materia de, por exemplo, agrocompostaxe, o que se chama tamén «co-compostaxe», que é o traballo conxunto entre o sector primario e o sector dos residuos municipais para buscar solucións, solucións de pequena escala, solucións tamén descentralizadas, o que se chama «modelo austríaco», que é unha referencia. Este si que é verdadeiramente unha referencia europea e mundial no tratamento dos biorresiduos.

Tamén traemos unha proposta para levar a cabo unha nova planificación en materia de residuos. Xa llelo dixemos no anterior debate e volvemos repetilo hoxe. O Plan galego de residuos remata en 2022. Os anos 2021 e 2022, segundo a ampliación que se fixo no ano 2016, son anos de avaliación dese plan. Polo tanto, debiamos estar agora avaliando, falando da avaliación, presentado os informes da avaliación e empezando a traballar no novo plan para os anos 2023 e seguintes. Pero vostedes aínda non fixeron a avaliación —canto máis, empezar coa planificación— e fixeron ese atallo da estratexia dos biorresiduos. Polo tanto, propoñemos a elaboración participativa do novo plan de residuos de Galicia e tamén do novo programa de prevención, que é obrigatorio por lei. Porque é máis importante a prevención na xestión dos residuos que a planificación da xestión.

A seguinte proposta que facemos é a revisión dos criterios das convocatorias de axudas para a xestión de biorresiduos, criterios que se marcaron na conferencia sectorial do 14 de abril do ano 2021 e que vostedes non están respectando. Hai que ter en conta a realidade actual, todos os sistemas de tratamento de residuos, non castigar a ninguén —sobre todo, non castigar nesas convocatorias a quen fai as cousas ben ou, en todo caso, a quen fai as cousas mellor—, non excluír os concellos. Na circular que enviaron vostedes exclúen os concellos que non están en Sogama, cando a liña 1 prevé financiar experiencias de mellora de ampliación de sistemas de recollida separada, como xa existen en Galiza. Non se pode facer. E non se pode excluír a compostaxe comunitaria, desde logo, e penalizar a quen xa está facendo cousas en materia de xestión. Non se pode excluír nesas convocatorias —isto é algo totalmente imposible de crer e de entender— a compostaxe comunitaria en concellos de menos de tres mil habitantes. Xustamente é onde debería ser a opción primaria, principal e maioritaria, a compostaxe doméstica, a compostaxe comunitaria. Porque en moitos deses concellos posiblemente se podería evitar a recollida e o transporte á planta dos biorresiduos. É que é algo moi fácil de entender: hai provincias en Galiza onde o 80 % ou 90 % dos concellos teñen menos de 3.000 habitantes, e non terían por que trasladar os residuos a centos de quilómetros, con esta concepción centralizada que teñen vostedes da xestión de residuos que é unha aberración en termos económicos, en termos de responsabilidade social e, sobre todo, en termos ambientais. Cando estamos falando de loitar contra o cambio climático, resulta que vostedes pasean os residuos, a materia orgánica, residuos húmidos, por centos de quilómetros ao longo do país para tratalos en plantas centralizadas...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...hoxe en Sogama e no futuro xa veremos. E tamén queremos falar do control dos plásticos e do estudo sobre fiscalidade.



Polo tanto, o que queremos dicir e propoñer con este debate é que temos unha grande oportunidade por diante, temos que marcarnos grandes metas tamén na política, na superpolítica, dos residuos e pensar Galiza en grande, pensar as políticas para os residuos tamén en grande.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Castro Rei.

A señora CASTRO REI: Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista anunciamos o noso voto a favor desta iniciativa, porque compartimos estas demandas e, ademais, están en sintonía con iniciativas similares que xa rexistrou este grupo. A realidade galega é incuestionable, e a realidade galega dinos que en materia de xestión de residuos chegamos moi tarde. Anos de desleixo da súa política de xestión, de non entender isto como prioritario, fan que agora, cando temos cerca as datas límite para cumprir as directrices marcadas pola Unión Europea, pois non chegamos nin de lonxe. Agora entran as présas e atopamos un país que está moi lonxe dos obxectivos —marcados para 2024— do 55 % de reciclaxe en materia orgánica.

No ano 2021 anuncian vostedes a creación de tres novas plantas, Cervo, Vilanova e Verín, que se unen á de Cerceda —que inauguraron no ano 2018—. E o Partido Popular saca peito con esta convocatoria, con esta nova creación de tres novas plantas, cando no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia, un plan —lembro— de 2010-2022, vostedes tiñan previsto a creación de 11 plantas antes do ano 2019. Ademais, falaba este plan de xestión de residuos de Galicia de que esta rede de infraestruturas que ían crear antes de 2019 respondería aos principios de eficiencia, proximidade e autosuficiencia. Non temos nada disto. Ademais dicía que se ubicaría en localizacións óptimas e xustas, non só ambientalmente senón tamén no económico e social. ¿Onde están estes principios?, ¿onde están estas sete plantas restantes? Iso demostra o fracaso estrepitoso deste plan de xestión de residuos de Galicia.

Non chegan, pero, miren, tampouco queren incorporar outras opcións existentes en Galicia que están a ser exitosas, como a planta de Lousame ou o modelo da Deputación de Pontevedra. ¿Por que este goberno rechaza sistematicamente todo o que non ten a súa cor política?

Como dicía, a Xunta vai tarde, Galicia vai tarde, e, no canto de aplicar políticas que incentiven os concellos a que incorporen este contedor marrón e impulsar a compostaxe orgánica, o goberno do Partido Popular decide para o ano 2022 rebaixar o 5 % o canon que cobra aos concellos para incineración. Premian vostedes a incineración. Publican isto no DOG de hai



uns días, o do 28 de xaneiro. E anuncia, ademais, a conselleira que os 295 concellos que levan o lixo a Sogama para a súa valorización enerxética poderán aforrar 11 millóns de euros, xustificándoo na crise económica e no gasto que está a supor para os concellos o incremento da crise derivada da covid.

Por outra banda, neste DOG tamén incrementan un 7 % o prezo por tonelada de lixo tratado na planta de compostaxe de Sogama. Bueno, neste momento, na de compostaxe, pero no momento en que rematen as outras tres —das que teñen iniciados os proxectos— tamén se aplicará este 7 % a cada tonelada de lixo tratada alí. Isto é o mundo ao revés, e despois culpan vostedes os concellos de que non se adhiran a este modelo de compostaxe e que só catro formen parte dunha planta como a de Areosa, que ten capacidade para 18 concellos. Non sei que grao de éxito terán estas futuras plantas que vostedes iniciaron, pero, se non cambian a súa política, auguro que un éxito similar á planta de Areosa.

Pero ¿por que este beneficio do goberno do Partido Popular á incineración? Pois a resposta é moi sinxela: porque supón un negocio millonario. Sogama utiliza este 57 % do lixo que chega dos concellos para queimar e con iso producir electricidade. E o último informe que temos do Consello de Contas cifra en 24 millóns de euros os ingresos derivados desta venda de quilovatios. Estas cantidades ¡moitos dividendos son a repartir! E tamén moito compós faría falla vender para chegar a estas cantidades.

En relación coa estratexia de residuos, anuncian vostedes agora a estratexia de biorresiduos cun obxectivo cara a 2030, que volve ser, lamentablemente, papel mollado. Faltan catro obxectivos principais que entendemos prioritarios, como sentar os principios de economía circular en materia de residuos, implicar a cidadanía, fixar os obxectivos e pasos que hai que seguir, incluír a protección do noso medio mariño e contribuír á creación e consolidación de emprego no sector da xestión de residuos.

Temos un plan de xestión de residuos, como dicía, que está vixente ata este ano. O ano 2021 e 2022 eran anos de avaliación. Pero este plan non se cumpriu nin de lonxe. Agora propoñen un plan para 2030 caendo no mesmo erro. Hai que avaliar primeiro o cumprimento deste plan, ver os erros, ver o que fallou, e comprobar e aprobar outro que conteña os obxectivos marcados pola Unión Europea e pola futura lei de transposición desta directiva, pola futura lei estatal —e non falo da recente lei galega porque é unha lei que queda moi atrás respecto destes obxectivos comunitarios—. No novo plan non só se establecerán obxectivos, senón que será onde veñan tamén estipulados os pasos e as medidas que hai que desenvolver, que estea orzado e que cumpra os requisitos legais pertinentes, entre os que se atopan o informe de impacto ambiental destas medidas, a participación ou a exposición pública. E, sobre todo, é necesario que sexa froito dun consenso, non unha actuación unilateral e urxente para salvar os mobles, como é esta estratexia.

Miren, a forma de actuar deste goberno determinouna perfectamente o Consello Económico e Social no ditame preceptivo elaborado para o proxecto de lei de residuos que aprobamos hai un ano. Este informe, nas súas consideracións, cuestionou algúns aspectos desta lei. E aludía, por exemplo, á falla de medidas reais para a educación e formación medioambiental, a falla de coordinación con outras comunidades autónomas ou con outras administracións,



o financiamento insuficiente para os concellos, a pouca ambición nas obrigas da Administración para garantir o acceso á información recollida e elaborada por parte do Goberno galego, e a pouca vontade de facilitar a participación e a planificación.

Pois, está claro, estas son as características principais da política deste goberno na xestión de residuos. Non inviste o necesario en política de residuos nin facilita a participación ou a coordinación entre os concellos. E un ano despois da aprobación desta lei pois seguen igual. É necesaria a coordinación, a colaboración e a cooperación coas entidades locais ou coa Fegamp, tanto para adaptar as medidas como para optimizar a xestión das futuras instalacións e tamén para implicar a cidadanía.

Miren, toda a súa política de residuos é un exemplo de discrecionalidade e de falta de consenso. Poderíamos coller moitos exemplos, pero, para elixir un, podo falar dunha das trece futuras plantas de transferencia que anunciaron e que volveu anunciar hoxe aquí a conselleira. Refírome á situada no concello de Riotorto. Impoñen vostedes unha ubicación a pesar da oposición veciñal, da oposición dos gandeiros e gandeiras, dos alcaldes e alcaldesas da zona, e desatenden vostedes unha proposta de consenso existente na comarca que intentaba situar esta planta na Pastoriza e aproveitar así un punto limpo que existía. Pero vostedes pretenden seguir impoñendo no concello de Riotorto esta planta de transferencia. Así é como actúa este goberno con todo.

O resultado de todo isto é que Galicia neste momento se atopa entre as comunidades autónomas que teñen os peores resultados en materia de reciclaxe, así que cómpre poñernos as pilas e saír deste non desexado *ranking*.

Vou adiantarme porque, aínda que non teña unha bóla adiviñatoria desas, si sei ao que se agarrará o Partido Popular, que, coma sempre, nos seus debates, é a botar balóns fóra. Pois non boten balóns fóra en relación con isto, porque a planificación depende da Xunta e non dos concellos. E non se cumpriron os obxectivos nin de lonxe. A Xunta ten que facer políticas e dotar os diferentes concellos de instrumentos para cumprir estas políticas, así que ten que poñerse a traballar.

Ademais —é importante e esquecíame antes de dicilo—, na política de xestión de residuos, de prevención e de reciclaxe existe unha enorme oportunidade para crear emprego, para crear empresa ou levar esta xestión de maneira horizontal a moitos sectores da actividade económica. Polo tanto, non o desperdicien, non o esquezan e póñanse a traballar porque o tempo apremia e 2024 está aí á volta da esquina.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Castro Rey.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Díaz Mouteira

A señora DÍAZ MOUTEIRA: Grazas de novo, presidente.



Bos días de novo, señorías.

O Regulamento do Parlamento fala de que unha interpelación poderá dar lugar a unha moción e que esa moción terá que ser congruente coa interpelación. Non dubido de que a Mesa a considerara congruente, consecuenta. Pero eu creo que a interpelación previa versaba sobre a política do Goberno galego en relación coa licitación do contrato da planta de incineración de Sogama en Cerceda, e esa cuestión en absoluto se nomea na súa moción, nin se referencia en ningún dos sete puntos contidos na moción resultante desa interpelación. Sería a primeira vez, entende este Grupo Parlamentario Popular, que ao señor Bará e ao grupo nacionalista lles quedou clariña a exposición que se lles deu ese día en relación con esta contratación. Sería a primeira vez que o Bloque Nacionalista Galego ve que desaparecen aquelas dúbidas e sospeitas —porque utilizaban esas palabras—, que desapareceron naquela interpelación previa. Déronse conta, señorías do BNG, que non tiñan fundamento, que eran sombras, sospeitas e dúbidas inventadas polo BNG para desacreditar o traballo dunha empresa galega como é Sogama, e doutra empresa galega como é Valtalia, cunha adxudicación incontestable, incuestionable. Noutros concursos houbo recurso e neste caso nin sequera se presentou recurso ningún.

Semella, señorías, que a vostedes o que lles proe é que prosperen e que avancen as empresas galegas, que gañen concursos, que creen emprego, que teñan éxito, e non só en Galicia senón en España e no resto de países. A verdade é que, escoitándoos, non lles fai ningunha graza aos grupos parlamentarios da oposición.

Pero este grupo parlamentario quere traer a colación frases e cuestións que verteu vostede ese día da interpelación, señor Bará; porque faltan á realidade e o único que reflicten é unha irresponsabilidade total e absoluta do BNG. É unha ousadía, porque cualificou vostede de fracaso estrepitoso da política de xestión de residuos da Xunta de Galicia un modelo que é referencia en Europa e internacionalmente, que foi avalado pola Unión Europea e por unha auditoría da Comisión Europea na que destacaba os notables beneficios, primeiro, de carácter ambiental —xestionar e tratar residuos conforme as directrices comunitarias—, económicos —ao xerar riqueza e emprego— e sociais —ao facer un labor importante de educación ambiental—.

Mire, señor Bará, o modelo Sogama cumpre con todos os requisitos establecidos pola normativa europea —creo que non lle ha de quedar ningunha dúbida—, cumpre coa reutilización, coa redución, coa reciclaxe e coa recuperación, e cun «r» en maiúsculas, o de responsabilidade. Iso é o que vostedes teñen que ver.

E, antes de empezar a analizar os puntos da súa moción, cando vostede, que tanto se mete con esa visita que tanto lle molesta, a da conselleira a Glasgow, puxo de exemplo ao señor Lores, que foi a París, ao mellor foi falar do que pon este titular: «*Varios funcionarios declaran en la Fiscalía por el terreno alquilado para la planta de compós*». Ao mellor foi pedir consello para saír deste problema, ao mellor foi a iso. (Aplausos.)

Tamén dicía a miña avoa cando vía o parte —como lle chamaba ela ao telexornal—: «Nena, falan de todo, e ¿saberán de todo ou non saberán de nada?» Pois, mire, eu creo que, falando das señorías da oposición, non lle saben de nada —diríalle eu á miña avoa—, porque sempre



van amodiño, con que «nós queremos buscar o afán construtivo». Pero vostedes van co «non», co «non» sempre por diante.

Mire, no punto 1 da moción, os principios aos que vostede se refire xa están na Lei 6/2021 de residuos e solos contaminados de Galicia —só lle fai falta lela—, que á súa vez emanan das directivas comunitarias. Non lle dea á cabeza porque é así.

Sobre os acordos de mínimos, ¡como imos falar dun acordo de mínimos cando estamos a falar dunha normativa europea de obrigado cumprimento! E non podemos esquecer a responsabilidade que en materia de residuos domésticos recae nos concellos. A Xunta ten que respectar calquera dos modelos autorizados.

Falan de cooperación. ¿Como lles chaman vostedes ás reunións que se manteñen por parte da Consellería cos distintos sistemas de xestión de residuos en Galicia? Díganlle, por favor, a este grupo parlamentario como lles chaman vostedes ás reunións que se manteñen con Nostián para dar solución ao tema do vertedoiro e á saída de residuos orgánicos con destino a outros vertedoiros. ¿Como lles chaman? ¿Como lles chaman vostedes as reunións que mantén a directora xeral de Cambio Climático co comité de empresa de Lousame —por certo, onde non hai ningunha muller, ao mellor é interesante—? Nesta reunión reconeceuse por parte deste comité que a xestión do centro era manifestamente mellorable —máis ben, que carecía de xestión, ¡fíxese vostede!—. ¿Que din entón as señorías do BNG e as señorías do PSOE da seguinte nota interpretativa —perdóenme, que o vou ler así en castelán—: «*Sobre el modelo de recogida húmedo-seco sí cumple con las nuevas obligaciones de recogida separada a los efectos de la normativa comunitaria y nacional sobre residuos*»? Teñen vostedes anunciado a bombo e platillo que van pelexar para reverter esa interpretación do goberno do señor Sánchez. E polo de agora vostede aínda non nos informou. A ver se agora na réplica nos di algo de se houbo algún avance nese tema e se conseguiron algo cos seus socios.

Cando un vive nunha realidade, ou vive na súa realidade, saberían que tanto a Dirección Xeral como a Consellería mantén contacto permanente coa Fegamp. Pero ¿vostedes póneno en dúbida? ¡Se a Fegamp está puntualmente informada das novidades lexislativas, dos programas de axudas, participou na Estratexia galega de biorresiduos, participou no grupo de traballo da guía de compostaxe comunitaria! ¡Pero que queren vostedes! Sorprende que o Bloque, que recentemente apoiou esa lei de residuos no Congreso dos Deputados para unha economía circular non formulase esta petición alí no Congreso dos Deputados. ¡E logo!, ¿é diferente?

E tampouco lle oín dicir —porque sabe que vostede aí meteu a pata— o da interpelación previa cando falou dos plásticos de uso agrario. Atreveuse a dicir, como verteu vostede —e hoxe non o mencionou porque estou segura de que xa se arrepentiu de telo dito—, que os plásticos acumulados no exterior de Sogama van valorizarse enerxeticamente nesta planta, que é unha auténtica falacia. Fan da mentira, señores do BNG, un sinal de identidade. Non pode ser, porque sabe que Sogama só está autorizada para tratar residuos urbanos. (Aplausos.) Os plásticos agrícolas non están cualificados como tales. Sogama non os procesa. Esta é unha mostra máis do seu pouco coñecemento da xestión de residuos. Mire, lea a disposición final sexta, *Residuos textiles, muebles, enseres, plásticos de uso agrario y residuos sanitarios*. Ao mellor acláralle algo.



E para máis abundamento na incoherencia do seu grupo, a lei estatal esa que vostedes apoiaron contempla a posibilidade de crear unha rede —fíxese no que vou dicir—, unha rede integrada nacional ou incluso comunitaria. E ¿que din disto? Hai un rato chamoulle «aberración». E, se tamén ten un ratiño, dedíquelles unha lectura ao artigo 9, que non teño tempo agora de detallarlllo.

Esa infortunada afirmación que vostede verteu na interpelación —que insisto en que estou segura de que non volveu a ela porque se arrepenheu moitísimo de utilizala— é que falan de que eses plásticos agrícolas son como combustible para o que o seu grupo denomina erroneamente «incineración» en lugar de «valorización enerxética». E isto é unha falacia que non ten xustificación de ningún tipo.

E seguimos avanzando na súa moción e seguimos faltando á verdade, señor Bará, seguimos fóra da realidade. Non lle dedicou nin cinco minutos á lectura da Estratexia galega de biorresiduos, porque, se non, o punto cuarto da moción non existiría. Se se dedicase a ler a lei, vería que a Estratexia de biorresiduos xa ten en conta os aspectos dos que vostede fala no punto cuarto, menos a agrocompostaxe, que vostede mencionou. Si, si, pero ¿por que non se menciona? Porque está á espera das directrices da Comisión de Residuos.

Respecto da avaliación ambiental, este grupo parlamentario quere pensar que vostede fala da avaliación ambiental estratéxica, que é a única que se aplica a plans e programas. Pois ben, ao non ter intervención estrutural nin de Ordenación do Territorio non precisa da mesma, señor Bará. Lea o artigo 6 da Lei 21/2013 de avaliación ambiental.

E de novo seguimos e volvemos ás sombras, ás sospeitas, ás dúbidas, a esas axudas sobre a xestión dos biorresiduos, cando esas axudas están aprobadas polo Goberno central e non exclúen ningún sistema. As únicas exclusións que hai —e sábeo ben vostede— son por motivos presupostarios. En calquera caso, quédelles claro, señorías da oposición, que a Concellería vai estar sempre ao carón dos concellos, como estivo ata agora.

A Estratexia galega de economía circular non incluía ningunha medida concreta, e falábase de instrumentos para mellorar a separación en orixe. Miren, o problema é que vostedes apoiaron unha lei do Grupo Socialista que vén tarde, señora Castro. Esa si que vén tarde, con dous anos de retraso —a lei de residuos do Estado—. Pois apoiando esa lei vostedes condenaron a moitos, ou a todos, os municipios de Galicia con esa dobre imposición, con ese carácter desa lei que tanto vai prexudicar a todos os concellos de Galicia.

Para rematar, señorías —porque eu non podo crer que o descoñezan—, Galicia é a única comunidade que ten un plan de xestión de residuos industriais diferenciado dos municipais. E ten que saber —e quedar tranquilo— que xa está en licitación —si, xa está en proceso de licitación— a elaboración dos novos plans.

Remato xa, e quérolles dicir dende o Grupo Parlamentario Popular, ao igual que vostedes, que lles pedimos que poñan un pouco de vontade, porque, se a puxesen, verían que a Xunta de Galicia fixo e está a facer os seus deberes. A política de xestión da Xunta avanza. Son vostedes os que van para atrás, son vostedes os que non queren avanzar, son vostedes os que



seguen cos mesmos argumentos de hai vinte ou trinta anos. Non evolucionan nin queren que Galicia evolucione. Pero a Consellería de Medio Ambiente e este goberno traballa, traballa polo presente e traballa polo futuro. Vostedes, señorías da oposición, só pensan no pasado. Se queren que Galicia vaia para adiante, miren vostedes tamén para adiante.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señora Díaz Mouteira.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o autor da moción, o señor Bará Torres.

O señor BARÁ TORRES: Señora Díaz Mouteira, realmente vostede aínda está pola vella, ¿non? Porque nós vimos aquí —grazas, Elías (*Referencia do señor Bará Torres ao uxier que serve auga no estrado.*)— renunciando a moitos dos nosos plantexamentos. Levámoslos aos seus mínimos para intentar chegar a acordos. Ofrecemos a man tendida e vostedes veñen aquí mordendo. Son o goberno e veñen cun discurso agresivo, de oposición á oposición. Realmente vostedes están moi mal ubicados, ou teñen mala conciencia ou realmente recoñecen que estas propostas son sensatas, son prudentes, son realistas, son tamén ambiciosas e que se basean en experiencias, ademais, de éxito.

E, mire, da nosa interpelación vostede leu o resumo que fan os servizos da Cámara, pero falaba da adxudicación, desa serie de adxudicacións de contratos e das consecuencias que iso tiña para a política de residuos. E diso estamos falando aquí, das consecuencias. Porque esa adxudicación —que, por certo, vai dar que falar, xa lle adianto que vai dar que falar noutras instancias— presupón que imos seguir levando as mesmas toneladas de residuos a Sogama, e iso ten que cambiar, vai cambiar. Téñense que reducir drasticamente esas toneladas. E hai un contrato que ata 2027 nos ata coma se as cousas fosen igual. Polo tanto, por iso a cuestionamos.

E, claro, vostedes van co piloto automático, e vostedes realmente fan estes discursos grandilocuentes dicindo que son unha referencia internacional en Europa. Pero ¡como poden dicir iso! Mire, isto é recente: «*La UE critica la incineración de residuos en países que se dicen avanzados, como Alemania*». É a Unión Europea, coas normativas todas de economía circular, a que está dicindo que hai que reducir ao mínimo imprescindible a incineración, e vostedes apostan pola incineración como sistema preferente e predominante, que iso é o que significa Sogama, tal e como a coñecemos. Por iso lles dicimos que hai que cambiar, que llelo está dicindo a Unión Europea aos países que máis residuos queiman, como Alemaña e Dinamarca. Vostedes non se puxeron ao día, non se puxeron ao loro.

E, miren (*O señor Bará Torres le un documento desde o estrado.*): «*Ángeles Vázquez destaca el hito de Sogama por situar a Galicia a la cabeza en reducción e reciclaje*». Estas declaracións fíxoas en xaneiro de 2020, cando abría a planta de compostaxe de Areosa, en Cerceda, que tardou ano e medio en recibir os primeiros biorresiduos alí, jano e medio desde que a inaugurou a señora conselleira! E poñía isto como referencia en redución e reciclaxe. ¡Como poden presumir de



que somos unha referencia cando temos o 18 % de reciclaxe, 18 % grazas aos outros sistemas que elevan a media, Lousame e Nostián! Temos o 18 % cando tiñamos que estar no 50 %. ¡Como poden dicir vostedes que somos unha referencia!, ¡en que mundo viven! Ademais temos que cumprir en 2025 outro obxectivo, o do 55 %. A este ritmo nin no ano 2100 imos cumprir eses obxectivos. Grazas que vostedes non van seguir gobernando e poderemos facer outra política realmente avanzada e decente en materia de residuos, porque así, desde logo, non imos cumprir. (Aplausos.)

A realidade é que vostedes están nunha especie de estratexia —falan de estratexias— do avestruz, a de meter a cabeza, agochar a cabeza, e non querer ver a realidade. Pero Sogama ten os días contados, está nunha conta atrás. De feito vostedes agora xa están facendo ese *restyling*, estanlle chamando «Sogama circular», porque se dan conta de que iso, neste mundo no que vivimos, non se pode vender como algo sostible, como algo que vai contra o cambio climático. Xa llo dixen, é aberrante nun país como Galicia, que ten trinta mil núcleos de poboación, recoller nun sistema centralizado residuos e transportalos en camións ou en trens —dáme igual— por todo o país, para secalos alí nunha operación en conivencia, en sociedade, con Naturgy e despois facer enerxía con eses residuos secados. É algo absolutamente aberrante, hai que ir a outra escala, hai que ir á descentralización, hai que ir a tratamentos de proximidade, hai que ir á autosuficiencia, hai que ir á autocompostaxe, á compostaxe de proximidade —domiciliaria e tamén comunitaria, que é o que está facendo a Deputación de Pontevedra como sistema preferente—. E o que non se poida tratar por eses sistemas, ten que ir a plantas, efectivamente, a plantas como a da Canicouva, á que vostedes fixeron unha campaña feroz de ataques, de críticas, de demolición... (Aplausos.). En fin, xa lles ensinei moitas veces a foto do picachón, a súa política de biorresiduos é a do picachón, a de querer destruír os composteiros comunitarios porque non sei cantas pragas ían traer. Está todo o mundo encantado con eles, do BNG e do PP tamén, porque hai moitos concellos do PP que están implantado a compostaxe comunitaria, que é alta política, a superpolítica europea. E vostedes non se dan conta diso.

Miren, na estratexia de biorresiduos é unha ilegalidade como unha catedral o que están facendo, porque iso se ten que facer a través do Plan de xestión de residuos de Galicia, ou, se non, se se fai unha estratexia, hai que sometela aos procedementos de información e participación pública. ¿Estame dicindo vostede que tres plantas e 14 plantas de transferencia non se teñen que someter á información e participación pública?

Con respecto ao plásticos, efectivamente, eu dixen no anterior pleno que este mogollón, esta cantidade enorme de plásticos que están depositados pola empresa concesionaria ao lado de Sogama ou ben van arder —como curiosamente ten pasado xa moitas veces— ou se van queimar. Tamén digo que hai un proxecto dunha planta de incineración de residuos en Galiza en tramitación como proxecto para fondos europeos —con algunhas empresas que vostedes coñecen moi ben, de portas xiratorias—. Entón, ¡ollo! E, se non, verémolo co tempo. Ou arden ou se queiman, porque non se van volatilizar. (Aplausos.)

E remato ofrecendo de novo —aínda que vostedes non queren atender a estas razóns— un acordo sobre os recursos, sobre os residuos, que son riqueza, que son fonte de emprego. Se se tratan doutra maneira, son dunha grande oportunidade para Galiza, para estar á cabeza



e non á cola, como estamos e como vimos nos datos oficiais, e para non copiar, para ser orixinais desde o propio, desde a tradición. Iso é o que significa tamén a compostaxe, porque ademais os expertos din que enterrar...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Bará.

O señora BARÁ TORRES: ...—remato xa, presidenta— os biorresiduos é máis eficaz para loitar contra o cambio climático que cambiar todos os coches a eléctricos. Fíxense a importancia que teñen estas políticas para o cambio climático.

Polo tanto, non hai que pensar o país en pequeno senón pensalo en grande, como quere e como está facendo xa o BNG onde ten responsabilidades de goberno.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Bará.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Procedemos ao debate da segunda moción da orde do día.

Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonso, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa crise industrial que asola Galicia

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): A esta moción non se lle presentou ningunha emenda.

Para formulala, ten a palabra o señor Fernández Alfonso.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Ben, bo día.

No último pleno, o Grupo do BNG interpelaba o vicepresidente Conde sobre a crise industrial que atravesamos dun extremo a outro, unha crise industrial gravísima que deixa unha factura de 12.000 empregos industriais destruídos durante sucesivos gobernos do presidente Feixóo. E, coma sempre, as explicacións do vicepresidente foron moi decepcionantes, profundamente decepcionantes. Insiste en querer caricaturizar o BNG dicindo que, mentres nós queremos nacionalizar empresas, a Xunta apoia o investimento de Inditex, Estrella Galicia, Cortizo, Televés, Finsa, Albo ou Coren. Non sabemos se este era un intento ridículo de insinuar que o BNG pode albergar a pretensión de nacionalizar estas empresas —porque non imaxino os propietarios e propietarias de Cortizo, de Televés ou de calquera destas empresas preocupados e preocupadas porque o BNG, ou alguén, queira nacionalizar as súas empresas— ou se era un intento tamén ridículo de atribuírse algún mérito no éxito destas empresas. Pero este é o nivel da Xunta de Feixóo e dos seus argumentos —como dicía antes— profundamente decepcionantes.

Sen embargo, si que hai algo que, tanto os propietarios e propietarias destas empresas como o persoal que traballan nelas, poden ter moi claro: que, se algún día a empresa se vise afectada por unha crise, non poderían contar coa Xunta de Galiza nin co presidente Feixóo para



superala baixo o pretexto ridículo, estrafalario e tramposo de que a Xunta non está por nacionalizar empresas. Pola contra, no BNG temos claro que a Xunta debe participar activamente no rescate das grandes empresas en crise, no rescate do emprego industrial e no rescate de todo o tecido de pequenas e medianas empresas, de autónomos e autónomas e de todo o emprego inducido en xeral que alimentan as grandes empresas industriais do noso país.

Neste sentido van algunhas das vinte propostas que hoxe traemos a debate nesta moción para instar a Xunta a comprometerse activamente no rescate de empresas como Alcoa, Alu Ibérica ou Barreras, ou para exixirlle a Xeal que cumpra co estipulado nas concesións das centrais hidroeléctricas do Xallas sobre o mantemento do emprego nas fábricas de Cee e Dumbría. Exixímoslle compromiso co mantemento da actividade industrial e co mantemento do emprego. Compromiso é rescatar, compromiso é participar no capital social se for preciso, compromiso é participar na dirección estratéxica e no proxecto a longo prazo, compromiso é garantir o volume e as condicións do emprego.

E exixímoslle compromiso coa comarca da Mariña. Xa está ben de golpes de peito, xa está ben de «eu non o faría» pero non facer nada, xa está ben de non comprometerse con nada. O que precisa A Mariña é un plan industrial, un goberno que lidere, que faga unha diagnose, que planifique, que unifique esforzos, que marque o camiño e que comprometa recursos. *(Aplausos.)*

E tamén lle exiximos iniciativa. Existen importantes sectores na Galiza, como o da automoción, que están a vivir unha grande transformación e que dan emprego a máis de 25.000 persoas no noso país. E Galiza non pode quedar atrás. A Xunta ten que ter iniciativas e proxectos que diversifiquen e consoliden o sector, iniciativas e proxectos propios. Hoxe o sector galego da automoción é absolutamente dependente do que decida unha única gran empresa transnacional que non ten aquí os seus centros de decisión, máis de 25.000 empregos dependen das decisións dunha única gran empresa que toma as súas decisións a miles de quilómetros. ¿Acaso non é unha vulnerabilidade evidente da nosa economía?

Mais polo de agora o único que ten demostrado o goberno de Feixóo é que non ten proxecto propio, que non ten iniciativa, e que non ten rubor en manifestar que comparte as críticas e a visión que no sector da automoción ten o presidente de Stellantis, coma se as prioridades ou necesidades de Stellantis se solapasen coas prioridades e as necesidades do noso país mecanicamente e ao cento por cento. No BNG temos claro que o Goberno galego debe colaborar co sector da automoción, debe promover activamente a instalación de fábricas daqueles compoñentes que van ser ou xa son esenciais para a fabricación dos novos modelos de vehículos, ou daqueles compoñentes máis avanzados que poden exercer un efecto de atracción para outras empresas do sector.

Tamén lle exiximos iniciativa á Xunta para repensar o sector naval público na Galiza, para repensar o modelo de empresa de Navantia. Restringir a actividade de Navantia na ría de Ferrol á construción naval militar provocou o maior desastre económico e demográfico que se recorda. E a tendencia á baixa na construción naval internacional consolídase. Todas as ofertas internacionais son para comprar o deseño e construír nos seus estaleiros domésticos



—Turquía, Australia, Canadá, Estados Unidos, Grecia e agora Polonia—, todas as ofertas son para construír os buques nos seus estaleiros. Este modelo non se sostén e o Goberno galego non pode facer como os macacos, que non ven, non ouven e non falan. Perseverar neste modelo de empresa é tanto como desentenderse do que pasa na comarca de Ferrol, o mesmo que renunciar a exercer de goberno.

A Xunta debe tomar a iniciativa, entrar no consello de administración de Navantia e promover a diversificación e a recuperación de actividades en Navantia Ferrol para que, por fin, despois de corenta anos minguando, dobremos a curva e poidamos medrar fortalecendo as diferentes áreas de actividade do estaleiro —turbinas, reparacións, construción militar e construción *offshore*— e consolidando a colaboración coa industria auxiliar e coa universidade; e, a partir de aí, e apoiados na tecnoloxía, recuperar a construción naval civil para poder recuperar volume de emprego e xerar riqueza na comarca. Navantia-ría de Ferrol conta con instalacións, experiencia e reputación —todo de propiedade pública—, e debemos aproveitálas.

Exixímoslle iniciativa tamén no sector enerxético, iniciativa e ambición. Galiza conta con recursos enerxéticos —hídricos, eólicos e de biomasa—. Podemos ser unha potencia na xeración de enerxías renovábeis, podemos facer unha planificación racional e sustentábel da explotación destes recursos, compatíbel co medio natural e coa vida no rural, compatíbel cun sector pesqueiro fundamental no noso país. E tamén podemos explotar nós os nosos recursos para proveito propio, ¿non? ¿Por que non habiamos de poder se son nosos? Ou podemos facer todo o contrario, que foi a opción que escolleu o goberno de Feixóo: que planifiquen as empresas en función dos seus propios intereses e para o seu proveito particular. O goberno Feixóo pretendeu convencernos de que simplificación administrativa é sinónimo ou garantía de fomento empresarial, e provocou un auténtico desaguado: avalancha de proxectos, alarma social, sentenzas que anulan actuacións da Xunta, inseguridade xurídica e peche de empresas. Si, provocou peche de empresas. Porque, cando as empresas viron que para instalar parques eólicos na Galiza ningún lles vai pedir o que elas denominan «cota de fabricación local», marcharon producir onde si llela van exixir —por exemplo, en Franza—.

O deseño que apliquemos á explotación dos nosos recursos enerxéticos é unha cuestión fundamental, absolutamente esencial, que vai condicionar o noso futuro para ben ou para mal. Podemos ir a un deseño sustentábel de estándares exixentes ou podemos sacrificar o noso medio natural e a vida no rural. Podemos exixir aos promotores de parques eólicos que impulsen ou participen en proxectos industriais asociados ou podemos importar todas as máquinas e toda a tecnoloxía. Podemos explotar, polo menos, unha parte dos nosos recursos enerxéticos a través dunha empresa pública que funcione con criterios sociais e de promoción empresarial ou podemos seguir consentindo que o cártel das grandes eléctricas nos imponha prezos desmedidos e ilexítimos e poña contra as cortas a toda a industria e as familias.

Deixei para o final a investigación, o desenvolvemento e a innovación, a chave de bóveda e o común denominador das vinte propostas que traemos hoxe nesta moción para a reindustrialización do noso país. A I+D+i non só é soporte doutras actividades, senón que é un sector económico en si mesmo, un sector no que o coñecemento e o factor humano son fundamentais.



E remato. Traemos vinte propostas que se resumen en tres exixencias: compromiso, iniciativa política e ambición. Exiximos compromiso para salvar a actividade e o emprego dos sectores e as empresas en crise —como Alcoa, Alu Ibérica ou Barreras—; compromiso para participar activamente e directamente na solución, tanto no capital social, se fixese falta, como na dirección estratéxica. Exiximos iniciativa para liderar o cambio de modelo en sectores importantes, como a automoción, o naval público ou o enerxético, para elaborar e impulsar proxectos propios, para aproveitar as capacidades do noso país en función dos nosos propios e lexítimos intereses. E exiximos ambición como país, ambición para poñernos á altura dos mellores, dos que van por diante; ambición para facer unha aposta gañadora, unha aposta pola investigación, o desenvolvemento e a innovación; ambición para competir en coñecemento, en tecnoloxía e en produtos e servizos avanzados; ambición para acadar o círculo virtuoso dunha industria sustentábel, porque sen ambición, o mesmo que sen industria, non hai futuro.

Obrigado e máis nada polo de agora. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señor Fernández.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

É agora a quenda dos restantes grupos.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas ten a palabra o señor Seco García.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidenta.

Señorías do Partido Popular, eu non son dos que cre que o goberno de Núñez Feijóo abandone as súas competencias en materia industrial con malas intencións. Estou seguro de que este proceso que sofre Galicia de desindustrialización lles preocupa. Pero cada día que pasa teño máis claro que son incapaces de tomar as riendas deste país, que non saben como facer políticas útiles para o desenvolvemento industrial de Galicia e que carecen dun proxecto para o tecido produtivo do noso país —e moito máis despois de escoitar o seu voceiro neste Parlamento cando dixo no día de onte que o único problema industrial que ten Galicia é o elevado prezo da enerxía, do que falaremos hoxe pola tarde—.

Hai poucas datas presentabamos unha iniciativa ante a grave situación industrial que vive Galicia para pedir que entre todos os grupos políticos e tamén os axentes sociais e económicos deste país fixésemos un pacto pola industria. Pero unha vez máis quedou demostrada a pasividade dun goberno galego que, pese a ter as competencias plenas en materia industrial, prefire quedar estático e disparar contra o Goberno do Estado antes que buscar solucións para intentar recuperar un deteriorado tecido produtivo.

O balance da política industrial do Goberno galego nos últimos trece anos é claramente negativo. Se facemos un percorrido polo noso territorio, podemos comezar, por exemplo, coas explotacións agrarias, que están en situación de gravidade extrema, perdendo cartos ao vender por debaixo dos custos de produción. É un sector sen orientación política dende a Xunta,



o que supón que, pese a que o 40 % de toda a produción estatal sexa galega, só aportemos o 11 % da facturación de todo o Estado e o 7 % do emprego de toda España. E isto, señor Puy —aínda que non está aquí— non é culpa do elevado prezo da enerxía.

Se falamos do sector forestal, pese a que Galicia ten o 50 % da produción de madeira de toda España, só aportamos o 13 % da renda estatal e unha porcentaxe moi similar no emprego. E isto, aínda que lle pareza mentira ao señor Puy, tampouco é culpa do prezo da enerxía. O futuro de Ence segue no aire, cunha Xunta de Galicia que semella sentirse cómoda ante o peche desta empresa, por non ter durante moitos anos capacidade de ofrecerlle alternativas de espazo físico a unha empresa que non poderá no futuro continuar na súa ubicación actual por unha sentenza xudicial. E isto, aínda que lle pareza ao señor Puy, tampouco é culpa do prezo da enerxía.

Temos A Mariña lucense sufrindo unha profunda crise industrial, cunha fábrica de aluminio que sobrevive grazas ás mobilizacións dos seus traballadores, á presión da veciñanza da Mariña e ás actuacións do Estado para evitar o peche.

Vemos como unha empresa como Vestas pecha, nun proceso máis de deslocalización, sen que a Xunta poña en funcionamento os mecanismos necesarios que manteñan a produción de compoñentes eólicos en Viveiro. E isto, aínda que lle pareza mentira ao señor Puy, tampouco é culpa do prezo da enerxía.

Se miramos cara a Ferrolterra, a única política que se lle ocorre ao Partido Popular é traer en varias ocasións ao Parlamento unha iniciativa para pedirlle a Navantia a construción dun «buque ponte», despois de paralizar por intereses espurios a construción das fragatas cando gobernaba «eme punto» Rajoy e de levar a empresa pública Navantia á quebra económica. E créame, señor Puy, que isto tampouco é culpa do prezo da enerxía.

Mentres isto sucede, pecha Siemens-Gamesa nas Somozas ante os seus ollos, e o vicepresidente Conde saca peito neste Parlamento explicando como paralizan o sector eólico, un sector no que conseguiron ter absolutamente a todo o mundo cabreado: os promotores eólicos, as empresas auxiliares, os veciños afectados pola instalación de parques, as entidades ecoloxistas, as organizacións agrarias, etc. E créanme, señores do Partido Popular, que isto non é derivado do prezo da enerxía tampouco.

Nas Pontes non tiveron nin teñen políticas para afrontar a transición enerxética. Foron incapaces durante sete anos de goberno de Mariano Rajoy e os trece de Feijóo de levar a cabo políticas públicas para que este proceso non fose traumático e se producise unha transición xusta. E, como saben, esta crise tampouco está derivada dos actuais prezos da enerxía.

En Ourense nin está nin se espera o Goberno galego, ¡para que falar de como industrializar esta provincia! Quizá Ourense teña pouca industria derivado do actual prezo da enerxía.

Na comarca da Coruña Alu Ibérica segue sen solucións para buscar un investidor pese a que o goberno ten competencias para iso. A refinería está sen políticas públicas dende a Xunta de Galicia que aposten por diversificar as súas actividades que axuden a manter o seu futuro nun mundo en período de descarbonización.



Na Costa da Morte son incapaces de facer cumprir unha sentenza xudicial que obriga a manter o emprego en Xeal para seguir xestionando a actividade hidroeléctrica. E créanme, señores do Partido Popular, que a Xeal, como empresa, ter un prezo elevado da enerxía non lle vai nada mal, porque se dedica a vendela, entre outras cousas.

No naval privado de Vigo plantillas como a de Barreras ou Vulcano están nunha terrible crise, sen atopar o apoio da Administración autonómica para impulsar este sector. E non é culpa tampouco do prezo da enerxía.

O sector do automóbil ve como a crise dos microchips pecha liñas completas de produción na fábrica de Stellantis e con ela se perden centos de empregos sen que o Goberno galego faga absolutamente nada para apoiála. E créanme vostedes que a crise do sector do automóbil tampouco é culpa do prezo da enerxía.

E poderíamos seguir durante horas falando da crise industrial de Galicia. Pero esta crise tamén se ratifica nos datos oficiais que vostedes, señores do Partido Popular, publican. Galicia con Feijóo perdeu peso no conxunto da industria española tanto en termos de volume de produción como en termos tamén de emprego. A análise do valor engadido bruto das industriais extractivas manufactureiras e de enerxía mostran o descenso continuado do seu peso no valor engadido bruto total, cunha perda do entorno do 0,2 % anual. Na lexislatura pasada o índice de produción industrial diminuíu un 2,5 % en Galicia, seis veces máis que no conxunto de España, e chegou no ano 2019 a caer ata un 5,6 % mentres no resto do Estado aumentaba un 0,7 %.

En termos de emprego, dende que Feijóo goberna a Xunta de Galicia o emprego industrial diminuíu un 11,1 %. O mellor exemplo das súas políticas industriais é ver o que prometían no ano 2015, cando aprobaron a famosa Axenda de competitividade Galicia Industria 4.0, o típico documento da Xunta de Galicia para xustificar que fan algo e que queda en absolutamente nada. Prometían chegar —escóitenme ben— ao ano 2020 cun crecemento do sector industrial ata significar o 20 % do PIB galego e a creación nada máis e nada menos que de 50.000 novos postos de traballo na industria. Pregúntome cales son os datos do 2020, señores do Partido Popular. ¿Alguén do Goberno galego asumiu responsabilidades por ese incumprimento?

Teñen o Igape, que debería ser o principal axente público co que conta a Xunta de Galicia para levar a cabo a súa política industrial, completamente infrautilizado. Se miran as partidas económicas iniciais e despois observan a execución real do gasto nos sucesivos exercicios orzamentarios, queda un perplexo mentres observa as empresas que afogan en Galicia e o que se utiliza. Dos 306 millóns que tiña o Igape para o trienio do 2016 ao 2018 unicamente executaron pouco máis da metade. Pero no 2019, que orzaron 160 millóns, executaron menos da metade. E no 2020 orzaron 130 millóns pero non executaron máis do 70 %.

Resulta evidente que con estes datos podemos afirmar que non existe modelo dos gobernos de Núñez Feijóo na actividade industrial, pero, para o señor Puy e o Partido Popular, o único problema é o elevado prezo da enerxía.



Volvemos pedirles que avancen cara a novas vías de actuación na política industrial, co cambio tecnolóxico redefinindo os mecanismos de actuación do ámbito público na actividade industrial. Coa aparición de novas actividades e novas formas de produción deberían reforzar esa transformación estrutural, e o elemento central deste novo escenario debería ser o coñecemento, que tería que conducir a nosa economía cara a unha maior produtividade.

É imprescindible mellorar a eficiencia das políticas de I+D+i, de apoio ao emprendemento e de estímulo ao cambio organizativo e á modernización tecnolóxica de infraestruturas. É preciso establecer unha política industrial realista e con visión de futuro que permita que Galicia teña a oportunidade de gañar o seu futuro no escenario da Industria 4.0 —aínda máis nun contexto no que a ampliación da Unión Europea e a crise trouxeron consigo o establecemento de facilidades para a deslocalización de empresas galegas cara a outros territorios da Unión Europea—.

Unha nova política industrial é necesaria e urxente, xa que este sector resulta estratéxico pola súa capacidade de xerar postos de traballo con mellores salarios, así como unha maior calidade e estabilidade no emprego. E a dita reindustrialización debe ser complementada con medidas que impulsen a transformación dixital, ademais da transición ecolóxica con xustiza social.

Agora ben, para un obxectivo tan ambicioso resulta imprescindible deixar de facer populismo nun tema complexo e non pensar que nunha economía de mercado como é a europea todo se vai solucionar coa nacionalización de empresas, unha medida que debería ser o último recurso. Cada vez que unha empresa en Galicia ten problemas a solución para o BNG é pedirle ao Estado a súa nacionalización. E se non propoñen nacionalizar, fanlle crer á opinión pública que todo se soluciona con darlle maior participación aos axentes sociais nacionalistas nas decisións empresariais ou simplemente poñéndolle o apelido «galego» a unhas supostas solucións sen ningún tipo de xustificación técnica, coma se isto tivese un efecto máxico.

Por iso, compartindo algunhas das medidas que presenta o Bloque Nacionalista Galego nesta moción, pensamos que outras son meras ocorrencias ou un reclamo electoral para plantexar o nacionalismo como a solución aos problemas industriais que ten a nosa industria. Algunhas das que propoñen non cumpren coa legalidade vixente e outras simplemente buscan solucións fáciles para problemas complexos.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que terminar, señor Seco.

O señor SECO GARCÍA: Remato xa.

Iso si, sempre cos cartos dese malévolo Estado español que parece ser un lastre para Galicia menos cando se necesita do seu apoio económico e político para solucionar os problemas dun territorio como o galego que afoga porque a Xunta de Feijóo, con competencias plenas en industria, non ten ningún tipo de proxecto para o noso tecido produtivo.

Nada máis. *(Aplausos.)*



A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señor Seco.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

É agora a quenda do Grupo Parlamentario Popular.

Ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Bo día a todos.

Grazas, presidenta.

Logo de ver a sobreactuación nacionalista e a sobreactuación socialista, logo de ver ese BNG *rugir* coma un león contra o Partido Popular de Galicia e *maullar* coma un lindo gatito fronte ao goberno socialista de Pedro Sánchez, logo de ver o PSdeG-PSOE dedicando todo o seu tempo a defender a magnífica política enerxética do goberno de Pedro Sánchez, logo de tanta sobreactuación, eu quereda invitar esta Cámara a falar en serio da industria galega.

Señorías, Galicia non está a sufrir unha crise industrial. Voulles dar algúns datos que son a mellor vacina contra a demagogia nacionalista e a demagogia socialista. A economía galega resistiu mellor que a media estatal o impacto da pandemia. Durante o ano 2020 o PIB en España caeu un 10,8 %; en Galicia, un 8,9 %. Segundo os últimos datos do IGE, cerramos o ano 2021 cun crecemento do PIB do 5,3 %, que nos sitúa por riba da media española. Se falamos concretamente do ámbito industrial, o índice de produción industrial en Galicia medra máis que no conxunto de España, un 9,3 % en Galicia e un 7,4 % na media de España. No mes de novembro de 2021 —último do que temos datos— Galicia segue medrando no seu ritmo exportador. As exportacións acumuladas ata novembro ascenderon a 23.122 millóns de euros e superan xa o récord histórico de todo o ano 2019. Tamén os datos do valor engadido do sector industrial amosan un crecemento moi superior á media do conxunto do Estado.

Segundo a EPA do cuarto trimestre do ano 2021, a taxa de paro en Galicia é do 11 %, 2,3 puntos menos que a medida nacional. En xaneiro baixou o paro rexistrado e acadou as cifras máis baixas nun mes de xaneiro de toda a serie histórica. Respecto do mesmo mes do ano anterior é un 17,2 % menos, e seguimos en niveis inferiores aos de hai doce anos, señor Seco.

Sobre a débeda —de acordo cos datos do Banco de España—, no terceiro trimestre do 2021 Galicia é a terceira comunidade autónoma do réxime común con menor ratio de endebedamento. Esa é a realidade que vostedes negan.

Para o señor Seco nada ten que ver o prezo da electricidade. Hai unha crise enerxética que provoca unha crise industrial, pero o prezo da electricidade ¡como vai ser a causa! Mire, señor Seco, ¡claro que é a causa! E ¿sabe por que? Porque o prezo do megavatio/hora en España é de 122 euros por megavatio, cando en Francia é de 50 euros por megavatio e en Alemaña é de 36 euros por megavatio. ¡Claro que a crise enerxética está detrás dos problemas industriais que afectan non só a Galicia, afectan a todo o territorio español!



Hoxe o BNG vén a este pleno cunha ensaladilla de propostas, cun corta e pega. Síntoo se lle parece mal pero isto é un corta e pega de iniciativas que o BNG foi presentando ao longo dos últimos dezaioito anos nesta Cámara e que esta Cámara foi rexeitando de forma sistemática unha e outra vez —e non só a maioría do Partido Popular, tamén o Partido Socialista; xa lle acaba de dicir o señor Seco que tampouco comparten as súas receitas—.

Fan un corta e pega de moitas iniciativas e pretenden convencernos de que Ana Pontón ten un plan de reindustrialización de Galicia. ¡Caramba con Ana Pontón, despois de dezaioito anos fixo un plan de reindustrialización de Galicia! É isto, tres folios. (*O señor Tellado Filgueira amosa un documento desde o estrado.*) ¡Noraboa!, dezaioito anos e tres folios. (*Aplausos.*) Estas son as receitas da reindustrialización da señora Ana Pontón, cando a verdade é que todo o mundo sabe que o principal inimigo da industria en Galicia sempre se chamou «Bloque Nacionalista Galego». Vostedes sempre estiveron en contra de todo. Sempre estiveron en contra de todos os avances, en contra de todo. Querían pechar Reganosa, querían pechar e pecharon a central térmica das Pontes e de Meirama en Cerceda. Querían pechar e querían pechar Ence. Seguen traballando arreo para conseguilo. Están en contra de calquera proxecto eólico, están en contra da minería, están en contra tamén da eólica mariña, estiveron tamén en contra da ampliación de Citroën. Pero vostedes ¿están a favor de algo? Si, están a favor de nacionalizar. Ese é o seu mantra, nacionalizar. E por iso veñen hoxe con esta proposta. Propoñen nacionalizar Alu Ibérica, propoñen nacionalizar Barreras, nacionalizar Vulcano, propoñen crear unha empresa pública de enerxía, nacionalizar as centrais hidroeléctricas... Señor Fernández, equivócase de século. Viven vostedes nunha economía planificada de réximes soviéticos predemocráticos. Ese é o seu modelo económico, ese é o seu modelo industrial. Iso é o que hoxe veñen vostedes defender aquí.

Miren, nós cremos na colaboración público-privada, cremos nela e practicámola. Axudamos as empresas que teñen proxectos de ampliación, que teñen proxectos de modernización, que teñen proxectos de diversificación. Axudamos empresas en dificultades, ¡claro que estamos aí! Crems na colaboración público-privada. Pero vostedes ao que veñen é a propoñer nacionalizar empresas en creba, esa é a súa proposta.

E eu diríalle que non faga demagogia, porque ¿sabe o que ocorre? Que a nacionalización non é a receita para nada, porque Alcoa non reabrirá, sexa pública ou privada, se non hai un prezo competitivo da electricidade que lle permita competir co entorno europeo. Esa é a realidade. Polo tanto, a súa receita é pura demagogia que non se sustenta.

Botarlle a culpa á Xunta da situación na que se atopa Navantia —estaleiro público que depende do Goberno de España— é un exercicio de cinismo sen precedentes, señores do Bloque Nacionalista Galego. ¿Que ocorre? Que vostedes non teñen permitido —porque llelo prohibe a señora Ana Pontón, que está de noraboa, que está de felicitación nestes días— criticar o Partido Socialista. E, polo tanto, ten que subir aquí o señor Fernández a dicir que a culpa da situación na que se atopan os estaleiros públicos da ría de Ferrol —que dependen do Goberno de España— é da Xunta de Galicia. ¡Bochorno absoluto!

Miren, falan vostedes de plans industriais. Se querén falar da comarca de Ferrolterra, é que ese plan ten forma de pacto de Estado por Ferrolterra, un pacto de Estado que lle remitimos



a ese presidente que vostedes nomearon, o señor Pedro Sánchez, e que dende o mes de maio non deu resposta ningunha a ese plantexamento.

Piden vostedes un plan industrial da Mariña. É que o verdadeiro plan industrial da Mariña é manter aberta Alcoa e non parar as cubas. Polo tanto, se alguén ten un plan contra A Mariña é o Partido Socialista, a quen votedes apoian alí onde poden. Esa é a realidade.

Señor Seco, revise os prezos da electricidade. O partido que en Galicia preside «la cuñada de España» é responsable de aplaudir unha transición ecolóxica que atenta contra a industria galega —contra a industria de toda España, pero a nós preocúpanos a galega—. Pero eu creo que vostedes teñen outras preocupacións e están noutras cousas. E veñen aquí a aplaudir. Pois ¡alá vostedes!, pero dende logo aquí non representan a Galicia en ningún caso, están representándose a si mesmos e están aplaudindo o que fai o Goberno de España, pensando que iso lles vai dar patente de curso. ¿Para que?, ¿non ven onde están o señor Caballero e vostede? Están —precisamente por iso, por non defender a Galicia— no poleiro deste Parlamento galego, esa é a realidade. Esa é a indiscutible realidade. Por non defender a Galicia están no poleiro deste Parlamento. (*Aplausos.*) Nin sequera xustificando o inxustificable o PSdeG-PSOE rectifica.

Pero, señores do Bloque Nacionalista Galego, pidan responsabilidades onde as hai, porque hai unha política enerxética que está lastrando a industria de todo o país, a galega e a de toda España. Hai unhas tarifas inasumibles que levan as nosas empresas a non poder competir internacionalmente. Por iso pechan as empresas. Se falamos de Alcoa ou Alu Ibérica, son incapaces de ser competitivas con prezos da electricidade provocados polos socialistas que vostedes puxeron no palacio da Moncloa. Se falamos de Cerceda ou das Pontes, están pechadas polas políticas ideolóxicas e dogmáticas dunha transición ecolóxica mal entendida que levou ao peche de centrais térmicas que poderían seguir funcionando entre quince ou vinte anos máis. Nós pechamos centrais térmicas en España cando outros países as están abrindo nestes momentos. ¿Iso é responsable?, ¿iso é serio? Iso é un erro, iso é non entender o que é a palabra «transición».

Se falamos de Navantia —que dende que os socialistas asumiron o Goberno de España perdeu contratos millonarios, contratos internacionais fundamentais para dotalos de carga de traballo—, negáronse a encargar ese barco ponte despois de retrasar *sine die* as fragatas F-110. E o BNG segue gobernando con ese Partido Socialista que castiga o naval público da ría de Ferrol. Esa é a realidade, señor Fernández.

Se falamos de Vestas ou Siemens-Gamesa, son empresas que marchan, pero que non marchan de Galicia, marchan de España porque non cren na política enerxética do goberno de Pedro Sánchez. E si, claro, vostede falou de moitas empresas. Pero curiosamente, señor Fernández...,

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Ten que terminar, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...olvidou unha —remato xa, presidenta—. Olvidouse de falar de Ence, porque os traballadores de Ence se ve que son menos, que son traballadores de se-



gunda. A eses o BNG non lles dedica nin dez segundos no Parlamento de Galicia, de Ence non falan.

Mire, eu creo que esta iniciativa vén lavar a mala conciencia dun BNG que é tan responsable como o Partido Socialista na crise enerxética que afecta a toda industria de España e, por extensión, tamén a galega. Se queren servir a Galicia, se queren ser útiles, apoien o Goberno galego na súas reivindicacións fronte ao Goberno de España.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Apóíennos para evitar que o goberno socialista siga afogando as nosas industrias. Do contrario, se non o fan, eu creo que vostedes converterán o Bloque Nacionalista Galego nunha cooperativa de carguiños nacionalistas nas deputacións e nos concellos.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Tellado.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Para pechar o debate desta moción ten a palabra o señor Fernández Alfonzo.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Ben, constatamos máis unha vez que o Partido Popular é a quintaesencia do inmovilismo defendendo a ultranza un xeito de facer política que nos custou 12.000 postos de traballo no sector industrial. E as súas intervencións consisten en promover a estridencia e a mentira nos debates para ocultar que o goberno de Feixóo é un goberno que escapa das súas auténticas responsabilidades de goberno, *(Aplausos.)* para ocultar que o seu proxecto é o dun país sen competencias, un país reducido, simplificado, un auténtico *self-service*. Non deron ningún argumento que xustifique a negativa a rescatar as empresas galegas en crise. ¿Por que a Xunta pode participar cun 25 % no capital de Reganosa —que citou vostede— e non pode entrar no capital de Alu Ibérica ou de Barreras? ¿Será que Reganosa é máis estratéxica que as outras? ¿Cal é o baremo? ¿Como se mide isto?

Mais non necesitamos entrar nesta discusión, porque a Xunta participa tamén noutras empresas que non son estratéxicas, ¿verdade? Estes días está na prensa, por exemplo, o caso da empresa Biomasa Forestal, unha empresa das Pontes que fabrica *pellets* e que está participada por Xesgalicia e polo Inega. A pregunta á que ten que responder o goberno de Feixóo e o Partido Popular é por que a Xunta renuncia a rescatar empresas galegas en crise pero presenta mocións para que sexa a SEPI quen as rescate. *(Aplausos.)* Debe de ser, polo tanto, lícito e conveniente rescatar empresas. Pero se a SEPI non atende ás demandas da Xunta, a Xunta debería asumir un papel activo no rescate das empresas, cando menos presentando un plan industrial e comprometendo recursos propios na medida das súas posibilidades. Desde logo que esta sería unha forma de participar no debate político moito máis construtiva e moito máis incisiva tamén, a de presentarse nas mesas que sempre se constitúen nestes casos e dicir: Temos este proxecto, temos estes socios e estamos dispostos a poñer este di-



ñeiro. Insisto, sería moito máis construtivo que acusar de inacción os demais sen facer absolutamente nada.

O problema, ou un dos problemas, dos gobernos de Feixóo é que non poden poñerse de modelo de nada e, polo tanto, as súas críticas carecen de credibilidade. ¿Que argumento ten a Xunta para non promover unha empresa pública de enerxía? Din que son modelos doutro século. ¿Que clase de argumento é este cando a evidencia é que as empresas públicas europeas e chinas campan no noso país? Din que non poden garantir unha empresa pública a prezos competitivos. Que llelo digan aos franceses, que acaban de obrigar a súa empresa pública a conter a suba dos prezos da luz. Aquí aparecen de novo os problemas de Feixóo, porque, cando un carece de argumentos racionais, argumentos explícitos e solventes, as fotos abrazando o presidente de Iberdrola convértense na única explicación plausible. *(Aplausos.)* ¿Que argumento deron para manter as restricións produtivas en Navantia-ría de Ferrol? Ningún. Teremos que buscar a explicación tamén nalgunha foto ou tirando do seu histórico durante estes corenta anos. E o único feito contrastado que se deriva destas restricións é que houbo outros territorios que ocuparon o espazo e a oferta que antes ocupaba Ferrol, polo que parece que gobernan vostedes ao ditado de intereses alleos a Galiza. ¿Que argumento deron para rexeitar un centro de almacenamento de enerxía nas Pontes? Ningún. Mais agora lamentan que se vaia constituír en Estremadura. ¿Que plan teñen vostedes para As Pontes? ¿Que argumento deron para rexeitar a elaboración e impulso dun plan para A Mariña? Ningún, golpes de peito e nada máis. Que rompamos cos gobernos do PSOE nos concellos e nas deputacións é ultimamente a súa solución para todo, ou, dito doutro xeito, que lles entreguemos eses gobernos a vostedes, ao Partido Popular.

Pero o exemplo do que fan vostedes no Goberno galego non conduce a pensar que vaian facer nada mellor nos concellos e nas deputacións. Nós, desde logo, non deixariamos caer as grandes empresas industriais galegas sen facer nada. E hoxe facemos o que nos toca facer como líderes da oposición e da proposición —como di o meu compañeiro Luís—: traemos aquí vinte propostas para reactivar e reindustrializar o país, vinte propostas con argumentos explícitos e claros, elaboradas a partir das nosas capacidades e centradas exclusivamente nos nosos lexítimos intereses e nos nosos dereitos como pobo. Traemos vinte propostas para Ence —mire ben a moción— ou para Repsol, vinte propostas para rachar con esa política de simplificar e reducir Galiza, vinte propostas cargadas de compromiso co sector industrial, cargadas de iniciativa política para liderar o país neste tempo de cambios profundos, e cargadas de ambición para apostar decididamente por unha Galiza moderna á altura dos mellores.

Máis nada e obrigado. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moitas grazas, señor Fernández Alfonso.

(O señor Álvarez Martínez pide a palabra.)

¿Si, señor Álvarez?

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Si, grazas.



Quería pedir un turno de palabra conforme o artigo 76.3 do Regulamento deste Parlamento e respecto dunha afirmación que fixo o señor Tellado na súa intervención. Entendo que afecta a dignidade e decoro deste grupo parlamentario, en canto a unha integrante do Partido Socialista de Galicia, ao referirse á presidenta, a señora Carmela Silva, como «*la cuñada de España*».

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Espere un momento, señor Martínez. (*Murmurios.*)

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: ¿Perdón?

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Pide a palabra, e teño que dicir se lla concedo ou non.

Ten vostede, entón, tres minutos. (*Murmurios.*)

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Señora presidenta, desculpe o meu erro. Efectivamente, tiña que terme concedido o uso da palabra.

Creo, señor Tellado, que ese tipo de afirmacións sobre unha persoa que ostenta lexitimamente un cargo como presidenta do Partido Socialista de Galicia en nada enriquecen o debate, que ía sobre un aspecto de enerxías electrointensivas. Ao contrario, creo que desvalorizan o debate parlamentario dunha forma innecesaria e creo que son máis propias de determinados programas televisivos de *prime time* que dun debate parlamentario. Polo tanto, pediríalle que retirase esa afirmación.

Nada máis. Grazas.

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Grazas, señor Álvarez.

¿Retira vostede a afirmación, señor Tellado?

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidenta.

Eu creo que o que debilita a imaxe da política galega é ter nomeado a señora Silva presidenta do PSdeG-PSOE coas sombras de dúbida que pesan sobre ela polo caso do enchufe da súa cuñada. E, polo tanto...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Señor Tellado, a pregunta era moi clara. ¿Retíraa ou non a retira? Non ten vostede...

O señor TELLADO FILGUEIRA: Si, si, estou explicándolle a miña...

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Non ten vostede quenda de intervención, señor Tellado. ¿Retíraa ou non?, simplemente iso.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Xa lle digo que non a retiro, senón que ratifico as miñas palabras.



A señora PRESIDENTA (Prado Cores): Moi ben.

Grazas, señor Tellado.

Pasamos á terceira moción da orde do día.

Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández, sobre a política do Goberno galego respecto da publicidade de datos estatísticos

A señora PRESIDENTA (Prado Cores): A esta moción non se lle presentou ningunha emenda.

Para a súa defensa ten a palabra o señor Arangüena Fernández.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señora presidenta.

Por cumprimentar só o que dixo o noso portavoz, para aceptar o noso decoro, o señor Tellado tería que ter algún tipo de decoro el mesmo, cousa que me parece que manifestamente non é o caso.

Esta moción da que vou falar deriva —por certo, unha moción relativamente pouco glamurosa pero que creo de máxima importancia para a calidade de goberno da nosa comunidade— dunha interpelación na que preguntabamos basicamente por que se retrasara a información sobre contratos que legalmente a Xunta está obrigada a facilitar e que en xaneiro de 2022 unicamente estaba dispoñible para o ano 2018. É dicir, iamos con tres anos de retraso para unha información que, como mínimo, debería facilitarse con carácter anual.

O conselleiro dicíame entón que facilitarían vostedes un informe cos datos de contratación dos anos 2019, 2020 e 2021, cousa que, efectivamente, fixeron nestes días. ¿Cal é o problema? Fano vostedes con tres anos de retraso. Segundo problema: os datos amosan que seguen vostedes á cabeza das comunidades autónomas de España en importe de contratos adxudicados a dedo. Porque, se no 2018 era o 47,5 % —entre menores e negociados—, agora son un 33,5 % os menores, 3,60 % os negociados sen publicidade e 2,1 % os negociados con publicidade, que en total fan arredor dun 40 % que podemos presumir que se deron a dedo e que, en todo caso, non cumpriron cun principio básico da contratación pública como é o de libre concorrència.

¿Mellor que no ano 2018? Si, pero son datos moi malos, moi preocupantes e moi lonxe de, por exemplo, o Estado, que adxudica máis do 75 % dos seus contratos mediante procedemento aberto. De aí esta moción pola que propoñemos, en primeiro lugar, que a Xunta faga públicos no seu portal de transparencia nun prazo que non exceda dos catro meses posteriores ao remate de cada ano os datos estatísticos sobre porcentaxe en volume orzamentario dos contratos adxudicados pola propia Xunta, e tamén por todas as entidades do sector público autonómico, a través de cada un dos procedementos previstos na lexislación de contratos do sector público. E ¿por que pedimos isto? Por un motivo sinxelo e evidente. Igual que a xustiza retardada non é xustiza, a transparencia retardada non é transparencia, cousa que entende calquera e tamén —estou certo— entende perfecta-



mente o Goberno de Galicia. A pesar diso seguimos á cola en transparencia e na rapidez coa que se facilitan os datos.

En segundo lugar, pedimos que a Xunta proporcione os datos de contratos menores, aos que fai referencia o mesmo artigo, de forma aberta e dun xeito que facilite e non dificulte a súa análise. Porque a forma na que os proporciona na actualidade impide o tratamento deses datos, impide editalos; e parece expresamente feito para dificultar a súa análise en lugar de facilitala, cousa da que estamos certos que non é en absoluto casual.

En terceiro lugar, pedimos que a Xunta garanta o carácter residual da contratación menor en favor de procedementos con plenas garantías xurídicas, como os abertos simplificados e supersimplificados que están previstos e regulados na propia Lei de contratos do sector público, e prohiba a tramitación de contratos menores que non cumpran os requisitos previstos na Resolución do 6 de marzo de 2019 da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación, pola que publica unha instrución sobre contratos menores. Esa resolución, que a Xunta incumpre de xeito sistemático, establece entre outras cousas que o contrato menor carece de publicidade, polo que limita a liberdade de acceso aos procedementos de contratación de potenciais licitadores. O contrato menor restrinxe a libre competencia e igualdade de trato entre operadores económicos, afecta o principio de transparencia, e esa falta de transparencia afecta a eficacia e eficiencia na xestión dos fondos públicos e o principio de boa administración pública. Tamén di esa resolución —esa resolución que vostedes incumpren sistematicamente— que, cando se detecte que unha prestación determinada é recorrente e continuada no tempo e non varía de forma substancial, debe canalizarse cara aos procedementos de contratación ordinarios. Así faríase efectivo o carácter residual do contrato menor como ferramenta para as necesidades de escasa contía e duración temporal, cousa que non fai en absoluto a Administración autonómica galega, na que o contrato menor, lonxe de ser residual, representa o trinta e tantos por cento da contratación.

Porque o abuso da contratación menor que fai a Xunta de Galicia, tendo en conta as posibilidades de procedementos abertos, simplificados e supersimplificados con base no artigo 159 da Lei de contratos do sector público, implica un menoscabo das posibilidades de acceso das pemes ao mercado da contratación pública, que opera entón en Galicia de forma opaca, sen transparencia, concorrencia nin publicidade —e con graves riscos de corrupción na contratación pública, ademais de impedir a eficiencia na xestión dos recursos públicos—. Alí onde impera a adxudicación directa sen publicidade nin concorrencia nin planificación resulta inviable que se plantexen solucións innovadoras e eficientes en custos para a xestión dos servizos públicos. Onde impere a taxa plana do límite de contratación menor todo vale 1 euro menos de 40.000 nas obras, e 1 euro menos de 15.000 nas subministracións e servizos. E resulta imposible que os operadores económicos que carezan de acceso aos mecanismos e redes informais teñan acceso aos mercados de contratación pública propios dunha sociedade transparente e democrática.

En cuarto lugar, propoñemos que a Xunta proceda a establecer e publicar anticipadamente cada ano a planificación da contratación para realizar en cada exercicio, tal —e nisto non somos nada orixinais— como indica o artigo 28.4 da Lei de contratos do sector público. Trátase de facilitar que os distintos operadores económicos, especialmente as pemes, poidan



ter criterios para o acceso ao importante mercado da contratación pública. É un artigo moi clariño —o 28.4 da Lei de contratos do sector público— que vostedes, para variar, incumpren. Porque ese artigo, concretamente, establece que as entidades do sector público programarán a actividade da contratación pública que desenvolverán no exercicio orzamentario ou en períodos plurianuais, e darán a coñecer o seu plan de contratación anticipadamente. Pero esta previsión legal —previsión dunha lei— estase a incumprir pola Xunta de Galicia. Novamente teño que lembrarlles aquí que as leis están para ser cumpridas; non son opcionais para vostedes, como parecen pensar. Desde logo, non o son para a cidadanía, que ten que pagar impostos e cumprir cada día todo tipo de leis, pero que pode observar como tamén cada día a Xunta incumpre as leis que lle afectan como administración.

Señorías, esta moción deriva da nosa preocupación —importante preocupación— pola opacidade en materia de contratos da Xunta de Galicia, pero tamén do feito de que os datos agregados de contratación autonómica publicados, tanto os de 2018, que eran os únicos que tiñamos ata hai dous semanas, como os publicados recentemente, que comprenden ata o 2021, amosan que, segundo eses datos, contrastados cos da Junta Consultiva de Contratación del Estado, a Xunta de Galicia segue a ser a administración autonómica que máis recorre á contratación directa en España, porque adxudica 4 de cada 10 euros a dedo, ¡a dedo!, con contratos menores ou negociados. Eses datos amosan, ademais, que o contrato menor é a principal figura de contratación na nosa Administración autonómica, a pesar de ser unha modalidade de contratación pensada e deseñada para ser excepcional. É dicir, que novamente, como xa dixen no momento da interpelación, na Xunta o que debería ser excepcional convértese precisamente no oposto, convértese na norma, no común, no ordinario. E a publicidade que se lles dá a eses contratos tamén teño que dicir que é total e que segue a ser total e absolutamente insuficiente, ademais de estar deseñada expresamente para dificultar a súa análise.

Señorías, en democracia é fundamental cumprir as leis, e é fundamental a subxección —en especial da Administración pública, das administracións públicas— a ese cumprimento, que é o que se chama principio de legalidade. Significa que a Administración funciona con base na lei e non no capricho político, que tanto lles gusta a vostedes. Nesta materia vostedes non cumpren a lei e, por tanto, rebaixan a calidade da nosa democracia e empeoran a nosa democracia. E non hai que dar por garantida a nosa democracia, temos que coidala, porque está nunha situación progresivamente complicada, de cada vez máis complexidade, de cada vez máis desafección da cidadanía e de cada vez máis desconfianza, e isto ten moito que ver con todo o que estou falando, con todo o que estamos falando hoxe.

E a administración máis importante de Galicia, como é a Xunta, que está obrigada legalmente a algo tan básico como publicar os datos dos contratos que celebra, a planificar a contratación, a adxudicar os contratos seguindo procedementos públicos, abertos e competitivos, sistematicamente incumpre esas obrigas legais, rompendo cos principios de transparencia e de legalidade, que son piares fundamentais da nosa democracia, e, por certo, aboando o terreo para a corrupción.

Por iso lles pido o apoio a esta moción, e pareceríame francamente incomprensible e inexplicable que non a apoiasen.



Nada máis e seguimos. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Tabarés Pérez-Piñeiro.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Grazas, señor presidente.

Señorías, en primeiro lugar, quero partillar unha sensación, porque aquí, na moción anterior —e iso que era unha moción sobre industria e que non se mentou ningunha cidade nin ningunha provincia—, cumpriuse iso, unha tradición deste Parlamento, que é que cada vez que se menta a Ourense é por un feito negativo. ¡Fíxense ben! É sempre por un feito negativo, ben por despoboamento, ben por avellentamento, ben por corrupción ou ben por falta de industrialización. E o fastidiado e o máis duro é que sempre é certo. De feito, hoxe, como vén facendo ultimamente o Partido Popular, mentouse a señora Silva, tamén por vinculación a un suposto caso de corrupción, cando, en Ourense, hai unha persoa condenada por 104 casos de corrupción e non pasa nada. (*Aplausos.*) É máis, está inhabilitado, pero vulnérase a resolución xudicial e segue estando indirectamente en activo. Dígollelo como cidadán de Ourense porque certamente —créanme— é bastante duro o tratamento que padecemos os cidadáns e as cidadás.

Queremos anticipar ao Grupo Parlamentario Socialista o noso voto favorable á moción. Entendemos que o cumprimento da legalidade en materia de transparencia e o incremento da planificación e da previsibilidade no funcionamento da Administración poden axudar o desenvolvemento económico e social e a prevención da corrupción. E certamente a Xunta de Galiza non está cumprindo coas súas obrigas en materia de transparencia. E non o dicimos nós, nin tampouco é unha cousa de hai moitos anos, senón que é o Informe do Consello de Contas do 9 de novembro de 2021 sobre fiscalización de gastos da Administración xeral en materia de persoal o que determina e conclúe que a Xunta de Galiza, en materia de persoal, non cumpre de xeito correcto case un 50 % das súas obrigas legais de transparencia.

E como poden comprobar nos seus computadores —se vostedes saben utilizalos, e non como o seu compañeiro do Congreso—, (*Murmurios.*) se acceden á web de Transparencia da Xunta de Galiza, poderán ver que os datos de persoal do Servizo de Administración Pública seguen estando en xullo de 2020. Están sen actualizar. E é máis, é curioso que poña incluso na propia web que deben de actualizarse cada seis meses. Pois ben, xa levan tres semestres de atraso nesa actualización.

¿E que importancia ten? Pois si ten importancia porque podería permitir un control político do que está facendo a Xunta de Galiza e ver e comprobar como dende que goberna Núñez Feijóo —perdón, dende que preside a Xunta de Galiza Núñez Feijóo— a temporalidade —depende do sector— se multiplicou por 2 ou por 3. En calquera caso, disparou a precariedade e a temporalidade na Administración pública.



E á parte, claro, ¿que importancia ten esa precariedade, esa temporalidade, no funcionamento, xa non digo nas persoas precarizadas e nas persoas abusadas? Porque, segundo di a propia Xunta de Galiza, esa precarización, esa falla de provisión definitiva dos postos e traballo, impide a independencia, a obxectividade e a neutralidade do funcionamento da Administración pública.

En todo caso, emendando seguramente a bonhomía ou a inxenuidade do señor Arangüena, entendemos que unha transparencia, un funcionamento máis transparente da Administración pública de Galiza, non vai implicar a eliminación da corrupción e da arbitrariedade no funcionamento da Administración pública. Permítanme un exemplo. ¿Sabem cal era a administración pública autoproclamada máis transparente en 2017? ¡Bingo!: a Deputación Provincial de Ourense. A Deputación Provincial de Ourense, por medio dunha empresa coa que non tiña relación apenas comercial, era declarada —no 2021 tamén, pero xa no 2017— primeira de España en transparencia. Ben, 2017. Pois a pesar desa autoproclamación, dese galardón outorgado por unha empresa coa que tiña relación comercial a Deputación Provincial de Ourense, resulta que vén o Consello de Contas e xa no exercicio 2018 di que o 84 % das subvencións concedidas pola Deputación Provincial de Ourense foron a dedo e que o 80 % dos contratos celebrados foron contratos menores, mesmo que os troceaban, mesmo que infrinxían o límite cuantitativo para poder beneficiar nun 70 % dos casos as mesmas cinco empresas. Por certo, esa orientación sobre transparencia foi realizada a través dun contrato menor concedido ao hoxe secretario de organización do Partido Socialista. En fin...

Malia ser certo que a Deputación de Ourense fose a máis transparente do Estado —e os resultados do IGE e do INE acredítano—, está claro que non se garante unha boa xestión nin un compromiso na loita contra a corrupción.

E niso é no que temos que estar. Iso é o que nos pide a cidadanía e iso é o que dende o Bloque Nacionalista Galego pedimos ao Partido Popular: un compromiso real na loita contra a corrupción e non continuar como até o de agora. E non valen esas palabras ocas e esas palabras cínicas ou eses plans que mesmo xa dende o inicio non se cumpren —dende o inicio, por certo, atrasado—, que non se están a cumprir. E para iso baste lembrar esas palabras ocas, esas palabras sorprendentes e cínicas dun alto cargo do Partido Popular que en televisión dicía que estaba totalmente de acordo en que desaparezan «os *sinvergüenzas*» e que na vida política hai que distinguir entre o trigo e a palla, e semanas despois era detida esa mesma persoa por branqueo de capitais, organización criminal, tráfico de influencias, suborno, malversación de fondos públicos, prevaricación e fraude. Non abundan as palabras, señorías, ten que existir un compromiso real e sincero para eliminar a corrupción. (*Aplausos.*) A corrupción —que non en palabras do Bloque, senón en palabras do Parlamento Europeo— impide o desenvolvemento económico e social e castiga sobremaneira os sectores máis vulnerábeis da sociedade.

E ese compromiso real, de existir, coa corrupción non se compadece con que día si, día tamén se veña comparecer dende a Xunta de Galiza para non responder as preguntas de control desta oposición e mesmo se estea a negar a información, a documentación requirida polos grupos da oposición. (*Aplausos.*) Porque se dende o Bloque Nacionalista Galego solicitamos dende hai meses e aínda non foi cumprido o proxecto e os informes sobre a Cidade da Xustiza



de Vigo, non é por unha curiosidade meramente científica, senón porque existen sobrecostos dun 30 % e dun 40 % —¡mala planificación hai!— sobre o inicialmente licitado.

Cando solicitamos expedientes e informes sobre residencias de maiores, non é tampouco —que podía ser— por curiosidade científica, senón que é polos incumprimentos de atención ás persoas maiores que se están a vivir ou que se viviron nas residencias de maiores, e incluso polos incumprimentos contractuais que dende a Xunta de Galiza se están a consentir.

Cando solicitamos información sobre unha compravenda dubidosa da Xunta de Galiza no Concello de Ourense, por suposto, é simplemente porque existen dúbidas, tremendas dúbidas, sobre o procedemento seguido e a súa legalidade.

Non se compadece tampouco cunha política de transparencia e cun compromiso contra a corrupción que se impedira a persecución de delitos pola Administración de Xustiza e se vulneraran normas de financiamento de partidos políticos; por certo, señorías, en Madrid, Valencia, Salamanca ou tamén en Santiago de Compostela. Ou máis recentemente —e volvo tamén a Ourense— que se loe un alcalde que eximía a uns construtores si e a outros non de pagar un 10 % de cesión urbanística, que implicaba millón e medio de euros, en detrimento das arcas públicas; é dicir, da cidadanía de Ourense.

Señorías do Partido Popular, á marxe de medidas de transparencia, de plans que non se cumpren, comprométanse realmente contra a corrupción, porque pode pasar o que lle pasou a unha experimentada deputada deste partido neste Parlamento, presente neste momento, afeita a dar leccións aos demais deputados e deputadas desta Cámara, que pensa que a corrupción no financiamento de partidos políticos naceu co caso Filesa. Esquecemos que anteriormente xa existira un caso Naseiro —esquecen ou desculpan—. ¿E que acontece? Que, despois de vinte anos, os mesmos protagonistas do caso Naseiro volven estar implicados en casos de corrupción na Gürtel. Ou cortamos a corrupción ou estamos condenados a que se reproduza.

Como dixó —e reitero— o Parlamento Europeo, isto ten unha especial transcendencia, non só no descrédito das institucións, senón nos sectores e nas clases máis vulnerábeis.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tabarés Pérez-Piñeiro.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Señor Arangüena, como cuestión previa, quero dicirlle —e quero que presida este debate— que a Xunta de Galicia sempre cumpre coa normativa vixente e, por suposto, co principio de legalidade. Pero, por se vostede dubida desta afirmación, quero lembrar que existe un corpo de funcionarios e funcionarias e de interventores delegados de cada consellería que velan por que non existan fraccionamentos en materia contractual.



A vostede xa o imos coñecendo un pouco e xa sabemos que lle dá igual todo, porque, ademais de faltar ao respecto constantemente, a vostede gústalle moito esparcir basura e destrozarlle a honorabilidade e a honestidade de todo o mundo. Pero eu non comparto iso nin moito menos vou participar das súas insidias. E non podo consentir que poña en dúbida o traballo e a rigorosidade do persoal público ao servizo da Administración autonómica, que están por riba de calquera cuestión ideolóxica e de calquera capricho político. (*Aplausos.*) Por certo, señor Arangüena, se un coche que custa 60.000 euros lle parece un cochazo, supoño que un soldo de 108.000 euros lle parecerá un soldado, por non falar do coche do presidente Touriño, que custaba 480.000 euros; oito veces máis que ese cochazo do que vostede fala. Así que, leccións dos socialistas de Galicia, ningunha. (*Aplausos.*)

Señor Arangüena, mire, vostede non tivo ningunha credibilidade na súa intervención da interpelación do mes de decembro. ¿Lembra vostede que dixoo que o Goberno de España non tiña que facer a transposición da Directiva da protección de denunciante? ¿Escóitame aí atrás —que, agora, como o puxeron un pouco máis atrás, non sei se me escoita—? Pois mire, o pasado 27 de xaneiro, a Comisión Europea abriu un expediente de incumprimento ao reino de España por non facer a transposición antes da súa entrada en vigor, o 17 de decembro.

Señor Tabarés, ¿que lle parece a vostede o que di Transparencia Internacional sobre isto? Mire: «*Transparencia Internacional urge a España legislar contra a corrupción*». «*España empeora en corrupción, según Transparencia Internacional*». Isto dende que goberna ese señor que puxeron vostedes alí, ese que puxo a deputada máis veterana desta Cámara —que, por certo, a felicito, leva dezaioito anos—. Esa si que é unha deputada veterana e sabe perfectamente o que firma.

Mire, señor Arangüena, vostede dixoo iso nesa interpelación. Así que nós, leccións de vostede, en cumprimento de lexislación, cero.

E mire, a diferenza do Goberno de España, a Xunta de Galicia si que aplica a normativa. É unha lei, por certo, que foi votada polo Partido Socialista. Foi a única do pacto democrático que votou o Partido Socialista de Galicia naquel momento, a finais do ano 2015. Foi ponente o señor Villoslada, un ilustre deputado socialista da Coruña —por certo, ao que vostede está constantemente intentando emendarlle a plana, e intenta reescribir a lei que votaron a favor en 2015—. E como sei que me vai sacar aquilo de que somos do sector Vox do PP e logo non teño turno de réplica, pois, mire, xa lle digo que en seis meses, señor Arangüena, vostede pasou de ser o cobrador do frac do PSOE coruñés —si, si— a parecerse, sorprendentemente, a aquela protagonista da película *Los Otros*, de Amenábar, que non paraba de ver mortos ao seu redor e, ao final, resultou que a que estaba morta era ela. (*Aplausos.*)

Mire, en relación co atraso na publicación dos contratos, señor Arangüena, en canto ás datas de publicación dos informes anuais, que vostede vén aquí todo o día a dicir cando se teñen que publicar, teño que dicirlle que a verdade é que eu non sei se é consciente de que a lei non fala dunha periodicidade concreta para a súa publicación. De feito, a Xunta de Galicia publica ano a ano estes informes no primeiro trimestre, e así o fixo ata o ano 2020, cando a pandemia o cambiou todo.



Por iso, en relación coa información do ano 2019, que tiña que ser publicada no primeiro trimestre do ano 2020 —é dicir, a finais de marzo—, pois, como pode imaxinar, debo dicirlle que o Goberno galego estaba máis preocupado pola pandemia que por outras cuestións, que, aínda que importantes, eran menores. A diferenza do Goberno de España, que confinou o Portal de Transparencia, a Xunta de Galicia non pechou o Portal de Transparencia. Os socialistas de España pecharon o Portal de Transparencia. Así que, leccións, nesa materia, cero, señor Arangüena.

Obviamente, o ano 2020 foi un ano extraordinario e no ano 2021, como vostede sabe, pois contábase con ter certa normalidade, pero non foi posible. E aínda estamos agora saíndo da sexta vaga.

Ben, o conselleiro xa lle explicou aquí o outro día que tiñan pensado sacar eses datos en outubro, pero, polas circunstancias que todos coñecemos que pasaron na Consellería de Facenda no último trimestre do ano, en plena aprobación de orzamentos, non foi posible. Comprometeuse a publicalos en xaneiro, e hoxe é unha realidade, están publicados. Os que non son unha realidade son os do Goberno de España, que no día de hoxe non teñen publicado no Portal de Transparencia que vostede tanto exige os datos dos contratos do ano 2021. ¿Que leccións nos queren dar os socialistas, señor Arangüena?

Mire, vostedes, que están todo o día aquí... Falou o señor Tabarés de corrupción e demais. Mire, confinaron o Portal de Transparencia, o *Boletín Oficial do Estado* publicou compras millonarias de material sanitario por parte do Goberno de España a empresas de dirección descoñecida, señor Arangüena... ¿Que lle parece iso? Pecharon ilegalmente o Congreso dos Deputados, e non o di esta deputada, díxoo o Tribunal Constitucional; e o Tribunal Constitucional tamén decretou ilegal o estado de alarma. O presidente Sánchez dá roldas de prensa ao estilo *Aló, presidente*, filtrando as preguntas por Moncloa. Non, non... Vostedes, transparencia e opacidade, moita non.

Pero se baixamos ás institucións máis cercanas ao cidadán, por exemplo, ás deputacións, dicía o señor Tabarés: é que sempre que se fala da Deputación de Ourense se fala mal. Porque vostede fala de forma negativa, señor Tabarés, pero non porque haxa datos negativos. A vostede non lle gusta o informe Dyntra, que sitúa a tan deostada Deputación de Ourense no número 1 do *ranking* de medición de información pública de gobernos, cumprindo 31 dos 35 indicadores.

E mire, ¿por que non o fixeron as outras tres deputacións —claro, claro, as gobernadas polos socialistas e polos nacionalistas? Mire, a seguinte no *ranking* é a Deputación de Pontevedra (*A señora Prado del Río mostra un documento.*), no posto 12, cumprindo 18 dos 35 indicadores; a de Lugo, no posto 37, cumprindo 10 indicadores. E a da Coruña está no posto 40 —de 54—, cun 28,57 % de incumprimento de indicadores. ¡Dez!

Fala vostede de cousas a dedo. (*A señora Prado del Río mostra unha gráfica.*) Mire, na Deputación de Lugo, os convenios que asinan: o vermello é o PSOE; o verde, o BNG; e un 4 % para os concellos do Partido Popular.



Miren, señorías, un rotundo suspenso en materia de transparencia, e amosan unha forma de gobernar escura e opaca nesas institucións presididas por ilustres socialistas: a de Pontevedra, pola tan honorable Carmela Silva, presidenta do PSdeG, como previo ao seu liderado en corrupción... Parece que ao señor Tabarés non lle cheira mal esa corrupción. A corrupción do PSOE non lle cheira mal. Bueno, je que vir aquí hoxe defender a señora Carmela Silva, señor Tabarés...! ¡Iso queda no seu currículo de deputado! *(Aplausos.)*

Mire, na de Lugo, o líder provincial do Partido Socialista, ten un amplo currículo tamén en nepotismo. E como sei que a vostede lle gusta moito este tema, señor Arangüena, eu preguntolle: ¿que lle parece a vostede a contratación da señora Sonia Verdes na Deputación de Lugo, ou os 20.000 euros que lle deron á UXT, sendo responsable o irmán do presidente Tomé?

Ben, mire, unha cousa, señor Arangüena. Vostede falou aquí de porcentaxes de contratos menores. Dixo vostede que a comunidade autónoma era a que máis contratos menores firmaba de toda España, sen aludir a ningún informe nin a ningún estudo nin nada; díxoo así, sen máis. Eu recoméndolle que mire este informe *(A señora Prado del Río amosa o informe.): Informe anual de supervisión de la contratación pública de España*. Non é nin do Partido Popular nin de ningunha empresa que pague o Partido Popular, é do Ministerio de Hacienda. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, non, do Ministerio de Hacienda. Mire, si, si. E aquí, por exemplo, pode ver perfectamente os contratos menores da Deputación de Pontevedra. Mire, o verde, *(Murmurios.)* o verde, na Deputación da Coruña e na Deputación de Lugo. Isto é do Ministerio de Hacienda, non o di o Partido Popular.

Pero como vostede fala de porcentaxes de contratos menores, eu voulle poñer un exemplo moi claro. Mire — nós, que estamos na Comisión 1ª —, imaxine vostede que a Mesa de Comisión 1ª é unha mesa de contratación, e resulta que executa catro contratos, tres menores, de 18.000 euros cada un, e un contrato público, con licitación pública, por un millón de euros. Vostede diría: o 75 % dos contratos son menores. Eu diríalle: o 99 % dos contratos son por contratación aberta. Depende de como colla vostede a porcentaxe. Vostede colle o número, e eu pídlle que colla a cantidade que se contrata de xeito aberto e de licitación.

Mire, collamos o que collamos, señor Arangüena *(A señora Prado del Río le uns titulares de prensa.): «El Gobierno de Sánchez ha infringido 1.200 veces la Ley de transparencia»* — iso, este ano —.

E a vostedes parécelles mal que falemos da cuñada de España. Pero, mire, é que vostedes son o partido dos cuñados, porque non lles gusta falar do Falcon, pero cando o señor Sánchez foi á voda do seu cuñado no Falcon decretaron esa voda como unha cuestión de interese de Estado. Declarárono con base nos segredos oficiais, cunha lei franquista, por certo. Para iso non as derrogan; para o que lles interesa non as derrogan, para iso utilizamos as leis franquistas, *(Aplausos.)* para tapar a desvergonza do Falcon, que, como ben saben vostedes, hai un periodista galego que xa lle chama o «Falcon Fest» porque, claro, foron ao Festival de Benicassim no Falcon, á voda do cuñado, no Falcon... *(Murmurios.)* Faltoulles ir ao das Tanxugueiras, porque, mire, o que pasou co das Tanxugueiras, tamén, outra. A Televisión Española socialista...



O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...fixo coas Tanxugueiras o mesmo que está facendo o Partido Socialista cada día con Galicia.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo autor da moción, o Grupo Parlamentario Socialista, o señor Arangüena.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, quero agradecerlle ao BNG o seu apoio a esta moción. Decía o señor Tabarés que máis transparencia non elimina a corrupción, Teño que dicirle que iso, evidentemente, é así, pero si que axuda. Sen transparencia, complícase enormemente loitar contra a corrupción.

E teño que dicir que falar de transparencia e corrupción coa señora Prado resúltame case psicodélico, porque, señora Prado, eu non fun nunca o que foi imputado por aquilo que dicía vostede e que literalmente definiu como —abro comiñas— «*regalos de la hostia*». (*A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.*) Iso dicía vostede. Eu nunca recibín ningún regalo nin «*de la hostia*» nin de ningún outro tipo.

Eu, antes de entrar aquí, pois coticei aproximadamente vinte anos...

O señor PRESIDENTE: Non confronten en situacións..., por favor.

Remate.

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: ...e o día que non estea aquí seguirei cotizando, e non vou recibir regalos *de la hostia* de ninguén, señora Prado.

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio!

O señor ARANGÜENA FERNÁNDEZ: Polo tanto, señora Prado, leccións de ética, a min, ningunha. E ao Grupo Socialista, moito menos. (*Aplauso.*)

Porque teño que dicirle, señora Prado, que estivo vostede bronca, aínda que non tan bronca como na intervención da señora conselleira de Medio Ambiente, cando parecía vostede posuída por algún espírito maléfico. Chamábame a min machista. Decía: «machista, machista, machista...». Non sei por que. En todo caso, non sendo tan bronca, foi vostede bastante bronca, porque me acusa nada menos que de insidias e de «esparcir basura». Bueno, a verdade é que eu simplemente falei de datos e de leis; é dicir, insidias e basura, moi poucas.



Dime vostede, para soltar o latiguillo habitual, que eu estou atacando o persoal da Administración. Pois, moi lonxe da realidade. Eu non ataco o persoal da Administración. O persoal da Administración recibe instrucións e recibe criterios por parte da dirección do Goberno galego que vostedes sustentan nesta Cámara. E, polo tanto, o problema é o Goberno de Galicia, que fomenta a transparencia e fomenta a contratación a dedo. (*Aplausos.*) O problema non son, señora Prado, os funcionarios. Polo tanto, non se escude vostede nos funcionarios.

Falaba da Directiva de protección de denunciante. Decía que se abriu un expediente a España. Omitiu vostede que se lle abriu a España e a 23 países máis, porque, efectivamente, 24 dos 27 países da Unión Europea van con atraso na transposición da directiva. ¡Vinte e catro, señora Prado!

En todo caso, eu do que veño falar aquí —e do que falei aquí— e o que nós estamos proponendo ten que ver co feito de que, punto un, vostedes incumpran as obrigas máis elementais en materia de transparencia; e punto dous, vostedes incumpran a obriga de non contratar a dedo e non utilizar o contrato menor como figura básica da contratación, porque —reitero— os datos —e non ningunha insidia, os seus datos—, que vostedes publican, determinan e demostran que catro de cada dez euros se dan a dedo na Xunta de Galicia e nas administracións, ou nos entes, máis ben, que dela dependen.

E creo que falou vostede tamén de Dyntra. Bueno, mire, Dyntra —efectivamente, como dixo alguén por aí— dixo que no ano 2017 o señor Baltar, que a Deputación de Ourense, era a máis transparente de España. Dyntra non é unha organización nin unha empresa seria, Dyntra é directamente un chiringuito que podería montar calquera que andase por aí. (*Murmurios.*) ¡Un auténtico chiringuito! Pero os datos do Consello de Contas determinan que, segundo este, o señor Baltar outorga a dedo o 80 % dos contratos da Deputación de Ourense, casualmente a empresas sempre vinculadas ao seu partido, ¡o 80 %!, igual que outorga a dedo máis do 80 % das subvencións case sempre —casualmente— a concellos do seu partido. Unha situación que pon de manifesto datos que demostran un nivel de discrecionalidade na asignación de recursos públicos que son impropios dun país civilizado, dun país, xa non democrático, senón dun país minimamente civilizado.

E, mire, en decembro do ano que acaba de rematar, propuxemos no Pleno desta Cámara un plan para mellorar e modernizar a nosa Administración autonómica con base nun mínimo de oito eixos, efectivamente, e vostedes non o aprobaron. E falabamos alí de transparencia e de mellorar a contratación. Hai tres semanas votaron vostedes en contra de deseñar un plan de control de xestión das políticas públicas autonómicas. E agora van vostedes votar en contra de aprobar esta moción, que, en resumo, o único que pretende e o único que se pide nela é que se cumpra con certo rigor, cun mínimo de rigor, a lei; que se cumpra a lei. Van vostedes votar en cumpra de que se cumpra a lei.

Por tanto, se non aproban vostedes esta moción, estarán negándose a cumprir a lei en materia de transparencia e contratación, que establece que teñen vostedes que publicar datos sobre contratos, que teñen vostedes que respectar determinados criterios para facer contratos menores, que teñen vostedes que minimizar a contratación menor e que tamén teñen que programar a contratación pública. Se non aproban esta moción, serán vostedes practi-



camente un partido antisistema, serán vostedes un partido saqueador do público, e, en definitiva, farán un lamentable seguidismo do seu compañeiro Baltar, facendo, de paso, méritos para converter Galicia nunha república bananeira.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Arangüena.

Votación das mocións

O señor PRESIDENTE: Procedemos á votación das mocións.

Comezamos votando a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Xosé Luís Bará Torres.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres, sobre a política do Goberno galego en relación coa licitación do contrato da planta de incineración de Sogama en Cerceda.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Ramón Fernández Alfonzo.

Votamos.

Votación da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Ramón Fernández Alfonzo, sobre a política da Xunta de Galicia en relación coa crise industrial que asola Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 42; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: E votamos, por último, a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de don Pablo Arangüena Fernández.

Non se presentaron emendas.



Votamos.

Votación da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Pablo Arangüena Fernández, sobre a política do Goberno galego respecto da publicidade de datos estatísticos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 42.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta moción.

O señor PRESIDENTE: Suspendemos a sesión ata as 16 horas.

Boa tarde.

Suspéndese a sesión ás dúas e oito minutos da tarde e retómase ás catro.

O señor PRESIDENTE: Boa tarde.

Retomamos a sesión co punto 3, que é o de proposicións non de lei.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego por un sistema público galego de servizos de atención ás persoas

O señor PRESIDENTE: Non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente. Bo día.

Boa tarde a todas e a todos.

Quero saudar tamén, antes de máis, as persoas que nos acompañan hoxe na tribuna, que viñeron en representación da Confederación Intersindical Galega. Permítanme que de maneira nominal me refira ao seu secretario xeral, a Paulo Carril, pero quero facer extensivo ese saúdo ao conxunto de persoas que nos acompañan, a todas elas, ás que lles agradecemos ademais que estean hoxe aquí, seguindo este debate, que non é unha iniciativa do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego en si mesma, senón que é unha proposición non de lei de impulso popular promovida pola propia Confederación Intersindical Galega.

Ademais, chega esta iniciativa a esta Cámara co aval de máis de quince mil sinaturas, seis veces máis das que exige legalmente o Regulamento, para impulsar un debate popular nesta Cámara. E iso creo —persoalmente, pero tamén colectivamente— que deba ser motivo de recoñecemento unánime polo conxunto do Parlamento, porque é a sociedade galega, en definitiva, a través da principal organización sindical, da central sindical maioritaria, quen insta hoxe os grupos da Cámara —a nós tamén, pero, por extensión tamén, aos grupos po-



pular e socialista—, a debater sobre algo nada menor como son os dereitos sociais, e ademais os dereitos sociais dunha parte fundamental deste país como son as persoas maiores, as persoas dependentes e as persoas con discapacidade.

Estes días —e igual vostedes tamén o fixeron— lía un artigo nun medio de comunicación español que titulaba: «*Nada ha cambiado en las residencias dos años y 32.000 muertos después*». É unha cifra dun titular estatal. E eu preguntábame, lendo aquela información, aquela reportaxe xornalística: ¿e no demais? ¿Cambiou algo en xeral no sistema de coidados desde que se decretou a pandemia e con ela a emerxencia sanitaria a piques xa de cumprir dous anos, o 13 de marzo de 2020 para ser exactas?

Ao longo de todos estes anos, ao longo de todo este tempo, vimos como a covid-19 golpeou —golpea— con toda a crueza e intensidade o conxunto da sociedade, pero moi especialmente as persoas máis vulnerables, e, dentro delas, as persoas maiores, as persoas dependentes.

Vimos como a pandemia nestes dous anos poñía todo pernas para arriba e como se converteu nun azoute para o precario —precarísimo— sistema de coidados. A pandemia fixo visible o que non se quería ver, porque saber sabíase. Sabíase que as cousas nas residencias non estaban ben, entre outras razóns porque o persoal que traballa nas residencias de maiores o denunciaba pública e reiteradamente diante da Consellería de Política Social, porque o recollían os informes do Consello de Contas e porque se denunciaba por parte das organizacións sindicais diante da Inspección de Traballo.

E falamos moito, e falaremos aínda máis, de residencias, pero o certo e verdade é que en Galiza a maior parte da poboación con dependencia recoñecida por lei está na súa casa, está atendida basicamente pola súa familia —quen a ten—; para ser exactas, está atendida por algunha muller da súa familia e unhas horas do servizo de axuda no fogar en virtude do grao de dependencia que teña recoñecido. Aí imos centrar hoxe especialmente —porque o tempo é limitado— a defensa ou a reflexión que nos suxire ao Grupo Parlamentario do BNG esta iniciativa.

Cos últimos datos na man, pechados a 31 de decembro de 2021, das máis de 65.000 persoas con algún grao de dependencia recoñecida en Galiza, o 32 % son usuarias do servizo de axuda no fogar, 24.636 persoas. O 19 % ten unha prestación para coidados familiares, 15.263, e o 13 % unha prestación económica vinculada ao servizo, 10.129 persoas; é dicir, persoas, neste último caso, que reciben unha prestación económica para pagar o servizo na privada porque non se pode subministrar o servizo na rede pública.

Fronte a iso, a eses datos que acabo de relatar, só 8.100 persoas teñen unha praza nun centro de día no noso país. De máis de 65.000 que teñen dependencia recoñecida por lei, só 8.100 teñen unha praza nun centro de día, só 6.900 contan cunha praza de residencia e apenas 110 teñen unha asistencia persoal, que saben que é un servizo moi vinculado ás persoas con discapacidade. É dicir, aínda que a lei de dependencia estatal aprobada hai dezaseis anos prioriza o acceso a servizos antes que calquera prestación económica, os datos o que nos din é que a realidade vai nun sentido contrario. De feito, os últimos informes da Asociación de Dirección e Xerencias de Servizos Sociais o que nos din é que aquí, en Galiza, cada vez se



dan máis prestacións económicas vinculadas a servizos ou a coidados no contorno familiar, antes que acceso a centros de día ou a residencias de maiores.

Ademais, a maior parte dese diñeiro público que acompaña a lei de dependencia vai directamente para a empresa privada pola ausencia absoluta da Administración pública, quer porque renunciou a prestar o servizo ou quer porque fuxiu directamente del. E podemos poñer exemplos de como se privatizaron até niveis insostibles as prazas de residencias públicas no noso país.

¿Quen cuida? ¿Quen traballa nos centros de día? ¿Quen nas residencias? ¿Quen no servizo de axuda no fogar? E a pregunta máis importante: ¿en que condicións traballa quen nos cuida? Fundamentalmente son mulleres, e son mulleres precarias. *(Aplausos.)*

Vou poñer dous exemplos —¡dous!— que comparten situación no día de hoxe e que ademais son situacións que xa viñan antes da covid-19: as traballadoras do SAF levan co convenio caducado ou, por dicilo doutra maneira, sen renovar o convenio colectivo, desde 2012, e as traballadoras das residencias de maiores privadas desde o ano 2019, e percibindo, neste último caso, algunhas categorías profesionais, salarios por debaixo do salario mínimo interprofesional.

A situación no caso do servizo de axuda no fogar é directamente sangrante, por non dicir obscena. A patronal decide disolverse para non ter que negociar. Hai unha disparidade absoluta de condicións de traballo, empresas que non pagan o custo por desprazamento das traballadoras aos distintos domicilios e unha falta de recursos materiais e apoios adaptados técnicos enorme, porque, á fin e ao cabo, o centro de traballo é a casa da xente, non hai un centro de día, non hai unha residencia... Se non hai unha cama adaptada, é porque nesa casa non a hai, se non hai un baño adaptado, é porque nesa casa non o hai, ou se non hai unha grúa para erguer a unha persoa encamada ou con mobilidade reducida, é porque nesa casa non a hai. E iso vai no lombo delas, ¡iso vai no lombo delas!, e é peor que estar picando nunha mina, a pesar de que non se recoñece o esforzo físico e psicolóxico desas mulleres. *(Aplausos.)*

Nós non estamos hoxe —porque tampouco é como ven na parte resolutiva a intención da propia iniciativa, por exemplo— falando de canto se inviste no custo ou no financiamento das horas de axuda no fogar. Hoxe o que estamos é centrando o debate na planificación, na xestión e na organización mesma do conxunto de servizos sociais de atención e apoio a persoas maiores dependentes ou a persoas con discapacidade. E centramolo especialmente no servizo de axuda no fogar porque é o principal e o maioritario, pero tamén porque aquí enchemos unha e outra vez a boca a dicir que é a peza chave, o elemento central no despregamento dun sistema de coidados e de atención a persoas dependentes. Pero se é central, ten que ser digno e ten que ser cunha organización e unha planificación diferentes. E aquí xa digo que non cremos que corresponda xestionar un servizo destas características aos concellos; non é unha competencia municipal. E imos ver por que.

Hai que lembrar que a asignación de horas de SAF aos concellos é unha competencia autonómica, a intensidade horaria que reciben as persoas usuarias pola valoración dos equipos



de dependencia é unha competencia autonómica, as valoracións dos equipos de dependencia son competencia autonómica, e a asignación de recursos en función das necesidades e dereitos recoñecidos depende da Xunta de Galiza, que é, ademais, quen financia a maior parte do servizo. Pero logo a xestión do persoal, sexa directa ou sexa privatizada, o control na prestación do propio servizo ou, por exemplo, no caso dos servizos privatizados, que se cumpra ou non cos pregos de licitación, correspóndenlles aos servizos sociais comunitarios e aos servizos municipais. ¡Que nunha parte importante do territorio deste país os concellos máis pequenos teñen unha traballadora social e tira millas! E con iso cobres o servizo de axuda no fogar e todas as demais prestacións e dereitos sociais da poboación do teu territorio.

¿Que é o que propón hoxe a iniciativa que debatemos a instancias da CIG? Crear un sistema galego público de atención ás persoas; unha rede única de carácter autonómico e pública que integre os diversos servizos sociais dirixidos ao coidado, á atención das persoas maiores dependentes e a persoas con discapacidade. É dicir, que se ter unha vida en condicións dignas cando nos facemos máis vellas ou cando temos unha discapacidade e precisamos apoios para comer, para vestirnos, para lavarnos, para ducharnos, para erguernos da cama é un dereito, se iso é un dereito, que o é, debe existir un sistema público forte que proporcione os servizos necesarios para garantir ese dereito recoñecido por lei. En definitiva, señorías, que debemos construír un verdadeiro sistema de coidados forte e público que garanta dereitos de maneira real e efectiva, e con carácter integral e non disperso.

Se o obxectivo —e con isto remato— é engadirilles vida aos sans —e repito, engadirilles vida aos sans— en vidas que cada vez son máis longas, por sorte para todas, o que precisamos son sistemas de organización social dos coidados, igual que existen sistemas educativos e sistemas sanitarios públicos e fortes.

Nós imos votar a favor e agardo tamén que o fagan as súas señorías.

Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Ortega.

A señora ORTEGA OTERO: Grazas, presidente.

Dende o Grupo Socialista estamos de acordo en que este é un debate complexo, un debate necesario, e que temos que afondar no asunto, porque o certo é que a situación dos servizos sociais e do modelo de atención en Galicia é complexa e hai que afondar no asunto sempre partindo, por suposto, do rigor, xa que temos que adentrarnos e ver a radiografía para saber de onde vimos e cara a onde imos.

Non só debemos poñer en debate a dicotomía da iniciativa pública versus privada —que tamén, por suposto, tendo en conta a excesiva privatización que existe en Galicia—, senón



que ademais temos o deber de poñer en valor e de visibilizar o papel que desempeña tamén, por exemplo, a iniciativa social, o propio terceiro sector, porque parece que ás veces podemos caer no erro de esquecernos desta parte do puzle que é tan importante, e trátase dun sector clave no modelo de atención que queremos para os próximos anos.

Dende o Grupo Socialista fixemos fincapé en reiteradas ocasións na necesidade de regular a propia situación do terceiro sector, xa que non podemos esquecer nin obviar o gran traballo que fan dende este ámbito. Pero para falar desta cuestión, e máis concretamente se falamos dos centros de atención residencial, temos que facer unha análise cronolóxica; e o certo é que xa antes da pandemia, como dicía a señora Rodil, o Goberno galego foi advertido firmemente polas traballadoras do sector, polas familias e polo propio Consello de Contas de que non se estaban a facer as cousas ben nas residencias de maiores. Pero preferiron tapar os ollos e seguir co mesmo *modus operandi*.

Tras a pandemia visibilizouse a gravidade do que o propio Consello de Contas vaticinara no 2017 en canto aos erros do Goberno galego sobre a propia xestión nas residencias de maiores. Pero é que, ademais, a propia Fiscalía Superior de Galicia tamén emitiu un informe posterior sobre a necesidade dun maior investimento neste ámbito por parte da administración competente, que é a Xunta de Galicia.

O certo é que o Goberno galego ten a maioría absoluta —que presume moitas veces diso—. Isto quere dicir que gran parte dos galegos e galegas depositaron a súa plena confianza para que o Partido Popular xestione Galicia, unha das comunidades autónomas máis envellecidas do país. E o Goberno galego decidiu optar excesivamente por un modelo privatizado. Pero, jollo!, no momento en que vostedes deciden asumir esta opción, tamén teñen a obriga e a responsabilidade de compensar esta carencia na supervisión que a Administración deixa de ter sobre os centros a través dunha inspección debidamente dotada, como xa reiteramos en moitas ocasións. E o que pasou en Galicia foi o contrario: a medida que aumentaba o número de prazas privadas, o número de inspeccións baixaba. É tal o desequilibrio en Galicia que somos a segunda comunidade autónoma con menos técnicos de inspección para supervisar as residencias de maiores en Galicia.

Polo tanto, o que temos que debater hoxe é o modelo de atención que queremos, coñecendo a radiografía do que temos agora en Galicia e dilucidando cara a onde queremos ir, dende a coherencia coas políticas que practicamos, e tendo en conta que estamos a falar dunha cuestión moi sensible e partindo sempre dende o realismo e a practicidade.

A pandemia visibilizou os problemas que había, pero tamén puxo en valor o traballo —como dicía— do terceiro sector e a iniciativa social, por exemplo. Como pasou, por exemplo, nos centros de persoas con discapacidade, que lograron sortear o impacto e a incidencia do virus grazas ao traballo do persoal e ás asociacións de iniciativa social, que só, por exemplo, nos centros de Fademga tiveron sobrecostos de máis dun millón e medio de euros, e a Consellería de Política Social non os quere asumir a pesar de ter as competencias directas, a pesar de recibir moitos fondos —como nunca— por parte do Estado e a pesar, por certo, de que a propia conselleira e o mesmísimo presidente Alberto Núñez se apropiaron indebidamente deses bos resultados dos centros de discapacidade para minimizar e tapar o impacto que a



pandemia tivo en canto a falecementos e contaxios pola covid nas residencias de maiores. (Aplausos.)

O certo é que o sistema de atención e servizos sociais en Galicia está na espiña. Partimos de ser a comunidade autónoma con menor gasto medio por cada persoa dependente. (A señora Ortega Otero amósalle á Cámara un documento.) Partimos de ser das comunidades autónomas que menos cobertura ofrecen na súa renda mínima ás persoas en situación de exclusión ou pobreza. Aquí o temos (A señora Ortega Otero amósalle á Cámara un documento.): só o 4,6 % dos galegos que están no umbral da pobreza cobran a risga. Pero, ¡atención!, no País Vasco, que é o líder, cóbrana case o 62 %. É totalmente descompensado. ¡Fagan compatible xa dunha vez a risga co ingreso mínimo vital!, ¡levámolo advertindo dende o Partido Socialista máis dun ano e medio! Cumpran coa súa obriga e rescaten a xente no peor momento que está a vivir.

Partimos de ser a segunda comunidade autónoma que menos inspectores ten por toda España para supervisar o correcto funcionamento e que se cumpra a normativa nos centros de atención residencial. Pero é que, ademais, partimos de ter un déficit de catorce mil prazas, que son as que faltan para chegar a cubrir o número de persoas que se precisa segundo as recomendacións da propia OMS; co agravante de que o Goberno galego non cobre nin tan sequera a totalidade de prazas que hai. Mentres esas prazas están baleiras, existe unha lista de agarda interminable que supera máis do dobre do que permite a lei.

Pero é que, ademais, partimos dunha lista de espera en dependencia inasumible, que tristemente se reduciu, de feito, debido á pandemia por varias cuestións: primeiro, polo falecemento das persoas na pandemia; e, segundo, porque se fixeron valoracións telefónicas para valorar o grao e a discapacidade das persoas dependentes. E aquí quérome parar nesta cuestión, porque o denunciámos por parte do Partido Socialista en reiteradas ocasións e con exemplos concretos. Por exemplo, unha persoa con xordocegueira foi valorada por teléfono. Isto é totalmente inasumible. ¡Como pretenden valorar con rigor unha persoa con dependencia ou discapacidade, por teléfono!

Partimos, ademais, dun Goberno galego do Partido Popular que votou en contra da nosa petición sobre a necesidade dunha comisión de investigación sobre o acontecido nas residencias de maiores. Se tanto presumen de boa xestión, ¿por que non saber como se fixo? Se o fixeron ben, podemos servir de exemplo, e se o fixeron mal ou houbo erros, podemos aprender diso.

«Exconselleiro de Política Social de Ayuso firma unha petición para que se investiguen las muertes en residencias». Di textualmente: «Ayuso y yo deberíamos ir a una comisión de investigación a explicar lo ocurrido en residencias.» Tomen nota, son tamén do Partido Popular. ¿Por que non investigar o que pasou? ¿Por que non saber onde houbo erros para poder prepararnos para o futuro?

Partimos os galegos e galegas de ser parte do corenta por cento da poboación española que vive en comunidades autónomas con servizos débiles —segundo o último estudo publicado en 2021 pola Asociación Estatal de Directores e Xerentes de Servizos Sociais—. (A señora Or-



tega Otero amósalle á Cámara un documento.) Aquí temos a Galicia, nos últimos postos, temos servizos sociais deficientes.

Partimos dun goberno negacionista de problemas como os que teñen as persoas maiores coa banca, para o que trouxemos dende o Partido Socialista, hai máis dun ano, en abril do ano pasado, unha proposta para poñer solucións sobre a mesa. E o Partido Popular votou en contra. ¿Por que?

En definitiva, partimos dunha desvantaxe que pagan os máis vulnerables, mentres estamos no momento en que chegaron máis fondos por parte do Estado a Galicia, o cal quere dicir que temos maior cobertura e maior capacidade de gasto. Dende o Grupo Socialista fixemos, aproveitando estes recursos, moitísimas aportacións e propostas con ánimo construtivo para poder reconstruír os nosos servizos sociais. Pero lamentablemente queren continuar coa política de ollos pechados e botar as culpas ao resto de administracións, cando as competencias están aquí e, polo tanto, os recursos están no Goberno galego.

É preciso incrementar o número de prazas públicas de xestión directa, é preciso incrementar o persoal de inspección, é preciso incrementar o persoal dos equipos de valoración da dependencia e dos equipos de valoración da discapacidade. É preciso incorporar persoal formado nas residencias de maiores e, por suposto, é preciso cambiar o modelo de atención, pero de verdade, con accións e non vendendo fume e márketing. Blinden as condicións de traballo das persoas traballadoras do sector. Pensen nelas, nas persoas que están cuidando dos nosos maiores, das persoas dependentes, das persoas con discapacidade. Temos que blindar as condicións de traballo.

E agora o PP dirá que todo é culpa do Goberno de España pero o que non di é todos os fondos recibidos nestes últimos tempos. Nestes últimos anos, tras a pandemia, máis de 37.000 mil galegos e galegas percibiron o ingreso mínimo vital. ¿Cantas resolucións da risga fixeron, señorías do Partido Popular, no 2021? Máis de 200.000 galegos e galegas beneficiáronse da prórroga dos ERTE; máis de 500 millóns en prestacións para autónomos; máis de cinco millóns para o subsidio extraordinario para eses galegos que esgotaban a súa prestación por desemprego; máis de 4.000 galegos con contrato fixo discontinuo acolléronse a medidas extraordinarias para este tipo de situacións; máis de 200 millóns para o primeiro semestre do ano 2021 para traballadores autónomos e empresas máis afectadas pola pandemia; máis de dous millóns para o programa de axuda alimentaria para as persoas máis desfavorecidas; máis de 60.000 persoas beneficiáronse do bono social térmico; máis de 100 millóns para o Plan concertado; máis de tres millóns para atención á pobreza infantil; máis de 700 mil pensionistas galegos e galegas que revalorizaron as súas pensións grazas ao Goberno de España; máis de 200 millóns en políticas activas de emprego; máis de 10 millóns de euros para o Plan corresponsables; máis de seis millóns destináronse para o reforzo educativo; máis de tres millóns para o financiamento de libros de texto; máis de 21 millóns para o impulso do Plan de modernización de formación profesional; máis de 10 millóns destináronse para o impulso da educación de 0 a 3 anos, para a creación de máis de 1.139 prazas públicas e gratuítas de gardería. E podería seguir pero non teño tempo...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.



A señora ORTEGA OTERO: ...ademais do plan de choque en dependencia e moitas outras partidas que non teño tempo a dicir.

Pero ¿que fai o señor Feijóo ante isto, cando se fala de cifras e de datos que deixan a Galicia nas peores posicións do Estado? Pois botarlles a culpa aos concellos, botarlle a culpa ao Goberno e botarlle a culpa ao resto. E a proba diso verémola na seguinte intervención por parte do Partido Popular.

Cando as cousas van mal despois de catro maiorías absolutas e a única resposta do presidente de todos os galegos e galegas é botarlles as culpas aos demais, lémbrome dunha cita moi popular que di: «Unha persoa pódese equivocar moitas veces pero non se converte nun fracaso ata que comeza a culpar a outros dos seus propios erros».

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora ORTEGA OTERO: Invistan no que de verdade importa. Deixen de precarizar os servizos de atención ao coidado na comunidade autónoma máis envellecida do país, porque precisamos dun goberno honesto, serio, capaz e traballador. Non defrauden a confianza da cidadanía.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Ortega.

Grazas.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, presidente.

Permítame que comece saudando os representantes da CIG e tamén a presidenta e as persoas que a acompañan representantes da Asociación de Centros de Día de Galicia, que hoxe tamén se achegaron aquí para un tema que creo que lles interesa.

Señorías, na súa permanente obsesión por ir a contracorrente dos tempos, o nacionalismo galego regálanos hoxe unha iniciativa que agradecemos profundamente —por certo, unha iniciativa que hoxe debatemos grazas a unha lei de iniciativa lexislativa popular apoiada cos únicos votos do Partido Popular de Galicia—. Nas vésperas do entroido, a CIG presenta unha iniciativa que parece deseñada para arrincarlle ao BNG ese disfrace de moderación que tanto lle parece gustar á señora Pontón pero que tanto lle parece desgustar a algún dos gardiáns das esencias nacionalistas. E exemplos nos últimos tempos temos diso. Anunciaron na súa asemblea que xa o BNG non era unha forza independentista, e, días despois, o señor Rego profetizaba a chegada máis pronto que tarde dunha república independente galega. Protestaron recentemente —*performance* parlamentaria incluída— polos intentos de caricaturizar



o BNG e porque se tentase vinculalos con radicais pouco democráticos e nese mesmo pleno EH Bildu —compañeiros de lista europea— manifestábase ás portas da Audiencia Nacional vitoreando a Mikel Antza, que acudía a declarar polo asasinato de Gregorio Ordóñez. Nese mesmo pleno a señora Rodil facía ostensibles xestos de desaprobación cando eu afirmaba que o BNG pretendía a nacionalización do sector de coidados de persoas e hoxe debatemos a proposta da CIG de crear un sistema público galego de servizos de atención ás persoas integrado por unha rede única pública que os integre a todos. Pois, ¡home!, para non ser nacionalización, paréceselle bastante, sinceramente. Por certo, se mo permiten, diso vou falar, porque diso fala a iniciativa, que vostedes diso non dixeron unha palabra aquí.

A Real Academia define o disfrace como «vestido ou máscara que se utiliza para mudar de aparencia e evitar que sexa recoñecida a persoa que o leva». Hoxe asistimos a un novo intento de disfrazar de boas intencións o que non é máis que a vocación nacionalista de intervencionismo e liberticidio do vello/novo BNG —isto dá igual porque, aínda que o BNG se vista de seda, BNG se queda—. E hoxe asistimos a unha nova mostra dese disfrace de mentiras, de falacias, de manipulación burda.

Miren, é mentira que se estean desmantelando os servizos públicos galegos. Nunca houbo máis e nunca foron máis fortes. Decía a señora Ortega cal é a resposta do Partido Popular ás súas críticas. Os centros de día multiplicáronse por catro, os centros de Alzheimer multiplicáronse por dous, a vivenda comunitaria incrementouse un 30%; residencias, 44% máis de prazas; os bonos libranza multiplicáronse por sete; as casas do maior inventounas este partido; prazas de discapacidade, 30% máis. Esa é a resposta do Partido Popular.

Son falacias porque se pinta un sector ao que se caricaturiza en forma de «alimañas sedentas de cartos», xente sen corazón que parece disposta a sacrificar vidas humanas a cambio dos beneficios. Non é certo. Primeiro, ¿acaso o sector público non cotiza en bolsa?, ¿onde cren que se financia esa débeda pública que tanto parece desgustar ou gustar segundo quen a aplique? Están aquí os representantes dos centros de día de Galicia. ¿Estes cotizan en bolsa?, ¿as casas do maior cotizan en bolsa?, ¿as casas niño cotizan en bolsa? ¡Oia! Aquí hai uns representantes de máis de cen centros privados que xestionan pequenos autónomos e que dan traballo a máis de mil persoas. ¿Non merecen un certo respecto e ser tratados de maneira axeitada? Eu creo que si. *(Aplausos.)*

É moi manipulador contrapoñer a «incuestionable eficiencia» do sector público contra a «indiscutible catástrofe» da xestión privada. Pois non, nin é verdade o primeiro nin é certo o segundo. Houbo administracións eficientes e outras que o foron menos. Houbo empresas excelentes e outras que non deron a talla. ¿Fallaron os centros de día —que, por certo, pedían vostedes reiteradamente que abrisen de xeito inmediato porque eran fundamentais as funcións que desenvolvían—? ¿Fallaron as casas do maior? ¿Fallaron as casas niño? ¿Fallou o Servizo de Atención ao Fogar? ¿Fallaron a maioría das residencias? Eu creo que non. E son eses os sectores que vostedes piden incorporar inmediatamente a esa rede pública, os que queren nacionalizar.

¿Acertou sempre o sistema público nesta pandemia? ¿Acertou o sistema de alerta epidemiolóxica? ¿Acertouse coa decisión de centralizar as compras de toda España no Goberno? Por-



que resulta un pouco sorprendente que se critique permanentemente as empresas privadas que foron incapaces de subministrar e facilitar EPI aos seus traballadores e, ao mesmo tempo, apláudese a xestión do Goberno de España, que tiña a obriga asumida polo propio Goberno de facilitar eses EPI ás empresas. ¿Como poden criticar a un e aplaudir ao que tiña que facilitarlos? A min paréceme certamente sorprendente e pediría, por Deus, respecto para os traballadores; pero respecto para os traballadores da pública e os da privada. Creo que todos fixeron un esforzo ímprobo e, por certo, non por picar pedra senón por coidar persoas, por salvar vidas.

A Real Academia ten unha segunda acepción para «disfrace»: «Artificio mediante o que se presenta unha cousa distinta de como é en realidade». E a verdade é que me parece moi acaído —dígollo de verdade, moi acaído—. Sorpréndanse, señores representantes da CIG, porque cando falamos de servizos públicos de carácter social ningunha forza política galega —ningunha, sen excepción— privatiza máis que o BNG. Non se me enfaden os señores do Partido Socialista de Galicia, porque son os segundos de cerca; pero os que máis, o BNG.

Lin nas vésperas deste debate unhas declaracións do señor Carril nas que afirmaba que a central sindical leva anos denunciando a situación das residencias da terceira idade, dos centros de día, dos centros de atención á diversidade e dos servizos de axuda no fogar, servizos que o goberno do PP na Xunta vén desmantelando e privatizando para facer deles un novo negocio. ¿Está a Xunta privatizando os servizos de prestación municipal? Porque resulta sorprendente —por certo que non todos os concellos privatizan na mesma medida—. No servizo de atención de axuda no fogar, a porcentaxe de privatización nos concellos gobernados polo BNG é do 46,6 %; nos concellos gobernados polo PSdeG, o 45,5 %; en concellos gobernados polo Partido Popular de Galicia, o 29,8 %. (*Murmurios.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Non, claro, dá igual! Os datos matemáticos, cando non interesan, despáchanse cun... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Un argumento, sen dúbida, de peso! (*Aplausos.*) ¡Home!, non lles gustan as residencias privadas. (*Aplausos.*)

Para os compañeiros da CIG, miren, a Xunta ten agora mesmo, das da súa titularidade, unha xestión indirecta do 40 % das residencias. As da Deputación de Lugo ¿saben cantas se xestionan de maneira privada? O cen por cento. De sete residencias, as sete están concesionadas. No último debate que mantivemos aquí, dicíalle eu, señora Rodil, que, se vostede defende iso, paralícen de inmediato o proceso de licitación da residencia de Meira. Hoxe Meira xa está xestionada por unha empresa, Troncoso Casares. Merécenos todo o respecto do mundo, pero, ¡home!, non veñan aquí a pedirnos ao resto que xestionemos directamente o mesmo día que vostedes están privatizando os servizos en contra do seu propio criterio e do criterio que defende o sindicato maioritario de Galicia —segundo vostedes—. Polo tanto, eu pediría un pouco de... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

¿Cal é o seu modelo de servizo público, señores —aos que lles causa tanta graza—? (*Murmurios.*) ¿O modelo Ribadeo? O 8 % da residencia de Ribadeo ten emprego público, ¡o 8 %!; o 92 % é emprego privado. ¿Ese é o seu modelo de servizo público? Pregunto: ¿quen aprobou esa lei?, ¿quen lexislou os concertos, a xestión indirecta, os convenios?, ¿quen privatizou o 70 % das prazas públicas de residencia que crearon durante o Goberno bipartito? ¡A ver se foi o Partido Popular! Foron vostedes. O 70 % das prazas eran prazas privatizadas, fronte ao



dato actual da Xunta, que xa lles dixen antes que é o 40 %. Pero os que nos veñen dar a lección son vostedes a nós. É unha cousa sorprendente.

Mire, entenderá vostede que temos que rexeitar esta iniciativa, porque o Partido Popular de Galicia cre firmemente no fortalecemento dos servizos públicos que atenden o ámbito social pero tamén na necesaria participación dun sector privado emprendedor, dinámico e ben regulado. Iso si, non quero que se vaian cun mal sabor de boca e, dende o respecto profundo polo labor da CIG —que eu, como secretario de organización do Partido Popular de Galicia, tantas veces desfrutei da súa compañía, da compañía dos piquetes, dos seus cánticos e do seu enxeño poético—, quero colaborar tamén facilitando o nome dalgunha das administracións públicas máis privatizadoras, porque igual lles dou unha opción para que sexan outros os que desfruten deste tratamento que recibe habitualmente o Partido Popular.

O Concello de Vigo privatizou en servizos sociais todo o que era privatizable, ¡todo, todo o privatizable! O Concello de Pontevedra, con goberno do BNG, exactamente o mesmo, todo o privatizable está privatizado. En Ribadeo está o SAF privatizado —goberno do BNG—. Oian, poden acudir a Carballo. Agora mesmo nestes días estase licitando novamente o servizo de axuda no fogar no concello de Carballo, no que non goberna o PP —para a nosa desgraza, pero non o goberna, gobiña o Bloque Nacionalista Galego—. En Muras o punto de atención á infancia está privatizado. Nas Pontes (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)... Non mo conte a min...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...dígallo ao xefe. Eu xa sei que é máis difícil dicirlle as verdades ao xefe, señora Ortega. Pero dígalle que a escola infantil que teñen non teñen a obriga de privatizala, poden facer unha prestación directa como vostedes fan.

Polo tanto, eu o que lles pido é que proben, estou convencido de que nestes concellos o BNG e o PSOE van ser tan hospitalarios como é o Partido Popular de Galicia cada vez que ten a fortuna de desfrutar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...da compañía dos piquetes da CIG. Será un pracer para eles recibilos. Eu ánimoos a que efectivamente defendan as súas ideas e a ver se calan polo menos entre os seus propios compañeiros.

Máis nada, moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Pazos.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo grupo autor da iniciativa, a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.



Antes de máis, quero saudar a presidenta da Asociación de Centros de Día, que non a vin con anterioridade, e a persoa que a acompaña; se non, tamén a tería incorporada nos saúdos iniciais.

E eu tamén quixera, tanto a elas como ás persoas que nos acompañan da CIG, pedirllas perdón e desculpas polo bochorno, de verdade, do que se ten que escoitar aquí. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

A min hai algo que me gusta moito e que podemos recuperar tamén á medida que foi evolucionando a pandemia, e é que a xente veña, que veña aquí á tribuna, e que poida ver os debates en vivo e en directo. Porque ás veces, vas aí fóra e contas o que hai, que ti intentas traer aquí un debate sosegado, con datos, *(Protestas.)* racional, sobre os dereitos sociais, os dereitos das persoas maiores, das persoas con discapacidade, das persoas dependentes, e acabas falando máis de Arnaldo Otegi —como acaban de ver vostedes en vivo e en directo— que da poboación deste país. *(Aplausos.)* Pero como no BNG cremos sinceramente que son persoas intelixentes, moi intelixentes e capaces de valorar o que ven por si propias, creo que non hai nada mellor que ser testemuña directa dos debates para levar calquera opinión e consideración respecto deles.

Porque eu estou convencida de que, calquera das persoas que nos acompaña aí na tribuna de convidadas, calquera das persoas do arco parlamentario ou que nos poida estar escoitando agora ou máis tarde na súa casa, seguro que valora e moito o Sergas, ¿verdade? E seguro que agradeceron ben, no medio dunha pandemia global, que atacou directamente a saúde pública do conxunto do planeta, ter un sistema sanitario público, de calidade, dos mellores, efectivamente, que hai. *(Aplausos.)* ¿E iso é «nacionalizar» ou iso é «sovietizar» ou é a garantía dun dereito fundamental como é a saúde pública? *(Murmurios.)* Eu estou absolutamente convencida de que as súas señorías, as persoas que nos están vendo —que ademais vexo desde aquí que está o secretario xeral da CIG-Ensino—, agradecen e moito que haxa un sistema educativo público para garantir un dereito fundamental, que é o dereito á educación. *(Aplausos.)* ¿Que é o que hai hoxe aquí encima da mesa para o debate? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ¿Que é o que se trae hoxe na iniciativa que trae a CIG por impulso, quero lembrar, de máis de 16.000 persoas? Foron máis de 16.000 persoas ás que vos tede lles faltou ao respecto porque a pouco máis hai que pedirlle perdón a vostede, ou permiso para debater ou facer propostas nesta Cámara. *(Aplausos.)* —ás 16.000 persoas e ás máis de 80.000 afiliadas á Confederación Intersindical Galega—. *(Aplausos.)* Eu pediría, de verdade, un pouco de respecto, aínda que non se estea de acordo coas opinións dos demais. Porque se lles digo eu o que tragamos os demais cada vez que vostedes... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...traen a debate as súas propostas e as súas iniciativas, con toda a lexitimidade democrática que teñen para facelo... *(Murmurios.)*



Eu estou convencida de que calquera persoa ao que aspira é a que os dereitos fundamentais, os dereitos sociais —como é a calidade de vida digna cando es maior, cando es unha persoa dependente ou cando tes unha discapacidade—, chegarán a través dunha rede de servizos sociais públicos fortes. Hoxe as persoas que representan aquí os centros de día privados, concertados, mediopensionistas e públicos saben que non hai prazas suficientes para atender a demanda que temos hoxe e cara ao futuro. Nunha poboación onde unha muller ten unha esperanza de vida de 86 anos, ¿saben cantos deses anos son libres de discapacidade e dependencia? Son 78. Desde os 78 aos 86 anos ¿como vive unha muller neste país? Con necesidade de apoio, de acompañamento, con necesidade de atención profesional —ou familiar se lla poden proporcionar ou se a pode recibir— en servizos públicos fortes.

Nós ¿que é o que estamos propoñendo, que é o debate que está aberto non só aquí en Galiza ou no Estado español, senón no conxunto de Europa? Pois como imos artellar un sistema que equilibre, efectivamente, todos os axentes e os actores que operan. Hai unha parte que é de iniciativa social, si; e hai unha parte que é pública e que cada vez é máis pequena —nos últimos dezaseis anos foi achicándose cada vez máis—. (*Aplausos.*) E tamén como se vai regular o mercado, porque hai cousas que están fóra da lóxica do mercado.

Cando necesitamos subministrar servizos públicos para garantir dereitos sociais e dereitos fundamentais, a iniciativa pública non pode inhibirse ou poñerse de lado, porque temos unha responsabilidade, unha corresponsabilidade social conxunta. ¿Que é o que se propón cun sistema público de coidados e atención ás persoas? Garantir esa corresponsabilidade social do conxunto da sociedade, unha corresponsabilidade que equilibre tamén a presenza da Administración, do Estado, da Xunta de Galiza e dos servizos públicos na garantía dos dereitos fundamentais das persoas.

Hoxe o que trañamos aquí a debate —e eu insisto en que non me alegro máis que de que puidesen ver en vivo e en directo o propio debate para que saquen as súas conclusións— era que a través dese sistema público, integrado polos propios sistemas e non fragmentado, como temos agora en múltiples e moi dispares servizos, revaloricemos, demos visibilidade e recoñezamos o valor que ten coidar, que é soste a vida mesma, redistribuír entre xéneros pero tamén no conxunto da sociedade a responsabilidade do coidado; e sobre todo profesionalizar e garantir condicións de traballo dignas para quen sostén a vida, ¡para quen sostén a vida! (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: E eu estou —insisto— absolutamente convencida de que quen nos escoita aquí, aí ou na súa casa está tamén pola defensa —igual que do Sergas, igual que do sistema educativo público— dunha rede de coidados que nos garanta os dereitos a todas, e máis en poboacións nas que temos cada vez unha esperanza de vida maior. Pero o que temos que garantir é que esa esperanza de vida se faga...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...en condicións dignas e libres de discapacidade e dependencia.



Máis nada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodil.

(A señora López Sánchez pide a palabra.)

¿Perdón? Señora López, ¿para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano da señora López.

A señora LÓPEZ SÁNCHEZ: Quería solicitar a palabra, presidente. Non sei se é posible. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Con base no artigo 76 do Regulamento. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: O debate diríxoo eu. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu sei o que lle teño que preguntar.

¿Que cuestión é a que vostede quere comentar?

A señora LÓPEZ SÁNCHEZ: Pois mire, quería, con base no artigo 76 do Regulamento, pedirlle á señora Rodil que retirase unha expresión que a min, como persoa con discapacidade que son e en situación de dependencia, me resulta ofensiva, que é dicir que, respecto das traballadoras de axuda no fogar que nos axudan a nós —ás persoas con dependencia ou con discapacidade—, ese traballo é peor que picar pedras nunha mina. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Bueno, está entendido. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio, por favor!

Está entendida a cuestión.

Fíxolle vostede unha petición á señora Rodil e ímoslle preguntar, porque é unha expresión dentro dun debate, e a señora Rodil nos dirá.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Eu non dixen iso. Eu dixen que a... *(O señor Vega Pérez pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Señor Vega, por favor. Vostede non estivo no debate.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Eu non dixen iso...

O señor PRESIDENTE: Entón, por favor, tranquilidade.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Eu o que dixen é que as persoas que traballan...



O señor PRESIDENTE: Tranquilidade, imos escoitar a ver o que di.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...fano sen grúas, sen apoios técnicos e en condicións precarias. E moitas veces consideramos que é duro porque lles vai ao lombo a elas física e psicolóxicamente; que é máis duro que picar nunha mina. Se iso a vostede lle resulta ofensivo, eu retíroo, sen lugar a dúbidas. Pero eu o que dixen foi que iso era tan duro como picar nunha mina, a pesar de que non se recoñecían...

O señor PRESIDENTE: Grazas, está entendido.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: ...esas condicións moitas veces denigrantes. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE: Está suficientemente aclarada esta cuestión.

Xa llo dixen eu hoxe á mañá e volvo insistir nisto. Todos utilizamos metáforas, e hai que ser coidadosos nese tema. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¡Perfecto! Eu non vou entrar niso. Aquí o deputado e a deputada son libres, e eu tamén son libre de interpretalo despois, que esa é a función da Presidencia.

Continuamos.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, sobre a demanda á Xunta de Galicia para elaborar un plan estratéxico de actuación dirixido a atraer parte dos fondos Next Generation para a reactivación e o impulso da cultura galega

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei presentouse unha autoemenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Mercedes Queixas Zas, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

<<O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Crear unha mesa de traballo permanente cos diferentes axentes e sectores culturais para presentar, á maior brevidade, un plan de actuación inclusiva que contribúa a reactivar e impulsar toda a potencialidade cultural galega no marco dos fondos extraordinarios europeos Next Generation.

2. Comprometer o 2% dos fondos europeos extraordinarios Next Generation para mobilizar recursos que reforcen a cultura galega e o patrimonio, incluíndo estas liñas de actuación que promoven o impulso, reactivación e transformación da cultura galega:



2.1. *Desenvolvemento do polo/centro de referencia da industria audiovisual e do videoxogo.*

2.2. *Dotación do fondo cultural galego, previsto no Estatuto de Autonomía, como instrumento estratéxico para a promoción da creatividade galega e con capacidade para xerar recursos financeiros a favor da nosa cultura.*

2.3. *Plan Tradinet para o coñecemento, conservación, divulgación e dixitalización do patrimonio oral e inmaterial galego.>>)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Queixas.

Cando queira.

A señora QUEIXAS ZAS: Beizón, señor presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Eu quixera comezar hoxe esta intervención facéndolles unha pregunta: ¿que é para vostedes a cultura galega? Ou, se se me permite aínda, outra pregunta: ¿como imaxinan a cultura galega na próxima xeración de galegos e galegas?

Estou segura de que as respostas van ser todas diferentes e diversas, como diversa é a expresión e a creatividade cultural galega, mais estou tamén segura de que concordarán comigo se dicimos que a cultura galega representa un sector estratéxico para o desenvolvemento social e económico do noso país. Un sector, ademais, que goza de grandísimo prestixio. Non hai máis que lembrar —creo que é un dato moi significativo e relevante— que Galiza é a comunidade autónoma de todo o Estado que ten o maior número de premios nacionais nas diferentes categorías. É algo, evidentemente, do que estarmos ben orgullosas.

Estou segura tamén de que concordan comigo se digo que este peso social e económico ten unha marxe de mellora e de crecemento moi grande, como para poder semellarse a esas economías doutros países en que a creatividade e o talento desempeñan un papel destacado.

Agora ben, sabemos que para iso é preciso ter un goberno proactivo e decidido como promotor, difusor, coordinador, catalizador, revulsivo e mesmo irradiador expansivo da cultura galega. E vouno dicir xa: precisa un goberno que viva a cultura desde dentro, que sinta a diversidade de toda a rica expresión cultural pel con pel, que sexa cómplice das súas creadoras e dos seus creadores, que gañe e traballe sempre por espazos de diálogo, que sexa e active pontes de comunicación, que se implique co devir do presente e, sobre todo, que motive o avance transformador cara ao futuro. (*Aplausos.*) É dicir, a cultura galega precisa dun goberno que sexa man, compañeira e leal dos axentes e dos sectores culturais.

A cultura galega precisa tamén un goberno que abandone a hostilidade da indiferenza, a rutina, a falta de imaxinación substituída pola improvisación, a prepotencia das estratexias calculadoras, frías, numéricas, distantes, as actitudes tecnócratas ou as poses oportunistas que toman a cultura simplemente como un *atrezzo* en determinadas circunstancias ou oca-



sións para roldas de prensa ou simplemente como pretexto para chíos mediáticos e anecdóticos.

¡Que bo sería, agora que estamos a trazar o futuro, un futuro que ten que ser necesariamente diferente, que nos atrevésemos a avaliar o camiño que se veu andando até aquí! ¡Que bo sería, que agora que se está a celebrar o 40 aniversario do Estatuto de autonomía, mesmo dende esta Cámara, dende este Parlamento, puidésemos e nos atrevésemos con honestidade a contemplar polo retrovisor temporal cales foron eses camiños que a cultura galega veu traendo até aquí!

Evidentemente, coñecemos todos e todas estudos e informes dos que eu compendiaría dúas conclusións polo seu carácter xenérico: unha, a que di que as políticas culturais de Galiza carecen de estratexia, diagnose, planificación e avaliación digna de tal nome, e outra a que di que a forte diminución dos orzamentos aplicados desde o 2009 —unha data que entendo que ao Grupo Parlamentario do Partido Popular lle soa ben como inicio deste tempo de goberno—, frearon claramente expectativas e oportunidades de medre para os sectores e os axentes culturais galegos.

Evidentemente, non son conclusións do BNG, senón que así está determinado xa no ano 2018 pola *Diagnose da Cultura Galega*, ese macroestudo asinado polo Consello da Cultura Galega a partir do cal o Goberno do Partido Popular estableceu a que chamou a *Estratexia da Cultura Galega*, que, como por cousa de encantamento, foi polo aire e veu polo vento. (*Aplausos.*)

Evidentemente, as circunstancias actuais dende o ano 2018 mudaron moito drástica e dramaticamente. A pandemia da covid-19 puxo en evidencia —destacámolo moitas veces— as debilidades do sistema e a necesidade de impulsar medidas de calado, medidas estruturais para lle facer fronte.

Evidentemente, os sectores culturais galegos non podían ser alleos a estas consecuencias da pandemia, como tampouco deben ser ao proceso de transformación que está por vir.

Os diferentes informes que nos foi ofertando o Observatorio da Cultura Galega —dependente do Consello da Cultura Galega dende o segundo semestre do ano 2020 e ao longo do 2021 e do que en poucos días seguramente nos chegará o máis recente—foinos dando esa radiografía de cal era a afectación da pandemia sobre os sectores culturais galegos. E eu destacaría dúas conclusións: unha, que a crise da covid-19 repercutiu cun grande impacto desde o minuto cero no noso ecosistema cultural, que xa, como advirten todos os informes, estaba nunha situación de precariedade e vulnerabilidade previa; e, a segunda conclusión, que as estruturas profesionais da cultura galega teñen —como non podía ser menos— unha idiosincrasia propia, uns trazos propios, nomeadamente caracterizados por se trataren de persoas autónomas, micropemes e cooperativas sociais na súa gran maioría, e que durante estes xa case dous anos tiveron que afrontar un contexto de perda de recursos, ingresos, públicos e tamén de loita pola propia supervivencia.

É certo que os últimos datos indican unha recuperación de certos sectores culturais, mais eu non quero deixar de mencionar as severas dificultades ás que seguen aínda sometidas, por exemplo, as artes escénicas, as artes do movemento ou as artes da música.



As decisións que tomemos a partir de agora van trazar eses novos camiños que transitarán as xeracións vindeiras, as novas xeracións; marcarán o modelo de sociedade que está por vir, o modelo tamén que queremos que a cultura galega ocupe nesa sociedade.

Todo isto require da nosa máxima observación, atención, implicación e imaxinación á hora de mobilizar todos eses recursos económicos, técnicos e humanos que precisamos, mais tamén de desenvolver a nosa capacidade de traballo para o diálogo, o debate e o consenso. Transparencia, diálogo, debate, consenso e acordo están nas raíces das propostas do BNG para traermos eses fondos europeos extraordinarios que precisamos para o impulso, a transformación e a reactivación da cultura galega; en definitiva, para avanzarmos con pé firme, porque nos declaramos claramente insumisas do verso do grandísimo poeta Díaz Castro: «un paso atrás e outro adiante, Galiza». Dende a cultura galega e para a cultura galega, co apoio do BNG, nin un paso atrás para a cultura galega.

En febreiro do 2021, hai xa un ano, o BNG, como vostedes ben saben, presentaba á sociedade galega a proposta «Galiza Next. Xerar futuro»; unha estratexia de país que nos permita captar eses fondos europeos. Entre os ámbitos prioritarios deste proxecto global están —como non podía ser menos sempre nos proxectos transversais do BNG— a cultura e o patrimonio, con tres liñas de actuación:

A primeira, o desenvolvemento dese necesario polo de referencia da industria audiovisual e, nomeadamente, do videoxogo. Un sector punteiro que —como estou segura de que tamén saben— a nivel xeral manifesta unha facturación superior a toda a industria audiovisual do cinema e da música xuntas.

En segundo lugar, a segunda liña é a dotación do Fondo Cultural Galego, xa recollido no Estatuto de autonomía e, polo tanto, aínda pendente de desenvolver corenta anos despois, como un instrumento estratéxico para a promoción da creatividade galega, para a recuperación, conservación e posta en valor do patrimonio galego e tamén para outra tarefa que temos pendente, que é a internacionalización da cultura galega.

E a terceira liña, o que cualificamos ou denominamos Plan Tradinet, que é aquel que reside no coñecemento, na conservación, na divulgación e na dixitalización do patrimonio oral e inmaterial galego tan vizoso.

No pasado debate do Estado da nación, no mes de outubro, lembramos as demoradas intervencións do presidente da Xunta, onde se se manifestou algo foi a ausencia total dun enfoque cultural na mención dos proxectos que irían destinados aos fondos Next Generation.

Falou aquí de polos e máis polos e, se me permiten, repolos, mais en ningún momento mencionou un proxecto articulado arredor da cultura galega. Non existe.

Pola contra, si teño que recordar tamén que nas propostas de resolución posteriores a ese debate por parte do BNG si había unha referida á reactivación da cultura e dos sectores culturais galegos, onde se contemplaba desde a elaboración dun plan de reactivación sustentável en diálogo permanente e consenso cos sectores culturais, como a ampliación do 1 %



do orzamento ordinario da Xunta, ou o compromiso do 2 % dos fondos extraordinarios Next Generation, así como impulsar, como mencionei, a Lei do fondo cultural galego, pendente aínda dende hai corenta anos.

É por iso que, un ano despois de rexistrar inicialmente esta proposición non de lei sen ter recibido nin unha resposta escrita ás nosas preguntas neste tempo nin coñecido tampouco neste Parlamento un proxecto de goberno para a cultura galega vinculado aos fondos Next Generation, traemos unha proposta de resolución actualizada —como non podía ser menos—, cunha autoemenda acorde ao tempo presente, co desexo de que os grupos da Cámara se sumen a ela en positivo e —xa llo adianto tamén ao Grupo Parlamentario do Partido Popular— coa esperanza de que non se limiten a repetir a nota de prensa dunha reunión celebrada a semana pasada.

Sería un erro que eses fondos acabasen nun proxecto pactado en mans alleas e sen contar coas pequenas e medianas empresas nin co tecido cultural galego, porque contarlle algo ao sector da cultura galega, aos traballadores e ás traballadoras galegas, non é contar co sector.

Obrigada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra a señora Otero.

A señora OTERO LAGO: Grazas, presidente.

Moi boa tarde a todas e todos.

Comezando polo final da intervención do grupo proponente, si que nos gustaría trasladar que, respectando os tempos e os procederes parlamentarios, non nos puxo doada a nosa posición o rexistro desa autoemenda, que é tan concreta e tan completa que cambia e modifica substancialmente a proposición, esgotando practicamente o que é absolutamente lícito, in-sisto, os prazos onte pola tarde.

Si que quero afondar en que nos gustaría simplemente ter tido algo máis de tempo para reflexionar e facer tamén as nosas emendas porque coincidiamos e coincidimos fundamentalmente. Xa tiñamos a nosa postura na necesidade de debater esta proposición e de apoiar ese primeiro punto. Pero, como nos temos que pronunciar sobre o texto completo que pro-ponen, imos facelo —como dicíamos— por puntos.

Con respecto ao primeiro, efectivamente, quero dicirlle que compartimos a necesidade da creación desa Mesa permanente que acorde e que concrete, que sexa participativa, pois o deseño e toda a estratexia en canto á materia cultural, contando cos axentes, con todos os sectores culturais en materia de fondos extraordinarios europeos. De feito, este grupo parlamentario xa ten proposto iniciativas similares, non necesariamente falando dos fondos



européos extraordinarios, pero si falando da necesidade de contar con esa mesa permanente, que conte co sector para deseñar a medio prazo esa estratexia a grandes rasgos do que é a cultura deste país nestes próximos anos.

Pero o máis curioso desta proposición e deste debate é esa acción-reacción, ese efecto ao que xa nos ten afeitos a Consellería de Cultura, que, sabendo que se vai debater esta proposición por parte da oposición, o que fai cinco días antes é convocar e bautizar así o Foro de Proxectos Culturais e Fondos Europeos, e convoca o sector convidándoos a esa xuntanza poucas horas antes —case con un día de antelación—, cando é un foro absolutamente improvisado. E non improvisado porque o diga o Partido Socialista, senón porque o propio sector asegura que ten pouca marxe de manobra e que estamos ante unha falta de respecto máis a ese modelo de traballo participativo cara á cultura deste país. De feito, non como un boicot, pero moitas e moitos axentes non acudiron a ese foro.

Nese foro do pasado mércores, nese efecto acción-reacción, nesa constante da Consellería de Cultura, o que fan é ir, coa mesa posta, a informar, a contar, entre outras cousas, por unha banda, que xa se están executando fondos europeos e fondos de recuperación tamén en materia cultural no horizonte 2021 e 2023 por un importe total de 19 millóns de euros e que as dúas máis importantes son o Java audiovisual, con 9,6 millóns de euros, que segue a ser esa entelequia na que anuncian varias liñas de accións e axudas, moitas delas pouco ou nada coñecidas, das que nada se sabe. Por exemplo, nada se sabe desa resolución de axudas para a tracción de rodaxes —non sabemos se se van esgotar eses dous millóns de partida— nin desa desexable e demandada modificación que pide o sector para que esas axudas sexan accesibles, non só para as grandes produtoras. E logo están os outros 9,5 millóns de euros que se reparten en oito programas, que xa están previamente acordados co Goberno dentro do Mecanismo de recuperación e resiliencia co resto de comunidades autónomas. Como dicimos, coa mesa posta, convocan ese foro con pouca antelación.

Tamén comunican que presentaron e enviaron ao Goberno central oito proxectos máis de carácter cultural e lingüístico por parte da Xunta. Pero aquí é para quedar pasmados. Dinlle que xa hai oito proxectos novos que están trasladados por valor de case douscentos millóns de euros e, aínda que xa están enviados e feitos, agora din: dígnanos que lles parece e pronúnciense, a posteriori. Isto —como dicimos— é un traballo colaborativo e hai que contar co sector.

E, como colofón, nese foro tamén anuncian —agora si— un calendario e unhas mesas de traballo, divididas en oito grupos, que serán dúas xuntanzas e unha ao final do mes de abril. Ben, nada que obxectar: xuntanzas, traballo e unha mesa. O que pasa é que somos algo desconfiadas, e preguntamos: ¿para que son esas mesas e en que van consistir? ¿Van consistir en mellorar os proxectos que xa se teñen presentado, en formular outros ou en contentar simplemente a xente da cultura? Dicimos isto porque resulta curioso que esas mesas de traballo que se reclaman, precisamente, nesta iniciativa ou en algo semellante seica —e lembrarémolo todas e todos— que se produciron e que houbo un traballo por parte do sector, dos axentes, das expertas e dos expertos culturais, no marco do traballo que se fixo para o Plan estratéxico de Galicia, e semella que, por desgraza, ese traballo serviu —agardamos que non, pero é o que semella e a sensación que tamén acubilla moita xente— para que o Goberno da Xunta fixera perder o tempo aos axentes culturais do noso país.



Poderíamos ter empregado ese traballo nesa estratexia tamén de captación de fondos extraordinarios europeos para a nosa cultura. Iso si, xa que temos que compartir información, compartámola toda, tamén aquela deses primeiros contactos coas expertas e cos expertos, que fixeron esa análise. Neses retos iniciais marcados pola Xunta de Galicia dixeron que eran xeralistas e moi curtopracistas, e advertían, ademais, entre as debilidades dunha análise Dafo sobre o estado da nosa cultura, varias cousas. A primeira, sobre a escasa relación e coordinación entre as administracións e moitos actores e sectores culturais, que novamente se está a repetir con estes fondos. Tamén advertían sobre que as políticas culturais en Galicia carecen dunha planificación e avaliación a medio prazo, que pode derivar en ineficiencias nas medidas tomadas, algo que neste grupo parlamentario non nos cansamos de denunciar. Terceiro, sobre as dificultades da Administración para xestionar a tramitación relacionada co patrimonio cultural; sobre o estancamento no uso habitual do galego; e —a xoia da coroa— sobre a forte redución destes anos de gobernos do PP do gasto público na cultura nos últimos anos.

Nós preguntámonos, señoras deputadas e señores deputados, se non sería mellor aproveitar como punto de partida o trasladado por estas persoas expertas nesa Mesa de traballo de cultura para elaborar ese Plan estratéxico de Galicia, que ben serviría para o deseño de programas que opten aos fondos Next Generation. En calquera caso —como dicíamos e avanzabamos—, estamos absolutamente de acordo e concordamos na necesidade —sobre todo, chegadas a este punto— de crear esa mesa permanente.

E, para ir rematando, sobre o segundo punto da iniciativa —como dicíamos—, tivemos a priori máis dúbidas. A primeira de concepto, porque se ben pensamos que a cultura ten que ser absolutamente prioritaria no rexurdir desta crise e que, polo tanto, debe contar cunha inxección importante de fondos, o certo é que pensamos que é complicado comprometer porcentaxes concretas dos fondos Next Generation para ningún destino, xa que iso dependerá de se os programas presentados son ou non aprobados. Polo tanto, falar de porcentaxes concretas xéranos esas dúbidas.

E, por outra banda, sobre a proposta de destino deses fondos, volvemos ao que dicía ao principio. Sen ter nada que obxectar ao que se propón, gustaríanos ter tido tempo, xa que son cousas tan concretas, para tamén nós achegar algún outro destino prioritario deses fondos, que contribúan a afortalar a nosa cultura e a preparar a industria para os tempos que veñen.

Por certo, non nos parece tampouco moi acaído que o Fondo Cultural Galego que contempla o noso Estatuto se cree con fondos extraordinarios de Europa. Na nosa opinión, é unha obriga deste goberno da Xunta de Galicia e que debería contemplalo como partida estrutural nos orzamentos. E non queremos darlle máis ás ao Goberno ou, neste caso, poñer máis escusas para que non o faga, como é a súa responsabilidade.

Rematamos —como non— co desexo de que este goberno da Xunta faga seu o primeiro dos retos desa Estratexia galega: promover a concepción social de que a cultura é unha prioridade social.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Otero.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Boas tardes.

Grazas, presidente.

¿Que como imaxinamos a cultura galega dentro de trinta anos? Eu imaxino a cultura galega en todos os mapas do mundo; imaxino a moita xente, a moitos galegos, vivindo da cultura galega; pero tamén imaxino o Bloque Nacionalista Galego queixándose máis e máis, dicindo que a cultura galega está fatal, que é horrible, e con esa negra sombra que nunca, nunca, nunca abandona o Bloque Nacionalista Galego. *(Aplausos.)*

Señora Queixas, vostedes eméndanse a si mesmos cunha serie de plantexamentos podemos dicir dispersados, porque xa di que rexistrou a PNL hai un ano, pero vostede incluíu unha serie de iniciativas e peticións que son un anaco do programa do Bloque Nacionalista Galego, que é moi lícito tamén facelo, pero que, pase o que pase, vostede emendaría, deste xeito, sen ter en conta a realidade.

E a PNL inicial pedía a convocatoria dunha mesa de traballo cos diferentes axentes e sectores culturais, semella que para dialogar e para presentar proxectos en referencia aos fondos Next Generation. E preguntábame eu: ¿para que quere vostede a Mesa se trae todo feito? E se vostedes teñen as solucións a todos os supostos problemas horribles da cultura galega, ¿para que quere vostede esa mesa? Fala de transparencia, de debate, de diálogo e de acordo, pero —como digo— xa teñen todo decidido. Fan un diagnóstico que levan facendo trinta anos —que é erróneo— e creo que vostedes tamén teñen unhas expectativas a futuro coas políticas culturais do Partido Popular que tampouco son certas, e ademais o tempo vén dándonos a razón.

Xa estamos de novo —como digo— ante as críticas do Bloque Nacionalista Galego, que máis ben son sensacións, son sentimentos, que, pola idiosincrasia do Bloque, que é a política da esquerda galega, sempre quixo apropiarse da cultura con aquilo de «cultura de primeira e cultura de segunda».

Esa autoemenda pode deberse tamén a que a Xunta convocou o pasado 2 de febreiro a todo o sector ao Foro Proxectos Culturais e Fondos Europeos, nun encontro no que se estableceron novas vías de traballo e de diálogo para a repartición dos Next Generation, porque ao Goberno da Xunta e a nós mesmos nos interesan eses foros, esas mesas, e intentamos escoitar e despois actuar.

Vou facer un inciso aquí, porque quero lembrar no día de hoxe as cifras e o éxito, por exemplo —é un inciso, unha paréntese—, da FP dual, cando toda a oposición en masa se negou e votou en contra de implantar a FP dual. Nós plantamos e poñemos os cimentos e despois son as consecuencias. O Goberno galego escoita e o Goberno galego actúa.



Na súa exposición de motivos, señora Queixas, vostede fala de cesamento ou da caída da actividade, co conseguinte descenso na demanda, de problemas de tesourería, de dificultades para pagar impostos e seguros sociais, de problemas cos provedores e de distribución do financiamento, de limitacións de aforo, de inseguridade xurídica, etc. Todas, consecuencias da covid e todas comúns a calquera sector. Se extraemos este parágrafo do contexto desta proposición non de lei, vemos que todos os sectores sufriron estas consecuencias, e realmente a cultura, con moita intensidade, efectivamente. Pero vostede engádeo nun contexto previo precario e insisto en que iso non é certo.

Facendo un repaso rápido pola actuación da Xunta de Galicia en materia cultural nos últimos anos, vemos que todos os argumentos empregados polo Bloque Nacionalista Galego quedan directamente invalidados.

En canto ao apoio indirecto, a Xunta de Galicia comprendeu desde o inicio da crise sanitaria a necesidade de atender con urxencia a cultura galega, así como outros sectores, pero tamén a cultura galega. Galicia foi a primeira comunidade en aprobar un plan de reactivación específico para o sector cultural galego; unha folla de ruta aberta que se centrou no impulso da actividade, pero que despois estaba viva e tamén se modificou. Nun primeiro lugar, contou cun orzamento de vinte e seis millóns de euros, pero a comezos do 2021, e dadas as circunstancias, a Xunta ampliou o documento nunha xuntanza coas principais institucións culturais. En total, o ano pasado a Consellería de Cultura, investiu arredor de corenta e dous millóns de euros para estimular a actividade cultural e poñer en marcha unha programación cultural plural e descentralizada.

En canto ao apoio directo, levou a cabo tres plans de rescate para profesionais autónomos e pequenos negocios relacionados con actividades culturais. Vostedes insisten en que non temos en conta as pemes, pero si que se teñen en conta as pemes e os autónomos, por suposto, moito máis que os gobernos de esquerdas, que non fan máis que estar subíndolles a cota aos autónomos permanentemente dende o Goberno de España.

Tamén se puxeron en marcha as distintas liñas de axuda do Igape —fundamentais— para darlles liquidez ás empresas nun momento no que todo quedou pechado e parado e non puideron afrontar os diferentes pagos. Polo tanto, foron fundamentais esas liñas de axuda do Igape para o sector cultural.

Señora Queixas, fala vostede despois, nun dos seus puntos da súa autoemenda, de comprometer o 2 % dos fondos europeos para mobilizar recursos que reforcen a cultura galega e o patrimonio. E eu pregunto: ¿cal é a razón do 2 %, se é o produto interior bruto?, porque xa llo teño escoitado tamén noutras ocasións á señora Pontón cando fala de cultura en Galicia. Os datos máis recentes apuntan que a cultura en Galicia representa o 3 % do produto interior bruto. Polo tanto, nós apostamos polo 3 %.

Mal que lles pese, señores do Bloque Nacionalista Galego, Galicia ten hoxe un sector cultural á alza, que en números representa —como dixen— o 3 % do PIB galego, 1.740 millóns de euros en 2019, e o 3,6 % do emprego en Galicia. E as cifras de emprego cultural non só melloran as de antes da pandemia, senón que sitúan a Galicia como unha das catro comunidades autónomas nas que aumenta o número de empregados neste tipo de actividades.



Poden rir vostedes todo o que lles dea a gana, pero estes son os datos reais, que ademais tamén están no Informe do Consello da Cultura Galega, ao que vostede tamén apelou.

Piden tamén o desenvolvemento do polo ou centro de referencia da industria audiovisual e o videoxogo. Xa temos en marcha o *hub* audiovisual, que ten previstas importantes vías de apoio para o sector do videoxogo. Quizais non lle gusta o nome porque está en inglés —como xa escoitei pola mañá—, pero pode chamarse tamén centro audiovisual, se o problema é o nome. É importantísima para este sector a internacionalización e que sexa referencia para todos os países do mundo; un sector tan importante, que se pode compartir e internacionalizar con tanta facilidade, como é o sector do videoxogo. Ademais, temos en Galicia un extraordinario e importante talento, que temos que apoiar en todos os momentos.

Neste momento, a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, está a executar con fondos europeos varias liñas de actuación en materia cultural para o período 2021-2023 —xa fixo referencia a señora Otero a eles— por un importe total de 19 millóns de euros.

En canto ao diálogo co sector, cando vostedes falan de diálogo quizais teñen unha forma diferente de plantexalo, porque no Informe do Consello da Cultura Galega tamén se di que a Xunta de Galicia é a administración de Galicia que mellor responde á cultura; é dicir, a que mellor política cultural ten, comparado con concellos ou deputacións, onde goberna o Bloque Nacionalista Galego e o Partido Socialista. Polo tanto, poden vostedes tomar nota porque estes datos veñen directamente das persoas que reciben ou que conviven con esas políticas culturais. A Xunta é a mellor valorada polo propio sector.

O Goberno galego acaba de convocar a xuntanza para continuar ese diálogo. Fixáronse dinámicas de traballo para desenvolver o proceso de participación —non imposición, senón participación, quizais ese sexa un dos piares que fan que a Xunta sexa a administración que mellor relación ten co sector cultural—; para valorar as necesidades do sector e engadir liñas que non estivesen nos proxectos deseñados pola Xunta; para consensuar un grupo de proxectos para presentarllo ao Ministerio de Cultura —moi importante, tamén—, e facelo todo con oito grupos de traballo co obxectivo de deseñar proxectos de transformación estratéxica da cultura.

Os grupos de traballo son: audiovisual, artes escénicas, libro, música, institucións culturais, artes visuais, patrimonio cultural e lingua. E participaron, entre outros, o Consello da Cultura Galega, a Real Academia Galega, a Real Academia Galega de Belas Artes, as universidades, a Federación Galega de Municipios e Provincias, centros museísticos, fundacións e representantes do eido audiovisual, escénico, literario ou das artes plásticas. É dicir, unha representación moi ampla de todo o sector cultural de Galicia.

Polo tanto, señores do Bloque Nacionalista Galego, creo que vostedes continúan fóra da realidade. Hai moitas cousas nas que podemos dialogar e podemos mellorar, e podemos chegar a acordos, pero continúan —insisto— con esa negra sombra de que a cultura é tremenda e de que o Partido Popular non a trata como merece. E iso realmente é un discurso xa moi caído e arcaico, porque as cifras e a realidade non se corresponden co seu discurso.



E nada mellor que ter o público da CIG aquí para que hoxe o Bloque Nacionalista Galego recoñecera que temos unha sanidade e unha educación públicas fantásticas e maravillosas; nada como que teñan público e que escoiten a realidade dos debates que fan nesta Cámara, porque hoxe recoñeceron vostedes que en Galicia o Sergas e a educación pública son exemplares.

Nada máis pola miña banda e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

(*Murmurios.*)

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: Beizón, señor presidente.

Moitas grazas por mencionar o ensino público, señora Egerique, que coñezo ben, e asegúrolle que funciona ben grazas ás magníficas profesionais que traballan nel, (*Aplausos.*) e ás comunidades educativas que fan todo o posíbel por colaborar. (*Aplausos.*) Pero sería todo moito mellor se tivéssemos todos os recursos que necesitamos e se nos devolvesen todos os dereitos que se nos roubaron. (*Aplausos.*)

En relación con esta proposición non de lei que nos ocupa, onde a cultura é a centralidade do noso interese, quero darlle as grazas, por suposto, ao Grupo Socialista polo apoio. Efectivamente, entrou en prazo a autoemenda, e tamén nos gustaría a nós non ter que facelo, pero ás veces marcar a liña de acción do Goberno dende a oposición pois é o que ten. (*Aplausos.*) Andamos así un pouco pillados de tempo porque nos pisan a axenda. ¡Que cousa!

Señora Egerique, «Negra sombra», por suposto, é un poema maxistral. Pero eu tamén lle recomendo que vaia lendo a «Alborada», de Rosalía, que é un canto de luz e enerxía á liberdade e ao futuro deste país. (*Aplausos.*)

Eu lamento que tivese un tempo maravilloso, onde vostede só se dedicou a facer aquí unha restra recompilatoria de accións pasadas, pero non falou do futuro, e aquí do que se trata é de falar do futuro. Next Generation, creo, no meu coñecemento de inglés, que significa próxima xeración. Temos que pensar na próxima xeración. E se vostede dedicou tan pouquiño tempo a falar dese novo proxecto que están presentando, pois por algo será. Será porque non debe de haber moita cousa que contar ou responsabilidade que asumir aquí no Parlamento. (*Aplausos.*) Por iso, nin sequera nolo presentaron no Parlamento. (*Aplausos.*)

En definitiva, teño que compartir con vostedes o meu pensamento e sentimento —si señor, efectivamente—, que eran as palabras do meu avó: «máis palla para o palleiro». ¡Máis palla para o palleiro! Antes era a Estratexia da cultura galega, logo foi o Plan de reactivación, agora é o fondo... ¿Que máis dan as palabras? (*Aplausos.*) As consultoras poden con todo para facer



unhas presentacións maravillosas, pero con máis palla para o palleiro, porque non queda en nada.

Dá a impresión —pola nota de prensa e polo que hoxe repenicou aquí— que o que presentaron outra vez —ou pretenderon presentar, porque eu creo que xa non o conseguen— aos sectores da cultura e aos axentes culturais é o mesmo menú doutras veces, só que cociñado con algún condimento novo para que pareza que é unha receita diferente e que realmente hai un traballo *ex novo*.

Metémoslle aquí ao texto un chisco de proceso participativo, que queda ben, outro chisco de dixitalización, unha pizca de cultura emerxente, outra de 5.0 —que soa moi moderno—, un punto eco, cultura circular, un rustrido final de aceleradores culturais, (*Aplausos.*) e pechá-molo coa guinda patriótica a toque de «confín dos verdes castros». (*Aplausos.*) ¡Maravilloso fondo! (*Aplausos.*) Mais o certo é que é un menú absolutamente pechado e así entregado en mesa, sen posibilidade de rectificar e con máis preguntas que respostas. Un menú que xa adiantan que está redactado e que está entregado ao Goberno de España, que ese é o que manda, porque o tema do Goberno creo que toca aínda para máis adiante.

É un proxecto —chamémoslle así— claramente sen dirección, sen liñas estratéxicas e sen marxe de tempo para actuar. Perderon dous anos —que levamos, dentro dun mes— some-tidas a unha pandemia terrible, e agora pretenden que de febreiro a abril os grupos de tra-ballo resolvan todo isto e fagan todo o traballo que non fixo o Goberno do Partido Popular en dous anos.

Mesturan proxectos en marcha, en principio finalizados —sobre algún deles xa nos falará na Comisión 4ª deste venres—, outros sen desenvolver —que son simplemente aí papel mo-llado—, pero, iso si, moi bonitos, cun azul maravilloso e máis nada. Mesturan institucións con colectivos da cultura. Non foi capaz de mencionar un só colectivo da cultura fóra das institucións, e isto dáme moito que pensar. Por certo, colectivos profesionais de moi dife-rente tipoloxía que non van ter acceso a eses fondos en equidade, e vostedes sábeno ben, ¡sábeno moi ben! Xa se verá co tempo até onde chega o engano.

En definitiva, toda esta confusión e este xogo de improvisación leva a que haxa un goberno que non ten capacidade para liderar ningún proxecto de política cultural para o país. (*Aplau-sos.*) E isto segue a ser así. (*Aplausos.*) Vostedes poñen os marcos cuns titulares neste fondo —chamémoslle fondo, como di vostede, xa nin proxecto— e logo piden que as xentes da cultura vaian a eses marcos e sachen a leira, e que lles fagan o traballo a vostedes —como tamén xa teñen feito en ocasións anteriores—.

Cos titulares deste fondo —coas epígrafes e as etiquetas— dá a impresión de que sacou aquí vostede o caderno de deberes pendentes: patrimonio... Acabamos de saber que trinta e oito BIC están dentro de polígonos de parques eólicos —este é o coidado do patrimonio deste país—. Ou a Ribeira Sacra, que a ver como lles explican aquela cousiña que pasou con ese Informe do Icomos, que levou a onde levou a súa candidatura da Ribeira Sacra. O museo... —non sei se é máis ou é plus, por isto do plurilingüismo así do Partido Popular— (*Aplausos.*) Igual é que agora, por fin, o Museo Carlos Maside de Sada é BIC dunha vez por todas (*Aplau-*



sos.) e acabamos con esa desolación á que o están sometendo. Dotación de bibliotecas... É curioso que agora aspiren aos Next Generation para dotar bibliotecas, cando reiteradamente —incluso no orzamento do ano 2022— se retiran fondos para dotar...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: ...as bibliotecas públicas.

Remato, señor presidente.

Aínda aparece o Proxecto Nós, que ultimamente, despois do *hub* audiovisual, é o que máis nos ten que soar. A ver como lles explican ese 55 % que teñen aplicado ao galego —vostedes desde a súa política lingüística— ou como explican esa desobediencia da Xunta ao Consello de Europa, que reiteradamente lles están dicindo que teñen que levantar as prohibicións ao galego no ensino e que seguen a incumprir.

Finalmente, teño que dicir que esqueceron unha liña fundamental neste fondo, e non nos sorprende: a cultura tradicional. Non está, non existe. (*Aplausos.*) As novas xeracións Next Generation non merecen a cultura tradicional, (*Aplausos.*) a non ser que estea dentro diso que chaman vostedes «cultura rural», que non sei moi ben o que é.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: Remato, si.

Marxinan a cultura de base —outra vez—, a cultura tradicional, como marxinan a lingua galega, como motores de futuro construtores dunha nación culta e milenaria que é e con identidade propia.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora QUEIXAS ZAS: Dicímoslle —e remato xa, señor presidente, de verdade—...

O señor PRESIDENTE: Pois remate. Remate, por favor.

A señora QUEIXAS ZAS: ...que mentres vostedes andan...

O señor PRESIDENTE: Remate.

A señora QUEIXAS ZAS: ...—uns segundos, nada máis—.

O señor PRESIDENTE: Si, pero, por favor, remate.

A señora QUEIXAS ZAS: Mentres vostedes andan á procura de Nós, desde esa intelixencia artificial...

O señor PRESIDENTE: Tomo nota.



A señora QUEIXAS ZAS: ...que faga falar a Siri en galego — non sabemos aínda cando —, nós defendemos e celebramos as intelixencias emocionais de hoxe, do que como galegas nesta terra...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...todas as moraimas, olaias, sabelas e aidas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Queixas.

A señora QUEIXAS ZAS: ...non só están xa entre nós, senón que están a quedar.

O señor PRESIDENTE: Grazas. ¡Grazas, señora Queixas! (Aplausos.) Moitas grazas.

¡É que despois me protesta a vicepresidenta segunda! (Risos.) ¡Aínda me protesta despois a min! ¡Isto élle así! É curioso isto, porque despois aínda recibo eu alí latigazos. (Risos.) ¡É unha cousa bárbara isto! (Murmurios.) (Risos.) É un pouco de brincadeira...

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa industria electrointensiva

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista, e unha autoemenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a impulsar as seguintes medidas para o abaratamento da enerxía eléctrica, singularmente para a industria electrointensiva:

1. Impulsar unha mesa de traballo entre a Xunta de Galiza, o Goberno do Estado e os tres sindicatos maioritarios na Galiza para concretar medidas urxentes para a aprobación dun novo Estatuto Electrointensivo que corrixa as eivas actuais, singularmente a consideración de industria electrointensiva de forma que se recolla adecuadamente o carácter altamente dependente da enerxía do tecido produtivo galego, e para facer seguimento daquelas medidas e modificacións que afecten o sector.

2. Demandar do Estado a execución das modificacións orzamentarias precisas para garantir a aplicación da contía máxima das compensacións por custos indirectos de CO₂, cifrada en 450 millóns de euros.



3. Demandar do Estado a negociación e impulso dun novo marco enerxético que supere o mecanismo de poxas e avance na creación dunha tarifa industrial estable e predicible que permita rematar coa incerteza do sector e que se vincule a súa aplicación ao cumprimento de compromisos en materia de emprego e reinvestimento para a mellora da capacidade produtiva.

4. Demandar a eliminación da factura eléctrica de todos os cargos que non estean directamente relacionados co funcionamento do sistema e a súa compensación vía orzamentaria así como a bonificación do 100% das peaxes de transporte para as empresas situadas en comunidades produtoras excedentarias de enerxía.

5. Demandar do goberno do Estado a modificación do sistema de fixación de prezos do mercado eléctrico de forma que o mecanismo de pool se substitúa polos custos de produción recoñecidos e retirar, como medida inmediata para o abaratamento da factura de todo tipo de consumidores, hidráulicas e nucleares.

6. Remitir ao Parlamento galego un informe orzamentario e de avaliación dos resultados do presunto “Plan para a industria electrointensiva” aprobado pola Xunta de Galiza en xullo de 2020 de cara a que a cámara poida impulsar medidas adaptadas ao novo contexto de crise de prezos enerxéticos e de materiais que afectan o sector.

7. Impulsar mecanismos de participación pública no sector enerxético, entre eles a planificación da constitución dunha empresa pública galega de enerxía co obxectivo de poder ofrecer, a medio prazo, contratos bilaterais coa industria galega que redunden nunha maior competitividade.>>)

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do deputad, Martín Seco García, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

<<O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1. Demandar do Goberno de España a activar urxentemente as medidas pendentes a favor da industria electrointensiva para garantir a súa viabilidade presente e futura, nomeadamente as seguintes:

a) Implementar ao máximo permitido pola Unión Europea (25 % dos ingresos obtidos nas poxas de CO₂), polo que esta partida podería chegar aos 450 millóns de euros en 2022, o orzamento destinado ás subvencións relativas ao mecanismo de compensación de custos de emisións indirectas de gases de efecto invernadoiro.

b) Activar o Fondo Español de Reserva para Garantías de Entidades Electrointensivas para a cobertura dos riscos derivados de operacións de compravenda a medio e longo prazo de subministración de enerxía eléctrica (PPA) entre consumidores de enerxía eléctrica que teñan a condición de electrointensivos, a través do CESCE.



c) Convocar de modo inmediato as poxas de electricidade de orixe renovable para a adquisición por parte dos consumidores electrointensivos.

d) Establecer mecanismos de xestión da demanda que permitan ofrecer flexibilidade ao sistema eléctrico, o que, pola súa vez, servirá para reducir o custo eléctrico final.

e) Garantir o rearranque das cubas de Alcoa e demais investimentos comprometidos a máis tardar nos prazos estipulados.

f) Garantir xunto coa Xunta de Galicia, con competencias plenas en materia de industria, solucións para a continuidade da factoría de ALUIBÉRICA en A Coruña e o traballo do plantel de dita fábrica.

2. Axilizar a tramitación de todos aqueles parques eólicos que dentro duns criterios de respecto polo nosos núcleos rurais, as actividades primarias, o noso medioambiente e patrimonio, sexan necesarios para que o prezo da enerxía sexa competitivo nos complexos de alto consumo de enerxía.

3. Establecer uns criterios mínimos de emprego nas fábricas de XEAL en Cee e Dumbría, como establecen os fundamentos xurídicos da Sentenza do TSXG do 20 de novembro de 2020 que argumenta que a condición de non segregación das actividades enerxéticas e de ferroaleacións fíxose para asegurar o mantemento do emprego dunha comarca deprimida como é a Costa da Morte.»)

(O G. P. Popular de Galicia, por iniciativa do deputado Miguel Ángel Tellado Filgueira, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a demandarlle ao Goberno de España:

1) Aplicar todos os instrumentos ao seu alcance para garantir un prezo eléctrico competitivo e estable para toda a industria electrointensiva, incluída Alu Ibérica e, como mínimo, as seguintes medidas:

a) Que se apliquen a contía máxima das compensacións por costes indirectos de CO₂, que permite a CE.

b) Que se estableza un mecanismo de substitución do sistema de poxas de interrompebilidade, recollendo a figura do consumidor hiperelectrointensivo, como fan outros países europeos.

c) Que se eximan as peaxes de transporte nun 80%.

d) Que se reduza a fiscalidade cunha exención do imposto de xeración eléctrica sobre as electrointensivas.

e) Que se convoque de modo inmediato as poxas de electricidade de orixe renovable para a adquisición por parte da industria electrointensiva.



2) *Implicarse activamente co Goberno galego e cos traballadores da planta de Alu Ibérica na Coruña para atopar unha solución que permita reactivar a actividade da man dun socio industrial que presente e un proxecto sólido e viable que dea continuidade ao seus empregos.*

3) *Pedir a mediación da Ministra de Traballo e Economía Social neste proceso e evitar que o ERTE actualmente vixente poida terminar con recolocacións ou despedimentos.*

4) *En caso de que sexa preciso, levar a intervención temporal por parte da SEPI da planta de Alu Ibérica co fin de facilitar a súa posterior venda a un investidor privado que garanta un proxecto industrial viable.>>)*

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Tellado.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Boa tarde a todos.

Hoxe presentamos unha iniciativa que xorde da última xuntanza que dende o Partido Popular de Galicia mantiñamos cos membros do comité de empresa de Alu Ibérica, en concreto, o pasado 24 de xaneiro. Unha xuntanza na que os traballadores nos manifestaban a súa gran preocupación pola situación de absoluta incerteza na que se atopan nestes momentos e que xa van case tres anos desta situación.

Agora a empresa atópase nun proceso concursal que debe resolverse antes de próximo 10 de maio. Unha situación que demanda unha maior implicación de todas as administracións públicas e, nomeadamente, do Goberno de España, na procura dun futuro industrial para esta planta ubicada na Coruña; así como unha solución de continuidade para todos os postos de traballo.

E, por iso, señorías, hoxe presentamos esta iniciativa que busca provocar un cambio de actitude no Goberno de España; en definitiva, que se dea un paso adiante para que se impliquen activamente na situación da planta coruñesa e, sobre todo, para que poñan fin ao principal problema da súa falla de rendibilidade e dificultade para atopar investidores, que non é outro que a falla dun marco enerxético competitivo e estable para a industria hiperelectrointensiva do noso país. Estou seguro de que a competitividade desta empresa estaría garantida cun estatuto electrointensivo que permitise competir na fabricación de aluminio co resto de países europeos.

Señorías, chegamos a esta situación como consecuencia das malas decisións do Goberno de España, do Goberno de Pedro Sánchez. Foi o Goberno Socialista o impulsor e quen avalou a venda das plantas de Alcoa na Coruña e Avilés a Parter Capital Group, a pesar das advertencias que se facían dende a Xunta de Galicia e tamén dende o Goberno do Principado de Asturias. Unha venda de alto risco —como todos denunciámos—, pero que ao Goberno Socialista lle viña ben en clave electoral, sen pensar demasiado na viabilidade futura da planta; unha viabilidade que tan só dous meses despois de efectuarse a venda xa demostraba facer augas deixando a máis da metade da plantilla sen carga de traballo efectiva, sen carga de traballo real.



Pouco despois, Parter Capital Group non daba sinais de vida e a súa aventura nas plantas de aluminio primario de Avilés e da Coruña remataba apenas oito meses despois da súa compra. O 15 de abril de 2020 Parter anunciaba a adquisición do 74 % do capital de Alu Ibérica por parte do grupo industrial Riesgo, confirmando así as sospeitas de todos —de todos non, de todos menos do Goberno de España, que prefería non ver— de que era unha proposta que non daba ningunha garantía para o futuro de Alu Ibérica.

E así chegamos ata a situación actual: concurso de acredores que expira o próximo 10 de maio. Unha situación de incerteza total sobre o futuro. E por iso os traballadores reclaman solucións xustas que garantan os seus postos de traballo e a viabilidade industrial da planta, porque nós estamos seguros que a ten. Unha viabilidade e unha rendibilidade complexa, pois co actual prezo da enerxía industrial, que dobra o prezo dos nosos veciños europeos, é moi difícil evitar a deslocalización e fomentar os investimentos tanto en Galicia como no conxunto de España neste tipo de industrias.

Señorías, o certo é que temos un obxectivo compartido, e eu estou seguro de que ese obxectivo o compartimos todos os partidos con representación nesta cámara, que é traballar na busca dunha alternativa industrial que permita contar no futuro cun proxecto sólido para esta planta coruñesa.

Por iso o Goberno galego acaba de elaborar xunto cun equipo técnico de traballadores da planta un caderno de vendas posto á disposición do administrador concursal, definindo unha carta de presentación que demostre que é posible un futuro para as instalacións e para a plantilla de Alu Ibérica na Coruña. E por iso dende o Goberno da Xunta de Galicia se avoga por converter esta fábrica da Coruña nunha planta de aluminio verde, de aluminio secundario, na que prime a economía circular.

O importante é que este estudo ofrece diferentes escenarios industriais, todos viables, e que permitirían a medio e longo prazo recuperar a fabricación de aluminio primario en Galicia, que ese é o obxectivo irrenunciabile, o obxectivo que estou seguro compartimos todos. O importante é que este estudo ofrece eses distintos escenarios industriais, todos viables e que poderían ser presentados polo administrador concursal, o comité de empresa e as administracións públicas.

A Xunta, dende logo, está facendo todo o posible, e agora necesitamos que o Goberno de España tamén o faga; sobre todo porque foi o Goberno de España —hai que dicilo, hai que lembralo— quen meteu a Alu Ibérica na situación na que hoxe se atopa.

Quedou claro ata agora que o Goberno non foi capaz en tres anos de ofrecer un prezo eléctrico estable e competitivo para que se puidera manter a produción de aluminio primario na Coruña. Ese foi o problema que nos trouxo ata a complexa situación na que nos atopamos no día de hoxe. Un problema causado polo Goberno do Estado e que só o Goberno do Estado pode solucionar adoptando as medidas que demandamos nesta iniciativa para establecer ese marco enerxético tan necesario e facendo seu ese caderno de vendas que ten elaborado o Goberno galego.



A Xunta está facendo todo o posible para mediar nesta situación, pero é fundamental, imprescindible que o Goberno de España tamén faga o mesmo. E non só o Ministerio de Industria, senón outros dous departamentos, tamén o Ministerio de Transición Ecolóxica e o Ministerio de Traballo. Un ministerio non pode prometer arranxar o que está desfazendo outro ministerio do mesmo goberno. Como pasa nestes momentos, nos que xa non é que non se coordinen entre os distintos socios de goberno, é que se contradín os mesmos ministerios que xestiona o mesmo partido, que é o Partido Socialista. Necesitamos unha maior coordinación dentro do propio Goberno de España, así como coordinación coa Xunta de Galicia, coordinación co comité de empresa e co administrador concursal, e coordinación entre os propios ministerios do Goberno de España.

Hoxe presentamos unha iniciativa que busca dar un paso máis na procura de solucións para os traballadores de Alu Ibérica e o futuro da planta. Un paso máis sabendo que o tempo corre e que aí está enriba da mesa ese 10 de maio, onde a empresa podería ser liquidada.

E por iso presentamos esta iniciativa na que propoñemos demandar ao Goberno de España que, en primeiro lugar, use todos os instrumentos dos que dispón para garantir un prezo competitivo á industria electrointensiva, concretamente a aplicación da contía máxima das compensacións por custos indirectos de CO₂; un mecanismo de substitución do sistema de poxas que recolle a figura do consumidor hiperelectrointensivo; que se eximan nun 80 % as peaxes de transporte; a exención do imposto de xeración eléctrica, e que se convoquen de inmediato as poxas de electricidade de orixe renovable para a súa adquisición por parte da industria electrointensiva.

En segundo lugar, demandamos ao Goberno de España que se implique activamente xunto co Goberno galego e os traballadores da planta en atopar un socio industrial que garanta o futuro da planta e que garanta tamén os empregos existentes na actualidade.

En terceiro lugar, que a vicepresidenta galega e ministra de Traballo medie neste proceso para evitar que o ERTE acabe cos traballadores na rúa e que non prospere ese ERE de extinción.

En cuarto lugar, que a SEPI interveña temporalmente a planta, e se é necesario ata que haxa un investidor privado que garanta o proxecto industrial viable e a continuidade da planta e dos empregos.

Unhas propostas que cremos que son claras, ben definidas, consensuadas coa representación dos traballadores aos que tivemos ocasión de recibir recentemente.

Creo que Galicia non pode renunciar á fabricación de aluminio, de aluminio primario e de aluminio secundario, que eses empregos son precisos para que a economía galega siga funcionando e que, polo tanto, é tarefa de todos defender en conxunto a continuidade de Alu Ibérica.

Pola miña parte. nada máis. Moitísimas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Tellado.



(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Grupo Parlamentario Socialista, señor Seco García.

O señor SECO GARCÍA: Grazas, presidente.

Señor Tellado, déixeme que comece por referirme ao que debatemos no anterior debate pola mañá, nese intento continuo que ten vostede por embarrar o debate político. Teño que dicirle que algúns estamos moi cómodos na representación política, tanto sexa na primeira fila, na segunda, como se é na última ou no poleiro. Aqueles que non somos profesionais da política e temos a nosa profesión esperando fóra, neste caso nesa industria que vostede di que coñece e non pisou na súa vida, e que volveremos despois de estar neste posto de representación pública, facémolo por servizo público. Entendemos que a política é a arte de servir aos cidadáns e non de servirse un mesmo. *(Aplausos.)*

Hai só tres meses, no pleno deste parlamento, aprobabamos por unanimidade unha iniciativa que lle pedía ao Goberno do Estado a activación urxente de medidas pendentes en favor da industria electrointensiva. Nomeadamente eran as seguintes: incrementar o orzamento destinado ás subvencións relativas ao mecanismo da compensación de custos de emisións indirectas de gases de efecto invernadoiro á contía máxima permitida pola Unión Europea; activar o Fondo Español de Reserva para Garantías das Entidades Electrointensivas, para a cobertura dos riscos derivados das operacións de compravenda a medio e longo prazo da subministración de enerxía eléctrica, PPA, entre consumidores de enerxía eléctrica que teñan a condición de electrointensivos a través do Cesce; convocar de modo inmediato as poxas de electricidade de orixe renovable para a adquisición por parte dos consumidores electrointensivos; establecer mecanismos de xestión da demanda que permitan ofrecer flexibilidade ao sistema eléctrico, o que pola súa vez servirá para reducir o custo eléctrico final, e proceder á intervención pública na factoría de Alcoa en San Cibrao, inicialmente de forma transitoria a través da SEPI, co fin de asegurar o mantemento do emprego e da actividade industrial e facilitar a súa posterior venda a un investidor privado que garanta un proxecto industrial viable. Iso era o que aprobabamos.

É moi curioso que o Partido Popular traia hoxe a este parlamento unha iniciativa anterior a esta que aprobamos, unha do mes de marzo de 2021, para volver repetir un debate despois de que a plantilla de Alcoa en San Cibrao aprobara a proposta da multinacional para continuar en San Cibrao ata o ano 2026, cunha paralización da actividade das cubas de electrólise na planta de aluminio durante dous anos, pero garantindo o mantemento dos postos de traballo.

É difícil entender que o Partido Popular aquí en Galicia non poña agora os seus esforzos en impulsar os proxectos de enerxía renovable que sexan respectuosos co noso territorio e que poidan facer que baixe o prezo da enerxía que utiliza esta industria para acurtar a dita paralización, e sigan instalados nunha política de confrontación que o único que busca é un rédito electoral á custa deses traballos na industria.

Ante todo isto, dende o noso grupo preguntámonos se a vostedes, señorías do Partido Popular, lles agrada a continuidade da fábrica de aluminio na Mariña lucense ou preferían o



peche que tantas veces vaticinaron. ¿Están traballando na busca de solucións para a industria electrointensiva ou simplemente o ven como un sistema de desgaste do Goberno central ante a crise internacional dos prezos da enerxía? (*Aplausos.*) ¿Cales son as medidas que pon encima da mesa a Xunta de Galicia para apoiar a industria electrointensiva ou contra a pobreza enerxética?, ¿hai algunha, señores do Partido Popular? Porque eu non coñezo absolutamente ningunha.

Se vostedes teñen as competencias en materia industrial, ¿cal é o traballo que estaba facendo a Xunta de Galicia para manter a actividade na fábrica de Alu Ibérica na Coruña? Porque ata hai poucas datas, moi pouquiñas, os propios traballadores de Alu Ibérica eran descoñecedores de se a Xunta de Galicia estaba a buscar investidores para a planta. ¿Ou van, como cando Alcoa anunciou o peche da planta coruñesa, cruzarse de brazos a ver que pode facer o Goberno do Estado, para logo sumarse cando se logra un acordo de venda da fábrica ao novo investidor, e logo desmarcarse cando esta non sae ben? Esa é a súa política, señores do Partido Popular.

Señorías, fíxense na diferenza entre a política de confrontación que practica o Goberno de Feijóo e o que fai o Principado de Asturias. Mentres vostedes só buscan ruído, o que fai vos- tede aquí, o Principado de Asturias por vía de proposición de lei consegue que estes días se aprobe no Congreso dos Deputados a admisión a trámite dunha proposición de lei para de- clarar o carácter estratéxico da industria electrointensiva. Esta declaración de carácter es- tratéxico implica que a dita industria poida acceder a beneficios administrativos e fiscais e aos mecanismos de acceso prioritario á determinación de prezos enerxéticos de acceso prio- ritario e á determinación dos prezos enerxéticos que se fixen nun novo estatuto.

Pero este goberno no Estado, señores do Partido Popular, xa leva tempo traballando en bus- car solucións para os altos prezos da enerxía derivados da crise internacional polos motivos do gas, despois das erráticas políticas do Partido Popular durante os sete anos de Mariano Rajoy, que abandonou a aposta pola enerxía renovable e perdeu o liderado internacional que tiña o país neste ámbito. E fíxense o que tería suposto seguir nesa senda de aposta pola des- carbonización para o prezo da enerxía nestes duros momentos onde a dependencia do gas é un auténtico lastre.

O Goberno español traballa en dous ámbitos: buscar solucións a medio e longo prazo coa aposta polas renovables, o autoconsumo e a eficiencia enerxética, e dar solucións rápidas aos consumidores neste duro momento de crise internacional.

No ámbito das electrointensivas trabállase, por unha banda, nun aspecto máis técnico para ese fondo de avais públicos para a contratación de enerxía a medio e longo prazo. E, por outra banda, nun traballo coas empresas de produción eléctrica, para que favorezan que as industrias electrointensivas, que son os seus grandes clientes, teñan contratos a prezos competitivos, con menos beneficio, pero garantindo a un cliente necesario.

Señores do Partido Popular, traen como medida nesta iniciativa aplicar mecanismos para compensar os custos de CO₂ en empresas como Alcoa, Alu Ibérica, Xeal, Ferroglobe ou Me- gasa ante a escalada nos recibos. Pero a realidade é que o ministerio xa dedica nos orza-



mentos deste ano 470 millóns de euros, a partida máis elevada da historia en axudas para esta compensación, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) e arredor de 180 millóns como mínimo irán ao mecanismo de compensación de custos de emisións indirectas de CO₂., que se poderá incrementar ata ese máximo permitido que vostedes reclaman.

Pero, por certo, xa que pregunta, señor Puy, hai que ter en conta que esta compensación debe aplicarse ás electrointensivas, pero tamén aos bonos sociais de axuda, a consumidores vulnerables e para a contención de subida da factura de todos os cidadáns. E contéstenme a unha pregunta, señores do Partido Popular: ¿o Partido Popular quere ou non quere darlle cobertura á cidadanía nos problemas de pobreza enerxética?

Nos bandazos que dá o Partido Popular neste tema pedía na iniciativa de marzo de 2021 que se establecera un sistema de poxas de interrompibilidade no que se recollía a figura do consumidor hiperelectrointensivo, e vostedes saben ben que isto non é legal dende o punto de vista dos sistemas de competencia establecidos pola Unión Europea. Unha situación que fixo que o propio Rajoy, antes de ser desaloxado do goberno pola condena por corrupción que recibiu o seu partido, prometese a creación dun estatuto do consumidor electrointensivo que nunca desenvolveu e que tivemos que esperar á chegada deste goberno para poder desenvolvelo.

Pero ademais destas poxas plantexaban outra exención, que agora vía emenda desaparece por arte de maxia no día de hoxe, para substituír a compensación do 85 % dos cargos de renovables e de coxeneración. Seguramente desaparece, señor Tellado, porque saben que tamén é completamente ilegal.

Nas outras dúas propostas entenderán que estamos de acordo, tanto na convocatoria de poxas de electricidade de orixe renovable para a industria electrointensiva como eximir das peaxes de transporte ás ditas empresas nun 80 %, porque é xusto o que está a facer este maligno Goberno socialista. É dicir, o Partido Popular plantexa cinco instrumentos, dos cales tres xa están en marcha e dous saben vostedes que son completamente ilegais. Gran aportación do Partido Popular a un problema tan grave. (*Aplausos.*)

Señorías do Partido Popular, deberan pensar como axudar o Goberno do Estado a abaratar o custo da enerxía, ou seguir man a man con Vox convertendo a política nun espectáculo de *fake news*, ata con supostos ataques do Goberno estatal á remolacha, que só saen nos soños dun delirante Casado, quen sente o alento de Ayuso nas súas costas. (*Aplausos.*)

Gustaríame que explicasen por que vostedes, que tanto din que están preocupados polo prezo da enerxía, votaron en contra das medidas do Real decreto 17/2021, que contempla medidas fiscais e axudas aos consumidores, entre eles aos máis vulnerables. Pode que erraran cando votaron ese decreto, como lles sucede ás veces aos deputados do Partido Popular cando teñen que apertar o botón. Pero a realidade é que vostedes votaron en contra de iniciativas para reducir os impostos aos consumidores e reformas que queren poñerlles couto aos beneficios excesivos que reciben as empresas eléctricas, por un sistema que vostedes mesmos implantaron e que permite que se lles cobren aos consumidores os custos do gas e do CO₂ por enerxías producidas por tecnoloxías que nada teñen que ver co gas e co CO₂. E a cidadanía



pregunta: ¿por que votan en contra de meterlles man a eses beneficios inmerecidos que reciben as eléctricas, en contra da cidadanía que paga a factura a final de mes? ¿Cal é a súa prioridade, señor Tellado: a cidadanía ou os beneficios dos seus amigos das empresas eléctricas?

Señores do Partido Popular, nesta iniciativa, que pasou de falar de medidas para abaratar enerxía no sector electrointensivo e se converteu nunha iniciativa para confrontar co Goberno do Estado pola situación de Alu Ibérica, lamentamos que non se deran conta da situación da fábrica hai meses, e incluso dende hai anos,...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor SECO GARCÍA: ...xa que as competencias en materia industrial que ten a Xunta de Galicia inclúen que busquen investidores para a planta coruñesa.

Pero non se preocupen, os socialistas galegos apoiamos e apoiaremos, como se dixo cando Alcoa quixo dar a espantada,...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor SECO GARCÍA: ...para que se manteña a actividade e o emprego na planta coruñesa con todas as medidas que sexan necesarias para iso.

Polo tanto, se aceptan a votación por puntos, votaremos evidentemente a favor das medidas que propón para Alu Ibérica. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Fernández Alfonzo.

O señor FERNÁNDEZ ALFONZO: Boa tarde.

Cando de Alu Ibérica se fala é preciso lembrar que estamos diante dunha crise industrial provocada pola intención de Alcoa de pechar a fábrica de aluminio da Coruña. É preciso lembrar que o Goberno galego e o Goberno español actuaron de mediadores e garantes dos acordos que durante ese proceso se tomaron e que ambos os gobernos se parabenizaron por eses acordos. *(Aplausos.)* É preciso lembrar tamén, porque así nolo demandan os traballadores e traballadoras da fábrica, que durante ese proceso foron practicamente abrumados con promesas de apoio e solucións por parte de ambos os gobernos, e que hoxe, despois de máis de dous anos de incumprimentos daqueles acordos e de incumprimentos tamén dos máis básicos e fundamentais dereitos laborais, despois de máis de dous anos de auténtica tortura psicolóxica do persoal da fábrica e das súas familias, están absolutamente abandonados e abandonadas. *(Aplausos.)*



Pero imos coas propostas de autoemenda do PP porque hai varias cousas que salientan. A primeira, que o actual marco normativo do mercado eléctrico é da súa autoría; si do Goberno de M. Rajoy e do ministro Soria. Correspóndelles a vostedes a honra de introducir no mercado eléctrico os mecanismos que provocaron a inestabilidade, os mecanismos que provocaron a imposibilidade de garantirse prezos certos e a longo prazo da subministración eléctrica e que provocaron tamén discriminación entre empresas do mesmo sector de actividade por volume de consumo. E hoxe, despois de perpetrada a desfeita, bótanlle a culpa dos prezos da luz ao Goberno de España, que ten culpa, efectivamente, na medida en que mantén o básico da regulación do Partido Popular. *(Aplausos.)*

E que non están vostedes polo labor de modificar o actual marco regulador do mercado eléctrico dun xeito significativo despréndese claramente das súas propostas. Para vostedes é prioritario que as grandes enerxéticas manteñan o actual nivel de beneficios *caiga quen caiga*; un nivel de beneficios a todas luces desorbitado e ilexítimo. Esa é a cerna do problema, o abuso dunha posición dominante dun xeito descarnado que ten á industria, a autónomos e autónomas, a pequenas e medianas empresas e ás familias contra as cordas.

Vostedes coinciden nalgunhas cousas co BNG na necesidade de eliminar certos tributos, na necesidade de limpar a factura eléctrica de cargos e peaxes, ou en elevar até o máximo permitido as compensacións por CO₂. Pero cando se fala de modificar o sistema de fixación de prezos, aí si que non. Tributos, cargos e subvencións, si, porque iso non lles vai ao peto ás eléctricas, iso vai a conta de todos e todas as contribuíntes. Pero modificar o sistema de fixación de prezos, non, porque esa é a galiña dos ovos de ouro, esa é a máquina do que se coñece como «beneficios chovidos do ceo». E precisamente por iso é aí onde hai que actuar.

A proposta do BNG é moi clara a este respecto: debemos camiñar cara a un sistema que retribúa a electricidade en función dos custos de produción recoñecidos, cando menos para certas tecnoloxías como a hidráulica ou a nuclear, do mesmo xeito que se fai noutros estados da Unión Europea.

A segunda cuestión é a súa proposta de que interveña a ministra de Traballo para impedir que o ERTE remate en despedimentos. Unha proposta que parece pensada para traer ao Parlamento galego o despropósito da aprobación da non reforma laboral da semana pasada. Porque o actual ERTE foi negociado e aprobado en sede concursal no Xulgado do Mercantil número 2 da Coruña. E nestas circunstancias, a intervención da autoridade laboral sempre é moito máis limitada que de ordinario, mais en todo caso é competencia da Xunta, non do ministerio. É dicir, son vostedes a autoridade laboral competente neste caso, non a ministra.

Mais digo que é un despropósito sobre todo porque a limitación de facultades da autoridade laboral para intervir nunha crise empresarial existe por obra e graza da reforma laboral aprobada no seu día polo Partido Popular, e recentemente referendada polo Goberno de PSOE-Unidas Podemos coa apoio vergonzante do PP. *(Aplausos.)* Foi o Partido Popular o que reduciu case a cero a capacidade dos gobernos para impediren un ERE cando eliminaron a obriga empresarial de obter a autorización administrativa. Así que entre PP, PSOE e Unidas Podemos elaboraron ou referendan o marco normativo da luz, e, polo tanto, son corresponsables disto. E ao mesmo respecto do marco normativo laboral.



Son corresponsables, polo tanto, de que hoxe en día o futuro da fábrica de aluminio da Coruña estea en mans do administrador concursal e do Xulgado do Mercantil da Coruña, mentres os gobernos miran para outro lado, bótanse a culpa mutuamente, pero infelizmente ningún deles fai nada.

E a proposta que trae hoxe o PP é o mellor espello da súa política de ficción: todo é mandar facer sen asumir ningunha responsabilidade. O BNG está a favor de que a SEPI interveña a fábrica, por suposto. Pero ¿que vai facer o Goberno galego se a SEPI non intervéñe? Porque vostedes no día de hoxe non teñen solución para a fábrica de Alu Ibérica, e imos xa ao tempo de desconto. Non teñen plan industrial, non teñen socios que garantan a actividade nin o emprego, e o que é peor: non teñen a máis mínima intención de facer nada por rescatar a fábrica. Un caderno de venda é o mesmo que nada.

Que o Goberno galego se desentenda da produción de aluminio nun país onde existe un mercado e un sector do aluminio exitoso e en expansión, con empresas como Exlabesa, Extrugasa ou Cortizo, resulta especialmente grave e indignante. Pero que o pretexto sexa o prezo da electricidade nun país como o noso que ten instalados máis de catro mil megavatios de potencia hidroeléctrica xa é o colmo. Máis de catro mil megavatios, máis do que representaban as térmicas das Pontes e Meirama xuntas.

Si, no BNG temos unha teima con isto de constituír unha empresa pública de enerxía, e nomeadamente a partir dos aproveitamentos hidráulicos. Témolala e por varias razóns: porque dentro das tecnoloxías renovables é a que máis posibilidades de xestión ofrece; porque os custos de produción están entre os máis baixos; sobre todo, porque os ríos, é dicir, o recurso é inequivocamente público, e temos dereito a explotalo como mellor nos conveña; (*Aplausos.*) e porque no día de hoxe o principal problema da industria hiperconsumidora, segundo as súas propias manifestacións, é o prezo da electricidade e a negativa das grandes empresas enerxéticas a ofrecer prezos competitivos a longo prazo.

A pregunta que queda por responder consecuentemente será se unha empresa pública de enerxía podería ofrecer eses prezos competitivos que demanda a industria. E a resposta é rotundamente que si. Exemplos hai noutros estados da Unión Europea.

Para rematar, desde o BNG apostamos polo rescate da fábrica da Coruña, con intervención pública se for preciso da SEPI ou da Xunta, de ambos os gobernos en colaboración, do mesmo xeito que outros estados da Unión Europea, nomeadamente Italia, rescataron no seu día fábricas de aluminio que Alcoa quixo pechar.

En todo caso, demandamos do Goberno de Feijóo unha actuación que se corresponda coa importancia estratéxica da actividade industrial que a produción do aluminio ten no noso país, e que se corresponda coa necesidade de protexer os empregos das máis de trescentas persoas que se viñan ocupando na fábrica de Alu Ibérica na Coruña. E apostamos tamén porque o Goberno galego dea pasos decididos cara á constituición dunha empresa pública de enerxía.

Máis nada e obrigado. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Fernández.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Tellado Filgueira.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Grazas, presidente.

Señor Fernández, no pecado vai a penitencia. A verdade é que é difícil ser voceiro de Industria do Bloque Nacionalista Galego nesta cámara e ter que facer eses traballos de equilibrio para manterse na difícil liña a que os obriga a señora Ana Pontón: *¡por favor!, no me molestéis a los del PSOE, que luego se nos enfadan y nos echan de los gobiernos. (Aplausos.)* ¡Que difícil! Apoian vostedes ao goberno máis centralista da historia do noso país. ¡Vaia nacionalismo de chichinabo!

Señor Fernández, a Xunta de Galicia e o Principado de Asturias opuxémonos á venda de Alu Ibérica a Parter Capital Group, e dixémolo publicamente. Foi unha operación que ben-diciu, impulsou o Goberno socialista porque lle interesaba nese momento sacar ese problema de enriba da mesa, porque estabamos nun contexto preelectoral. Polo tanto, non nos pida a nós responsabilidades do que fixeron os seus socios, alí onde poden, porque gobernan con eles, son os seus socios. Son vostedes a cooperatiña de cargos do BNG, e están para iso, para defender a cooperativa, son cooperativistas. Pero a verdade é que para defender Galicia vostedes nin están nin se lles espera, porque o sectarismo lles impide recoñecer a realidade.

Foi o Goberno socialista de Pedro Sánchez quen deixou na estacada a industria electrointensiva deste país. Porque antes cando gobernaba Mariano Rajoy este problema non o había, e cando o houbo resolveuse. Polo tanto, nós o que lle pedimos ao Goberno socialista, que goberna dende hai máis de tres anos, é que poña solucións onde agora hai un problema. Porque se Francia pode, Italia pode e Alemaña pode, ¿por que España non pode? ¿Por que esa diferenza de prezo do megavatio? ¿É que esa crise enerxética mundial da que vostede fala afecta unicamente a España?, ¿non é mundial? E se é mundial, ¿por que a resolven en Francia, en Alemaña ou en Italia, e aquí non? Porque aquí temos un goberno que non é que non teña competencias, é que é incompetente. E vostedes apóiano e levárono ao palacio da Moncloa. ¡En hora boa, señor Fernández! ¡E en hora boa a esa cooperativa de cargos do Bloque Nacionalista Galego!

Señor Seco, eu píddolle que vea a súa intervención cando poida e descubrirá por que vostedes converteron o PSdeG-PSOE na terceira forza política, no partido minoritario desta cámara. Porque vostede non foi capaz de pronunciar a palabra «traballadores». Estamos falando de trescentas familias da Coruña que viven de Alu Ibérica e que están preocupadas.

E nós presentamos esta iniciativa autoemendada para defender os seus intereses e para que o Goberno de España se involucre. E vostede veu aquí defender o Goberno de España e o partido. Por iso son vostedes a terceira forza política deste parlamento, porque para vostedes Galicia é o último. Cando teñen que elixir, Galicia é sempre o último.



Vostedes enganaron de forma reiterada os traballadores de Alcoa e os traballadores de Alu Ibérica prometendo un estatuto electrointensivo que ía arranxalo todo e, ao final, non arranxou nada. É máis: os cartos dese estatuto, ¿finalmente onde foron?, ¿foron aos consumidores hiperelectrointensivos? Non, foron a empresas que efectivamente teñen un alto consumo de enerxía pero doutras comunidades, ¡curioso!, tales como País Vasco e Cataluña. Pero vostedes ¿a que se dedican no PSdeG-PSOE? ¡Deixen de facer o ridículo! Respéctense un pouco a vostedes mesmos.

Pasou o que dixemos que ía pasar. Dixémolo cando o Goberno impulsaba esta operación, que era unha operación de alto risco que non garantía nin a actividade nin os postos de traballo. E lamentablemente pasou o que dixemos que ía pasar. Mentres vostedes o que facían era enganar a todo o mundo.

Míre: o seu talibanismo medioambiental lévaos a entender que a descarbonización da economía é o máis importante. E para nós o máis importante é o emprego industrial de Galicia. A vostedes iso impórtalles un pito. E por iso o seu novo secretario xeral —que creo que a vostede non o representa— foi quen permitiu que o Goberno de España desmantelara o motor económico do seu concello, calando a boquiña, mirando para outro lado, porque para iso son do Partido Socialista. O primeiro, o partido, o primeiro, Sánchez e o último, os empregos. Son vostedes os que levados polo seu talibanismo medioambiental acaban dicindo que o emprego da xente non vale nada, que o importante é o titular e a propaganda. E niso hai que recoñecerlles que vostedes son os mellores.

Cando pensabamos que ninguén podía traizoar máis os intereses de Galicia que o PSOE anterior, chegou o PSOE do señor Valentín González Formoso pregando velas.

¿E ao lado a quen ten? Á señora Ana Pontón, a voceira desa cooperativa de carguiños do BNG, que o que di é: bueno, a mí que no me toquen lo mío. E por iso o BNG rise. ¿E por que? Teñen na Deputación de Lugo máis asesores que alcaldes en toda a provincia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Ese é o Bloque Nacionalista Galego, *(Aplausos.)* cooperativa de carguiños. *(Aplausos.)* Primeiro, o noso, e o de Galicia é o de menos. *(Aplausos.)* Si eso es la excusa, eso es lo que nos ha enseñado Otegui...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: ...durante todo este tiempo. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: En fin, nós presentamos unha iniciativa para defender a continuade de Alu Ibérica na Coruña e os trescentos postos de traballo.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.



O señor TELLADO FILGUEIRA: Eu agardo o apoio dos partidos que conforman esta cámara.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor TELLADO FILGUEIRA: Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Entendo que non se aceptaron as emendas, ¿verdade?

O señor TELLADO FILGUEIRA: Non. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos á seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que as corporacións locais sexan beneficiarias do Programa de primeira experiencia profesional

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do seu deputado Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de adición.

Débase engadir ao final da parte resolutiva o seguinte texto:

<<...seleccionando ás beneficiarias por procedementos de concorrencia competitiva.>>)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Imos falar de emprego, señor Tellado. As súas faltas de respecto cara ao meu compañeiro só significan que Martín Seco ten unha posibilidade de argumentación que vostede non ten. Vostede non lle chega nin á altura do zapato, está claro, *(Aplausos.)* nas argumentacións ver-tidas porque non as tiñan, non tiñan argumentación.

Pero imos á iniciativa, que trata —o que dicía— da importancia que lle dá o Partido Popular e vostede, señor Tellado, ao emprego e ás administracións locais. Resulta que hai unha fla-grante e inxusta discriminación que realiza o Goberno galego á Administración local en ma-teria de emprego e de políticas activas ao eliminar os municipios dun programa investidor. E o Grupo Parlamentario Socialista instamos a corraxir esta actuación.



No marco do Plan nacional de recuperación, transformación e resiliencia inclúese, concretamente no compoñente 23, o apartado «Novas políticas públicas para un mercado de traballo dinámico, resiliente e inclusivo», co fin de abordar a través do diálogo social un paquete equilibrado e coherente de reformas que permita reducir o desemprego estrutural e o paro xuvenil, deseñando políticas públicas que permitan avanzar nun mercado de traballo dinámico, resiliente e inclusivo, e preparado para as novas demandas e oportunidades globais, como a transición dixital e a ecolóxica.

Un dos obxectivos é reformar e impulsar as políticas activas de emprego mellorando a cohesión do sistema nacional de emprego, cun enfoque centrado nas persoas e nas empresas, orientándoas cara a uns resultados avaliábeis, coherentes coa innovación, a sostibilidade e as transformacións produtivas apoiadas na mellora das capacidades.

Dado o desigual impacto sectorial da pandemia e a súa incidencia negativa sobre os xoves, vese urxente e fundamental pór en marcha medidas dirixidas a este colectivo, situando como elemento transversal e prioritario destas actuacións a loita contra o paro xuvenil; un dos principais problemas do mercado laboral que se viu agravado tras dúas das maiores crises económicas do último século. As estruturalmente elevadas taxas de paro das capas máis xoves da poboación inciden na precariedade e poden ter efectos negativos permanentes en termos salariais, formativos e nas posibilidades de promoción futuras.

Esta casuística xa a plantexou este grupo parlamentario no inicio desta lexislatura nunha proposición non de lei, na que plantexabamos á Xunta, a teor da taxa de desemprego dos xoves en Galicia dun 20,6 % naquel momento —chegando en 2021 ata un 24,7 %—, así como da temporalidade, que é dun 61,5 %, e a parcialidade, dun 25,5 %, que sofren —provocado como resultado do anterior— que perciban salarios moi inferiores á media do conxunto de idades. E a consecuencia desta brecha salarial é unha maior dificultade para a emancipación, dado que de factores como o encarecemento da vida, o endurecemento das condicións de entrega dos créditos hipotecarios, o aumento do prezo da vivenda obtemos como resultado que unha persoa xove debe empregar case un trinta por cento do que gaña en facer fronte aos gastos inmobiliarios.

Os datos, segundo fontes da Axencia Tributaria, do Estudo do mercado de traballo e pensións —o último publicado no ano 2020, porque sabemos todos que a declaración do ano 2021 aínda non a presentamos—, presentan que os traballadores menores de 25 anos perciben de media un salario de 7.052 euros, fronte aos 17.141 que percibe o conxunto de idades; o que supón unha diferenza de 10.089 euros e que dá lugar a unha brecha salarial do 58,9 %. Ante estes datos non podemos non cualificar a situación do mercado laboral da xuventude en Galicia como precario, inestable e sen dereitos.

E por iso instabamos a Xunta a que puxera en marcha un plan de choque de emprego xuvenil que deseñase medidas que contribuísen a establecer un marco laboral de calidade no emprego, combatendo o efecto desánimo dos mozos e mozas, incrementando a súa cualificación laboral e facilitando a súa inserción laboral. Xa saben vostedes o resultado da votación: gañou o Partido Popular, perderon os xoves galegos.



Seguindo co argumentario, o Plan de recuperación, transformación e resiliencia si que pon en marcha un plan de choque contra o desemprego xuvenil para facilitar a súa inserción laboral, para que constrúa vidas laborables estables e aumente de inmediato a formación e capacitación dos xoves para impulsar a súa contratación en canto se afiance o crecemento económico. Un plan integral e transformador a curto prazo.

Neste compoñente 23, o investimento 1, concretamente «Emprego xove», inclúe a actuación do Programa de primeira experiencia profesional nas administracións públicas. Esta actuación ten como finalidade desenvolver un plan de primeiras experiencias profesionais para as persoas xoves no seo de servizos prestados polas administracións públicas. A dificultade de adquirir unha primeira experiencia laboral significativa afecta ás persoas xoves, dificultándolles a súa integración temperá no mercado de traballo e o seu crecemento profesional e, xa que logo, o persoal. Esa falta de experiencia profesional relacionada coa formación cursada é unha das barreiras que teñen as persoas xoves para acceder a un emprego cualificado. Isto déixaas en desvantaxe respecto doutras de máis idade e promove dinámicas de desaxuste por sobrecualificación entre as habilidades que teñen e as que requiren os postos aos que finalmente acceden.

Un programa dirixido a xoves en desemprego maiores de 16 anos e menores de 30 anos, cunha etapa formativa completa e acreditada en canto a coñecemento se refire, que pretende facilitar ese primeiro contrato de traballo a través de programas de primeira experiencia, preferentemente en tarefas como a economía verde, dixitalización de servizos, cohesión social, atención á dependencia, intervención con colectivos vulnerables e rehabilitación de contornos e vivenda, tamén o desenvolvemento local rural.

Con estes preámbulos, e financiado cos recursos do instrumento europeo de recuperación, os Next Generation, a través do mecanismo de recuperación e resiliencia, o 30 de decembro de 2021 publicaba o *Diario Oficial de Galicia* a Orde do 29 de decembro de 2021, da Consellería de Emprego, pola que se establecían esas bases para a concesión de subvencións públicas destinadas ao financiamento deste programa de contratación para xoves, por un tempo de doce meses con xornada a tempo completo.

No artigo 3 desa orde que establece a Consellería de Emprego fíxanse como beneficiarios exclusivamente os órganos de administración da Xunta de Galicia e os seus organismos autónomos, así como as demais entidades que integran o sector público autonómico de Galicia.

Por outra banda, temos que ter en conta que o Ministerio de Traballo, nunha orde de data do 24 de outubro, publicaba que estas subvencións públicas eran destinadas no ámbito de xestión das comunidades autónomas e di: «serán beneficiarias as entidades que determinen as mesmas, dentro dos órganos da administración da comunidade autónoma e os seus organismos públicos dependentes, etc.». E dicía: «...así como as corporacións locais ou entidades dependentes ou vinculadas a unha administración local de ámbito territorial».

Así as cousas, este Grupo Parlamentario Socialista non alcanza a entender e vén denunciado neste parlamento, así como solicitar que se inclúan como beneficiarios deste programa as corporacións locais de Galicia, así como as entidades dependentes das mesmas. Non enten-



demos esta discriminación, a excepción de que a causa sexa a continua discriminación que veñen sufrindo os concellos por parte do Goberno galego, nomeadamente os non gobernados polo Partido Popular de Galicia. *(Aplausos.)*

Esta discriminación sáltase o disposto na orde estatal que ampara a convocatoria. E o concepto discriminación non se inclúe paradoxalmente no financiamento dos programas piloto —que dicía o presidente Feijóo— por 9 millóns de euros.

Sáltanse vostedes tamén o artigo 4 da Lei de emprego, que dispón que as políticas de emprego no seu deseño e modelo de xestión deberán ter en conta a súa dimensión local. O que é peor: non lles importa deixar sen posibilidades a creación de emprego de xeito máis permanente, dado que é —e todos o sabemos— o ámbito local onde as contratacións en prácticas se poden facer como punto de partida de novos xacementos de emprego. A contratación inicial durante un ano pode facerse como un punto de partida dun novo proxecto de emprego, tanto sexa proxecto de emprendemento individual como colectivo.

Esta discriminación non é nova, pois xa o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia condenaba a Xunta por discriminar municipios que non se sumaran á súa iniciativa «Concellos emprendedores» o pasado 23 de xullo. De feito, o Tribunal Superior de Xustiza dicía e puña o foco na total discordancia que existe entre as medidas de fomento dirixidas a favorecer a contratación e formación dos desempregados coas que tenden a implantar e fixar empresas en Galicia.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Si, presidente.

Preguntamos: ¿cales son as razóns destas exclusións? ¿Que medidas correctoras van aplicar con respecto a esta discriminación de cara aos concellos de Galicia e as entidades dependentes dos mesmos?

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: E instamos a corrixir estas disfuncións se tanto lles preocupa a precariedade e o emprego, señor Tellado.

Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodríguez Dacosta.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor Tabarés.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Boa tarde, señor presidente.



Señorías, a verdade, o primeiro é confesarlles unha teima, un medo, e é que cando no mesmo parágrafo aparece «Partido Popular» e «xestión de fondos europeos», un non pode evitar lembrarse (*Aplausos.*) daquel alcalde de Ourense. Por suposto, eu como García Berlanga, el dicía «austrohúngaro» en cada intervención, eu teño que dicir «Ourense». E no resto non, pero ten que ser aquí onde lembremos ese alcalde de Ourense que solicitou fondos europeos para a construción dunha nave, unha nave que xa levaba construída varios anos atrás, e algo que constaba nunha escritura pública outorgada ante notario. Polo que —e aí a primeira gravidade— a Audiencia Nacional obrigou ese concello a devolver todos eses fondos europeos percibidos. E a segunda gravidade é que ante esa situación o señor Núñez Feijóo a primeira decisión que tivo foi nomealo alto cargo da Xunta de Galiza. Ou sexa, entendan a nosa preocupación cando vemos no mesmo parágrafo «xestión de fondos europeos» e «Partido Popular». (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ¡Audiencia Nacional, Sección do Contencioso Administrativo! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, silencio. ¡Silencio!

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Calquera discrepancia ou necesidade de clase de dereito,...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio...

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: ...despois da *lesson one* da señora Rodil, (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) pois estaremos dispostos en enriquecer os seus escasos coñecementos. (*Aplausos.*)

Ben, a iniciativa do PSOE solicita incluír... (*Murmurios.*)

Eu non sei que comerían hoxe. (*Murmurios.*) (*Risos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Ben, parece que hai varios que comeron forte hoxe. (*Risos.*) Silencio.

O señor TABARÉS PÉREZ-PIÑEIRO: Na iniciativa o PSOE solicita incluír as corporacións locais como posíbeis beneficiarias do Programa de primeira experiencia laboral. Posibilidade contemplada na orde do Estado, como falaba a señora Rodríguez, que establecía os criterios básicos esenciais das convocatorias destes programas. Polo que a Xunta de Galiza o que fai é non incluír, senón excluír expresamente ás entidades locais das posibilidades de beneficiarse dese Programa de primeira experiencia profesional.

Pero non é a única exclusión importante que realiza a Xunta de Galiza, porque novamente, como é práctica habitual, acorda non aplicar, a pesar de ser posíbel, un procedemento de concorrencia competitiva para a selección das aspirantes. Aquí hai que lembrar que a orde



básica do Estado si permite o establecemento dun proceso de concorrncia competitiva para a selección das aspirantes.

O Programa de primeira experiencia profesional persegue en resumo varias finalidades: unha de carácter subxectivo, a formación e adquisición de competencias e experiencia profesional dos menores de 30 anos, e outra de carácter obxectivo, o fomento da economía verde, da dixitalización, da cohesión social e da cohesión territorial. Estas son as finalidades deste programa europeo, non son outras. Non se permite cubrir prazas estruturais, non permite a posibilidade de contratar man de obra barata; é dicir, aproveitarse outra vez da mocidade, da xente xove deste país.

As elevadas taxas de desemprego xuvenil representan un perigo para o equilibrio xeracional, un risco de exclusión sociolaboral dos colectivos máis vulnerábeis. Polo que os retos globais de sostibilidade e competitividade reclaman un fortalecemento das políticas activas de emprego que conduzan ao cumprimento do obxectivo 8 da Axenda 2030; é dicir, un crecemento económico sostido, inclusivo e sostíbel, pleno emprego produtivo e traballo decente para todas.

Claro, as elevadas taxas de desemprego xuvenil provocan este risco de desequilibrio xeracional e territorial. E os últimos datos publicados respecto do Estado español dinnos que resulta que ten unha das taxas máis elevadas de toda a Unión Europea de desemprego xuvenil; o único que ten unha taxa de desemprego superior ao 30 %. Duplica a media europea, quintuplica a Alemaña. É a segunda máis elevada de todo o territorio OCDE, estados membros e tamén estados asinantes, só superada por Costa Rica.

Máis preocupante aínda que a do Estado é a situación do caso galego, que está cinco puntos por riba en desemprego xuvenil da media do Estado. Se o desemprego xuvenil é alto no Estado, na Galiza aínda máis.

Porcentaxe dramática, máis dramática se cadra se temos en conta o brutal descenso de poboación galega entre 16 e 29 anos dende que preside a Xunta de Galiza, non de que goberna, o señor Núñez Feijóo. Galiza, en contra do que el di, segundo o INE e o IGE, pasou de 493.076 habitantes en 2009 a 344.239 no 2021 nesa franxa de idade. É dicir, hoxe hai 43 % menos de poboación moza na Galiza que cando Núñez Feijóo empezou a presidir, a destrozar este país. Realidade que compromete o presente, mais que condiciona claramente o noso futuro.

Como dicíamos, ademais deste programa de experiencia, da adquisición de experiencia profesional, este programa pretende potenciar a transición ecolóxica e a economía verde, pretende a dixitalización dos servizos, a cohesión social e o desenvolvemento local rural. E precisamente no rural é onde o despoboamento golpea con maior intensidade. Curiosamente, o desemprego xuvenil, non, porque xa non hai mozos que están en situación de desemprego. Os mozos vense abocados a ter que buscar un posto de traballo noutros estados ou noutras partes do Estado español.

E por iso non entendemos a exclusión da Xunta de Galiza das entidades locais das bases reguladoras das subvencións. Como tampouco entendemos que a Xunta de Galiza non faga uso



das posibilidades de seleccionar as entidades beneficiarias a través dun procedemento de concorrencia competitiva. Novamente, sempre que estamos a falar de subvencións, sempre que estamos a falar de convenios, non existe a posibilidade dun procedemento de concorrencia competitiva. Posibilidade que outorgan as bases do Estado, posibilidade que permite que eses recursos públicos, porque estamos a falar de recursos públicos, sexan destinados dunha forma eficaz e unha forma eficiente, reducindo as posibilidades de arbitrariedade e nepotismo. Curiosamente, onde a arbitrariedade, a discrecionalidade e o nepotismo son maiores, tamén son maiores as taxas de despoamento e tamén son maiores as taxas de desemprego.

A axilización de trámites, a simplificación de trámites non implica a supresión de procedementos administrativos. O procedemento administrativo está precisamente configurado para garantir o acerto e a oportunidade na xestión dos recursos públicos. Aquí, como nas demais achegas que se fan dende a Xunta de Galiza, estanse a suprimir todas as garantías de legalidade, todas as garantías de imparcialidade, todas as garantías de neutralidade.

Este programa, en definitiva, debe servir para incrementar as actitudes profesionais da mocidade, mais tamén debe contribuír ao reequilibrio territorial e ao reequilibrio social. Non se pode estar gobernando un país só para o 20 % do territorio. Non abonda con facer declaracións de intencións sen sentido nin políticas que o apoiem sobre o reequilibrio territorial, sobre o apoio ao medio rural. Non se pode facer se estamos no rural suprimindo os servizos sanitarios, se estamos suprimindo escolas infantís, se estamos suprimindo centros de ensino e se estamos privando de medidas de comunicación e de telecomunicación. Apostar polo rural é apostar por un desenvolvemento e un reequilibrio territorial que este programa da Unión Europea permite e posibilita, que as bases desgraciadamente impostas polo Estado español tamén posibilitan e permiten. E é precisamente a Xunta de Galiza quen aposta polo nepotismo, pola arbitrariedade e por novamente excluír ás entidades locais.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Tabarés.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Pardo López.

O señor PARDO LÓPEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Antes de comezar, quixera facer un inciso. Señor Tabarés, ese alcalde do que vostede fala foi absolto. Non como esa alcaldesa do BNG de Melide que non a puideron rehabilitar por inventarse proxectos dunha depuradora e dun polígono. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor PARDO LÓPEZ: Xa entrando no tema en cuestión, como saben, un dos principais problemas aos que se ten que enfrontar a miña xeración é o do acceso ao mercado laboral



por primeira vez. Un acceso difícil debido a que resulta especialmente complicado para calquera mozo complementar a súa formación académica ou profesional coa adquisición de experiencia no mundo laboral.

Así, unha vez rematada a etapa formativa, os mozos e mozas atopámonos cunha barreira moi difícil de superar e que nos sitúa nunha posición de desvantaxe. Unha barreira que non é outra que a experiencia. Como saben, a xuventude leva intrínseca a inexperiencia, e moitas veces as ofertas de emprego non recollen a inexperiencia como unha oportunidade para medrar, senón como un reto. E quizais esta sexa unha das motivacións que poida explicar a elevada taxa de paro xuvenil que temos en España. E é esa a dificultade, a de adquirir esa primeira experiencia profesional, a que condiciona o acceso temperá da mocidade ao mercado laboral. O que provoca unha situación moi común no noso día a día, que non é outra que a sobrecualificación dos traballadores novos con respecto ao posto de traballo que están a desempeñar.

A recuperación e a consolidación dun emprego de calidade son un compromiso para a Xunta de Galicia. Por iso cada vez son máis as actuacións orientadas a dar oportunidades laborais aos máis novos.

Por exemplo, co plan Emprega Xuventude, que no 2022 contará cun orzamento de 52 millóns de euros. Un plan que conta con diferentes incentivos para a formación e a práctica profesional, o que supón un impulso á contratación e inserción laboral da mocidade galega. Dentro deste plan encóntrase o Programa primeira experiencia laboral nas administracións públicas, cunha contía de máis de once millóns de euros de orzamento. Un programa que ten por obxectivo promover a contratación de persoas mozas para a adquisición de experiencia profesional nas entidades do sector público autonómico de Galicia. Un programa que ofertará case trescentos noventa contratos en prácticas e que poderán chegar aos quince e vinte.

Ademais, non hai que esquecer o carácter transversal da mocidade noutros programas das políticas activas de emprego da Xunta de Galicia. Ao ser a mocidade un colectivo prioritario ten acceso preferente a distintos programas como, por exemplo, o Programa de incentivos ao autoemprego, dos bonos de Remuda Xeracional, dos bonos Nova Oportunidade ou os programas de emprendemento no rural por parte da mocidade.

Tamén se está a mellorar o ámbito da formación para o emprego, algo clave para a inserción no mercado de traballo da mocidade galega como, por exemplo, a flexibilidade da formación dixital.

Con respecto á iniciativa do Partido Socialista, entendemos que nos orzamentos do 2021 o Estado dotaba as entidades locais dun presuposto de 22 millóns de euros para desenvolver o Programa de primeira experiencia profesional da administración pública, algo que desapareceu. E xa nos orzamentos de 2022 sacou unha convocatoria pero para beneficiar exclusivamente aos órganos da Administración xeral do Estado, por un valor de 100 millóns de euros. Reservouse por tanto diñeiro para executar políticas activas de emprego, que, como saben, é unha competencia exclusiva das comunidades autónomas.



Eu entendo que ser do Partido Socialista de Galicia non é fácil. Entón, veñen aquí reclamarlle á Xunta de Galicia o que non lle poden reclamar ao Goberno central. Porque para o Partido Socialista de Galicia ante todo está a renderlle pleitesía a Sánchez. ¿Defender Galicia? Ben, pois, en fin, non. Pero, claro, escoitar tamén a alguén do Partido Socialista vir aquí falar de medidas sobre o emprego xuvenil é que soa a chiste.

A semana pasada saían os datos de desemprego dos países membros da Unión Europea. España ocupaba o último posto en empregabilidade, cunha taxa de paro do 31 %. Estamos en 10 puntos máis que Portugal, 14 puntos máis que Francia, e dobrabamos a media da Unión Europea. Claro, agora entendo cando o Partido Socialista dicía iso de «non imos deixar a ninguén atrás». Evidentemente, non se pode deixar a ninguén atrás cando somos os últimos. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Pero xa volvendo aquí a Galicia, esa iniciativa é un claro exemplo do *state of mind* do PSdeG de Valentín e Carmela, ¿non? Ben, eu podo falar de Carmela, sei que nesa bancada é un tema tabú. Pero con todo o respecto que lle teño, señora Rodríguez Dacosta.

Todos sabemos que o Partido Socialista de Galicia ten as mellores expertas para falar de emprego nos concellos. Por iso que a min esta iniciativa que presenta hoxe o Partido Socialista de Galicia me parece insuficiente, eu ánimoos a que a semana que vén en vez de traer unha iniciativa sobre empregabilidade nos concellos pois que montedes unha mesa redonda entre Carmela Silva, a súa cuñada e o funcionario socialista da UGT. Porque estou convencido de que a mocidade galega aprendería moito máis sobre o que pensa o Partido Socialista de Galicia sobre empregabilidade nas administracións locais que con esta iniciativa. *(Murmurios.)* Porque, claro, Fraga aquí fixo o plan Labora e vostedes poden poñer en marcha o *Plan cuñada*. *(Risos.)*

Por sorte, a mocidade galega temos un goberno que realmente traballa por nós... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor PARDO LÓPEZ: ...e non é outro que o Goberno da Xunta de Galicia. E isto non o digo eu, isto dino os datos.

Podo empezar polos máis recentes, pois o pasado mes de xaneiro tivemos a cifra de mozos desempregados máis baixa de toda a serie histórica. Temos unha taxa de paro xuvenil catro puntos inferior á media de España, e tivemos a maior caída do paro rexistrado entre menores de 30 anos, un 31 % de caída con respecto a hai un ano. Mentres que as afiliacións tamén subiron un 7 % durante este ano.

Un dato que fala da Galicia de hoxe... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor PARDO LÓPEZ: ...é que temos un 65 % menos de paro xuvenil do que nos deixou o Goberno bipartito, o Goberno do Partido Socialista e do Bloque Nacionalista Galego.



Galicia está a demostrar que a pesar da covid-19 as medidas postas en marcha xunto coa estabilidade política permiten ter un mellor comportamento que o resto do Estado no que se refire a emprego xuvenil. Sabemos que queda moito traballo por diante, por iso tamén sabemos que a Xunta está a poñer o foco na mocidade por medio destas políticas activas de emprego.

Por certo, señorías, hoxe que estamos a falar aquí da primeira experiencia laboral, eu penso que hai que felicitar a unha deputada desta cámara... (*Murmurios.*) Mire como o saben. Claro, estou a falar da señora Pontón. (*Murmurios.*) Onte mesmo... (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

Señor Tabarés, comeron forte máis dun hoxe. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Xa, pois a ver se escoitamos todos a cada un que estea no uso da palabra, por favor.

O señor PARDO LÓPEZ: Onte mesmo a señora Pontón cumpría dezaioito anos dende a súa primeira experiencia laboral, a primeira e de momento a única. Claro, porque pasou de pisar os pasillos da Facultade de Políticas a pisar os pasillos deste parlamento; e despois, aínda así, pensa que pode falar en nome da xuventude de Galicia. Claro, eu sei que a idade son os números que aparecen no DNI, pero a realidade é que non pode representar a mocidade galega, xa que sempre estivo moi afastada da rúa. É normal, despois de dezaioito anos pois estará máis acostumada a pisar a moqueta. (*Murmurios.*)

Porque estaranse a preguntar vostedes: ¿que fixo a señora Ana Pontón... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor PARDO LÓPEZ: ...ao longo destes dezaioito anos... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

(*A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.*)

Señora Rodríguez Rumbo, van varias veces.

Silencio.

O señor PARDO LÓPEZ: ...como deputada pola mocidade de Galicia? Pois ben, podemos falar dos seus primeiros catro anos como deputada, recentemente saída da facultade. Votaba a favor de subirnos un 20 % as taxas universitarias durante o Goberno bipartito. Votaba a favor dunhas políticas de emprego que fixeron que Galicia tivese o paro xuvenil máis alto da súa historia. Votaba a favor dun Goberno bipartito que fixo que a nosa taxa de abandono escolar fose dun 25 %, un de cada catro alumnos, e hoxe está nun 8 %. En definitiva, defendía un Goberno do BNG que non daba axudas para a mobilidade da xente nova, que non facilitaba a remuda xeracional nin a contratación da mocidade. Un Bipartito que daba menos axudas para a compra ou o alugueiro de vivendas por parte da mocidade.



E aínda así debe pensar que por ser novos que non temos memoria, e pénsao, porque nunca se tivo que enfrontar ao que se ten que enfrontar no día a día unha moza ou mozo galego. Pensa que se nos pode enganar dicindo que todas as solucións aos nosos problemas son a independencia ou o soberanismo, porque o único que lle preocupa á señora Pontón da mocidade son os seus votos. O BNG quere unha mocidade gris e ceniza coma eles, pero a mocidade galega é moito mellor que o BNG. Por certo, unha xuventude galega que sempre que tivo que decidir os mandou para aí, para a oposición.

Eu, que xa vou rematando, aproveito para traerlle un agasallo á señora Pontón por estes dezaioito anos, porque leva dezaioito anos nesta cámara, case dúas décadas, e segue falando da mocidade. Claro, segue dicindo que vén aquí renovar a política galega. Por iso non se consola quen non quere. *(Murmurios.)* Eu ánimoa a seguir dezaioito anos máis na oposición... *(Murmurios.) (Risas.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

(O señor Pardo López saca encima da tribuna unhas candeas de números e diríxese cara á bancada nacionalista.) (Aplausos.) (Murmurios.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Non, non, non, señor Pardo, por favor. Iso léveo para o seu escano e seguro que mañá lle pode facer a entrega a quen estime oportuno. *(Murmurios.)* Pero non o deixe en ningún sitio.

(Aplausos.)

Moitas grazas.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

(Murmurios.)

Polo grupo autor da proposición non de lei ten a palabra a señora Rodríguez Dacosta. Espere un segundo.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Si.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Tabarés, de verdade, eu creo que algún comentario sobra. *(Murmurios.)* Si, sobran. *(Murmurios.)* Sobran. Non, é que leva vostede todo o rato, e fai graza porque cando vostede interviña aquí dicía que hai moitos deputados que comeron forte, pero cando interveñen outros vostede non se ve. *(Murmurios.)* A nós tócanos estar aquí arriba e vémolos. Así que, por favor, pídlle respecto. *(Murmurios.)* Pídlle respecto a vostede e tamén ao señor Torrado. Así que, por favor, respecto. *(Murmurios.)* ¡Respecto a todos! A todos, a todos os lados, non teña vostede dúbida. O que pasa é que hai algún que é bastante efectivo nas súas protestas e faise notar, e ademais gústalle facerse notar. Por iso son os primeiros en ser amoestados, ¿vale? *(Murmurios.)*

Así que, por favor, teñamos a discusión como merece.



Rodríguez Dacosta, ten vostede a palabra.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Incrédula veño dar a réplica, porque a verdade é que con todo o respecto ao deputado e portavoz nesta materia do Partido Popular respectuoso non foi. Eu non son quen para dar consellos, pero se quere seguir a algún deputado que está nesta bancada, eu máis que ao señor Tellado seguiría ao señor Puy. Pero, ben, vostede faga o que considere.

E mire: eu cando falo do señor Feijóo, digo o señor Feijóo, presidente da Xunta de Galicia. Eu non sei se vostede toma café todos os días con Valentín e Carmela. Non. Valentín é Valentín Formoso, presidente do PSdeG de Galicia, *(Aplausos.)* e Carmela é Carmela Silva, presidenta da Deputación de Pontevedra. *(Aplausos.)*

E nada máis que dicirlle tamén que lle deixo a enquisa de poboación activa, máis que nada porque os datos que deu non tiñan nada que ver con esta enquisa que reflicte o que está pasando a xuventude en Galicia, cun 20 % máis neste cuarto trimestre do ano de precariedade. Si, entón cando poida, señor presidente. *(A señora Rodríguez Dacosta entrégalle ao presidente do Parlamento un documento.)*

Dende logo, os datos son que entre xaneiro e marzo de 2021 Galicia perdía 12.600 cidadáns de entre 25 e 34 anos, algúns integrados no mercado laboral e outros en busca de emprego —eses son os datos—.

Outro exemplo, pois 36.768 galegos e galegas instalábanse en Madrid; a rexión, segundo datos do INE, que recolle a cifra dos que se empadroan alí, non dos que non se empadroan. Eses son os datos, máis os que lles deixaba alí.

A grave discriminación que realiza o presidente Feijóo, non Alberto, o presidente Feijóo, é fortemente grave pois elimina dos beneficiarios deste programa investidor dun plumazo e sen inmutarse a toda unha administración, a de maior proximidade ao cidadán, a Administración local. Véñeno facendo de maneira sistemática e estrangular financeiramente aos concellos que non son gobernados por vostedes. O que si fan é obrígalos a asumir competencias da Xunta sen repartición financeira ningunha. O que si fan é firmar convenios *ad hoc* para concellos presididos por alcaldes do seu partido. Xa a miña compañeira Begoña Rodríguez Rumbo *(A señora Rodríguez Dacosta amósalle á Cámara unha gráfica.)* ensinou esta gráfica da repartición de convenios totais da Xunta de Galicia, —igual non lles interesa este dato— que marca que un 81 % dos convenios van destinados ao Partido Popular de Galicia. Sinalaba, por exemplo, a alcaldesa da Coruña que cando a Xunta recibía 1.500 millóns de euros para facer fronte aos efectos da pandemia, non destinaba nin un só euro a este municipio a Xunta de Galicia.

E atrévese, pola contra, o señor Feijóo, que non Alberto, a criticar o Goberno do Estado cunha repartición que tilda de discrecional na repartición de fondos europeos dos 555 millóns de euros para o investimento 4. E tampouco fala o señor Feijóo nin vostede de que están criticando que se invistan 9 millóns de euros en programas piloto nalgunhas comunidades —en



catro comunidades— e non execute o ano anterior a Consellería de Emprego 135 millóns de euros, (*Aplausos.*) ¡sen executar: 135 millóns de euros! (*Aplausos.*)

Para analizar os datos, eu creo que deben reflexionar. Porque os datos da última enquisa —xa dicía— foi un machadazo á política de emprego da Xunta, situando a nosa comunidade á cola na creación de emprego, sen volver aínda ao nivel precovid. O paro sobe un 20 % —como dicía ao principio da miña intervención— nos xoves, que é do que estamos hoxe a tratar.

En primeiro lugar, é preciso ter moi claro que, unha vez máis, o Partido Popular fai o mesmo con fondos de emprego, ou sexa, transferir os fondos que proveñen de transferencias finalistas do Estado para programas de contratación de desempregados ao capítulo 1 ou ao capítulo 4, como facía cos grumir ou con prestacións da risga.

Un segundo problema é a posibilidade de utilización deste programa de adquisición de experiencia para cubrir vacantes estruturais existentes. Xa a orde di que non se pode facer. Pero como non nos fiamos moito do que pode acontecer coa contratación da Xunta de Galicia, porque xa vemos que non nos vai aprobar a iniciativa, e non se vai permitir que os concellos contraten, o comité de empresa deberíase pronunciar conforme que non hai un posto de estrutura similar sen cubrir e dar o seu visto bo a estas contratacións.

É unha pena que a Consellería de Emprego, que a Xunta de Galicia non fixera esta ampliación...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...—xa remato— aos concellos, porque se le vostede un día un pouquiño do *Libro blanco* de Delors explicarlle como crear xacementos de emprego conectados coa Administración local. E isto é unha eiva que non a vai poder subsanar...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...porque non queren aprobar esta iniciativa.

Nada máis, señor presidente. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¿A emenda?

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Si.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Vale.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Pasamos á seguinte iniciativa.



Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para incrementar o orzamento do programa para impulsar a innovación nas pequenas e medianas industrias

O señor PRESIDENTE: A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Gallego Sanromán.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Se algo evidencia esta crise da covid-19 é a importancia de apostar pola investigación e a innovación. A investigación e a innovación teñen a capacidade de dar resposta aos grandes retos e aos grandes problemas do mundo no que vivimos. Galicia ten que apostar firmemente pola ciencia e a innovación como valor estratéxico e pilar do benestar e do crecemento.

O último informe da Innovación rexional da Comisión Europea correspondente ao ano 2021 recolle que Galicia se hai dous anos ocupaba o posto número 190, agora é o posto 156 dun total de 240 rexións. Non obstante, a pesar de que mellora nalgúns dos indicadores analizados, falla nun clave, pois o gasto en I+D nos sectores público e privado non só empeora en comparación con 2019, senón que está aínda lonxe da media europea.

Galicia sitúase no grupo de rexións de innovación moderada pero no nivel baixo. Se se compara co resto de España, ocupa o oitavo posto no *ranking*, moi por detrás das rexións clasificadas na categoría de fortes, como o País Vasco ou Madrid. Polo que parece claro que temos marxe de mellora para situar a Galicia como referente.

A Comisión Europea avalía vinte e un indicadores para avaliar o grao de innovación nas rexións, un factor clave que determina o grao de fortaleza das súas economías. A Comisión Europea publicou o informe este verán, no que actualiza o seu indicador rexional de innovación. Como calquera indicador ten en conta varios factores para concluír cun único número, non é nin perfecto nin indiscutible, pero é o mellor existente para o conxunto de rexións europeas, pois é transparente, é obxectivo e, en xeral, ten apoio académico.

Por este motivo a Xunta de Galicia debería examinar atentamente as súas conclusións para saber onde se atopa a nosa comunidade autónoma, en que áreas está mellorando e en que é feble, así como que dinámica se segue. Isto permitiríanos reorientar as accións e as prioridades. Non esquezamos que este indicador se usa nos informes elaborados por consultores de todo tipo, sobre todo no relativo ao atractivo das rexións para a recepción de investimentos estranxeiros.

A comunidade galega xa partiu en 2019 dunha mala situación no investimento en investigación e desenvolvemento, e dous anos despois a súa puntuación empeora. O gasto público en I+D sitúase agora no 64 % da media da Unión Europea, mentres que o desembolso em-



presarial só é do 32 %, o que leva a Galicia ata o lugar 68, por detrás dun total de duascentas corenta rexións europeas.

E esta é tamén unha das principais diferenzas co norte de Portugal. No investimento privado en I+D, os portugueses case dobran a puntuación que lle dá a Comisión Europea a Galicia, e tamén nos superan no gasto público e en investigación.

En canto aos baremos que están máis ligados á actividade empresarial, os portugueses volven estar á cabeza. Segundo a análise da Comisión Europea, o norte de Portugal obtén dobre nota que Galicia na innovación de produto e nos procesos de negocio. Tamén é salientable a fenda nas solicitudes de marca rexistrada, onde os veciños portugueses sacan gran vantaxe á comunidade galega. De feito, Galicia empeora a súa puntuación neste indicador.

A outra gran debilidade da nosa comunidade autónoma, a pesar de mellorar lixeiramente con respecto ao 2019, está nas aplicacións de deseño. A diferenza co norte de Portugal é abismal, xa que triplica a puntuación obtida por Galicia; a comunidade está no 47 % da media europea.

E logo preguntámonos por que as empresas marchan para Portugal. É que Portugal nos leva a dianteira en todo o que ten que ver con I+D+I; están investindo, que é o que hai que facer. Por iso os portugueses nestes temas de I+D+I están avanzando tanto e nós estamos rezagados, coma sempre.

Estes datos que acabo de dar son datos obxectivos que demostran que a Galicia lle queda moitísimo por mellorar en I+D+I. A Xunta de Galicia ten que reforzar as políticas de transferencia e de coñecemento e innovación empresarial, con especial atención ás pemes. A existencia de tres universidades e seis centros tecnolóxicos parece un bo punto de partida para que as empresas galegas se beneficien dos resultados das súas investigacións mediante acordos de transferencia de tecnoloxía e proxectos de colaboración.

Aínda que nos últimos anos se favoreceron estas relacións público-privadas, o certo é que aínda estamos moi lonxe de alcanzar niveis que nos sitúen como referentes. Só unha parte moi pequena do coñecemento xerado nas universidades e nos centros tecnolóxicos pasa a formar parte das pequenas e medianas empresas. Esta é unha debilidade que temos na nosa comunidade e o Goberno do señor Feijóo ten que solucionar. O Executivo autonómico ten que apostar por un modelo que priorice a I+D+I, e máis nestes momentos onde a economía vai depender da innovación e da investigación. *(Aplausos.)*

O pasado 1 de xullo, o Goberno do señor Feijóo anunciaba que poñería en marcha un programa de impulso á innovación nas pemes cun orzamento de doce millóns para beneficiar a quince mil pemes da nosa comunidade. Por favor —xa que os vexo que están un pouco aburridos—, dividan doce millóns entre quince mil pemes... *(Murmurios.)* Grazas, así vedes, facédesme caso, así. Por favor, doce millóns entre quince mil... Por favor, a ver a canto dá, eu tiven que facelo varias veces porque non o podía crer. Doce millóns para beneficiar a quince mil empresas, *(Murmurios.)* pois a verdade quedei abraiada. Dixen: isto non pode ser, vamos, non o estou facendo ben. *(Murmurios.)* Si, dá oitocentos euros. ¡É así! A min paréceme



realmente unha tomadura de pelo. ¡É unha tomadura de pelo! Si, rían, rían, si, porque é unha tomadura de pelo.

O grupo parlamentario demandamos que se faga un investimento serio e rigoroso en innovación por parte da Xunta de Galicia. O investimento en innovación das empresas galegas acadou setecentos vinte e dous millóns de euros en 2020, e en 2019 a partida superou os setecentos sesenta millóns de euros. A diferenza está no número de empresas que innovaron, hai dous anos foron 1.556 e no 2020 as empresas innovadoras foron 1.296; imos cara a atrás, retrocedemos. Si, esta é a gran política de I+D+I do Goberno do Partido Popular, imos para atrás.

Na actualidade, as pequenas e medianas empresas deben camiñar da man da innovación para poder competir, e o deber da Administración autonómica é axudar a que este obxectivo sexa unha realidade. O gasto en innovación concéntrase cada vez máis nas grandes empresas de Galicia. O 43 % da I+D+I vén de corenta e dúas compañías con máis de douscentos cincuenta empregados. Necesítase un pulo por parte do Goberno do señor Feijóo á innovación das pemes.

Por iso o noso Grupo Socialista solicita do Goberno autonómico que incremente o orzamento do programa para impulsar a innovación nas pemes da nosa comunidade, e solicita que reforce as políticas públicas de transferencia de coñecemento e innovación empresarial, con especial atención ás pemes, contando para iso coas tres universidades galegas e os seis centros tecnolóxicos para que as empresas galegas se beneficien dos resultados das súas investigacións mediante acordos de transferencia de tecnoloxía e proxectos de colaboración.

Traemos hoxe esta proposición non de lei porque non nos parece suficiente o orzamento que dedica o Goberno do señor Feijóo á innovación das pemes. Por pórllas un exemplo, ¿cren que o programa InnovaPeme —que sacou a súa cuarta edición en abril de 2021— pode impulsar a innovación das pemes con dous millóns de euros?, ¿de verdade? Eu creo que non. Os socialistas cremos imprescindible que o Goberno autonómico faga un maior esforzo por estar na vangarda da innovación, para así ter unha economía moderna á altura de Europa. Para conseguilo, o Goberno do señor Feijóo ten que investir máis en innovación, e concretamente en innovación das pemes.

Sen innovación e sen ciencia non hai futuro, espero que os señores e señoras do Partido Popular o entendan...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora GALLEGO SANROMÁN: ...porque se non, non teremos nada que facer. O futuro está na ciencia e o futuro está na innovación.

Moitas grazas. Nada máis. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Gallego.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)



Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Rodil Fernández.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde de novo a todas.

Eu ía preguntarlle de que era a torta, porque igual nos animabamos aquí, entre todas as persoas que estamos, a darlle un bocadiño, que daría para pouco, así coas que somos. Pero non está. En todo caso, nós temos tamén, abaixo no grupo, dous compañeiros do gabinete que están de aniversario —ese si do de verdade— e hai canas de crema, e están todas as súas señorías convidadas a probalas, que están moi ricas. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Pero indo á cuestión e centrándonos no tema, efectivamente, nós, desde o BNG, cremos e defendemos firmemente que a investigación, o desenvolvemento, a innovación, a ciencia..., a xeración de coñecemento, en definitiva, é panca e motor de desenvolvemento social, económico, cultural e humano. É un sector, ademais, produtivo en si mesmo, é un dos sectores económicos máis importantes e un dos elementos centrais no presente e sobre todo no futuro social e económico do noso país. Por iso, cando dicimos que debe ser unha aposta estratéxica falamos, fundamentalmente, de tres elementos que deben sustentar as políticas públicas en materia de I+D+i.

Tamén non me resisto, señora Gallego, xa que falabamos de condicións laborais das persoas que fan ciencia e investigación, agora que se está reformando a Lei de ciencia a nivel estatal, a que non estaría de máis que atendesen as demandas das investigadoras e investigadores galegos *(Aplausos.)*, que onte se mobilizaban, ademais, neste país *(Aplausos.)* reclamando estabilidade, certezas e condicións de traballo xustas.

Pero falamos de tres elementos centrais. O primeiro é o orzamento, efectivamente. Hoxe, no noso país, en Galiza, estamos por debaixo do 1 % do produto interior bruto; iso é á cola do Estado español, pero moi lonxe da media europea e dos horizontes que se marca a Unión Europea no inmediato.

En segundo lugar, condicións de traballo xustas, condicións de traballo dignas, certeza, estabilidade e horizontes profesionais claros. Non hai no noso país unha carreira investigadora con todas as súas fases, todas as súas etapas. Fundamentalmente, no noso país carecemos aínda dunha etapa de consolidación propia. E malia os anuncios e a propaganda —que diso vai sobrado o Partido Popular na Xunta de Galiza— de que se van crear e deseñar todas as etapas dunha carreira investigadora, de momento non se avanzou en absoluto no deseño desa carreira íntegra.

¿Cales son as condicións de traballo das persoas que fan ciencia, investigación e innovación no noso país? Onte ou antonte —non me lembro ben— nun dos principais medios de comunicación, dos principais xornais de tirada galega, Manuel Collado, que é xefe de grupo do grupo de investigación de células nai en cancro e avellentamento do IDIS, na Universidade de Santiago, denunciaba que, con 52 anos que ten, vive das prórrogas que se lles fan aos seus con-



tratos temporais cada dous anos —son convocatorias estatais e que se actualizan, insisto, anualmente—. «En maio...» —dicía Manuel Collado— «...remato e non sei se me van renovar ou non. Dinme que estea tranquilo, que terei unha praza, pero vivo na incerteza». Se está así o xefe de grupo dun dos principais grupos de investigación en materia de avellentamento e cancro no noso país, ¿como estarán as persoas que acaban de depositar unha tese doutoral ou as que acaban este ano, por exemplo, a modalidade B dunha postdoutoral da Xunta?

Necesítanse claridade, certezas e estabilidade, porque, cando falamos de xerar coñecemento e de investigar, esa certeza, esa tranquilidade, polo menos, no teu futuro profesional é esencial para poder desenvolver o teu traballo. E o que non pode ser é o que acontece tantas veces neste país: que dura menos o contrato laboral do investigador ou investigadora que os fondos europeos, por exemplo, aos que intentas optar para financiar ese proxecto de investigación e non podes concorrer en condicións de equidade nin xustiza coas compañeiras ou compañeiros investigadores a nivel europeo. Falamos dun mercado moi moi competitivo, onde, ademais, a excelencia é unha exixencia cada vez maior.

En materia de investigación, de desenvolvemento e innovación falamos de orzamento, de condicións de traballo xustas e dignas, pero tamén da transferencia de coñecemento ao tecido produtivo. Nós sempre insistimos desde o BNG: a ciencia aplicada é fundamental; pero non podemos esquecer nunca que, sen ciencia básica, sen esa que non ten un rendemento inmediato, unha aplicación inmediata nin un lucro inmediato, non poderíamos xerar aplicacións, por exemplo, vinculadas a sectores produtivos tradicionais ou emerxentes no noso país.

A pesar de que aínda non contamos co informe de avaliación final da RIS3 —xa se está facendo bastante propaganda da nova, da 2021-2027, pero aínda non coñecemos a avaliación final da RIS3, só temos o informe intermedio—, eu vou usar os datos da propia Xunta de Galiza para avalar a necesidade —nós imos apoiar a proposta que trae hoxe o Partido Socialista— de impulsar máis e mellores políticas públicas en materia de innovación e transferencia de coñecemento ao tecido produtivo galego. Vou defender a empresa privada, nun xiro tamén inesperado *de los acontecimientos*, ¡porque nós estamos en contra diso, que é unha bicha!, como todo o mundo sabe, ¿non?

Os informes de avaliación intermedia da RIS3 o que nos din é que esa política de innovación da Xunta de Galiza —insisto, son datos da propia Xunta de Galiza— «arrastra eivas estruturais que están lastrando o avance do noso país nun sector económico estratéxico como é a xeración de coñecemento». E cito literalmente o informe de avaliación da RIS3. O primeiro son eses niveis de investimento por baixo do 1 % do PIB. ¡É que é pírrico! ¡É irrisorio! ¡É intentar correr unha media maratón ou un fondo coa perna atada! É que non podes competir con países da nosa contorna, como Euskadi ou Cataluña, que están case no 2 %, ou con países europeos e grupos de investigación a nivel comunitario que están por encima do 2,5 %, ou algúns que se sitúan, como Alemaña, moi moi pretoño do 3 %. Iso nun país —insisto— como o noso, que ten o 0,97 % do PIB en materia de investigación, desenvolvemento e innovación.

En segundo lugar, di a propia avaliación da RIS3 da Xunta: «...a caída no número de solicitudes de patentes e o número de empresas innovadoras, que se reduciron nun 69 % e nun 15 %, respectivamente, no período avaliado do 2014 ao 2018».



E ligado a iso, sinala —a Xunta, ¡eh!— que, ligado ao anterior e malia o incremento do investimento en I+D+i por parte das empresas, que se incrementou un 30 % no período de avaliación intermedia da RIS3 —a Estratexia de especialización intelixente, para entender—, os resultados evidencian que existe un grupo de empresas con claro foco innovador, as máis grandes, aquelas que teñen xa unha base tecnolóxica, unha base innovadora, que nacen, digamos, en orixe así; pero o que non se está é producindo unha incorporación sistemática desa innovación, desa I+D nas prácticas empresariais do que é o groso do tecido empresarial e produtivo do noso país, que son microempresas e pequenas e medianas empresas. É dicir, non se está a incorporar I+D ao tecido empresarial tradicional, e iso supón unha pexa na competitividade das propias empresas galegas, pero tamén unha perda de oportunidades e unha perda de talento para o conxunto do país.

Aínda así, non nos vai tan mal, que é curioso pero debe levarnos a unha reflexión, que é: se, facendo as cousas mal ou tan pouco ben, somos capaces de ter uns rendementos en materia de innovación e en materia de investigación, de ciencia e de xeración de coñecemento, ¡canto podería facer este país poñendo en marcha as políticas públicas que son necesarias! Nós cremos desde o BNG que as oportunidades e as potencialidades son inmensas e que o que falta é unha política pública que acompañe.

Insisto. Escalamos posicións, certamente, mesmo medramos a un ritmo superior que a media, pero, ¡claro!, ¿cal é o punto de partida a respecto doutros territorios dentro do Estado español ou, como tamén dicía a señora Gallego, a respecto dun elemento que para nós é central? Porque, claro, temos unha maior proximidade e unha maior relación con Portugal que con Murcia —iso é unha realidade; guste máis ou guste menos— e temos que ter moi presente que o noso país, por exemplo, ten unhas potencialidades moito maiores que outros territorios que até non hai moito estaban por diante nas posicións e nos rankings de investigación, de desenvolvemento e de innovación, como Asturias, Cantabria ou Murcia. Con todo o amor e todo o cariño para eses territorios, representan realidades moi distintas á galega, que ten tres universidades públicas, oito campus e seis centros tecnolóxicos, e que somos potencia internacional en sectores tradicionais do propio país e noutros emerxentes. Estou pensando no agrogandeiro, na pesca, no forestal, pero tamén no sector do videoxogo ou a biotecnoloxía, que son sectores económicos punteiros para o noso país.

Por iso, nós imos votar a favor, imos apoiar ese incremento orzamentario e que se desenvolvan políticas públicas dirixidas a que as pequenas e medianas empresas poidan incorporarse a esa I+D+i, porque o que nos din os informes de avaliación —insisto— da propia Xunta, tanto o da RIS3 como o da Fundación Cotec, é que aquí non se recuperaron nin sequera os niveis de investimento precrise, ao contrario do que si aconteceu no conxunto do Estado español; que seguimos moi por detrás do que necesita ese tecido produtivo galego, que é pequeno e mediano empresariado; e que aínda con esas dificultades e esa falta de políticas públicas e de investimento por parte da Xunta seguen conectados e seguen adquirindo coñecemento, que producen —¡oh, casualidade!— os centros públicos, as universidades, os OPI..., digamos, os centros de investigación públicos e tamén os centros tecnolóxicos. Por iso, ¿que non hai que demonizar o privado? Concordo, pero tampouco botar terra todos os días sobre o público. (Aplausos.)



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Rodil.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra a señora Vázquez Domínguez.

A señora VÁZQUEZ DOMÍNGUEZ: Moitas grazas, señor presidente.

Moi boa tarde, señorías.

Unha das prioridades e das principais aprendizaxes que nos deixa a pandemia é todo canto achegan a tecnoloxía e a I+D+i ao progreso social e económico. Non só nos fixeron capaces de resolver moitas das interrogantes desta crise sanitaria, senón tamén de sortear numerosos obstáculos; obstáculos aos que, grazas a un investimento estratéxico, Galicia soubo dar unha mellor solución ante a pandemia tanto no eido sanitario como no económico.

A innovación é unha ferramenta esencial da competitividade do tecido empresarial galego, porque determina a súa capacidade para diferenciarse, adiantarse aos cambios e achegar valor ao mercado, impactando no desenvolvemento de modelos de negocio sostible e cun máis alto rendemento. Cada vez que máis empresas galegas interiorizan esa realidade, sirva de exemplo que a última enquisa sobre a innovación das empresas, publicada polo Instituto Nacional de Estatística, reflicte que as empresas galegas investiron 760 millóns de euros en actividades innovadoras.

Señora Gallego e señora Rodil, centran os tiros en dous febles argumentos, e os datos que lles vou dar —datos reais— desmontan claramente as súas críticas infundadas.

Falan vostedes dun baixo gasto en I+D. Miren —son datos actuais, datos do ano 2020, porque os do ano 2021 aínda non están—, o gasto en investigación e desenvolvemento aumentou en Galicia no ano 2020 un 2,3 %; é dicir, un punto máis que a media do Estado, que foi dun 1,3 %. Somos a sétima comunidade que máis medrou. Recoñecemos que queda moito por facer, por suposto, pero fronte a oito comunidades do territorio español que diminuíron o gasto en I+D. Con paso firme, consolídase o incremento en gasto de I+D cun crecemento ininterrompido dende o ano 2014, correspondendo co nivel máis alto de toda a serie histórica. Paseniño, paseniño, señorías, é como se fai un camiño de calidade e, pouco a pouco, de cantidade.

Pero fagamos unha análise máis exhaustiva e na que vostedes non entraron. Veremos por que realmente non fixeron esa análise en termos per cápita. O gasto en I+D interna ascende en Galicia a 232,6 euros por habitante. Sobe lixeiramente, se o comparamos co do ano 2019, mentres que no conxunto do Estado descendeu, pasando de 330 euros do ano 2019 a 328,6 no ano 2020.

Pasemos ao que respecta ao persoal empregado en I+D. Vostedes non falan disto, non falan do persoal empregado. A cifra alcanza as 10.774 persoas, mentres que no Estado hai un incremento do 0,1 %.



Falamos tamén da porcentaxe de investigadores. Sigamos con comparacións cos datos do ano 2020. En Galicia incrementouse nun 2,9 %, o triplo que o promedio estatal do número de investigadores, que alcanza a cifra dos 6.920 investigadores.

As mulleres. As mulleres empregadas en I+D representan o 41 % no ano 2019, estando por enriba da media nacional, que é do 40,7 %.

Eu entendo, señorías, o seu labor, o labor da oposición, por suposto, pero, cando os datos reflicten todo o contrario, comprobamos que só se trata de falsas acusacións.

Miren, antes de rematar o ano 2021, hai escasamente dous meses, esta Cámara parlamentar era testemuña da aprobación dos presupostos para o presente ano 2022, en tempo e forma, onde se recollía que se destinase un 20 % máis a impulsar a innovación. ¿E saben cal foi o voto do Bloque Nacionalista Galego e o dos Socialistas de Galicia? En contra.

Señora Gallego, non se entende. Vostede pide no seu punto, na proposición non de lei, que se amplíe a partida orzamentaria. E cando vostede ten a oportunidade de votar a favor, vota en contra. Explíquemo, explíquemo e detalle, e, sobre todo, explíquello ao sector. Isto si que é unha auténtica tomadura de pelo. E non lle vou responder ás súas divisións, porque eu creo que non entendeu absolutamente nada.

O segundo dedo acusador e para dar resposta ao segundo punto da súa iniciativa, señora Gallego: hai informes e datos facilitados polo INE que indican que a innovación en Galicia medrou dende o ano 2014 a un ritmo case o dobre da media estatal, a un 48 %, e un 34 % máis que a rexión de Portugal á que vostede facía referencia.

Ese mesmo informe apunta como fortalezas da innovación en Galicia, precisamente, a colaboración entre empresas, a venda de innovacións, o nivel educativo da poboación, os estudos superiores, as habilidades dixitais ou as publicacións científicas internacionais, mentres que os indicadores aos que aínda é preciso prestar unha maior atención, e recoñécemolo, son o gasto empresarial en I+D e incluso tamén a introdución de procesos innovadores dentro das pemes.

Recoñecendo esa eiva, dende logo, señora Gallego, o Goberno galego actúa. E por iso o Programa de impulso á innovación nas pemes, dotado con 12 millóns de euros. Pero non é o único, señora Gallego. Non se centre só nos 12 millóns de euros. Explícolle que a partida orzamentaria para I+D+i abarca moitísimo máis. Analice todas as consellerías onde se aposta pola I+D+i.

Valoremos o noso e deixemos de..., porque tamén temos moitos exemplos en Galicia de que o sector demostrou unha gran capacidade de resposta, traballando para atopar solucións nunha carreira complexa e contra o reloxo en forma de vacinas, como as investigadas polo CiQUS ou o CiMUS, na Universidade de Santiago de Compostela —que se está a traballar coas universidades, señora Gallego—. Son centros onde traballan 11 ERC dos 25 que actualmente temos en Galicia, apoiados tamén polo Programa Oportunius dos centros tecnolóxicos; e tests diagnósticos desenvolvidos por empresas, como a empresa lucense.



Señorías, todos coincidimos na importancia da innovación, e máxime no contexto actual, como un elemento tractor ante a saída da crise e para que as empresas galegas fagan fronte ao reto.

Señorías, gustárame tamén pór en valor o gran traballo deste Parlamento, dos tres grupos, da oposición, pola aprobación da Lei Ánxeles Alvariño, que tivo un apoio unánime, no mes de xuño. É a lei máis avanzada de España e de Europa en materia de igualdade e investigación. E foi grazas ao consenso do Partido Popular, do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista, e iso creo que merece moitísimo máis a través do traballo do sector de I+D+i.

E remato cuns casos reais e comprenderán exactamente de que se está a falar. Tiven a oportunidade, nun dos programas desenvolvidos polo Goberno galego —creo que todo o mundo o coñecerá—, a iniciativa Camiño da innovación, de comprobar como se poñían casos prácticos, casos reais, nos que se falaba de moitas empresas que recoñecían que poñían a innovación pero, exactamente, non sabían se realmente estaban innovando.

Unha empresa contaba exactamente a experiencia profesional e como se plasmaba a innovación nela. Unha empresa que nace coa unión de tres universitarios galegos, que nacía, ese proxecto, para xeolocalizar e seguir a actividade do gando en extensivo a través dun microchip subcutáneo. Simplemente, é unha empresa que tiña a súa sede na comarca da Terra Chá, nun concello moi pequeniño, e que conseguía, con esa sabedoría dos tres universitarios, exportar o seu microchip non só a España senón a diferentes lugares do mundo.

Conclúo, presidente.

Queda, por suposto, moito camiño por percorrer, e non o dubidamos, pero coa realidade destes dous exemplos queda patente que se leva moito avanzado á hora de traballar o atractivo de Galicia para crear, desenvolver e atraer empresas innovadoras que xeren riqueza, emprego de calidade e un benestar social.

Sigamos traballando polo potencial galego.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vázquez.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo grupo autor da proposición non de lei, ten a palabra a señora Gallego Sanromán.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Grazas, presidente.

Señora Vázquez, os datos que eu dei na miña intervención son os datos da Comisión Europea, non os inventei eu. ¡Son datos da Comisión Europea! ¡E os datos tamén son do INE! *(Aplausos.)* O que lle dixen eu é que no 2019 o investimento en innovación foi de 760 millóns, pero é que no 2020 foi de 722 millóns; co cal baixou o investimento en innovación. Dío o INE e a



Comisión Europea, ¡non os invento eu! É que, de verdade, paréceme... En fin... Se se quere embarullar cos datos, pois faise e xa está. E quen non entendeu o dos 12 millóns creo que son vostedes, porque é unha tomadura de pelo, pero bueno.

Eu quero dicir que sen innovación non hai competitividade. Por iso, o Goberno autonómico de Feijóo ten que acompañar as empresas galegas para que investiguen e innoven. E este acompañamento faise investindo máis e mellor e apostando pola colaboración público-privada. A Xunta de Galicia ten que elevar o nivel de aportación de fondos públicos en I+D+i — e vouno repetir unha e outra vez —, porque Galicia está rezagada neste eido, con menos investimento na actualidade sobre o produto interior bruto que en etapas anteriores. ¡É así! E acabo de pórllle un exemplo co norte de Portugal, de como está rezagado, pero está rezagado respecto doutras autonomías e doutras rexións europeas. ¡É así! Estamos no vagón de cola da I+D+i en Europa. ¡Si, é así!

E tamén, para que vexan o que levamos insistido neste tema, direilles que dende o inicio desta lexislatura, en novembro de 2020, se aprobou por unanimidade unha proposición non de lei que trouxemos a este pleno, na que instabamos a Xunta de Galicia a elaborar un ambicioso plan galego en I+D+i no 2021, cunha maior dotación orzamentaria, que nos permitise duplicar o gasto total en investigación, desenvolvemento e innovación para situar a Galicia na media española. Pero o Goberno de Feijóo incumpre constantemente os acordos parlamentarios (*A señora Vázquez Domínguez nega coa cabeza desde o seu escano.*), o cal é bastante preocupante, porque parece ser que o poder lexislativo —quero recordar que está neste Parlamento— é ignorado polo poder executivo de Núñez Feijóo unha e outra vez. ¡Si, si! ¡É así!

Antes de rematar o tempo, non quero deixar de ler esta noticia que, a verdade, me impactou un pouco (*A señora Gallego Sanromán le un documento.*): «*La Xunta advierte: ni campus ni empresas pueden captar todo el talento gallego en I+D.*» ¿Isto que significa?, ¿que de verdade é un problema ter talento galego en I+D? ¿De verdade que é un problema? ¡É que...! ¡Madre mía! Ou sexa, ¡é un problema! (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) E eu dígolles como o poden resolver: díganlle a Feijóo que resolver este problema está nas súas mans. Resólvese. ¿E saben como se resolve? Moi fácil: con máis investimento... (*Murmurios.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio...

A señora GALLEGO SANROMÁN: ...con máis investimento para fortalecer o tecido empresarial, para que así aposten pola I+D+i, e con máis investimento para dar estabilidade ás prazas nos campus universitarios. ¡Si, é así!

Vou ler tamén outra noticia (*A señora Gallego Sanromán le outro documento.*): «*Expertos do Foro Económico revelan carencias de Galicia en I+D+i e advirten de que a fuga de talentos vai ir a peor no curto prazo*». Non o digo eu, dío o Foro Económico, porque parece que somos nós os que inventamos todo isto. ¡Pois non! ¡Aquí está!

O persoal investigador en Galicia traballa en precario, e o señor Feijóo e o seu goberno teñen que dignificar o gran traballo de todos os investigadores e investigadoras. Quero recoñecer aquí o gran traballo que fan, e sobre todo, xa que esta semana, o venres, é o Día da Muller e da Nena



na Ciencia, tamén quero recoñecer o gran labor das científicas en Galicia; ese gran labor que non está recoñecido, pero que está aí, xa que están traballando dunha forma invisible.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Si, remato xa dicindo que o Goberno de España si aposta por mellorar a vida laboral dos investigadores e das investigadoras coa reforma da Lei da ciencia, que axudará a saldar unha débeda histórica coa ciencia no noso país...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora GALLEGO SANROMÁN: ...agravada por unha década de especial abandono. Saldar esa débeda pasa...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora GALLEGO SANROMÁN: ...fundamentalmente por dotar de máis dereitos e oportunidades os nosos investigadores e investigadoras.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Gallego.

A señora GALLEGO SANROMÁN: Nada.

Moitas grazas a vostede. *(Aplausos.)*

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Pasamos ao seguinte punto na orde do día.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Alberto Núñez Feijóo e corenta e un deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dar prioridade ao proceso de deseño da primeira fábrica de fibras téxtiles en España e reiterar ao Goberno de España a necesidade de establecer liñas de apoio no marco dos fondos europeos Next Generation

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e outra emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Patricia Otero Rodríguez, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:



«O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a:

1º) Dar prioridade ao proceso de deseño da primeira fábrica de fibras téxtiles de España por ser unha gran aposta, tanto dende o punto de vista económico e laboral, como dende o punto de vista estratéxico, xa que permitiría pechar o ciclo de produción de madeira en Galicia, así como que propicie o seu emprazamento na Comarca da Mariña, na provincia de Lugo, a través da súa representación na Sociedade Impulsa.

2º) Presentar un proxecto solvente ante o Goberno de España, que lle permita establecer liñas de apoio no marco dos fondos europeos Next Generation para o desenvolvemento desta iniciativa.»

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa da súa deputada Mercedes Queixas Zas, a través da súa portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento insta a Xunta de Galiza a:

1. Crear unha mesa de traballo permanente cos diferentes axentes e sectores culturais para presentar, á maior brevidade, un plan de actuación inclusiva que contribúa a reactivar e impulsar toda a potencialidade cultural galega no marco dos fondos extraordinarios europeos Next Generation.

2. Comprometer o 2% dos fondos europeos extraordinarios Next Generation para mobilizar recursos que reforcen a cultura galega e o patrimonio, incluíndo estas liñas de actuación que promoven o impulso, reactivación e transformación da cultura galega:

2.1. Desenvolvemento do polo/centro de referencia da industria audiovisual e do videoxogo.

2.2. Dotación do fondo cultural galego, previsto no Estatuto de Autonomía, como instrumento estratéxico para a promoción da creatividade galega e con capacidade para xerar recursos financeiros a favor da nosa cultura.

2.3. Plan Tradinet para o coñecemento, conservación, divulgación e dixitalización do patrimonio oral e inmaterial galego.»

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Candia López.

A señora CANDIA LÓPEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías —xa case tarde-noite—.

O Mecanismo de recuperación e resiliencia que habilitou a Unión Europea como unha resposta á crise económica que xerou a terrible pandemia que aínda non fomos quen de superar



ten un obxectivo, que é dar aos estados membros mecanismos para poder facer investimentos e reformas nos seus plans de recuperación. Fundaméntase en seis piares —que seguro que coñecen todos vostedes—: transformación ecolóxica; transformación dixital; crecemento intelixente, sostible e integrador; cohesión social e territorial; saúde e resiliencia económica, social e institucional; e políticas para a próxima xeración, a infancia e a mocidade.

A Xunta, pivotando sobre estes principios, presentou a súa candidatura, centrada en aproveitar o que entendemos que é, sen dúbida, unha oportunidade extraordinaria para seguir mellorando Galicia —a Galicia na que cremos— e converténdoa cada vez máis nun territorio máis competitivo, emprendedor e cohesionado, e sempre baseándonos na innovación e na sostibilidade. Unha aposta estratéxica para establecer sinerxías empresariais e institucionais, traballando e apostando por un modelo económico que medre sobre a colaboración pública e privada, porque as pemes e os autónomos son o motor necesario da nosa economía, e sobre un desenvolvemento sostible, vertebrado e cunha industria que avanza.

É imprescindible a sensibilidade de todas as forzas políticas e da Unión neste momento, que definín como histórico. É un momento para remarcar —e ten que terse en conta nun debate como o de hoxe— que o Ministerio quedou practicamente co cento por cento dos fondos de recuperación: 1.700 no ano 2021 e 4.875 no 2022.

Dito isto, o Goberno galego segue a traballar, e entende que hai que ser proactivos e que temos que ser áxiles na execución e conseguir que eses investimentos penetren nas nosas pemes e consoliden oportunidades para a creación de emprego do tecido produtivo, que é o principal obxectivo.

Repetimos —nesta tarde e nesta sesión plenaria, unha vez máis, e volvémoslo escoitar— que esa sensibilidade debe demostrarse sempre en preparar as candidaturas para o Fondo de Recuperación e Resiliencia, por suposto, e en apoiar os proxectos —como a iniciativa que presento hoxe—, pero tamén, por suposto, en defender os postos de traballo de Ence, en defender o prezo eléctrico competitivo e estable para Alcoa, en defender o prezo eléctrico e competitivo para Alu Ibérica, en apostar por unha transición enerxética xusta, en apoiar un pacto de estado para Ferrolterra... En definitiva, proposicións que este Parlamento xa debateu e que xustificamos, e temos que seguir na loita de conquistar eses resultados positivos para todas esas empresas e para todos eses traballadores que miran para nós, sen dúbida, con esperanza.

Hai datos positivos, con humildade, pero tamén con realismo: a produción industrial en Galicia medra e as cifras de exportacións baten récords. Insisto, con humildade, pero sempre tamén con realismo.

É un momento de dificultade ao que, no caso de Galicia ou no caso de España, sumamos a dificultade de repoñernos a unha terrible pandemia, o que nós definimos como unha crise enerxética e unha falta de planificación. Pero todo iso temos tamén que aproveitalo para poñer enriba da mesa proxectos solventes e serios como o que hoxe defendemos aquí.

A Xunta de Galicia, no marco dos proxectos do Fondo Next Generation, leva traballando máis dun ano e presentou un proxecto para a creación dunha fábrica de téxtil sostible; un inves-



timento de máis de oitocentos millóns de euros e un impacto no emprego que pode superar os mil cincocentos postos de traballo. Sen dúbida, un proxecto transformador que repercutiría positivamente no noso territorio. E non é un debate que introduza eu. Xa se falou aquí no debate do estado da Autonomía, e o presidente expuxo o interese en que a ubicación desa fábrica fose a provincia de Lugo. Eu hoxe agradezo que o presidente non lle falle a Lugo, como sabe que Lugo nunca lle falla ao presidente. (*Aplausos.*) Pero agradezo tamén que esa aposta —ese traballo, que sabemos que é así— teña que ser coa seriedade, por suposto, e co rigor de encontrar nese territorio unha mensaxe amable a un investidor —porque iso temos que dicilo tamén dunha maneira clara— agora xa coñecido, Altri.

A proposta de acordo que aquí traio é a seguinte: dar prioridade ao proceso de deseño da primeira fábrica de fibras téxtiles de España por ser unha grande aposta, tanto dende o punto de vista económico e laboral como dende o punto de vista estratéxico, xa que permitiría pechar o ciclo da produción da madeira en Galicia, así como que se propicie o seu emprazamento preferentemente na comarca da Mariña. E se os criterios técnicos non garanten a viabilidade neste emprazamento, en todo caso, na provincia de Lugo.

E no punto 2 —creo que tamén é moi importante, tanto como o primeiro— queremos reiterar ao Goberno de España a necesidade de establecer liñas de apoio no marco dos fondos europeos Next Generation para o desenvolvemento deste proxecto coa maior celeridade posible. É dicir, estamos vendo que a xestión destes fondos europeos polo Goberno de Madrid é lenta e que tampouco é transparente. Vimos como dunha maneira «dixital» —e non me refiro a dixital por ser tecnolóxica, senón a dedo— se apostou por territorios como Estremadura, con 57 millóns de euros, para un centro de innovación —enténdase que non temos nada en contra dos extremeños, pero o que pedimos é transparencia e igualdade de oportunidades—, ou como se reservan 450 millóns dos fondos do Ministerio, do Plan de recuperación e resiliencia, para políticas activas de emprego, que deberían corresponder ás comunidades autónomas, e que logo se reparten segundo un tipo de concurso ou concorrencia competitiva 9 millóns destes fondos só entre catro autonomías: Navarra, País Vasco, Comunidade Valenciana e Estremadura —que tampouco temos nada en contra dos veciños e veciñas destas comunidades—. Non queremos ser máis, pero tampouco menos. A disposición da Xunta é clara. O traballo, ademais, vén sustentado por un comité de expertos, dos que se coñecen —como sabedes—, con proxectos competitivos e traballando coordinadamente coa iniciativa privada. Creo que ninguén discute a conveniencia do proxecto.

Necesitamos, sendo unha gran potencia forestal, pechar o ciclo e tamén, por suposto, saír ao mercado con proxectos absolutamente innovadores. É dicir, coincidimos —seguramente todos— en que é absolutamente idóneo e coincidimos —seguramente tamén todos— en que é unha enorme oportunidade. Aquí é onde se pide, por suposto, esa altura de miras e sobre todo tamén esa mensaxe de certeza, de unanimidade, se fose posible, para ese investidor que, indubidablemente, é unha peza clave neste proxecto e que —tamén seguro que coincides comigo— podemos definilo como transformador para unha provincia. Porque —tamén hai que dicilo— non só vai beneficiar a ubicación exacta dese proxecto, senón que beneficia a todo un sector, os milleiros de propietarios forestais, que, indubidablemente, van ver valoradas as súas propiedades, os seus produtos. En definitiva, é unha nova saída para un sector forestal que pecharía o ciclo na nosa Galicia.



Tivemos certas conversas esta tarde, e agradezo esa altura de miras. Tamén, por suposto, agradezo a todos os compañeiros a posibilidade de presentar esta iniciativa e de defender con feitos e peticións moi concretas o que pode ser un proxecto transformador para Lugo — que creo que, indubidablemente, o merece, e é onde está o recurso— e agardo que entre todos cheguemos a un acordo para mandar unha mensaxe de esperanza despois de tanta liorta nesta tarde —dialéctica, refírome—.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Candia.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ten a palabra a señora Otero Rodríguez.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Boas tardes, señorías.

Empezaba a señora Candia falando deses fondos de recuperación, deses fondos de resiliencia, deses fondos Next Generation, e criticando tamén, porque chegou a dicir que o Goberno do Estado quedaba coa meirande parte dos fondos, destes fondos Next Generation. E quero recordarlle, señora Candia, que foi grazas ao Goberno do Estado, á posición proactiva do Goberno do Estado, que puidemos negociar e obter eses fondos Next Generation, nomeadamente, ao seu presidente, ao presidente Sánchez, e que, grazas ao esforzo do Goberno de España, hoxe temos eses fondos europeos, eses fondos Next Generation.

E quero recordarlle, señora Candia, que non é verdade que o Estado quede coa meirande parte destes fondos, porque Galicia só no ano 2021 recibiu 681 millóns de euros destes fondos europeos Next Generation. (*Aplausos.*) E vostede dicía que non quere ser nin máis nin menos que Extremadura e nin máis nin menos que Euskadi, pero eu quero dicirlle que Euskadi recibiu 488 millóns, Extremadura, 435 millóns e Galicia, 681 millóns. Polo tanto, ese discurso de que o Goberno do Estado queda coa meirande parte dos fondos non é verdade.

A verdade é que a señora Candia falaba algo —que é certo, en parte— de que hai unha proposta de transacción para a iniciativa que hoxe eles presentaron. Pero eu quero recordar que esa proposta de transacción é con base na emenda que presentou o PSdeG, porque a iniciativa, tal e como a trae o Grupo Parlamentario Popular, non fala en ningún momento da comarca da Mariña. E quero ler literalmente (*A señora Otero Rodríguez le un documento aos membros da Cámara.*): «...así como que propicie» —a Xunta de Galicia— «o seu emprazamento na provincia de Lugo a través da súa representación na sociedade Impulsa».

Esta iniciativa, que está rexistrada con data de 20 de xaneiro de 2022, é a mesma proposta de resolución que fixo o Grupo Parlamentario Popular no debate do estado da Autonomía —tamén falando da provincia de Lugo—, á que o Grupo Parlamentario do PSdeG lle presentou unha proposta de transacción para que Altri viñese para a comarca da Mariña; pero o Grupo Parla-



mentario Popular rexeitou esa proposta de transacción do Grupo Parlamentario Socialista dándolle á veciñanza da Mariña que Altri para a Mariña, non. Iso foi en outubro do ano 2021. Parecía, coa súa iniciativa, que de novo volvían incidir na provincia de Lugo, pero que se olvidaban da comarca da Mariña.

Eu agradezo que o Grupo Parlamentario Popular hoxe rectifique e recúe. Pero iso ¿por que é? É grazas á presión que se fixo dende a Mancomunidade de Municipios da Mariña, que representa a alcaldes e alcaldesas de todas as cores políticas. Pero, nomeadamente, eu quero tamén lanzar aquí unha lanza a favor do seu presidente, do presidente da Mancomunidade de Municipios da Mariña, que a verdade é que estivo a traballar a prol de que, polo menos, se poña no debate que a ubicación de Altri veña para A Mariña. *(Aplausos.)*

Polo tanto, nós non mudamos o noso posicionamento. Nós xa no debate do estado da Autonomía, cando o señor Feijóo dicía que se propiciaría o emprazamento na provincia de Lugo, xa dicíamos que había que atinar un pouquiño máis, que había que ir cara á comarca da Mariña, porque é realmente aí onde están os recursos e onde está —señora Candia, vostede sabeo mellor ca ninguén— a masa forestal. Polo tanto, hoxe facendo aquí nosa a emenda, vai un pouco de nacionalismo da Mariña. Tiremos cara á Mariña.

Hoxe parece que a presión dos alcaldes e alcaldesas da Mariña —entre os que hai alcaldes do Partido Popular, que tamén dicían que por parte da Xunta de Galicia se debería de poñer toda a carne no asador para traballar a prol de que Altri se instalara na Mariña— e a presión do PSdeG fixo recuar un pouco o Grupo Parlamentario Popular.

Nós mañá temos unha interpelación ao conselleiro, porque parece que hoxe arrincamos o compromiso do Grupo Parlamentario Popular para que se traballe a prol de que Altri se instale na nosa comarca. O que queremos coñecer tamén mañá é o posicionamento do Goberno da Xunta de Galicia, porque a verdade é que o presidente da Xunta de Galicia e o conselleiro en ningún momento fixeron declaracións a prol da comarca da Mariña. A verdade é que evitan bastante este tema, e tamén aos alcaldes e alcaldesas da Mariña, porque —vostede sabeo coma min— dende a propia Mancomunidade de Municipios da Mariña se lles enviou unha carta solicitando unha entrevista ao señor Conde, que non obtivo resposta. Posteriormente, envióuselle unha carta ao presidente da Xunta, e a verdade é que os esquiva, facéndolles unha cobra ao máis estilo Bisbal. Polo tanto, nós mañá intentaremos interpelar o conselleiro para saber cal é o posicionamento da Xunta de Galicia e se, por unha vez, van traballar a prol de que o emprazamento de Altri na comarca da Mariña sexa unha realidade.

É certo que nós no debate do estado da Autonomía votamos a favor desa proposta que fixo o Grupo Parlamentario Popular para que se emprazara na provincia de Lugo, porque coñecemos como son as señorías do Partido Popular e despois diríannos que nin sequera votáramos a favor da nosa provincia.

A verdade é que sobre o segundo punto da súa proposición, de novo imos botar balóns fóra poñéndolle deberes ao Goberno do Estado, a eses que non conseguiron ningún fondo, a eses que foron quen de conquistar que 681 Fondos Next Generation chegaran á nosa comunidade autónoma só no ano 2021. O que lles pido a vostedes, dende o Grupo Parlamentario Socialista,



é que se aseguren de que Altri se vai instalar na nosa comarca, e logo traballaremos entre todas e todos para conquistar que estes fondos Next Generation cheguen a este proxecto, que é fundamental —como dicía a señora Candia—; pero, é fundamental sobre todo para unha comarca —da que temos falado tanto neste Parlamento— que está a sufrir unha grave crise industrial.

O outro día eu parafraseaba as verbas do señor Feijóo, que apareceu alí dunha maneira un pouco estraña, (*A señora Otero Rodríguez fai uns acenos coas mans.*) nun periplo dunha viaxe non oficial como presidente da Xunta de Galicia, senón máis ben como representante do Partido Popular. Chegou a soltar unha frase que é «se a Mariña fose Vigo, Alcoa non se ía». E eu o que lle digo é: «se a Mariña fose Vigo, Altri instalábase na Mariña». Iso era parafraseando as verbas do señor Feijóo, porque parece que todo é botar balóns fóra, que el non ten ningún tipo de responsabilidade en materia industrial e que todos os problemas veñen dende que Pedro Sánchez chegou á Moncloa. Polo tanto, non fagan ao revés. Non poñan o carro diante dos bois e traballen para conquistar ese emprazamento na Mariña, e eu comprométeme, dende o Grupo Parlamentario Socialista a traballar a prol de que eses fondos Next Generation cheguen para poder axudar neste proxecto.

A principios de outubro de 2021, nós coñeciamos as intencións da industrial portuguesa Altri, que estaba a buscar un emprazamento para a ubicación da nova planta de fibra téxtil. Dicía a señora Candia que podería dar emprego —polo que sabemos— a esas 1.500 persoas, e, en outubro de 2021, dicíase que a principal opción que barallaba a empresa Altri era A Mariña lucense. Pero esa empresa non está soa nesa busca de emprazamento para a súa nova planta, xa que —quero recordar— a Xunta de Galicia lidera o Consorcio Impulsa Galicia, que conforma a propia Xunta de Galicia, Abanca, Reganosa e Sogama, no que Altri sería o socio industrial e a súa implantación podería levarse a cabo a través deses fondos Next Generation.

Xa daquela, ante o anuncio feito por Altri, alcaldes e alcaldesas da Mariña reclamaban, dende un primeiro momento, que se traballase e se fixese todo o esforzo para que Altri se instalase na nosa comarca, non só pola grave crise industrial que estamos a vivir na nosa comarca, senón tamén pola importancia que o sector forestal ten nela; na que máis do sesenta e nove por cento —case o setenta por cento— da súa superficie é masa forestal e na que se atopa a maior zona de produción de eucalipto. Polo tanto, A Mariña é punteira no sector forestal e conta con materia prima, pero non ten a industria que a complemente e lle dea valor engadido. Non podemos olvidar tampouco que o 43 % das cortas de madeira de Galicia e o 25 % de toda España se centran no norte: na Mariña lucense, en Ortegal e nas Mariñas Coruñesas.

Polo tanto, dende un primeiro momento e tamén parecendo que Altri dicía que a principal ubicación sería a comarca da Mariña, non entendemos que dende a Xunta de Galicia non se apostara por este emprazamento, porque sempre estivo esquivando a provincia de Lugo. Pero non oímos, en verbas de ningún dirixente do Partido Popular, pedir este emprazamento para a comarca da Mariña, e moito menos escoitamos nin por parte do presidente da Xunta de Galicia nin por parte do conselleiro pedir este emprazamento para Altri.

Polo tanto, o que pedimos é non tanto escurantismo e que se traballe a favor de que Altri...



O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...—remato, presidente— se instale na nosa comarca. A verdade é que agradecemos e nos alegamos de que hoxe o Grupo Parlamentario Popular parece rectificar e aceptar tamén, con base na nosa emenda —é certo que nós o que presentamos é...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...unha proposta de transacción— que hai que poñer no debate a comarca da Mariña. Eu o que lles pido é...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: ...traballo duro e arduo para garantir que Altri veña para a comarca da Mariña.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora OTERO RODRÍGUEZ: Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Otero.

(Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.)

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Castro García.

O señor CASTRO GARCÍA: Moitas grazas, presidente.

Boa tarde-noite.

Hoxe foi máis suave que o outro día. Ao mellor, foi agora e seguramente na réplica haxa un pouco máis de batalla dialéctica máis forte. Non sei se acabará en tortas, en pasteis ou en que máis, pero gárdase para o postre da cea.

É un pouquiño difícil debater hoxe sobre o tema de Altri por dúas razóns: a primeira é que saíu nos propios xornais —antonte— que a empresa xa estivo buscando 46 localizacións e di que o decidirá en poucas semanas. Entón, un pouco aquí imos debater sobre algo que a empresa vai decidir e vai ocorrer. É o que ten que a política industrial da Xunta sexa a que sexa, porque é o de sempre. Só necesitamos saber o que quere facer a empresa, logo xa a Xunta lle poñerá a alfombra vermella.

Isto lémbreme a cando debatemos unha vez na Comisión 6ª, e eu dicíalles que son un pouco como unha especie de portal inmobiliario, como Fotocasa ou Idealista, só que en vez de poñer pisos, garaxes e demais, poñen todo o país, póneno en parceliñas, e dinlles ás empresas:



pasen y vean, escollan a que máis lles guste, e aínda por riba sen fianza, e poden marchar cando lles dea a gana deixando todo como estea. ¡Quen lles dera tamén a moitos mozos e mozas do noso país que os seus alugueiros fosen algo semellantes á política industrial da Xunta! (*Aplausos.*)

Pero, ben, xa no concreto do tema, a min xórdenme moitas preguntas, a verdade, porque, por exemplo: ¿isto falárono con algún concello?, ¿falárono con algunha deputación?, ¿falárono coa Mancomunidade ou falárono con alguén que non fose xente da empresa; é dicir, falárono con algún alcalde ou alcaldesa e dixéronlle: oia, mire, señor alcalde, señora alcaldesa, é probable que esta empresa, que vai traer 1.500 postos de traballo directos, se instale no seu concello? ¡Non falárono con ninguén máis que non fose da empresa!

Entón, hoxe, ¿que vimos debater aquí?, ¿que a empresa faga o que queira? Desgraciadamente, teñen o goberno, e vano facer igual, porque vimos votar que a empresa se localice finalmente na provincia de Lugo —parece que agora xa máis concretamente na Mariña—. E parécenos marabilloso, pero recordemos que esta empresa, neste caso a súa xente, é portuguesa; esta xente non se presentou ás eleccións, ao igual que pasou cos ianquis de Alcoa e cos dinamarqueses de Vestas. E, ao final, acaban mandando máis que a propia Xunta, porque van acabar decidindo directamente eles onde mellor lles veña sen ningún debate concreto sobre a localización concreta da factoría.

Paréceme moi ben que se fale sempre da Mariña, pero hoxe, de novo, o PP trae o lavado de cara industrial na nosa comarca, se é que finalmente se instala aí e se é que finalmente se instala, que todo hai que velo. ¡Oxalá que si! E digo isto tamén porque, como ben dixo a compañeira do Partido Socialista, hai unha semana e moi pouco, houbo unha aparición deificada do señor Feijóo nun debate comarcal sobre Alcoa, nun debate radiofónico. De repente, chegou o señor Feijóo, e ante o pasmo de todos deu un mitin, porque non crean que foi alí para debater nin moito menos —¿como ía debater o señor Feijóo?—, senón que foi alí para dar un pequeno mitin radiofónico de media hora, no que chegou a dicir unhas cousas que si que eran algo pesimistas de máis, como que non cría que as cubas se rearrancasen no 2024. É bastante triste que diga isto o presidente deste país, pero eu penso que é un pouco para poñer a venda antes da ferida, e logo, no 2024, se non se rearrancan, evidentemente, non vai ter nada que ver coa Xunta de Galiza. E se se rearrancan, seguro que foi o propio Feijóo, que foi rebrascar alí as propias cubas. Pero mellor non arriscarse e dicir que agora é moi difícil que se rearranque iso.

E cando Alcoa está así e cando Vestas xa non existe porque a deixaron marchar, pois véñennos agora con Altri, ese nome que tantas veces oímos, pero que non sabemos moi ben que é o que quere facer; partindo da base evidente de que nós somos os primeiros en aledarnos de calquera proxecto que cumpra toda a lexislación e de que se instale na Mariña ou en calquera parte do país e que traía esa expectación de tantos postos de traballo directos, de tanto emprego directo. Pero, tamén teñen que ter coidado co que din, porque levan moitas promesas feitas desde o Goberno da Xunta á Mariña, ou xa cando gobernaban no Estado, e case ningunha ou ningunha se cumpriu. E, agora, ¡coidado!, que están anunciando 1.500 postos de emprego directo.

¡Como se ve que non teñen ningún problema en xogar un pouco coa esperanza da xente! Xa se viu o outro día, asociando os eólicos e utilizando a Alcoa como coartada para colocar os



seus eólicos aí e os das súas exconselleiras. Eu pídolles prudencia, porque non está —por dicilo dalgunha maneira— o forno para bolos. E, en certa maneira, fanme caso nisto que acabo de dicir, porque xusto agora na prensa sae que a empresa promete 2.000 empregos directos. O Partido Popular xa fala de 1.500. ¡A ver cantos acaban sendo, ao final! Pero, oxalá que cheguen —repito—.

E digo todo isto tamén porque a realidade que estamos a vivir na comarca é bastante dura, e non o di só o BNG, senón que o di aquí un xornal que non ten nada de subversivo —digamos—. Esta noticia é de onte (*O señor Castro García le unha noticia aos membros da Cámara.*): «*Las empresas en A Mariña cayeron en 2020 por debajo de las 6.600. Por primera vez en un lustro el número de empresas en A Mariña cayó en el 2020 por debajo de las 6.600*». Miren tamén que, a pesar de estudar a secundaria no Bipartito, *sé hablar español con total fluencia.* (Aplausos.)

Entón, esta noticia é bastante dura, e ante isto a Xunta segue á espera, a ver se, de novo, unha empresa fai clic nese portal de Idealista, se hai sorte e lle dá por instalar unha fábrica aquí. Porque esa é a súa política industrial, en vez de ser os líderes e de buscar como goberno ese plan, algo estruturado, algo con futuro.

Pero é que aínda por riba hoxe espertei e vin pola mañá un titular que dicía o seguinte (*O señor Castro García le unha noticia aos membros da Cámara.*): «*O Grupo Popular demanda evitar debates que non contribúen ao bo éxito da implantación da primeira fábrica de fibras téxtiles de España en Galicia*».

Entón, eu penso para min: ¿que viremos facer aquí no Parlamento de Galicia?, ¿debater, para que?, se total vimos aquí pasar a tarde, nada máis. Se total, Altri vai acabar facendo o que queira; Altri vaise situar onde mellor lle veña e total teñen razón. ¿Para que imos debater algo no Parlamento de Galicia?

E logo, ademais, dixen eu: ¡Dios, deben estar os ceos, os grandes empresarios de Altri, tremendos, vendo este debate! ¡Oxalá que o deputado do Bloque Nacionalista Galego non saque debates sobre Alcoa, porque, se non, nos imos deste país! ¡Se Daniel Castro García fala de Alcoa, ímonos, e xa queda A Mariña sen empresas! Seguramente estea a ocorrer isto. Pero, xa máis en serio: por favor, déanlle un pouco de valor e de dignidade a esta casa e non fagan xa o que levan tempo facendo, dándolle pouco espazo televisivo e que isto non sexa un mero paripé.

E —como dicía—, ante a ausencia de política industrial do Partido Popular, desde o BNG volvemos dicirlles —hoxe de novo, e xa votaron pola mañá de novo en contra do Plan industrial— que imos pola sexta vez nesta lexislatura.

Díxollo ben A Mariña o día da folga xeral, e incluso máis ou menos llo di por baixo este xornal: que fai falta unha política estruturada, algo organizado, algo no que a Xunta como goberno diga: eu son o goberno deste país e vou buscar solucións como goberno democraticamente elixido para a comarca da Mariña. E non estar á espera de que haxa empresas que veñen de calquera outro punto do mundo e que me resolvan o hipotético problema e mo resolvan daquela maneira. Por iso é a Xunta de Galiza a que ten que deseñar esta estratexia e por iso lles traemos de novo esta emenda, que agardamos un novo milagre.



Xa para rematar, recórdolles que a última vez que deixaron todo en mans das empresas non saíu moi ben que se diga, como foi o caso de Vestas. Non vou dicir que a empresa os vacilase, por un pouco de respecto ás case cen persoas que acabaron e están na rúa agora mesmo, pero cando vostedes dicían que non había problema, que estaba todo resolto, que había non sei cantos investidores que se ían instalar no espazo que deixaba Vestas, eran as propias empresas as que lles dicían que nanai —como di miña nai—, *nanai de la China*, que non. E así estamos agora, con que case cen persoas están na rúa e con que Vestas xa non está en Chavín, en Viveiro.

En resumo, digan alto e claro onde queren localizar esa empresa que tanto emprego vai dar, porque a provincia de Lugo no seu texto inicial ten 67 concellos, e se a Xunta non é capaz de dicirnos tres, catro ou cinco, que son as opcións prioritarias, como goberno que é, o único que fará é darnos a razón ao que di o BNG, que non teñen nin o máis mínimo control sobre o que ocorre a respecto da nosa industria no noso país. Como goberno, ¡que menos que dicir tres, catro ou cinco concellos sobre os cales van ser as opcións dunha empresa que, en teoría, vai traer 1.500 postos de traballo directos!

Repetímosllo de novo. Mal que nos pese, son o Goberno deste país, totalmente lexítimo; polo que fagan o seu traballo e gobernen, e, se non queren, queden tranquilos que en dous anos xa o facemos nós.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Castro.

(*Unha persoa dos servizos de limpeza da Cámara procede a desinfectar o estrado.*)

Polo grupo autor da proposición non de lei, o Grupo Parlamentario Popular, a señora Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: A ver se centramos un pouco a idea do que se falou hoxe aquí.

Resulta que un comité de expertos presenta un proxecto, a Xunta traballa e envía un proxecto, que cumpre todos os criterios, a fondos Next Generation; un proxecto que consegue un investimento increíble. ¡É que estamos falando de que crea 1.500 postos de traballo, e, con todos os respectos, o señor Castro compárao cunha foto do Idealista! ¡Pero, a ver! Eu recoñezo que a vostede probablemente lle puido ser moi doado chegar aquí, eu recoñezollo. Pero, isto —xa llo dixen o outro día, e quería ser moito máis amable dialecticamente, porque estamos falando dun proxecto ilusionante— é serio. Crear postos de traballo é probablemente a principal responsabilidade que teñen as persoas que se dedican á política. (*Aplausos.*)

Señora Otero, perdeu unha oportunidade tamén histórica, porque de todo canto falou eu non a escoitei —e tivo unha oportunidade enorme— dicir: vostedes, tranquilos, o proxecto gústame —que iso si que aparentemente quedaba claro— e o Goberno do Estado vai destinar fondos Next Generation para Galicia para ese proxecto. Iso era o que tiña que contestar aquí. (*Aplausos.*)



E di que hai unha rectificación do Grupo Popular. No debate do estado da Autonomía apostouse por unha provincia, non por un capricho. Xa dixen que creo que debemos ser moderados e prudentes —aí coincido con Castro—, porque, evidentemente, nos están escoitando investidores serios, que vostedes criminalizan. Pero nós seguimos defendendo que as empresas, as pemes e os autónomos son os que crean riqueza no noso país. (*Aplausos.*) E, si, dentro da lei imos axudalos. ¡Imos axudalos! Non é o malo do saco, señor Castro. Son necesarios no noso tecido produtivo, e dicímolo alto e claro, respectando a lei. Pero, por suposto, neste grupo vai ter unha política que fomente que se cree emprego e que se apoie as pemes, os autónomos e as empresas. Punto, alto e claro. Non nos escondemos.

A vostedes nada lles vale: os eólicos non, Altri non, Alcoa... Que fale de prudencia, de fotos e de anuncios, cando aínda nunca escoitei neste atril unha petición de desculpa por esa expectativa xerada con esa foto de Ana e Adriana prometéndolles que todo estaba solucionado, por unha foto, ¡por unha foto!, por querer demostrar que valía e que podía resolver cun deputado o que... Evidentemente, Galicia xa non lle depositou esa confianza, pero quixeron sumarse, e pasaron á historia, mal que lles pese —héllelo repetir sempre que teña ocasión—, por ser o Bloque Nacionalista Galego, que puxo a Pedro Sánchez no Goberno. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) E Pedro Sánchez foi, precisamente, o presidente do Goberno que lle deu ao botón para apagar as cubas. ¿Acórdase? Vostede berraba igual ca min nas manifestacións: ¡As cubas non se pechan! E a súa líder —que hoxe nos acompaña— saía dándolle a man a Adriana: Alcoa solucionado. E nin estaba solucionado nin as cubas seguiron funcionando. E dígolle unha cousa: ¡oxalá funcionen!, e non no 2024, antes.

A ver que proposta teñen vostedes, porque teoricamente di que o Partido Popular defende a eólica e que parece que era un engano para salvar a Alcoa. Estase confundindo, porque teñen esa obsesión co Partido Popular, e todo o que non vai... ¡Non! Iso dicíao o señor Formoso, que publicamente aínda dicía o outro día que agora hai que demandarlle axilidade ao Goberno da Xunta para que autorice toda a enerxía eólica para que Alcoa teña os PPA e que abran as cubas antes do 2024. Por certo, ¡hai que ter valor!, despois de estar apoiando e aplaudindo en mitins a ministra, que tiña un texto consensuado e apoiado unanimemente por toda esta Cámara para darlle solución de continuidade a Alcoa. E ¿por que vou a Alcoa? Porque eu viña falar do proxecto de fibras téxtiles.

A obsesión da ubicación é indubidable. Hai malas consciencias. ¿Como non as vai haber, señora Otero? ¿Por que foron sacar a foto á praza do Obradoiro, que lles pareceu moi mal? Porque non puideron ir a Cervo nin a Xove, porque os corrían a gorrazos. ¿Saben como recibiron na Deputación os seus amigos? Como socialistas de pacotilla, e así lles chamaron en repetidas ocasións, porque toda a xestión que fixo o Partido Socialista —e dígollo con absoluta moderación, pero convencida do que digo—, toda a política enerxética que fixo o Goberno de Pedro Sánchez con Alcoa, é indigna e A Mariña non o merece. (*Aplausos.*)

A vostedes agora —é certo— parécelles que o presidente da Mancomunidade —señores, que estivo coa ministra, teoricamente, para traer o Plan de sostibilidade, que xa o perderamos o ano anterior por razóns que agora non veñen ao caso— sacou unha foto marabillosa —que foi xa non me acordo onde—, cando estabamos en pleno proceso de aprobación do Estatuto, e vostedes queren empoderar ese alcalde —que eu respecto totalmente—, que non foi quen



de convencer a súa ministra —para a que pediu o voto— de que aprobara o texto do Estatuto electointensivo, e que foi capaz de convencernos a nós de que tiñamos que facerlle caso ao que el dicía. ¡Pero se el realmente non dixo nada! O único que fixo foi ler o proxecto; e gus-toulle, como nos gusta a nós e a todos os alcaldes —por certo, señor Castro tamén ao seu—...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora CANDIA LÓPEZ: O de Ribadeu foi un dos primeiros alcaldes que saíu dicindo que quería que se instalara ali Altri. Así que non debe ser unha pantomima o proxecto.

Vou rematando. Creo que é un momento histórico. Cando falamos de números, evidente-mente, non fai falta interpretación. Cando digo que o Estado non dá o que nos corresponde, aquí está Galicia, no punto 11. *(A señora Candia López amosa un documento e sinala ese punto nel.)* Ten once diante, e nove son do Partido Socialista pola repartición —xa dixen— «dixi-tal». *(A señora Candia López fai un aceno cos dedos.)* Pero iso é o de menos. Aínda está a tempo de poder emendalo, porque agora, que é o que realmente traía aquí hoxe, hai unha mensaxe de que a nosa provincia pode ser unha ubicación idónea. Creo que Lugo o merece e creo que somos —e coincido nas cifras que vostede deu— unha potencia forestal, e nisto...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CANDIA LÓPEZ: ...hai que traballar.

Eu pídolle desculpas ao comité de expertos, por suposto, e a todo o traballo da Xunta, por infravalorar e case desprestixiar un proxecto desta envergadura, porque ás veces, cando os escoito, vénme á cabeza a típica frase de...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Candia.

A señora CANDIA LÓPEZ: ...para vostedes «canto peor lle vai a Galicia, mellor para voste-des», e non é así.

O señor PRESIDENTE: Sobre as emendas, ¿que me di das emendas?

A señora CANDIA LÓPEZ: Evidentemente, un texto está lido e hai acordo.

O punto 2 do Partido Socialista non o aceptamos, e xa lle expliquei tamén as razóns á vo-ceira.

E a emenda de adición do Bloque Nacionalista Galego —que, pouco menos, vén dicir que todo isto está moi ben, pero non creo nada nin aposto nada por iso—, indubidablemente, non se pode aceptar tampouco.

Pero, en todo caso, creo que non desvirtúa a... *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Non estiven eu no debate. ¿Vostedes leron un texto antes ou algo? ¿Si? (Asentimento.) ¿E leuse publicamente? (Asentimento.) Entón, é o que estaba preguntando eu. ¿E sobre ese texto é onde ven posiblemente a transacción? (Asentimento.) Correcto.

Imos comezar a votar. Despois, nese momento, xa veremos iso.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Votamos, en primeiro lugar, a que foi por iniciativa popular, pero foi debatida e traída aquí a esta Cámara polo Grupo do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego por un sistema público galego de servizos de atención ás persoas.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 19; votos en contra, 38; abstencións, 14.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Mercedes Queixas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Mercedes Queixas Zas e dous deputados/as máis, sobre a demanda á Xunta de Galicia para elaborar un plan estratéxico de actuación dirixido a atraer parte dos fondos Next Generation para a reactivación e o impulso da cultura galega.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de don Miguel Ángel Tellado.

(O señor Seco García pide a palabra.)

Pide o señor Seco a palabra. ¿Para que quere a palabra, señor Seco?

O señor SECO GARCÍA: ¿Escóitase?



O señor PRESIDENTE: Si, agora si.

O señor SECO GARCÍA: Dicía que na propia intervención pedirámoslle ao Partido Popular se pode separar o primeiro punto dos restantes e votar por puntos.

O señor PRESIDENTE: ¿Separar o primeiro punto só?

¿Señor Tellado?

O señor TELLADO FILGUEIRA: Esta é unha iniciativa na que nos comprometemos co comité de empresa a presentar e, polo tanto, sométese a votación íntegra.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Votámola tal como está.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Marta Nóvoa Iglesias e seis deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central en relación coa industria electrointensiva.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 57; abstencións, 14.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Socialista, por iniciativa da Sra. Rodríguez Dacosta.

Acéptase a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e catro deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para que as corporacións locais sexan beneficiarias do Programa de primeira experiencia profesional.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esa proposición.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María Leticia Gallego.



Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Leticia Gallego Sanromán e D. Martín Seco García, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para incrementar o orzamento do programa para impulsar a innovación nas pequenas e medianas industrias.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 38.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición.

O señor PRESIDENTE: E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa de dona Elena Candia López.

Hai unha proposta de transacción. A emenda do Bloque parece ser que non foi aceptada. E esa proposta de transacción é a que sometemos a votación.

Votamos.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Alberto Núñez Feijóo e corenta e un deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia para dar prioridade ao proceso de deseño da primeira fábrica de fibras téxtiles en España e reiterar ao Goberno de España a necesidade de establecer liñas de apoio no marco dos fondos europeos Next Generation.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 70.

O resultado da votación é positivo.


En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Suspéndese a sesión ata mañá, ás dez da mañá.

Boa noite.

Suspéndese a sesión ás oito e doce minutos do serán.





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓN DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

